



PARLAMENTO  
DE GALICIA




## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

X leislatura  
Serie Pleno  
Número 109

**Sesión plenaria**  
4 de abril de 2019

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



## ORDE DO DÍA

---

### Punto 1. Textos legislativos

1.1 Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre o Proxecto de lei de rehabilitación e de renovación urbanas de Galicia (doc. núm. 44223,10/PL-000012)  
Publicación do ditame da comisión, BOPG nº 454, do 02.04.2019

1.2 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do Grupo Parlamentario de En Marea, de renda social galega (doc. núm. 46311, 10/PPL-000034)  
Publicación da iniciativa, BOPG nº 434, do 20.02.2019

### Punto 2. Comparecencia

#### 48487 (10/CPP-000098)

Do Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria, por petición propia, para informar sobre a situación que está a atravesar a industria en Galicia  
Publicación da iniciativa, BOPG nº 455, do 3.04.2019

### Punto 3. Mocións

#### 3.1 48321 (10/MOC-000135)

##### Grupo Parlamentario de En Marea

##### Quinteiro Araújo, Paula e Villares Naveira, Luis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co emprego no sector do telemárketing. (Moción consecuencia da Interpelación nº 47129, publicada no BOPG nº 441, do 06.03.2019, e debatida na sesión plenaria do 26.03.2019)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 455, do 3.04.2019

#### 3.2 48332 (10/MOC-000136)

##### Grupo Parlamentario de En Marea

##### Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención primaria da saúde. (Moción consecuencia da Interpelación nº 46711, publicada no BOPG nº 441, do 06.03.2019, e debatida na sesión plenaria do 26.03.2019)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 455, do 3.04.2019

#### 3.3 48353 (10/MOC-000137)

##### Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

##### Torrado Quintela, Julio

Sobre as medidas que debe desenvolver a Xunta de Galicia no ano 2019 para a mellora da atención primaria no Sistema público de saúde. (Moción consecuencia da Interpelación nº 47099, publicada no BOPG nº 441, do 06.03.2019, e debatida na sesión plenaria do 26.03.2019)  
Publicación da iniciativa, BOPG nº 455, do 3.04.2019



## Punto 4. Proposicións non de lei

### 4.1 42462 (10/PNP-003196)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Burgo López, María de la Concepción e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia conxuntamente coas tres universidades de Galicia para revisar o actual sistema de taxas académicas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 410, do 14.01.2019

### 4.2 43484 (10/PNP-003250)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis**

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego diante da situación da sanidade pública galega

Publicación da iniciativa, BOPG nº 417, do 23.01.2019

### 4.3 46671 (10/PNP-003503)

**Grupo Parlamentario de En Marea**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa independencia dos cargos públicos, co réxime de incompatibilidades, cos conflitos de intereses, coas *portas xiratorias* e cos posibles casos de enriquecemento ilícito nas institucións autonómicas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 437, do 27.02.2019

### 4.4 46917 (10/PNP-003525)

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos**

Sobre a declaración de impacto ambiental que debe emitir o Goberno galego en relación co proxecto de reapertura da mina de Touro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 441, do 06.03.2019

### 4.5 47818 (10/PNP-003612)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Fernández Leiceaga, Xoaquín María e tres deputados/as máis**

Sobre as xestións que debe realizar o Goberno galego diante do Goberno central en relación coa aplicación do superávit orzamentario das comunidades autónomas e dos incentivos previstos na disposición adicional 151 da Lei de orzamentos xerais do Estado, así como a actuación que debe levar a cabo para o impulso dun plan anual de mellora da atención primaria da saúde

Publicación da iniciativa, BOPG nº 450, do 27.03.2019

### 4.6 47995 (10/PNP-003627)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa prórroga da concesión outorgada a Ence nos terreos de dominio público marítimo-terrestre de Lourizán, na ría de Pontevedra

Publicación da iniciativa, BOPG nº 450, do 27.03.2019



**4.7 48070 (10/PNP-003633)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fernández Prado, Martín e catorce deputados/as máis**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Fomento en relación co Plan director para o corredor Atlántico presentado o 20 de febreiro en Madrid.

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 450, do 27.03.2019

**4.8 48111 (10/PNP-003635)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Moreira Ferro, Jacobo e dezaseis deputados/as máis**

Sobre a posición e as demandas que debe trasladar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa decisión da Avogacía do Estado de avirse nos recursos interpostos contra o acordo de prórroga da concesión de Ence nos terreos de Lourizán, en Pontevedra, así como sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación cos seus traballadores.

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 450, do 27.03.2019

**Punto 5. Interpelacións****5.1 29769 (10/INT-000977)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela e dous deputados/as máis**

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa creación de escolas públicas infantís de 0 a 3 anos nos polígonos industriais e parques empresariais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 299, do 03.05.2018

**5.2 31757 (10/INT-001058)****Grupo Parlamentario de En Marea****Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David**

Sobre a política laboral da Xunta de Galicia en relación co dispositivo de prevención e extinción de incendios forestais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 316, do 06.06.2018

**5.3 43462 (10/INT-001432)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en materia de mellora da atención primaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 417, do 23.01.2019

**Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta****6.1 48467 (10/POPX-000139)****Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis**

Sobre as razóns do incumprimento da normativa vixente en materia de transparencia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 455, do 3.04.2019



**6.2 48481 (10/POPX-000140)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre a incidencia do centralismo para o desenvolvemento de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 455, do 3.04.2019

**6.3 48482 (10/POPX-000141)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Fernández Leiceaga, Xoaquín María**

Sobre a situación na que se atopa o compromiso do Goberno galego respecto das residencias de persoas maiores

Publicación da iniciativa, BOPG nº 455, do 3.04.2019

**Punto 7. Preguntas ao Goberno****7.1 42134 (10/POP-004895)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Trenor López, Gonzalo e sete deputados/as máis**

Sobre as medidas da Xunta de Galicia destinadas a garantir o abastecemento de auga

Publicación da iniciativa, BOPG nº 410, do 14.01.2019

**7.2 42696 (10/POP-005014)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fernández Gil, César Manuel e sete deputados/as máis**

Sobre as previsións do Goberno galego en relación coas obras en centros educativos da rede pública galega para este exercicio orzamentario

Publicación da iniciativa, BOPG nº 414, do 18.01.2019

**7.3 45387 (10/POP-005417)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e dous deputados/as máis**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da situación da atención sanitaria na comarca do Condado-Paradanta, no que atinxe aos centros de saúde das Neves, Mondariz, Mondariz-Balneario e Pontearreas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 430, do 13.02.2019

**7.4 47467 (10/POP-005666)****Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva e Cal Ogando, Marcos**

Sobre a elaboración pola Consellería de Sanidade dalgún plan para a protección da saúde humana en relación coa contaminación por lindano

Publicación da iniciativa, BOPG nº 444, do 13.03.2019

**7.5 48474 (10/PUP-000239)****Grupo Parlamentario de En Marea****Miranda Pena, Flora María**

Sobre as actuacións previstas pola Consellería de Sanidade para o deseño dun plan para abordar a situación da atención á saúde mental en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 455, do 3.04.2019



**7.6 48480 (10/PUP-000240)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis**

Sobre as razóns dos atrancos que está a poñer o Sergas para a construción canto antes do centro de saúde de Moaña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 455, do 3.04.2019

**7.7 46815 (10/POP-005582)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e tres deputados/as máis**

Sobre a execución da partida ou das partidas orzamentarias destinadas nos anos 2017 e 2018 ao plan para fixar poboación no rural elaborado pola Consellería do Medio Rural e cofinanciado con fondos europeos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 441, do 06.03.2019

**7.8 47943 (10/POP-005722)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da resposta do comisario de Medio Ambiente da Comisión Europea a unha pregunta dunha eurodeputada galega en relación co posible aumento da superficie forestada con eucalipto en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 450, do 27.03.2019

**7.9 48458 (10/PUP-000238)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Fernández Fernández, Raúl e Pérez Seco, José Manuel**

Sobre as consecuencias da vaga de lumes rexistrada en Galicia no primeiro trimestre de 2019

Publicación da iniciativa, BOPG nº 455, do 3.04.2019

**7.1 046881 (10/POP-005599)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rey Varela, José Manuel e nove deputados/as máis**

Sobre a existencia dalgún contacto doutras administracións coa Consellería do Mar para o asinamento dun convenio ou colaboración para a implantación de melloras produtivas na ría de Ferrol

Publicación da iniciativa, BOPG nº 441, do 06.03.2019



## SUMARIO

---

*Ábrese a sesión ás dez e corenta e catro minutos da mañá.*

*O señor Villares Naveira (EM) pide a palabra e intervéñ para solicitar unha alteración da orde do día coa inclusión dun novo asunto relacionado co posible cesamento da valedora do pobo. (Páx. 13.) Respecto deste mesmo asunto interveñen sucesivamente a señora Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 13.), o señor Fernández Leiceaga (S) (Páx. 14.) e a señora Prado del Río (P). (Páx. 14.)*

*O señor presidente considera, de acordo co artigo 73.3 do Regulamento, improcedente a alteración por non ter cumpridos os trámites regulamentarios e dá paso ao debate do primeiro asunto da orde do día. (Páx. 15.)*

**Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre o Proxecto de lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)**

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a este ditame que se manteñen para o seu debate en pleno. (Páx. 16.)*

*Presentación do ditame: Sra. vicepresidenta da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos (Nóvoa Iglesias). (Páx. 17.)*

*Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas: Sr. Bará Torres (BNG) (Páx. 18.), Sra. Pierres López (S) (Páx. 22.), Sr. Sánchez García (EM) (Páx. 26.) e Sr. Castiñeira Broz (P). (Páx. 31.)*



Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións sobre as emendas mantidas polos demais grupos: Sr. Bará Torres (BNG) (Páx. 35.), Sra. Pierres López (S) (Páx. 37.), Sr. Sánchez García (EM) (Páx. 39.) e Sr. Castiñeira Broz (P). (Páx. 41.)

Rolda de peche do Goberno: Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto). (Páx. 43.)

O señor presidente abre unha nova rolda, na que interveñen o señor Sr. Sánchez García (EM) (Páx. 45.), o señor Castiñeira Broz (P) (Páx. 46.) e a señora conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto). (Páx. 47.)

### **Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. de En Marea, de renda social galega. (Punto primeiro da orde do día.)**

Presentación da proposición de lei: Sra. Vázquez Verao (EM). (Páx. 48.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: Sra. Prado Cores (BNG) (Páx. 53.), Sra. Blanco Rodríguez (S) (Páx. 56.) e Sra. Rodríguez Arias (P). (Páx. 58.)

Rolda de réplica: Sra. Vázquez Verao (EM). (Páx. 61.)

O señor Fernández Leiceaga (S) pide a palabra ao abeiro do artigo 76.3 do Regulamento para pedir a retirada dunhas expresións da deputada Rodríguez Arias (P), que responde sobre este asunto. (Páx. 63.)

### **Votación dos textos lexislativos**

Votación das emendas 7 e 9 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame, emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre o Proxecto de lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia: *rexeitadas por 18 votos a favor, 38 en contra e 14 abstencións.* (Páx. 64.)

Votación da emenda 35 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame, emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre o Proxecto de lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia: *rexeitada por 20 votos a favor, 38 en contra e 12 abstencións.* (Páx. 65.)

Votación das emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, agás a 7, 9 e 35, ao Ditame, emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre o Proxecto de lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia: *rexeitadas por 32 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 65.)

Votación das emendas 24 e da 118 á 139 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Ditame, emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos,





sobre o Proxecto de lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia: *rexeitadas por 20 votos a favor, 38 en contra e 12 abstencións.* (Páx. 65.)

Votación das emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia, agás a 24 e da 118 á 139, ao Ditame, emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre o Proxecto de lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia: *rexeitadas por 32 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 66.)

Votación das emendas 24, 25, 27, 42 e 43 do G. P. de En Marea ao Ditame, emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre o Proxecto de lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia: *rexeitadas por 18 votos a favor, 38 en contra e 14 abstencións.* (Páx. 66.)

Votación das emendas 87 á 91 do G. P. de En Marea ao Ditame, emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre o Proxecto de lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia: *rexeitadas por 12 votos a favor, 38 en contra e 20 abstencións.* (Páx. 66.)

Votación das emendas do G. P. de En Marea, agás as xa votadas, ao Ditame, emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre o Proxecto de lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia: *rexeitadas por 32 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 66.)

Votación do Ditame, emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre o Proxecto de lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia: *aprobado por 38 votos a favor, 18 en contra e 14 abstencións.* (Páx. 67.)

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. de En Marea, de renda social galega: *rexeitada por 32 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 67.)

**Comparecencia do Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria, por petición propia, para informar sobre a situación que está a atravesar a industria en Galicia.** (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López).* (Páx. 67.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 73.), *Sr. Losada Álvarez (S)* (Páx. 77.), *Sr. Casal Vidal (EM)* (Páx. 81.) e *Sr. Tellado Filgueira (P).* (Páx. 84.)

Réplica do Goberno: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López).* (Páx. 87.)

*O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. Nesta rolda interveñen a señora Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 91.), *o señor Losada Álvarez (S)* (Páx. 93.), o



señor Casal Vidal (EM) (Páx. 95.), o señor Tellado Filgueira (P) (Páx. 97.) e o Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López). (Páx. 99.)

*Suspéndese a sesión ás tres e cincuenta minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos da tarde.*

**Moción do G. P. de En marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paula Quinteiro Araújo e D. Luis Villares Naveira, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co emprego no sector do telemárketing. (Punto terceiro da orde do día.)**

*O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 102.)*

*Intervención do grupo autor da moción: Sra. Quinteiro Araújo (EM). (Páx. 103.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Otero Rodríguez (S) (Páx. 106.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Prado Cores (BNG) (Páx. 108.) e Sr. Rodríguez Pérez (P). (Páx. 110.)*

*A señora Quinteiro Araújo (EM) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 112.)*

**Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención primaria da saúde. (Punto terceiro da orde do día.)**

**Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Quintela Torrado, sobre as medidas que debe desenvolver a Xunta de Galicia no ano 2019 para a mellora da atención primaria no Sistema público de saúde. (Punto terceiro da orde do día.)**

*O señor presidente comunica as emendas presentadas ás mocións. (Páx. 114.)*

*Intervención dos grupos autores das mocións: Sra. Solla Fernández (EM) (Páx. 115.) e Sr. Torrado Quintela (S). (Páx. .)*

*Intervención do grupo parlamentario emendante: Sr. Núñez Centeno (P). (Páx. 122.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Prado Cores (BNG). (Páx. 124.)*

*Nova intervención da señora Solla Fernández (EM) (Páx. 126.) e intervención do señor Torrado Quintela (S) (Páx. .) para posicionarse respecto da emenda. (Páx.128.)*

### **Votación das mocións**

Votación do punto 1.b) da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paula Quinteiro Araújo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que



debe realizar ao Goberno central en relación co emprego no sector do telemárketing: *rexeitado por 18 votos a favor, 36 en contra e 14 abstencións.* (Páx. 130.)

Votación do punto 1.a) da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paula Quinteiro Araújo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co emprego no sector do telemárketing: *aprobado por 68 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 131.)

Votación da Moción do G. P. de En Marea, agás os puntos xa votados, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paula Quinteiro Araújo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co emprego no sector do telemárketing: *rexeitada por 32 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 131.)

Votación da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención primaria da saúde: *rexeitada por 32 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 131.)

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as medidas que debe desenvolver a Xunta de Galicia no ano 2019 para a mellora da atención primaria no Sistema público de saúde: *rexeitada por 30 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 133.)

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Martín Fernández Prado e catorce deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Fomento en relación co Plan director para o corredor atlántico presentado o 20 de febreiro en Madrid.** (Punto cuarto da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 133.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Rodríguez Barreira (P).* (Páx. 134.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 138.) e *Sr. Sánchez García (EM).* (Páx. 139.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Álvarez Martínez (S).* (Páx. 141.)

*A señora Rodríguez Barreira (P) intervén para posicionarse respecto das emendas.* (Páx. 143.)

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego diante da situación da sanidade pública galega.** (Punto cuarto da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 145.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 146.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Torrado Quintela (S).* (Páx. 149.)



Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Solla Fernández (EM) (Páx. 151.) e Sra. Amigo Díaz (P). (Páx. 152.)

*A señora Prado Cores (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 154.)*

*O señor Pazos Couñago (P) pide a palabra e intervén para facer unha aclaración respecto dunha cita exposta polo señor Torrado Quintela (S). (Páx. 155.)*

*O señor Fernández Leiceaga (S) pide a palabra e intervén para solicitar unha aclaración ao señor presidente. (Páx. 156.)*

**Proposición non de lei do G. P. de En Marea sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa independencia dos cargos públicos, co réxime de incompatibilidades, cos conflitos de intereses, coas *portas xiratorias* e cos posibles casos de enriquecemento ilícito nas institucións autonómicas. (Punto cuarto da orde do día.)**

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 156.)*

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Santos Queiruga (EM). (Páx. 157.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Díaz Villoslada (S). (Páx. 160.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Rodil Fernández (BNG) (Páx. 163.) e Sra. Prado del Río (P). (Páx. 164.)

*A señora Santos Queiruga (EM) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 167.)*

*Suspéndese a sesión ás sete e corenta e cinco minutos do serán.*



*Ábrese a sesión ás dez e corenta e catro minutos da mañá.*

**O señor PRESIDENTE:** Bos días.

Imos dar comezo á sesión plenaria.

En primeiro lugar, pedirilles desculpas por este atraso. Foi consecuencia, como ben saben case todos vostedes, da celebración dunha reunión da Xunta de Portavoces. Polo tanto, co-mezamos esta sesión plenaria co primeiro punto, textos legislativos.

*(O señor Villares Naveira pide a palabra.)*

Si, señor Villares, ¿para que quere a palabra?

Déanlle voz ao escano do señor Villares.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Bos días, señor presidente, señorías.

Os grupos parlamentarios do Bloque Nacionalista Galego e de En Marea pedimos unha alteración da orde do día co obxecto de que fose incluído nesta orde do día o debate sobre o posible cesamento da valedora do pobo, como consecuencia da condena en firme por parte do Tribunal Supremo na xurisdición contencioso-administrativa por abuso de poder no exercicio do seu cargo. É esa a razón pola cal nós queremos que se nos permita expoñer aquí as razóns que nos levaron a pedir esta inclusión na orde do día e que se vote en consecuencia.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Villares.

*(A señora Pontón Mondelo pide a palabra.)*

¿Para que quere a palabra, señora Pontón?

**A señora PONTÓN MONDELO:** O artigo 73 permite que os grupos poidamos propoñer alteracións na orde do día do pleno, e nós hoxe queremos que quede aquí constancia oficialmente tamén, nas actas do Parlamento de Galiza e ante o conxunto da cidadanía galega, o noso desacordo coa decisión que adoptou a Mesa do Parlamento, que quere impedir que hoxe poidamos iniciar xa neste procedemento o trámite para a votación do cesamento da valedora do pobo despois de ser condenada por unha sentenza firme, nun caso clarísimo de arbitrariedade, de nepotismo, de enchufismo, nunha administración como é a Valedoría, que entendemos, señor presidente, que queda gravemente danada por comportamentos que están fóra da lei.

Nós cremos que este Pleno debería de rectificar esa decisión, porque hai posibilidade de darlle audiencia á propia interesada antes de que finalice este pleno, decidindo que o pleno continúe o luns da semana que vén, e, polo tanto, podemos iniciar hoxe xa ese procedemento, porque nós entendemos que formalmente non se está cumprindo axeitadamente o que debe ser o prioritario, que é a vontade de que haxa un debate político, sobre todo cando vemos



como se está poñendo en cuestión unha institución por unha condena que nós entendemos que é gravísima.

Propoñemos, polo tanto, formalmente, que o escrito 48836, que rexistramos o Grupo de En Marea e do BNG, se someta á consideración neste pleno e que poida incluírse na orde do día, porque, se todos os grupos estamos de acordo —así o di o Regulamento—, aínda que non cumpra os trámites, podería facerse.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PONTÓN MONDELO:** E nós o que pedimos é que non se siga danando a institución e que por riba dos intereses partidistas estea o interese de Galiza. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón, grazas.

*(A señora Prado del Río pide a palabra.)*

¿Si, señora Prado?

Déanlle voz ao escano da señora Prado.

*(O señor Fernández Leiceaga pide a palabra.)*

Perdón. ¿Si, señor Leiceaga? Se pide a palabra vostede... Eu non vin que vostede pedira a palabra.

*(O señor Fernández Leiceaga pronuncia palabras que non se perciben.)*

Déanlle voz ao escano do señor Leiceaga, por favor.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Digo que, se hai un debate sobre ese asunto, nós queremos fixar a nosa posición. *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Eu non o abrín. *(Murmurios.)* Eu non abrín o debate. Eles formularon unha petición, á que teñen dereito, de alteración da orde do día, e nada máis. Agora, señora Prado, ten a palabra vostede.

*(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Señora Pontón, pido unha alusión a que se están de acordo todos os grupos.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Conforme o Regulamento, teño dereito a puntualizar. Que se pronuncie o Partido Socialista, non sei se quere pronunciarse ou non, non sei.

**O señor PRESIDENTE:** Señor Leiceaga.

Déanlle voz ao escano do señor Leiceaga.



**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Se se trata de fixar a nosa posición, nós queremos que isto se debata canto antes no pleno desta Cámara, unha vez cumpridos os trámites regulamentarios. Se é posible facelo hoxe, hoxe, ou mañá, ao longo deste pleno, cando sexa, e se non, como xa dixemos na Xunta de Portavoces, nós pedimos a convocatoria dun pleno extraordinario, coa máxima urxencia, para poder debater este asunto, unha vez cumpridos os trámites regulamentarios.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Leiceaga.

Señora Prado.

Déanlle voz ao escano da señora Prado.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Grazas, señor presidente.

Ben, non estamos falando de trámites regulamentarios, estamos falando de trámites legais, ¿non? Para non estar fóra da lei, precisamente, como se falou polos grupos anteriormente, nós estamos de acordo cos Servizos Xurídicos da Cámara co que falamos na Xunta de Portavoces; é dicir, a solicitude que fan hoxe os grupos de En Marea e do Bloque Nacionalista Galego —e que confirma o señor Leiceaga—, efectivamente, non se pode facer, porque, tal e como dixeron os Servizos Xurídicos da Cámara, a solicitude que fan está fóra da lei. Nós cremos que unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que non confirma o Tribunal Supremo senón que o Tribunal Supremo o que fai é non aceptar un recurso de casación, e, por tanto, pido rigor cando se fale destas cuestións... (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, silencio, por favor.

**A señora PRADO DEL RÍO:** O Tribunal Supremo non entrou no fondo do asunto; por tanto, non confirma ningunha sentenza; simplemente di que non ten interese casacional.

Dito isto, nós non queremos saltar a lei. Nós cremos que, ante unha institución que defende os intereses e os dereitos dos galegos e das galegas, temos que ser estritamente rigorosos... (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...coas garantías e coa seguridade xurídica que merecen todos os asuntos, e este especialmente, e nós, señor presidente, ao que non estamos dispostos é a facer política e a enlodar unha institución como é o Valedor do Pobo. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

(*O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.*)

Non, non, xa está. Non, non, señor Villares, perdón, non ten a palabra. Señor Villares, non ten a palabra, non, non ten a palabra, porque este non é un debate, xa terminou o debate. (O



*señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.*) Non, non, iso non é. Síntoo, síntoo; señor Villares, síntoo, non ten a palabra. *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)* Señor Villares, ¡non ten a palabra! Non, non lle van dar voz, non o está escoitando ninguén. Señor Villares, non me poña na tesitura de ter que chamalo á orde. Non ten a palabra, non ten a palabra. Xa falou vostede na Xunta de Portavoces e agora non ten a palabra.

*(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Señor Villares, chámoo á orde! Señor Villares, chámoo á orde por primeira vez. Señor Villares, non provoque unha situación... *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)* Chámoo á orde por segunda vez e advírtolle que, se o volvo chamar á orde por terceira vez, teño que expulsalo, cousa que non quero. Polo tanto, terminou.

*(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, perdón, vamos ver, aínda non falei, aínda vou falar eu. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Claro, é que é normal que diga eu algo, porque se non...

En todo caso, eu tomei como referencia —xa me coñecen todos vostedes, creo que isto non ten ningunha dúbida— o que me din os Servizos Xurídicos, sempre, e os Servizos Xurídicos dinme que, de acordo co Regulamento, no artigo 73.3, non se poden incluír asuntos na orde do día sen ter cumpridos os trámites regulamentarios. E neste caso non estamos cumprindo un trámite regulamentario, como ben quedou explicitado na Xunta de Portavoces, e creo que este asunto xa está así claro. Non debemos de darlle, polo tanto, máis voltas.

Moitas grazas.

Continuamos coa orde do día. Empezamos —non continuamos— coa orde do día, cos textos lexislativos.

### **Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre o Proxecto de lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** Mantéñense as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, as emendas do Grupo Parlamentario Socialista e as do Grupo Parlamentario de En Marea.

Para a presentación do ditame da comisión, ten a palabra a vicepresidenta da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, dona Marta Nóvoa Iglesias.

Perdón, antes —non sei se saudei, non saudei— vou saudar os alumnos —a ver se teño aquí ben, porque hoxe como foi así... — do centro Os Tilos. ¿Son? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Non son? ¿Cales son? ¿Que alumnos son? ¿Perdón? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Perdón, é que na listaxe que me teñen aquí primeiro era outro centro. Entón, saudamos os alumnos de 4º da ESO do Centro Xallas, de Santa Comba; son alumnos de 4º





da ESO —como dixen—. Benvidos ao Parlamento, a eles e aos seus profesores. Grazas por estar aquí.

E agora si, cando queira, señora Nóvoa.

**A señora PRESIDENTA DA COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS (Nóvoa Iglesias):** Grazas, presidente.

O Proxecto de lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia tivo entrada no Rexistro do Parlamento con data 21 de xaneiro de 2019 e a súa admisión a trámite efectivizouse pola Mesa do Parlamento na reunión do 22 de xaneiro, procedendo á apertura do prazo de presentación de emendas, que rematou o 9 e o 27 de febreiro para as emendas á totalidade e ao articulado respectivamente.

Concretamente, a emenda á totalidade de devolución presentada polo Grupo Parlamentario de En Marea rexeitouse na sesión plenaria do 28 de febreiro.

Pola súa parte, as emendas ao articulado presentadas e admitidas a trámite foron un total de 318: 37 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, 166 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, 102 do Grupo Parlamentario de En Marea e 13 do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na sesión do 6 de marzo, designou a ponencia encargada de elaborar o informe, que se constituíu nesa mesma data. E nas cinco reunións seguintes a ponente e os ponentes titulares foron: don Jaime Castiñeira Broz, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia; don Antón Sánchez García, do Grupo de En Marea; dona María Luisa Pierres López, do Grupo dos Socialistas de Galicia; e don Xosé Luís Bará Torres, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Elaboraron o informe coas recomendacións definitivas, que emitiron con data 20 de marzo.

Signifícase que, ademais, na reunión do 14 de marzo, logo do exame dos escritos dos grupos parlamentarios de En Marea, dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego, polos que solicitan o trámite de audiencia coas comparecencias que relacionan no escrito consonte o establecido no artigo 115.3 do Regulamento do Parlamento, acordouse a comparecencia de don Heriberto García Porto, director do Instituto Galego da Vivenda e Solo, que se substanciou ao inicio da derradeira reunión do 20 de marzo.

Posteriormente, a Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na sesión do 29 de marzo, aprobou o ditame que estou a presentar, por 7 votos a favor, 2 en contra e 3 abstencións, conforme as recomendacións do informe da ponencia, coa engádegas de dúas transaccións, incorporando ao texto do proxecto de lei, ademais das emendas técnicas propostas pola ponencia, 76 emendas, 26 delas transaccionadas: 13 do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, 16 do Grupo Parlamentario de En Marea, 35 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e 12 do Grupo do Bloque Nacionalista Galego.



Este Proxecto de lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia consta, ademais da exposición de motivos, de cento vinte e un artigos, agrupados en catro títulos, relativos ás disposicións xerais, ás actuacións sobre o medio rural, ás áreas de intervención no medio urbano declaradas pola Administración autonómica, á coordinación administrativa e ao financiamento, así como a súa parte final, que está integrada por cinco disposicións adicionais, catro transitorias, unha disposición derogatoria única e seis derradeiras.

Cómpre, pois, rematar a tramitación deste procedemento lexislativo coa aprobación, se é o caso, do Proxecto de lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.

Moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Nóvoa.

Entramos, polo tanto, na rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Moi bo día.

Estamos aquí para debater a Lei de rehabilitación e de rexeneración, e o que botamos de menos no BNG é rexeneración democrática, porque queremos uns medios públicos galegos libres de control e manipulación, libres de represión a xornalistas que exercen os seus dereitos e liberdades e que son represaliados por denunciar a utilización partidista da Televisión e da Radio públicas galegas polo Partido Popular. *(Aplausos.)*

E, falando de rexeneración, tamén botamos de menos a rexeneración ética dunha institución, a Valedoría do Pobo, que se converteu na valedoría dos poderosos e dos intereses do Partido Popular. *(Aplausos.)* Como vimos hoxe, unha persoa amparada polo Partido Popular cando hai unha sentenza que a condena nada máis e nada menos que por desviación de poder. *(Murmurios.)* Vostedes estanlle creando —e isto fala da súa idea da rexeneración democrática— un grave dano a unha institución que está absolutamente desacreditada.

E falando tamén de rexeneración, botamos de menos a rexeneración ética, política e democrática dun Estado ao que lle estoupan as fosas sépticas por todos os lados. As cloacas, os sumidoiros, o xudre que sae do Ministerio do Interior, da corrupción, da represión, da utilización do aparello do Estado para servir a fins partidistas e a intereses das grandes empresas do Ibex. *(Murmurios.)* ¿Teñen algo que dicir os deputados do Partido Popular? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si, falaremos despois.

Ben, pois estamos no debate da Lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia —nome rimbombante—, dunha lei á que non lle imos dar o apoio —xa llelo anunciamos— desde o BNG, en primeiro lugar, por razóns de fondo. Porque, desde logo, o que demostra o debate desta lei é que temos modelos urbanos absolutamente diferentes, modelos



de desenvolvemento e tamén modelos sociais contrapostos. O do BNG, desde logo, está claro alí onde temos responsabilidades de goberno, onde hai gobernos municipais do BNG.

E, fronte a eses modelos, esta lei é un parche que non vai ao fondo do problema, que é nada máis e nada menos que a degradación e deterioración dos centros urbanos e dos núcleos históricos polas políticas de vivenda, polas políticas tamén arredor do comercio que estiveron facendo ao longo das últimas décadas, polas políticas neoliberais encabezadas polo Partido Popular, que, por exemplo, están levando á desertización dos centros urbanos pola expulsión da poboación ou pola expulsión das actividades comerciais e polo favorecemento de grandes centros comerciais na periferia, que o que fan é crear grandes impactos no territorio e no medio e graves consecuencias tamén na mobilidade. E despois vostedes fálannos de loita contra o cambio climático e de sustentabilidade, cando están agora, por exemplo, na área de Vigo apostando por esas grandes áreas comerciais que liquidan o comercio tradicional, que liquidan tamén a actividade e a vida nos centros urbanos.

E hai neses centros urbanos tamén problemas graves de cohesión e de integración social que non resolve esta lei. Como tampouco resolve un gravísimo problema que ten o país na despoboación dos núcleos rurais, coa perda de servizos básicos, co desmantelamento de sectores económicos tradicionais e tamén coa proliferación de actividades extractivas que vostedes están promocionando e potenciando con diferentes cambios normativos, por exemplo, que teñen que ver co sector forestal, co enerxético ou co mineiro.

E uns problemas tan graves e tan grandes coma estes non se resolven con esta lei, nin sequera se resolven cunha lei, sobre todo se se trata dunha norma na que prevalece o enfoque economicista sobre o social, o interese privado sobre o público e o negocio sobre as necesidades das persoas.

E nesta lei o que falta, en primeiro lugar, é unha boa análise, unha boa diagnose, e falta unha estratexia integral, e falta un modelo territorial e urbano que vaia máis alá das leis do mercado, que aposte por unha sociedade máis equitativa e máis democrática. E para facer políticas democráticas equitativas, desde logo, non hai que gobernar igual para todo o mundo; non se trata de gobernar igual para todas as persoas, hai que gobernar para a maioría, beneficiar a maioría e prexudicar as minorías privilexiadas. E vostedes o que fan é todo o contrario. O que fai o Partido Popular, as políticas do Partido Popular —e tamén esta lei— é beneficiar a banca e os poderosos.

E tampouco apoiamos esta lei por cuestións formais e de procedemento, que nos parecen tamén moi relevantes, sobre todo no trámite parlamentario, e que poñen de novo en evidencia que o Partido Popular ten unha auténtica alerxia á democracia, ao debate e á participación, co veto que fixeron ao trámite de audiencia previsto no artigo 115.3 do Regulamento do Parlamento, que prevé que «A ponencia encargada de redactar o informe poderá establecer un trámite de audiencia de altos cargos da Xunta de Galicia, de persoas expertas e de representantes de colectivos sociais». Os tres grupos da oposición pedimos a audiencia de seis entidades e institucións, e vostedes vetáronas todas menos, curiosamente, a do director do IGVS, é dicir, o representante do Goberno na elaboración da lei. Vetaron, silenciaron e amordazaron outros colectivos e entidades representativas de diversos sectores, e, entre



elas, curiosamente, de maneira moi chamativa, vetaron a participación do Consello da Cultura Galega, que, segundo a lei, ten precisamente funcións de asesoramento ao Goberno e tamén de asesoramento ao Parlamento. ¿Cal é o problema para que non deixen falar aquí, neste parlamento, o Consello da Cultura Galega?

Miren, pasando á análise de cuestións concretas: é certo —díxoo a presidenta da Comisión— que se aceptaron emendas deste grupo, dos tres grupos. Despois virá o voceiro do Partido Popular falando de porcentaxes, pero esta non é unha cuestión cuantitativa, é unha cuestión cualitativa. É certo que se aceptaron algunhas cuestións formais e tamén algunhas cuestións de fondo, por exemplo, todo o que ten que ver coas achegas a respecto de introducir a perspectiva de xénero na lei, que estaba completamente ausente. E hai outras emendas formais que foron aceptadas, pero, realmente, as cuestións fundamentais, as cuestións centrais, aquelas que tiñan que ver co núcleo duro da lei, esas foron sistematicamente rexeitadas pola maioría do Partido Popular, que demostra unha absoluta cerrazón e un inmovilismo nas cuestións precisamente centrais.

Temos, como resultado, que o texto que vén hoxe a debate no Parlamento é, neste sentido, practicamente o mesmo que saíu do debate da emenda de devolución, cunha prevalencia clarísima e absoluta dos criterios economicistas sobre os sociais, abrindo a porta a ese negocio especulativo da vivenda e da rexeneración urbana, no que están os grandes grupos de investimento, eses fondos voitre que se están apropiando da propiedade da vivenda en Galiza, co risco de acentuar procesos —que xa están aí— de expulsión de residentes e de actividades tradicionais nos centros urbanos, eses procesos de xentrificación, e tamén marxinando os aspectos sociais que non contan nesta lei, sobre todo o que ten que ver coa exclusión e coa vulnerabilidade de importantes grupos sociais.

Hai un artigo que é absolutamente relevante neste sentido: cando se fala de medidas de retorno e de realoxamento, vostedes convértenas en medidas potestativas e non obrigatorias, é dicir, que non está obrigada a administración a garantir o realoxamento das persoas que son expulsadas deses centros históricos. O que prevalece, polo tanto, no texto da lei son os números, as contas e os negocios sobre as persoas, e as políticas públicas deben velar, sobre todo, polas persoas; as persoas primeiro, sobre todo as persoas que máis o necesitan.

Despois abre tamén, claramente, as portas á especulación e ao negocio arredor dos núcleos rurais abandonados, que poden ser tamén obxecto non de políticas públicas para a súa recuperación e para a súa dedicación a servizos, actividades e equipamentos, senón de negocio deses grandes grupos especulativos. Introduce, ademais, medidas de dubidosa eficacia, como o canon de inmobles en estado de abandono, que se vai aplicar só en áreas Rexurbe e que ten maiores custos de xestión que de recadación, porque, segundo a propia memoria, prevé uns ingresos de setenta e oito mil euros no suposto da declaración de dezaseis áreas Rexurbe; setenta e oito mil euros de recadación, con toda a tramitación e xestión administrativa e todo o gasto que supón isto.

Despois hai outro aspecto central que xustifica a nosa discrepancia, que é a grave desprotección do patrimonio cultural e do patrimonio público. Porque esta lei prevé a privatización de espazos públicos coa escusa de resolver necesidades de accesibilidade e de eficiencia ener-



xética, indo contra o establecido na Lei de patrimonio cultural de Galiza, no seu artigo 56, que fala de que calquera modificación sobre ámbitos de especial protección debe realizarse unicamente a través de plans especiais de protección e de catálogos.

Ademais, esta lei prevé, no seu artigo 15, o aproveitamento privado do subsolo para o estacionamento, un artigo que é contraditorio coa tendencia que está instalada e establecida en todos os núcleos históricos de apostar pola peonalización e non polo tráfico rodado.

Ademais, esta lei posibilita e permite a alteración e a destrución do parcelario, excluindo o criterio de mantemento da trama urbana, das aliñacións e das rasantes existentes nos conxuntos históricos. Parécenos moi grave, porque vai contra a protección do parcelario como patrimonio histórico intocable, que está en toda a normativa internacional e da Unesco, e porque pode poñerse en risco mesmo a declaración de patrimonio da humanidade da cidade de Compostela se se aplica ao pé da letra esta lei.

E se non fose abundante todo isto que dixen, esta lei tamén crea inseguridade xurídica con atallos que pretenden burlar non só a normativa cultural e non só a normativa da Lei do solo, senón tamén pasar por riba da normativa municipal, dos plans xerais, dos plans especiais e mesmo dos plans básicos autonómicos, creando un auténtico dereito de pernada contra o patrimonio cultural.

Por outra parte, nos instrumentos de xestión que prevé esta lei nas áreas de intervención, botamos de menos —e é unha das grandes eivas que tamén ten esta norma— a participación social. Porque vostedes si crean comisións técnicas, pero non crean ningunha comisión nin consello onde participen as persoas residentes, as persoas que teñen actividades tradicionais e as entidades veciñais. Créase unha coordinación administrativa mediante un comité técnico, pero o que crean é moita tecnocracia pero pouca democracia.

Botamos, en definitiva, de menos nesta norma unha referencia explícita e máis clara á intervención pública directa da administración na rehabilitación e na rexeneración urbana. Porque vostedes prometeron no seu programa e tamén nos documentos do Goberno que ían intervir, con intervención directa a través do IGVS, nada máis e nada menos que en dez mil vivendas en núcleos rurais e en núcleos históricos. ¿E saben cal é o balance destes anos de lexislatura? Vinte e oito vivendas, señora conselleira, vinte e oito vivendas en Lugo, en Betanzos, en Mondoñedo, en Ferrol e en Ourense. Ese é o balance, e anunciaban dez mil. Por non falar xa do clientelismo que utilizan vostedes na distribución, por exemplo, de fondos públicos mediante os plans Hurbe, que llelos dan a dedo a gobernos municipais do Partido Popular cos que se reúne vostede para acordar eses convenios, porque aí non hai ningunha convocatoria pública, ningunha transparencia e ningún acceso equitativo aos fondos públicos.

En definitiva, e para rematar, aínda que esta lei regula instrumentos de xestión, prevé medidas de financiamento e unifica e sistematiza mecanismos e recursos —algúns deles xa existentes e limitados—, a realidade é que afonda na mercantilización e na especulación arredor da vivenda, desprotexe o patrimonio, crea atallos para a privatización do espazo público, non conta coa poboación residente e pon o factor negocio por riba do factor humano e os números por riba das persoas. Por iso, o BNG non vai apoiar esta lei.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Pierres.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** Grazas, presidente.

Bos días a todas e a todos.

Señor Castiñeira e señora Vázquez, que hoxe nos acompaña, ¿lembran vostedes o conto de Aladino e a súa lámpada maravillosa? Seguro que si. Pois nese conto da lei, vostedes á lámpada pedíronlle tamén tres desexos, que foron: simplificar, axilizar e facilitar. E a verdade é que, así contado, en principio, a nós o conto tamén nos enganhou. Por iso estivemos atentos e dispostos tamén a aportar e incluso nos animamos a pedirle ao xenio un desexo, e ese desexo é que ningún dos seus tres desexos se concedese a costa de rebaixar as cautelas nin os dereitos sobre o noso patrimonio. Pero como en todo conto, o final xa estaba escrito, e o noso desexo, loxicamente, non foi cumprido. O Partido Popular tiña claro desde o principio que, como moito, ía permitir correccións de estilo, pero en ningún caso, de argumento.

Hoxe, polo tanto, desde o Grupo Socialista temos que confesar que, onde criamos compartir con vostedes certa ilusión, só atopamos decepción, porque, onde esta lei tiña que comprometerse, optou por desentenderse, onde tiña que incentivar, optou por sancionar, e onde tiña que protexer, optou por desamparar.

O noso patrimonio edificado, as nosas cidades, as nosas vilas, son tanxibles, poden tocarse, poden observarse, poden penetrarse, teñen historia. Falan de usos pasados, de costumes, de tradicións, de festexos e de xentes. Son a pegada viva do pasado, testemuña calada do presente a ferramenta útil do futuro. E atendendo a esa parte sensible e empática co territorio e coa nosa historia, nós lle pediamos á Xunta de Galicia máis compromiso e máis medios para poder amparar un patrimonio que é de toda a cidadanía galega e non só duns poucos.

É unha lei que nace, sorprendentemente, anunciando xa rebaixas a modo de bonito escapatate de medidas, moitas das cales, por certo, xa existían e as novas o que revelan é que o único modo que ten atopado este goberno para asegurar a axilización e o incentivo á rehabilitación pasa pola desprotección e a desatención das competencias, algo que non sorprende cando nos informes previos á redacción desta lei nin unha soa palabra se ten escoitado desde a Consellería de Cultura ou a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, así como do Consello da Cultura Galega, algo que resulta absolutamente incomprendible.

A palabra patrimonio, dígollo eu, noméase en sesenta ocasións nesta lei e o termo cultural sesenta e oito veces, ¿como pode explicarse, polo tanto, o silencio consciente desa consellería? ¿E por que non compareceu, cando así llelo pedimos todos os grupos da oposición, durante a tramitación da ponencia? ¿É a súa opinión talvez menos importante que a do resto das institucións e organismos que teñen participado nesta lei?



Por todo isto, e a pesar da aceptación dalgunhas das nosas emendas, temos que ser claros e recoñecer que o texto final non responde a moitas das nosas emendas.

O Grupo Socialista presentou un total de 166 emendas e, segundo o reflectido no informe de Ponencia, chegouse á aceptación ou á transacción dun total de 34, non sei se ao final de 35 das mesmas. E máis alá dos números, que soamente son iso, números, está o realmente importante, que é o sentido das emendas que se teñen aceptado. A maior parte ou ben corrixen ou ben apuntalan os contidos do articulado, o resto das emendas foron rexeitadas.

Globalmente, as nosas emendan perseguían tres obxectivos moi claros e moi transversais: solicitaban maior compromiso, maior dotación e maior caución. Todo aquilo que supuña comprometer algunha destas tres peticións foi completamente rexeitado.

Señor Castiñeira, señora Vázquez, comprometerse co patrimonio significa dar pasos cara adiante, poñerse na primeira liña e asumir as responsabilidades que un ten que asumir cando se legisla. Este goberno tiña dous camiños, dúas vías posibles, e así xa llo manifestamos tamén ao propio director do IGVS na súa comparecencia.

Por un lado, podía ter optado por dotar máis e mellor as oficinas dos servizos provinciais de patrimonio, alternativa para a que non houbo unha resposta clara e que, sen embargo, a nós parecíanos a máis sensata: seguir confiando nos equipos máis preparados e cualificados, pero dotándoos de máis medios humanos e materiais. Porque o problema non son os informes negativos deste tipo de servizos, senón as demoras eternas nalgúns deles, como era o caso do Servizo Provincial de Pontevedra, que tiña que atender preto de 2.200 expedientes anuais contando cunha plantilla fixa de tres arquitectas superiores.

A outra vía pasaba por articular unha lei como é a presente, para delegar nas entidades locais —isto é, nos concellos— a responsabilidade de informar moitas das actuacións que se farán nos nosos cascos históricos ou ámbitos de bens de interese cultural. E por aí se optou.

O Partido Socialista, por suposto, non se opón a esa vía, pero si dubidamos, e moito, da súa eficacia tal e como se está a plantexar, principalmente porque parece partir da consideración, non sei se inxenua ou máis ben cega, de que os concellos de toda Galicia viven nun estado de baixa actividade durante todo o ano e que os servizos de urbanismo están desexando recoller máis competencias para manter activos e ocupados as súas arquitectas e arquitectos municipais. Isto é tanto como obviar as conclusións do informe da valedoría do pobo do ano 2017—non sei se é o mellor día para sacar este comentario—, que, entre outras cuestións, apuntaba claramente: Moitos concellos carecen do persoal técnico e xurídico necesario para abordar a carga de traballo que teñen, pero iso non pode xustificar que os dereitos dos cidadáns non sexan atendidos. Di tamén: existen normas, pero non existen os medios técnicos, económicos e xurídicos na Administración local para aplicarlos en tempo e forma. E nalgúns casos di: observamos que tamén falta a vontade de levalas a cabo.

É certo que estas circunstancias tampouco nos deberan alertar se en verdade estivese previsto como remedialas. Pero non é así, e a pesar da nosa emenda ao respecto, que buscaba e solicitaba financiamento suficiente de xeito plurianual para o cumprimento dos obxectivos



recollidos nesta lei, non foi aceptada, como tampouco se aceptaron as emendas que pedían que non se rebaixara a vixilancia do patrimonio.

Polo tanto, a Xunta de Galicia delega nos concellos, libérase de responsabilidades, libérase de cargas, e a cambio facilita o camiño rebaixando as condicións para rehabilitar, tanto en edificacións con proteccións ambientais como estruturais, chegando incluso a diluír a diferenciación entre unas e outras, e, polo tanto, contradicindo o espírito dos propios catálogos de protección e da propia Lei de protección cultural de Galicia.

E ante isto —insisto—, a Consellería de Cultura cala, cun silencio que a fai cómplice deste trapicheo consentido. E todo isto, ademais, sen comprometer unha maior dotación de medios nin de recursos para as administracións locais. É máis, incluso con esta lei, a Xunta de Galicia vai aforrar, sexamos claros, vai aforrar os cartos das novas contratacións que suporían dotar correctamente os servizos provinciais de Patrimonio.

Por outro lado, xa manifestamos nas diferentes intervencións en pleno e durante a propia Ponencia que criamos que esta lei partía da base da culpabilización dos e das propietarias, pasando, ademais, de puntiñas sobre a responsabilidade no deseño das políticas que precederon á situación actual. Non pode pretendese que unha administración que foi consentidora, que foi pouco atenta coa planificación, coa paisaxe e coa protección do patrimonio galego, especialmente no residencial, agora resolva a golpe de sanción. Na ética e na práctica non o vemos, francamente, coherente.

Tampouco compartimos a creación dun canon que se aplica nuns casos si e noutros non. Por poñer un exemplo, nesta lei ningún grupo o discutiu, e tampouco o faremos nós, que se contemple que os informes de avaliación de edificios sexan obriga para todas as edificacións de máis de cincuenta anos, e incluso de menos idade útil se así o ditaminase unha ordenanza municipal. Entón, ¿por que se contempla unha sanción ao abandono, pero só para os casos das edificacións das áreas que se consideren estratéxicas? ¿É coherente que se entenda que a obriga de conservación é para uns si pero non para outros? Nós cremos que non, como tampouco cremos que a solución pase por sancionar a toda a poboación, senón máis ben por incentivala suficientemente e con moito realismo. Non obviemos que moitas actuacións de rehabilitación conlevan custos elevados, elevadísimos, que non é que non os poida afrontar só unha persoa en risco de exclusión social, senón moitas familias con recursos.

Por iso, cremos que é acertado tildar a esta lei de lei covarde, porque falta valentía para afrontar o gravísimo problema de recuperación do noso patrimonio construído e para afrontar non só a rehabilitación dos centros históricos, senón de todo o patrimonio que conforma a cidade, todo o que conforma a vila, e que por menos privilexiado parece indirectamente condenado a permanecer esquecido e degradado.

Se non me equivoco, esta lei pretende ser tamén de rexeneración e de renovación urbana de Galicia, non só dos cascos históricos, senón tamén das áreas urbanas e das periferias, que son un grande elemento de conformación da cidade e que son, ademais, a primeira carta de presentación das mesmas, e en igual medida pensamos que debера ser tratada.





As nosas emendas, polo tanto, de petición de supresión foron moi, moi claras ao respecto. Non cremos que esta lei deba contemplar ningún dos artigos que conforman o capítulo III do título IV, que fan referencia a ese canon de inmobles en estado de abandono. Así mesmo, cremos que, como modo de incentivar e involucrar a cidadanía, ten que comezar por traballar na sensibilización da mesma sobre os valores culturais do noso patrimonio construído, porque é habitual atopar cidadáns que non entenden o porqué do rexeitamento dunha licenza de obras por non autorizar mudar unha fiestra de madeira por unha de aluminio, por aumentar un exiguo oco nunha fachada por outro de maior tamaño, reducir un chanzo de pedra nunha entrada ou tamén por aumentar a altura dun forxado. Todas estas cuestións, sen unha información e formación previa, son moi complexas de facer entender. Por iso mesmo, presentamos unha emenda a este respecto para que se traballe non só dende a regulación e dende a normativización, senón para que se desenvolvan programas e campañas de sensibilización que permitan ás galegas e aos galegos valorar o patrimonio no que viven, o importante que é conservar aqueles valores que distinguen a nosa arquitectura, especialmente a popular, tamén especialmente maltratada no tempo.

Valorando positivamente a aceptación desa emenda de engádega, vemos tamén, en todo caso, incoherencia na actitude da propia consellería, á que lle pedimos maior caución, porque, francamente, parece complicado aspirar a sensibilizar cando é a propia Administración, a través desta lei, quen abre esa porta moi perigosa para a desprotección do patrimonio, cun articulado que confunde —e penso que nisto concordamos todos os grupos— a flexibilización e a axilización dos trámites de licenzas cunha parece que ineludible desprotección. De feito, das emendas presentadas polo noso grupo e resto de grupos da oposición ao articulado que fan referencia ás intervencións en edificacións en ámbitos de especial protección e ás licenzas directas que lles afectarían —isto é, dos artigos 40 ao 45—, o grupo de goberno non aceptou ningunha das nosas emendas. Non só non se tiveron en conta as cautelas manifestadas por todos os grupos a través das emendas e nos diferentes debates mantidos, senón que parece quedar moi en entredito a verdadeira efectividade das mesmas. Parece que pode, en todo caso, converterse nun trampantollo, posto que serán os propios concellos, en todo caso, os que declaren o seu interese en participar da capacidade ou non de emitir licenzas directas, algo que coa propia Lei de patrimonio cultural xa se amosou totalmente ineficaz na maior parte dos concellos de Galicia, que xa tiveron a oportunidade de asinar os convenios para o transvase das competencias, e salvo casos que se poden contar cos dedos dunha man, e sobran, o resto dos concellos optaron por seguir delegando nos servizos provinciais de patrimonio.

Polo tanto, non parece que o que en case tres anos non conseguiu funcionar, vaia funcionar agora, e por iso, ante unha lei que rezuma este posturo, a nosa insistencia en demandar o necesario compromiso e dotación de axudas por parte da Xunta de Galicia. É un feito que moito do articulado fai referencia de modo potestativo, como xa dicía o señor Bará, pero non obrigatorio, á posta en marcha de medidas e compromisos que debe asumir a Xunta de Galicia, como comprometer fondos anuais para a execución de moitas delas, sen isto, esta lei nace absolutamente baleira de contido.

Outras das nosas emendas buscaban cuestións como asegurar a defensa dos dereitos dos cidadáns, como as que exigen para a Administración o mesmo compromiso de cumprimento



dos prazos nos informes que para o administrado nos prazos de presentación de documentación e alegación.

Nese sentido, non parece que exista moito equilibrio nin a suficiente transparencia, algo que, por certo, no referente ao silencio administrativo, é unha das reclamacións máis habituais á hora de tramitar unha licenza. Porque calquera técnico en Galicia pode falarlles de casos de demoras de licenzas de incluso catro ou cinco anos, e en concellos de todas as cores, señor Castiñeira, en concellos de todas as cores políticas, e isto é o que non pode ser. Os concellos teñen que contestar con informes únicos e completos, e en tempo. Non pode ser que ás persoas promotoras se lles concedan dez días para responder ás peticións de subsanación, con risco, se non, de caducidade do expediente, e á Administración se lle outorgue un prazo *sine die*. Nós entendemos que aquí non existe ningún tipo de compromiso. ¿E en que se resume a axilización desta lei? En pasar a pelota ao de abaixo e que se apañe. Isto é o que, como comprenderán, nos alarma e nos pon, necesariamente, nunha posición de extrema desconfianza, a mesma que amosamos ante a necesaria preservación das competencias, posto que as novas figuras de xestión parecen cabalgar moi perigosamente sobre as competencias municipais con moito do articulado que, no referente ás posibles actuacións urbanas, se superpón ás figuras de planeamento municipais.

E xa para rematar, poderíamos entrar a detallar moito máis cada unha das nosas emendas, pero pensamos que as cuestións que acabamos de relatar resumen ben as discrepancias maiores, que son as que alonxan hoxe o Grupo Socialista desta lei escaparate, que anuncia rebaixas incluso antes de abrir a tempada.

Pola nosa banda, nada máis polo momento. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pierres.

Agora saudamos os alumnos e alumnas de 5º de primaria do Centro Os Tilos, de Teo. Bo día e benvidos ao Parlamento, e tamén os seus profesores e acompañantes.

Ten a palabra, polo Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Sánchez.

**O señor SANCHEZ GARCÍA:** Creo que lle dixeron os mestres que non podían escoitar isto.

Ben, bos días a todos e a todas.

O Partido Popular pretende reducir este debate a un debate técnico, alonxado de claves políticas, pero nada máis lonxe da realidade. Detrás deste complicado código normativo para case todos nós, plásmase a posición política e ideolóxica do Partido Popular respecto da venda, da economía e da sociedade de Galicia como proxecto.

Este proxecto de lei está feito dende unha óptica eminentemente neoliberal e conta coas ferramentas legislativas necesarias para mobilizar o patrimonio construído, mesmo con medidas forzosas cara aos promotores privados, mesmo coa redución do valor das propiedades ao 50 % para escoralo cara aos promotores privados.



Procúrase, en definitiva, maximizar o beneficio para os grandes investidores privados, para que sexa atractivo investir nos centros urbanos galegos, pero non pon no centro as persoas, a maioría das persoas, senón que exclúe as necesidades actuais da maior parte da sociedade galega e esquécese completamente do principal problema de vivenda que hai neste país agora, que é o dereito das persoas a desfrutar dunha vivenda digna.

¿Como se pretende levar a cabo a maximización dos beneficios para os investidores privados? Primeiro, cunha forte intervención pública, paradoxalmente, apostando forte pola expropiación ou por vendas forzosas de vivendas xa construídas —incluso con rebaixas do 50 % do valor— para que se fagan con elas os investidores privados, que levan beneficiándose décadas das políticas de fomento e de especulación en Galicia e no Estado español.

Pero, en cambio, esa intervención pública non se fai para incrementar o patrimonio público da vivenda, por exemplo, para alugueiro social, un elemento tan necesario. Cunha oportunidade tan grande que tiñamos agora, xa que apostamos por esa intervención pública, por expropiar, pola venda forzosa etc., ¿por que non aproveitamos para dicir na lei que un dos obxectivos é incrementar o patrimonio público de vivenda para alugueiro social? Pois non, o Partido Popular só coñece o *Catón* do neoliberalismo e da especulación.

Tamén se procura maximizar o beneficio diminuindo os estándares de protección do noso patrimonio, poñendo en perigo a conservación dos valores patrimoniais e culturais e liberalizando a función ordenadora, ou accedendo a peticións longamente demandadas polos lobbys dos promotores, como é, por exemplo, a segregación do subsolo para uso privado cando o solo é público, ou a recuperación da nefasta técnica da transferencia de aproveitamento, pola que en cidades como A Coruña aínda se están a pagar moitas e cuantiosas indemnizacións con diñeiro público. Tanto nun caso coma noutro, presentamos emendas que non foron aceptadas polo Partido Popular, que ten moi claro a que intereses serve.

A desprotección móstrase especialmente grave nas normas de aplicación directa, o máis grave do proxecto de lei, porque prevalecerán sobre o planeamento xeral de plan xerais de ordenación municipal, plan básico autonómico ou sobre o planeamento e desenvolvemento, incluídos os PEPRI xa aprobados. Só se exclúen desas normas de aplicación directa os BIC individuais e os de nivel de protección integral.

Na práctica, estas normas de aplicación directa van supoñer unha rebaixa do nivel de protección dos plans especiais aprobados, no caso dos PEPRI dos cascos históricos, ao incluír disposicións como a unión funcional de edificios, que, ademais de desnaturalizar a tipoloxía urbana a protexer, supoñen na práctica cargarse as maiores limitacións que en xeral establecen os PEPRI. A iso engadiremos, como un elemento de desprotección máis, que se amparan as actuacións de accesibilidade e mellora enerxética que mesmo poidan incumprir o réxime de protección patrimonial, incluídos os BIC. Aquí nós fixemos emendas para que polo menos houbera autorización previa de Patrimonio e denegóusenos, díxosenos que non. Evidentemente, non tería sentido, cando o que se quere é desprotexer, que haxa unha autorización previa de Patrimonio. Queda ben claro, pois, o obxectivo.

Dáse a posibilidade con esta lei de alterar as alineacións, as rasantes e a trama urbana; é dicir, é cargarse a tipoloxía do núcleo —como xa se dixo antes—, amparado por toda a le-



xislación mundial. E posibilitáse a eliminación, as modificacións non substanciais da avaliación ambiental estratéxica simplificada, como manda a Lei 21/2013, de avaliación ambiental.

Tamén hai outra característica dentro da intención privatizadora, que é a facilidade para ocupar o dominio público, a xeneralidade da ocupación do dominio público. Tamén pedimos aquí informes de Patrimonio antes de facer esta ocupación do dominio público e foi rexeitada.

Cando falamos de que hai unha forte intervención pública ao servizo dos intereses privados, referímonos tamén á clamorosa ausencia do concepto de patrimonio público da vivenda e do solo como elemento regulador do mercado e como solución aos dramáticos problemas de miles de persoas expulsadas das súas vivendas. ou que teñen dificultades para emanciparse porque non poden pagar unha vivenda, ou que adican máis do 50 % do seu salario a pagar unha vivenda, etc. O parque público de vivendas de prezos sociais é un elemento básico para regular o mercado, para darlles solución a todas as persoas. Artigo 47 da Constitución, señoras e señores do Partido Popular, ¡que tanto a utilizan para unhas cousas e que tan pouco a utilizan para as maiorías!

Nin unha medida para a mobilización da vivenda baleira, nin unha medida para o fomento do alugueiro social. Señora conselleira, hai creo que dous meses facíanlle unha entrevista no *Faro de Vigo* e dicía vostede: «con esta lei, se se reciben axudas para rehabilitar, non terá cabida ter a vivenda desocupada. Se se cobra a subvención, haberá que utilizar o piso, alquilalo ou vendelo». ¿Onde está na lei algo que teña que ver coas súas declaracións, señora conselleira? ¡Nada! Precisamente esa é unha das ausencias clamorosas que tratamos de corrixir coas nosas emendas: que sempre que haxa subvencións, axudas públicas, estean ligadas a que esas vivendas se poñan á disposición da xente, para uso propio, para alugamento ou para a venda. Incluso fixemos unha emenda na que dicíamos que se despois de recibir esas axudas, despois de ter rematada a obra, en tres anos non estaba ocupada esa vivenda, terían que devolver as axudas, e o Partido Popular votou en contra.

Como dicía, nin medidas para a mobilización da vivenda baleira, nin medidas para o fomento do alugueiro social. E tamén nesta lei non se garante o dereito á participación da cidadanía no proceso de rehabilitación. ¡É fundamental que participe a cidadanía nos procesos de rehabilitación! Por iso nós fixemos emendas para a participación pública, porque se non o que estamos facendo son procesos que producen centrificación, que acaban expulsando os habitantes que quedaban nesas zonas degradadas, incrementando os prezos do alugueiro e facendo barrios que non están á medida da xente que xa vive alí. Tampouco foron aceptadas.

Tampouco se garante suficientemente o dereito ao realoxamento das persoas, que está regulado sempre potestativamente; repetindo —como xa se dixo aquí— neste caso a palabra «podará» en demasiadas ocasións.

Para a vivenda baleira, nós propuxemos o imposto autonómico para a vivenda baleira, que ben definido servirá para que eses grandes posuidores de vivenda non a utilicen para especular e, polo tanto, para mobilizar a vivenda baleira. Cando o principal reto de Galicia é mobilizar esas preto de 300.000 vivendas que están baleiras, ¿que medidas pon enriba da mesa



o Goberno da Xunta de Galicia, tanto nesta lei como na Lei de vivenda 8/2012, como na Lei do solo? Ningunha. ¡E así nos vai! Os programas de vivenda baleira da Xunta de Galicia só puideron mobilizar 16 vivendas e executar 10.499 euros nunha anualidade, o 3,2 %, porque non hai ningún incentivo para a mobilización da vivenda baleira, incentivos que nós poñiamos enriba da mesa nesta lei e foron rexeitados. Tampouco é casualidade.

Non se contemplan medidas suficientes para evitar procesos de xentificación, non van por aí os tiros; ao contrario, é o que se pretende.

En canto aos núcleos rurais, di moito do labor do Goberno do Partido Popular durante décadas neste país; é dicir, despois de décadas de políticas que baleiraron o rural, que envelleceron o rural —con v— e que deixaron núcleos abandonados, o que propón este Goberno do Partido Popular, a única medida efectiva que propón esta lei, é crear un rexistro de núcleos abandonados con vivendas para vender, e que os concellos sexan axentes inmobiliarios. Cando falamos no artigo 121 de medidas de dinamización, nada de nada, ningunha medida efectiva. Nós propuxemos que, cada vez que se declarase un núcleo en estado de abandono, se tiña que facer un plan de dinamización para que non fose simplemente unha lei que vende o noso patrimonio a prezo de saldo. E foi rexeitada unha vez máis.

¿Quen vai mercar esa vivenda se non se mudan as políticas estruturais, as condicións estruturais que fan que a xente se vaia do rural? Se non se crea emprego, se non se dinamiza a economía aproveitando o potencial endógeno, se non se artella administrativa e politicamente este país, se non se dotan de servizos públicos, ¿quen vai mercar esas vivendas? Gwyneth Paltrow —ou como se diga—. (*Risos.*) (*Murmurios.*) Se fora Abel Losada, diríao moito mellor.

A todo isto, sumámoslle dúas cuestións máis. Unha, a inseguridade xurídica xerada pola coexistencia desta lei coa Lei do solo de Galicia, aprobada en 2016; hai tres anos, e que xa sufriu catro modificacións. ¡Viva a seguridade xurídica do Partido Popular e o seu rigor na elaboración da lexislación! Catro veces modificada e que se baseaba exclusivamente no modelo da expansión incontrolada, típico dos anos do boom inmobiliario. Con contidos contraditorios desta lei coa Lei do solo. Como dicíamos antes, a segregación do solo e do subsolo para uso privado no subsolo é contraditorio coa Lei do solo e mesmo choca coa Lei 5/2016, de patrimonio de Galicia, que xa rebaixaba a protección, aínda que non tanto como o que se pretende aprobar. E aquí, entre todo isto, teremos preparado un cóctel perfecto para seguir desaproveitando as posibilidades enormes deste país.

Outra cuestión: o reforzamento do papel da Xunta de Galicia en detrimento da autonomía municipal. Se na Lei do solo xa se facía iso no ámbito do solo rústico, aquí a Xunta de Galicia reduce a autonomía municipal no ámbito urbano, nas delimitacións dos ámbitos e áreas de actuación, aris, rexurber, zonas de especial rehabilitación, e en xeral sobre o ámbito competencial referido aos instrumentos específicos que crea a lei. E todo iso —como dicía—, a maior gloria dos negocios privados das grandes empresas.

Nós cremos que podería haber a posibilidade doutro modelo, baseado nesa intervención pública pero aproveitando para incrementar o parque público de vivenda, penalizando a espe-



culación coa vivenda desocupada, ligando as subvencións á posta en alugamento das vivendas con prezos sociais, involucrando a cidadanía na definición das actuacións de rexeneración e rehabilitación, e apostando por dotar con medios para axilizar os trámites en patrimonio sen rebaixar a protección. É dicir, o que necesitamos son máis medios para que se cumpra a Lei de patrimonio en tempo e forma, non necesitamos rebaixar a protección do noso patrimonio, que é un valor fundamental para o noso futuro.

E non deberían desligarse as políticas de rehabilitación do rural das políticas que garantan un rural vivo e cheo de posibilidades. Non vale de nada rehabilitar se non hai emprego, se se pechan escolas, ou non hai orzamentos para a dependencia, ou se aposta por regalarlle o territorio ao modelo da depredación. Foi, en definitiva, o que tratamos de plasmar nas nosas 102 emendas, das que se rexeitaron as máis transcendentales, as que falaban de vivenda baleira, as que falaban de fomentar o alugueiro social, as que falaban de non rebaixar a protección do patrimonio e a defensa do patrimonio público. Só se pode ocupar de xeito privado o dominio público en última instancia e previo informe de Patrimonio e da Administración. Non se pode xeneralizar a ocupación do dominio público polo privado.

Iso si, imos acabar dicindo que si que houbo unha da que estamos satisfeitos —aínda que sexa parcialmente, só parcialmente— que fose aceptada, que é o dereito de tanteo e retracto, incomprendiblemente esquecida no proxecto de lei. Ao final, coa nosa emenda no artigo 13.1, regúlase o efecto da delimitación dun ámbito de rehabilitación edificatoria de rexeneración urbana. Prevé —e incluíuse no trámite das emendas— a suxeición ao dereito de tanteo e retracto por parte da administración actuante, sexa o concello ou a Xunta, aínda que si remite a regulación do procedemento a un posterior regulamento. Polo tanto, non estará operativa ata que haxa un regulamento; esperemos que non pase como coa Lei de facendas locais do ano 2004.

Pero si que é certo que é un instrumento que se mostra moi válido, e estamos satisfeitos de que se incluíra, porque desincentiva o pago en diñeiro negro, ante a ameaza de que a administración poida adquirir o inmovible polo prezo que figura na escritura pública, e constitúe unha ferramenta de intervención no mercado inmobiliario —se hai vontade— que permite a administración e a adquisición directa dos inmobles nos ámbitos delimitados nos que se pretenda levar a cabo estas operacións de rehabilitación edificatoria ou de rexeneración. Permitiría, se hai vontade, incrementar o parque de vivendas vinculadas ás políticas sociais, un instrumento clave contra a especulación inmobiliaria cando veñen os fondos voitre comprar barato e vender; permitiríalle á administración regular e non deixar que campen ás súas anchas, como están facendo nas cidades de Galicia. En definitiva, estas vivendas adquiridas, se hai vontade, poderían destinarse a políticas sociais.

En resumo, facer unha lei sobre vivenda neste momento, no que hai miles e miles de persoas que teñen dificultades para poder pagar o alugueiro ou a hipoteca ou que directamente son expulsadas das súas vivendas, que non teña en conta o incremento do parque público de vivenda de alugueiro social di moito da intención e da ideoloxía do Partido Popular; que non teña en conta a mobilización da vivenda baleira ten moito que ver co que pensa o Partido Popular da política de vivenda; que non garanta o dereito ao realoxamento ten moito que ver coa sensibilidade...



**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** ...do Partido Popular coa xente e mostra ben palpablemente o rumbo que quere impoñer o Partido Popular nas políticas de vivenda neste país.

É unha lei que pon en risco o patrimonio cultural das nosas vilas e cidades e que no rural ten como única medida vender a prezo de saldo o noso patrimonio.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario Popular, señor Castiñeira.

**O señor CASTIÑEIRA BROZ:** Señorías, señor presidente, bos días.

En primeiro lugar, eu quero comezar polos agradecementos. Quero empezar agradecendo aos servizos da Cámara o seu excelente traballo —e recalco: excelente—, apoio e axuda para levar a cabo este proxecto de lei e traelo hoxe aquí para a votación, especialmente á súa letrada Puri. Quero agradecerllo, así como a algún outro persoal de acompañamento dela, que sei que o houbo varios días e teño constancia de que ás dez da noite estaba traballando no ditame desta lei. Grazas aos servizos da Cámara. *(Aplausos.)*

En segundo lugar, quero agradecer tamén a Luis Bará, á señora Pierres e a Antón Sánchez, compañeiros e compañeira de ponencia, o seu traballo, as súas aportacións e tamén a disposición no traballo da ponencia. Hai que dicir que houbo un talante e un ton de traballo agradable; é importante, e, polo tanto, quero resaltalo nesta miña participación.

O froito dese traballo nesa ponencia foi que se aceptaron e se transaccionaron setenta e seis emendas das trescentas dezaioito presentadas, pero, loxicamente, non se poden aceptar todas. Eu creo que non está nada mal e houbo un contido importante. Logo, na valoración do contido das emendas que se aceptaron ou non tamén inflúe o contido das emendas que presentaron os propios grupos; houbo algún que as valorou, supoño que puxo a valoración ás súas mesmas.

Quero agradecer ao Goberno da Xunta o seu labor e —eu diría— o gran proxecto que presentou a esta cámara. Un proxecto de lei que eu diría que foi modelo de participación —a pesar do que aquí se dixo—, onde participou todo aquel cidadán que quixo e todos aqueles colectivos que quixeron. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non lle estraña, é que é así. Pero non só antes da presentación na Cámara, senón desde que se presentou na Cámara, aberto na páxina web para a presentación de alegacións. E houbo alegacións de innumerables colectivos que axudaron a fortalecer este proxecto de lei e esta lei que hoxe espero que se aprobe; gustaríame que coa unanimidade da Cámara, pero, polo menos, estou convencido de que cos votos do meu grupo vai aprobarse.

E tamén quixera agradecer —e remato xa cos agradecementos— a confianza que as miñas compañeiras e compañeiros do grupo depositaron en min para ser o ponente desta lei.



Unha lei de rehabilitación, rexeneración e renovación urbana, como o seu nome di; non é unha lei de vivenda, señor Sánchez, para iso hai outra Lei de vivenda. Esta é unha lei —non é un texto refundido, como vostede quixera— de rehabilitación, rexeneración e renovación urbana. E, polo tanto, dentro desa lei si hai e van medidas para o incremento do parque público de vivenda —por suposto que van—, e van actuacións directas da Xunta nese sentido —por suposto—, ou para adquirir vivendas en alugueiro; pero non é unha lei de vivenda.

É unha lei de rehabilitación, cuxos obxectivos fundamentais son: facilitar a recuperación do construído e a protección; fomentar a cultura da rehabilitación; impulsar a dinamización económica, social e demográfica, e compatibilizar a protección do patrimonio coa mellora das condicións de habitabilidade e eficiencia enerxética. E así, para iso, leva medidas que son: facilitar as intervencións públicas garantindo a tutela permanente das actuacións —loxicamente— das administracións; coordinar entre administracións a axilidade dos procedementos, a viabilidade das actuacións e a garantía da protección do patrimonio; impulsar a participación dos particulares nos procesos de rehabilitación e rexeneración urbana con programas de financiamento e actuacións —dos particulares, señor Sánchez e señores da oposición—, e facilitar a accesibilidade e a eficiencia enerxética dos edificios. E a lei prevé mecanismos de axuda —si— para as persoas propietarias que cumpran os deberes de rehabilitación, pero tamén penaliza a quen, a pesar destas axudas, siga a incumprir o deber de rehabilitación. Iso si: a penalización sempre afecta única e exclusivamente a quen pode facelo, nunca a quen carece de recursos; nunca.

Polo tanto, é unha lei que está pensada para recuperar o noso patrimonio e é unha lei que eu diría que está consensuada e feita en coordinación cos distintos departamentos da Xunta. Porque, señorías, estamos a falar dun goberno do Partido Popular, un goberno que é un, e este proxecto de lei aprobeuse no Consello de Administración da Xunta. Non estamos —e non o confundan— no Bipartito, cando un dicía unha cousa e o outro dicía a contraria; iso vivímolo aquí, nesta cámara, desgraciadamente, con algunhas leis ou con algunhas normativas que se trouxeron. Isto é un goberno que aproba as cousas por consenso no Consello da Xunta, órgano máximo, e ese é o proxecto que estamos a debater hoxe aquí.

Falaban vostedes da autonomía municipal: miren, segundo establece o texto articulado que se presenta hoxe aquí para a votación, non hai nin unha soa intervención dentro desta lei que non parta por iniciativa do concello, que non sexa iniciativa do concello. Se os concellos non queren, non se fai. Vostedes din que ataca a autonomía municipal; pois cóntenme onde. Cóntenme se facilitándolles a tramitación puntual, por exemplo, dos plans de modificacións puntuais dos plans xerais, que lles axiliza os trámites, se está afectando á autonomía municipal; se se afecta á autonomía municipal cando un concello presenta para aprobación unha área de rehabilitación integral á Xunta. Loxicamente, apróbaa a Xunta porque vai financiar parte deses gastos, pero quen a propón é o concello. Ou as áreas Rexurbe: quen as propón é o concello.

Si hai unha cousa na que intervén a Xunta, que son as zonas de actuación urxente, dentro das áreas Rexurbe. Aí si actúa a Xunta porque é unha zona de actuación urxente —de actuacións directas da Xunta—, pero previamente aprobeuse a área Rexurbe para poder actuar nela. Unha área Rexurbe que leva un financiamento —para os centros Rexurbe, por exem-





plo— de ata o sesenta por cento do custo dos mesmos; un financiamento importantísimo para a rexeneración non só das edificacións, senón tamén do contorno e, por suposto, en materia económica e social, para a recuperación deses barrios. Fundamentalmente serán, estas si, aplicables a cascos históricos e contornos BIC.

Falan vostedes tamén da autonomía municipal, no artigo 40, e falaba a señora Pierres de normas, licenzas directas —dicía—, para os concellos, artigos 40 a 45, e falaron os outros grupos exactamente igual.

Señorías, non confundan normas de aplicación directa para todos os concellos con licenzas directas polos concellos. Licenzas directas é única e exclusivamente o artigo 44; normas de aplicación directa, 40, 41, 42 e 43; e son cuestións totalmente diferentes. As normas de aplicación directa son para os trescentos trece concellos en toda a área dos propios concellos, pero son normas de aplicación. Non quere dicir que non precisen de informe de patrimonio, nin moito menos, senón que son normas de aplicación, por suposto, como é a utilización conxunta de portais para un núcleo só, poñer un ascensor para dous edificios por exemplo que comuniquen entre eles, a regularización de parcelas resultado da distorsión do parcelario orixinal; non confundan ou non pretendan confundir; cando houbo unha distorsión do parcelario orixinal, permítese —e loxicamente haberá informe de Patrimonio—, vaise permitir, si, recuperar o orixinal, non ao revés, agregar parcelas cando un dos edificios teña unha superficie ou configuración que faga inviable resolver axeitadamente as condicións de accesibilidade ou habitabilidade ou unir locais de negocio, e tamén a redacción de proxectos que afecten varios edificios que poidan dispor de espazos comúns no conxunto da promoción; é dicir, facer proxecto conxunto de varios edificios. Pero iso non quere dicir que se desconfigure o parcelario, nin moito menos. Esas son medidas que se poden facer directas.

E licenzas, artigo 44, si, a lei di que os concellos poderán dar licenza directa sen necesidade de autorización da consellería competente en materia de patrimonio nalgúns supostos. Eu voules poñer algún exemplo, a ver que lles parece, a ver que dirían vostedes.

Un edificio catalogado. Cando un edificio está catalogado, significa que ten unha ficha, un expediente único dese edificio, onde aparecen uns elementos que están protexidos, onde ese catálogo foi informado previamente pola Consellería de Patrimonio ou pola Dirección Xeral de Patrimonio neste caso, onde está aprobado e se di que obras se poden facer nese edificio. Resulta que imaxinen que temos un edificio catalogado que ten protexido un escudo na fachada ou unha balaustrada —hainos, e moitos, afortunadamente, no noso país— e hai un propietario dunha vivenda dese edificio que quere cambiar a bañeira por unha ducha e pide licenza ao concello. Vostedes din que vaia a Patrimonio; nosoutros dicimos: non, esa licenza que a dea directamente o concello. ¿Por que? Porque se un concello pode dar licenza para cincuenta, oitenta ou cen vivendas, calquera dos trescentos trece concellos de Galicia, con máis motivo, poderá dar licenza sen desprotexer —baixo o meu punto de vista, vostedes parece que desprotexen; ¡home!, cambiar unha bañeira por unha ducha, ¿non?—. Pero tamén, se no edificio de enfronte ou no que está a cincuenta metros, dentro do contorno de protección dese edificio do que falabamos antes que ten protexido un escudo ou unha balaustrada, se pide licenza a comunidade de veciños ou o propietario dese edificio para pintar o patio de luces, tamén poderá dar esa licenza para pintar o patio de luces o concello. ¿Ou é



que os concellos son menores de idade e non saben e ten que ser todo tutelado desde as delegacións provinciais de Patrimonio ou da autonómica? ¡Home! Eu creo que para iso poderán dar licenza.

Pois iso figura no artigo 44 e nosoutros si estamos de acordo con iso, e se iso o consideran vostedes desprotexer, entón, señorías, estamos desprotexendo con esta lei. Eu entendo que non. O que se está é axilizando e facilitando os trámites non só aos concellos senón aos cidadáns, que son os que realmente sofren estas consecuencias, e iso é o que se pretende.

Señorías, falábase aquí —dixo o señor Sánchez— de usos públicos para aparcamentos privados. Outra confusión que pretenden totalmente. A lei non está pensada só para os casos históricos, porque parece que cando se fala de rehabilitación só se fala dos cogollos das cidades; non, non; a lei é para todo o territorio dos trescentos trece concellos, incluíndo por suposto os núcleos rurais. E cando estamos, por exemplo, en zonas de expansión —e eu, desde logo, que son de Lugo, coñezo e participei na elaboración do plan xeral, asegúrolles que coñezo bastante ben zonas de Lugo en que son necesarias e que demandan zonas verdes como auga de maio, como se soe dicir—, resulta que nunha mazá rodeada de rúas o que se pretende é rexenerar esa zona, onde hai uns baixos de oitenta metros de fondo, que naqueles baixos ou nese patio de mazá o único que hai é desolación, por así dicilo, fachadas traseiras —xa se vendían as casas desa maneira—, o que se pretende é facer terreo, por certo, propiedade privada, nesa reurbanización ou rexeneración urbana o que se pretende é conseguir un espazo público, esa praza que sexa pública, axardinada, de dous mil, tres mil ou catro mil metros cadrados —que os hai así nas cidades—, e resulta que o que pode obter é o concello unha praza pública e a cambio, non, a cambio non; é que iso é propiedade privada, teñen aparcamentos para as vivendas nese subsolo, e o que están cedendo eses propietarios é ese espazo sobre a superficie para unha praza pública para desfrute de todos. É ao revés, señor Sánchez. O privado pasa ao público e é o que se está a facilitar. E iso é o que hai.

Canon de inmobles. E aí hai moito que falar —case non me chegan os dous minutos e pico que me quedan—. Pero vamos ver, a lei, nas áreas Rexurbe, exclusivamente nas áreas Rexurbe, establece un canon de inmobles abandonados, sancionador —por outro lado, de todo se chama—. Eu chamaríalle un tributo, porque é un tributo autonómico, un tributo solidario e de xustiza.

Señorías, todos coñecemos como funcionan as comunidades de veciños. Temos unha comunidade de veciños onde hai unha serie de servizos (a auga e calefacción central ou hai uns ascensores, etc., etc.) e alí hai unha cota que se chama mínimo, de funcionamento desa comunidade. ¿Por que? Porque eses servizos danlle un valor engadido a ese edificio, e, polo tanto, aínda que non viva alí ou vive pero ao mellor como pon a calefacción o de arriba, o de abaixo, o do lado e o de todo arredor, pois case vive diso, pero pónselle un mínimo, de mantemento.

Pois unha área Rexurbe é como unha comunidade de propietarios, onde se vai investir moitísimo diñeiro de fondos públicos, da Xunta, do Estado e doutros estamentos e tamén das persoas privadas, propietarios que están dentro dela, e o que non pode haber é unha persoa propietaria dun edificio que, podendo economicamente, como dixen antes, resulta que se



agocha e espera que aquilo suba de valor para estar alí especulando. Non, vostede ten que participar ou debería de participar nese deber de rehabilitar, e se non participa, si, ten un canon e vai pagar ese tributo, que loxicamente ten que ser primeiro incluído nun censo, cunha serie de tramitacións por parte do concello, e ese tributo ¿a onde vai? A rehabilitar, a unha mesma área Rexurbe onde se produce ese tributo. Pero iso non é o que se di por parte de vostedes. Iso é o que hai.

E, curiosamente, eu diría que hai unha controversia importante no tema do canon. Hai unha parte dos grupos da oposición, BNG e PSOE, que din de suprimilo; de feito, presentaron trinta e pico ou cerca de corenta emendas sobre a supresión deste tributo —o BNG, unha, estame dicindo Luís; é certo—. E está, por outro lado, En Marea, que presenta tamén unha serie delas, pero que, en lugar de limitalo exclusivamente ás áreas Rexurbe, plantéao tamén para outras áreas de intervención, como as ARU.

**O señor PRESIDENTE:** Vaia rematando, por favor.

**O señor CASTIÑEIRA BROZ:** Vou rematando, señor presidente.

Podemos estar de acordo, pero eu creo que o proxecto que nos presenta a Xunta de Galicia é unha posición intermedia, creo que é a boa, e nosoutros desde logo estamos nesa liña.

Señorías, estamos a ter aquí un proxecto de lei valente, a pesar de que alguén o cualificou de covarde, valente, que toma decisións cuxo obxectivo fundamental é a rexeneración urbana e a rehabilitación e recuperación do noso patrimonio e dos nosos núcleos rurais.

Por certo, señor Sánchez, nos núcleos rurais, na norma que aquí se nos presentou, tiña que estiveran para posible venda, e cunha emenda de En Marea engadíuselle o alugueiro tamén, é dicir, son en venda e en alugueiro...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor CASTIÑEIRA BROZ:** ...o das inmobiliarias que dicía vostede; non era para as inmobiliarias, senón que é para recuperar os núcleos cando os concellos así o solicitan. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Castiñeira.

Rolda dos grupos parlamentarios para definirse sobre as emendas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Señor Castiñeira, eu admito que se desfaga en eloxios e en agradecementos e que loe tamén o clima de traballo que tivemos na ponencia, pero o que non admito nin comparto é que fale vostede dun modelo de participación no trámite previo de audiencia, de achegas e de alegacións que tivo a lei. ¿Vostede mirou o expediente? Eu téñoo aquí. *(O señor Bará Torres mostra un documento.)* ¿Sabe cantas achegas e alegacións houbo



neste trámite? Pois mire, houbo trece, trece. ¿A vostede parécelle que trece...? (*Murmurios.*) Están aquí todas informadas —si, si, señora conselleira, non negue coa cabeza—, están aquí todas informadas —a maior parte, por certo, rexeitadas—. Do Colexio de Arquitectura, do Colexio de Arquitectura Técnica, dos concellos de Santiago, de Vigo, de Ferrol... Están aquí todas e son esas. Entón, non me fale vostede de modelo de participación.

E menos non me fale de modelo de participación na tramitación parlamentaria, cando vostedes vetaron o trámite previsto no Regulamento do Parlamento. Só admitiron a participación, a audiencia do director xeral do IGVS, é dicir, para que viñese aquí defender o texto da lei, e vetaron a de todos aqueloutros organismos e institucións que podían darnos unha visión diferente, entre eles aqueles organismos aos que lles rexeitaron as emendas e as achegas, que facían referencia precisamente á desprotección do patrimonio, á posibilidade de destrución do parcelario e da trama urbana. Esas vetáronas vostedes. E é un trámite parlamentario, non é o previo de consulta e de audiencia, é un trámite parlamentario.

E falaron vostedes tamén da posibilidade de achegas neste trámite parlamentario mediante o procedemento que está tamén incluído no Parlamento, «*Lexisla con nós*». ¿E sabe cantas achegas houbo nese trámite? *Cero patatero*, non houbo ningunha. Entón, ¿como nos falan vostedes dun modelo de participación e de transparencia se ninguén utiliza ese trámite? Eu creo que é para pensar e para reflexionar por que non se utiliza este trámite cando pode haber tantas persoas, tantos organismos e tantas entidades afectadas.

Pero, sobre todo, censuramos, denunciemos e criticamos o silenciamento e o veto, a mordaza que lle puxeron vostedes neste Parlamento ao Colexio de Arquitectura, ao Colexio de Arquitectura Técnica, ao Consello da Cultura Galega, á Dirección Xeral de Patrimonio e á Fegamp. ¿Que problema había con escoitar estes organismos e estes responsables públicos, que prevé o Regulamento do Parlamento que se poidan escoitar en audiencia?, ¿que problema había? ¿Que medo tiñan vostedes a escoitar falar e dar a súa opinión, se, ademais, vostedes despois podían facer prevalecer a súa maioría? Trátase de transparencia, trátase de participación, trátase de democracia, e vostedes a iso téñenlle alerxia. E é certo que vetaron e que non hai ningunha intervención en todo o trámite da Dirección Xeral de Patrimonio. ¿Como se pode explicar isto se é unha lei que lamina aspectos centrais da Lei de patrimonio cultural de Galicia, que ten dous anos de vixencia?, ¿como se pode explicar iso?

¿Ou que vostedes vetasen a participación aquí do Consello da Cultura Galega, un órgano asesor e consultivo do Goberno e do Parlamento? Mire, é que o Consello da Cultura Galega, segundo a lei do Consello, ten, entre outras funcións, «asesorar e consultar os poderes públicos, especialmente a Xunta e o Parlamento», e vostedes vetan que nos asesore neste trámite parlamentario da lei. Di: «Analizar aquelas cuestións que se refiran ao patrimonio cultural galego.» E resulta que o Consello da Cultura Galega non analiza esta lei, que afecta en cuestións fundamentais o patrimonio cultural galego.

Isto non hai por onde collelo, e menos que veña vostede aquí falar de modelo de participación.

Mire, señor Castiñeira, esta lei desprotexe o patrimonio cultural, e o que é máis grave —dino todos estes organismos cando fixeron as alegacións—, desprotexe as persoas residen-



tes, non conta con elas, permite expulsalas e non obriga a realoxalas, privatiza o espazo público, responde a intereses económicos, a intereses mercantís, a intereses especulativos deses grandes fondos voitre, eses grandes fondos de investimento que están, como voitres, axexando para facerse con todos estes negocios.

Esta lei tamén o que vén constatar é o fracaso de dez anos de políticas da Xunta de Galiza, de gobernos do Partido Popular, en materia de vivenda, en materia de rehabilitación e rexeneración urbana, porque xa lle dixen antes os datos das súas promesas e dos seus resultados: vinte e oito actuacións en cascos históricos, cando prometeran actuar en cincocentos edificios, mil cincocentas vivendas, trescentos cincuenta locais. E non mediante ARI. Estoume a referir a actuacións directas do Instituto Galego da Vivenda e Solo. Vinte e oito actuacións que lle citei antes.

E fronte a iso, nós, o BNG pon aquí no debate os exemplos e os modelos que está a levar a cabo coa lei en vigor, e con todos os atrancos tamén administrativos e normativos, en cidades como Allariz, en cidades como Pontevedra, en vilas como Rianxo, que son creo que en Galiza e no mundo exemplos de actuación sobre o patrimonio cultural, sobre o espazo público.

Polo tanto, esta é unha lei a favor do patrimonio privado e en contra do patrimonio público, é unha lei pensada para os fondos de investimento e non para as persoas residentes, na que non hai, non houbo nin haberá participación e transparencia. E, polo tanto, o noso voto vai ser en contra da lei.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Pierres.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** Grazas, presidente.

A verdade é que no noso grupo non temos máis que manifestar un posicionamento de concordancia en xeral coas emendas que presentaron os grupos de BNG e de En Marea, salvando —iso si— algún tipo de cuestións puntuais nalgunha delas e sobre todo aquelas nas que entran en contradición coas nosas propias emendas. De todos modos, a maior discrepancia —xa o dixemos— mantémola coas emendas do grupo de En Marea, no senso de que consideran os artigos que fan referencia ao canon de edificacións en estado de abandono, e que nós rexeitamos totalmente.

Polo demais, quero volver manifestar, como xa o fixen o outro día na intervención en comisión, a nosa satisfacción porque se tivese en conta, por parte ademais de todos os grupos, a introdución da perspectiva de xénero como un dos principios que deben guiar esta lei (*Aplausos.*). Certo que nos gustaría que fose con moita máis contundencia en certos puntos e con menos reparos tamén, posto que desde o noso grupo consideramos que é unha cuestión que debe estar posicionada no mesmo lugar que outras cuestións e outros principios, como o de accesibilidade, o de habitabilidade ou o de salubridade. As cidades foron historicamente



construídas, planificadas e pensadas por homes e para homes, para un home branco, traballador, heterosexual, en idade reprodutiva e san. Os espazos urbanos, as vivendas, os tránsitos, o transporte público, os equipamentos, están pensados por e para ese estereotipo.

É preciso que agora —que, ademais, existe a oportunidade de revisar as cidades, de rehabilitalas, de rexeneralas, de recuperalas— se faga contando non só co modo de moverse e de habitar das mulleres, senón tamén de todos os colectivos que tradicionalmente teñen dependido delas, como son os nosos menores, os maiores e as persoas dependentes.

Polo tanto, pola miña banda e en nome do meu grupo, agradezo o esforzo de integración do principio, a pesar de que —insisto— puidera estar nun nivel de maior presenza en todo o articulado. En todo caso, este é un pequeno paso pero que era absolutamente necesario.

Necesario tamén era —e así o manifestamos coas nosas emendas— que non se rebaixara nas vendas forzosas a valoración das vivendas. Moitas vivendas abandonadas si foron postas en venda previamente, pero non atoparon comprador, e non sempre se fixo fóra do mercado nin especulando, con prezos imposibles; é que na maior parte das ocasións non existiu a demanda nesas áreas. É tan sinxelo como iso: non existiu demanda. Polo tanto, ¿de que imos facer responsables os propietarios ou propietarias? ¿Do estado xeral de degradación do seu contorno? Isto é responsabilidade absolutamente súa, ou da ausencia no tempo de políticas urbanas, económicas e sociais precisamente nesas áreas. ¿Por que se ten que minusvalorar o que xa ten un prezo ridículo, que vai ser valorado e se demostrou ademais incapaz de ser vendido?

E se ben isto é complicado en áreas como serán as Rexurbe, máis complicado vai ser nas áreas rurais, unha cuestión na que se pasa moi por riba nesta lei e pensamos que con moi pouco percorrido. Os problemas do rural non pasan pola chegada de americanos, como dixo o señor Sánchez, senón que pasan por moitas outras medidas e moitísimo máis transversais.

E xa para rematar, e dadas as discrepancias apuntadas tamén por parte dalgún outro grupo, manifestar que o noso grupo ten aceptado algunha emenda de transacción co grupo de goberno que, non sendo do noso agrado total —e así o manifestamos na comisión—, criamos preciso aceptar polo que supuña de mellora respecto do texto orixinal.

Aínda así, a nosa percepción, pola redacción de moitos dos artigos, é que se está a primar o interese privado sobre o público, considerando que este é o único impulsor da actividade rehabilitatoria. Neste sentido, considerando ademais tamén a importancia de apoiar o impulso do alugueiro social, recoñecemos que talvez esta cuestión deba estar máis ben recollida e reflectida nunha lei máis acorde, como é a Lei de vivenda, na que debería recollerse con máis firmeza a obriga da Administración para cubrir as demandas de vivenda social como un dereito e non como un privilexio. Unha lei, en definitiva que —sen discutir a súa necesidade— cremos que vai amosar as súas debilidades e carencias nun curto prazo de tempo.

Dende o noso grupo só podemos manifestar todas as nosas advertencias —que xa fixemos oral e documentalmente— e confirmar que que preto dun 80 % das emendas non fosen aceptadas só pode alonxarnos dese final feliz do conto, que non nos preocupa pola parte que



nos toca, senón polo que afecta e supón de perigo para a conservación e protección do patrimonio cultural de toda Galicia.

Sexamos conscientes de que cando o patrimonio se agride se perde, non ten marcha atrás, non sabe de teclas para rebobinar. E tendo en conta isto, o noso grupo vai absterse na aprobación dunha lei que debiera ter priorizado este punto sobre o resto dos puntos.

Pola nosa banda, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pierres.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Ben, señor Castiñeira, ás veces os lapsus son moi reveladores. Vostede dixo que este proxecto de lei se aprobou no Consello de Administración da Xunta de Galicia. Non sei, supoño que sería no Consello da Xunta celebrado nalgún consello de administración, debeu de ser iso.

Ben, falaba vostede de que non había tal desprotección. ¡Home!, mire, non é casualidade que vostedes vetaran a comparecencia no período de ponencia da directora xeral de Patrimonio. Porque vostedes —como diría Jose Mari— «*no le aguantarían la mirada*», por iso non quixeron que viñera comparecer. Porque isto é un ataque contra o patrimonio cultural e arquitectónico e incluso é contraditorio coa Lei de patrimonio aprobada hai non tres anos. E a desprotección non é máis que para facer atractiva a inversión a eses inversores aos que vostedes pretenden seducir coa rebaixa da protección do patrimonio.

Despois dicía vostede que non é unha lei de vivenda. Mire, nas leis os gobernos plasman as súas prioridades, ¿verdade?, e nun momento no que hai unha porcentaxe de poboación en graves dificultades para poder pagar a súa vivenda e que incluso son expulsados da súa vivenda por non poder pagar, a primeira prioridade nesta lei tería que ser mobilizar vivenda baleira para esa xente. E vostedes negáronse, ¿verdade?, porque hai unha Lei de vivenda, a 8/2012, que non ten nin unha soa medida que contemple para mobilizar a vivenda baleira e para incrementar o parque público de alugueiro social, que é un elemento fundamental.

En case todos os países democráticos europeos existe ese parque público como elemento fundamental para darlles solución a todas as rendas económicas pero tamén para regular o parque inmobiliario. E vostedes aquí renuncian. Non veña con escusas. Non se chama de rehabilitación. ¡Vostedes fan a lei e poñen o que queren! E o que poñen é que incluso vostedes poden vender forzosamente o 50 % do valor, incluso cumprindo os deberes de conservación, e, en cambio, néganse a que esas expropiacións, a que esas vendas forzosas pasen a engrosar un parque público para que a xente poida vivir con prezos asequibles. En cambio, utilizan a intervención pública para que veñan os inversores privados e fagan negocio despois con eses cascos históricos ou con eses centros das cidades.

Iso é o que se plasma nesta lei, e iso é política, claro que é política, e vostedes teñen a política que demostrou sempre o Partido Popular, cando venderon pisos públicos a fondos vaitre,



cando especularon coa vivenda, que aprobou Aznar a Lei de 1998 para inflar a burbulla inmobiliaria, ou cando fixeron as desgravacións fiscais aos fondos voitre para que compraran pisos en todo o Estado español sen pagar impostos, ¿verdade?, cando todo fillo de veciño ten que pagar os seus impostos e aquí os fondos voitre están comprando vivendas de protección e exentos de pagar impostos. Iso é política. ¡Claro, é a súa política!, a nosa non é esa. E nesta lei claro que cabe iso, porque hai plans de rehabilitación en moitos lugares, como en Euskadi ou en Cataluña, que ligan os procesos de rehabilitación ao alugueiro social, e vostedes non o fixeron. É unha elección moi lexítima, pero é esa elección a que fan vostedes aquí.

Vostede fala de que non hai desprotección. Só me dá tempo a lerlle o artigo 40: ámbitos afectados, normas de aplicación directa, normas de aplicación directa: «Estas determinacións prevalecerán sobre o que establezan os plans xerais de ordenación municipal, o Plan básico autonómico, o planeamento de desenvolvemento e os catálogos aprobados con anterioridade á entrada en vigor desta lei». Prevalecerán, normas de aplicación directa, facilidades máximas; tanto dá que se fixera un plan xeral de ordenación municipal con participación, un plan de desenvolvemento con participación cidadá, que isto pasa por riba de todo iso.

Ou, por exemplo, cando vostede di que non é privatizadora. Mire, artigo 13: «Será posible ocupar as superficies de espazos libres de dominio público que resulten indispensables para a instalación de ascensores ou outros elementos que garantan a accesibilidade universal, así como as superficies comúns de uso privativo, tales como vestíbulos, descansos, sobrecubertas, beirís e soportais, tanto se se sitúan no solo coma no subsolo ou no voo, cando non resulte viable, técnica ou economicamente, ningunha outra solución». ¡Home!, claro, economicamente sempre vai ser mellor ocupar o dominio público que utilizar o dominio privado. E nós o que pedimos aquí é polo menos un informe de Patrimonio, e vostedes denegárono. Etc., etc.

Ben, en canto aos núcleos rurais, vostede dicía que nós puxemos o de alugueiro; claro, non só é para venda, para alugueiro. Pero nós tamén lle puxemos que cada núcleo rural que se declare en estado de abandono tiña que ir acompañado dun plan de dinamización. Porque non estamos falando só de patrimonio construído, estamos falando de xente, estamos falando do rural. E toda rehabilitación arquitectónica ten que ir acompañada de devolverlles a vida a eses núcleos e necesitan medidas sociais e económicas para devolverlles a vida, e vostedes negáronse. Porque a única medida que esta lei contempla para os núcleos rurais de toda Galicia é: creemos un rexistro para que veñan os ricos aquí comprar os núcleos en estado de abandono e fagan iso, o que é vir aquí pasar uns días de vacacións, etc. Pero isto non é revitalizar o rural como nós queremos e como nós propuxemos nas emendas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Non teño máis tempo.

Nós apoiamos —xa remato, vou aclarar— as emendas do Partido Socialista de Galicia e do BNG, a excepción do que ten que ver co canon.

Vostedes, señor Castiñeira, non están nun punto medio, porque aínda non sabían a posición dos grupos cando trouxeron este proxecto de lei; polo tanto, non sabían que estaban no





punto medio. Vostedes o que fan é unha discriminación incomprensible, e nós o que facemos é dicir que se aplique o canon tanto ás áreas de rehabilitación integral como ás áreas Re-rurbe.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Iso é o que dicimos nós. E, polo tanto, en contradición co BNG e co Partido Socialista, nesas absterémonos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario Popular, señor Castiñeira.

**O señor CASTIÑEIRA BROZ:** Señorías, señor presidente.

Falan sobre todo de que os molestou —parece ser— a participación —di—. Unha lei na que, antes de darse a coñecer, antes de facela xa oficial e notificala oficialmente a todos os colexios profesionais e colectivos para que puideran alegar, tiveron participación no proxecto; un anteprojecto que leva dous anos traballándose nel e participando todo aquel que quixo participar, todo aquel colectivo. E alegaron trece, si, fixeron trece, das cales, por certo, se aceptaron moitas das alegacións que incorporaron, despois de ter xa consensuado un traballo e un proxecto.

Señores, é que isto non veu así, non caeu..., fai a Xunta tatá, preséntao e aí vai... Non, que é o normal e é a maneira de traballar do Partido Popular —vostedes non sei como participan—. Agora, vostedes empeñáronse en que, de acordo co regulamento, viñera aquí outra vez todo o mundo. É que xa todos eses colectivos participaron. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, pero é que eses seis alegaron, e o Consello da Cultura Galega non alegou porque non quixo, porque tivo a oportunidade —e hai que dicilo— non só aí senón na páxina web, que estaba colgado a través da internet a maiores no último momento.

E do que dá a sensación é de que vostedes, señorías, presentaron as súas emendas —algúns polo menos— sen asesorarse adecuadamente e sen saber, é dicir, presentámolos a vulto. Hai que dicir que non. Como propón o PP, hai que dicir que non, que non, que non, e parece que as emendas foron así. Porque, unha vez que están presentadas as emendas, calquera informador que veña el dará a súa opinión sobre a lei, pero os lexisladores somos nosoutros. Non pode afectar realmente a modificación do que nosoutros presentamos e das emendas que presentamos alí, non se pode volver emendar o texto, señorías. E, polo tanto, vén loxicamente unha representación do Goberno, que neste caso foi o director xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo, que foi o Goberno o que presentou o proxecto. Porque é un goberno único, señor Bará, a ver se se lle mete na cabeza, un goberno único. Non é unha suma de dous ou tres gobernos, como fan vostedes, que cada un vai polo seu lado. É dicir, é que iso é o primeiro que se ten que meter na cabeza, e é un goberno único onde traballan coordinados os distintos departamentos, onde se xuntan nunha comisión, nunha mesa, arredor dunha



mesa e traballan conxuntamente. E Patrimonio estivo nesa mesa, aínda que a vostedes os fastidie, os molesta, porque queren buscar...

O problema é o seguinte —eu téño moi claro—: é que non saben por onde coller a lei e buscan por outro lado; en lugar de falar da lei, falan diso, ¡que máis dá! Se a súa intervención ou a intervención de parte de vostedes valía igual para esta lei que para calquera outra, é o mesmo, utilizan o mesmo argumentario e xa está. ¡Que máis dá! É o mesmo.

Miren, eu quero agradecer ao Grupo Socialista esa abstención. Gustaríame que fora positiva. É certo que no canon temos unha diferenza importante, pero ben, se só a diferenza fundamental é no canon, eu creo que é positivo. E, ademais, comparto por exemplo a modificación do artigo 15.4, que —sábeo vostede, señora Pierres— coincido con vostede en que é unha redacción moito máis clara e moito mellor. E, polo tanto, coincidimos e agradecemos esas aportacións. Agradecémolas porque queda máis clara e todo canto máis se aclare na lei sempre é positivo. E agradecemos, aínda que non poida ser o voto a favor, a abstención, no valor que iso ten.

Eu quixera seguir falando un pouco da importancia desta lei, porque creo que os cidadáns, se algún nos escoita, deben de saber que esta lei é unha ferramenta importantísima para a rehabilitación e a recuperación do patrimonio. Créanse unha serie de instrumentos, uns fortalécense —como son as ARI e as oficinas de rehabilitación dos concellos— e outros créanse e dáselles un impulso importante, como son as áreas Rexurbe.

As áreas Rexurbe o que se pretende é que sexan como un pulo, por así dicilo, de que iso sexa o xermolo para poder rehabilitar sobre todo os cascos históricos nas zonas BIC. Os centros Rexurbe, que, como dixen antes, se financian ata o 60 % con fondos da Xunta de Galicia. Dentro deses pode haber as actuacións ZER da propia Xunta, que son para aquelas de emerxencia e urxencia de actuación; tamén con actuacións directas por parte da Xunta de Galicia, onde financia desde a adquisición e a compra deses inmobles e, por suposto, onde esas medidas financeiras van ser un tema importante para poñer en marcha eses cascos históricos.

O plan de dinamización das propias áreas Rexurbe é un plan estratéxico de como hai que recuperar non só arquitectonicamente os edificios, senón como hai que recuperar económica e socialmente eses núcleos e eses barrios, e, por suposto, para iso créase por exemplo o Fondo de cooperación sen xuros e créase o Fondo Rexurbe e hai unha importante participación ou axudas importantes para que nos edificios, nas edificacións desas áreas Rexurbe se poidan destinar por exemplo a aloxamentos protexidos para residencias da terceira idade, para programas de envellecemento activo...,

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor CASTIÑEIRA BROZ:** ...apartamentos para maiores —si, vou rematando, señor presidente—, para estudantes, fomentar a implantación de actividades comerciais, medidas para retorno e realoxo, medidas para locais con fins sociais e medidas e axudas para a redacción de plans especiais, axudas para as redes de servizos, axudas para a adquisición, axudas para o alugueiro, etc., etc.



É unha lei que vén cunha memoria económico-financeira, que vexo que a todos lles gustou, porque ninguén a criticou, e iso é un ben escaso que eu diría que pasa polos distintos parlamentos. E eu, que estiven xa cando estaba o Bipartito, non vin unha soa lei —e participei nalgunha— que tivera unha memoria económica para poder desarrollala. Esta trae unha memoria económica para poder levar a cabo eses programas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor CASTIÑEIRA BROZ:** E, de feito —si, remato, señor presidente—, algún da oposición dicía que se metían moitos fondos para axudar o privado, para axudar os fondos voitre. Non, invístense moitos fondos para recuperar os cascos para a utilización de todos os cidadáns e de todos os veciños.

Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Castiñeira.

Ten a palabra a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

*(A señora conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda pronuncia palabras que non se perciben.)*

¿Desde o escano? Ben, desde onde queira, desde onde se sinta máis cómoda.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):** Señor presidente, señorías, antes de nada, quero agradecer a oportunidade que se me ofrece para intervir ao remate deste importantísimo debate. Para os galegos e as galegas hoxe é un día clave onde se debateu nesta Cámara e se vai proceder á votación do que é o texto da primeira Lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbana coa que vai contar a nosa Comunidade Autónoma.

E precisamente por iso, pola importancia que ten este texto, quero comezar a miña intervención agradecendo o labor de todos os grupos durante toda a tramitación parlamentaria, o labor do persoal da Consellería e o labor dos restantes departamentos da Xunta de Galicia, onde tamén participou moi activamente —como non podía ser doutro xeito— Patrimonio Cultural.

Son coñecedora do bo clima e predisposición que se respirou en todo momento entre os membros da ponencia segunda, e iso é de agradecer. Sempre estivo presente a necesidade e a busca de consenso entre os grupos para poder acadar un texto o máis completo posible. As súas achegas enriqueceron sen dúbida o texto e recollen posturas e visións diferentes sobre a rehabilitación e a rexeneración urbana. E vostedes xa son parte da tramitación dunha lei que ten como obxectivo impulsar a rehabilitación na nosa comunidade e recuperar e rehabilitar o xa construído.

Como xa saben, en total, durante o período parlamentario, presentáronse trescentas dezaioito emendas dos grupos ao texto proposto polo Goberno, das que finalmente se aceptaron máis



de setenta e cinco, entre emendas e transaccións entre os grupos, ao que hai que sumar que antes do trámite parlamentario xa tiñamos incorporado ao texto o 42 % das alegacións que nos fixeron chegar durante os procedementos de consulta previa e audiencia. Presentáronse cento trinta e tres alegacións, das que se admitiron cincuenta e seis, delas trinta e oito de xeito total e dezaseis de maneira parcial.

Señorías, estamos ante unha lei que impulsa a colaboración e coordinación entre as administracións, así como a simplificación nos procedementos, reforzando en todo momento as garantías na protección do patrimonio, xa que é un texto que non desprotexe, senón todo o contrario, pero ao mesmo tempo permite axilizar as actuacións que non afectan elementos especialmente protexidos. Ademais, fomenta a participación dos particulares nos procesos de rehabilitación e rexeneración urbana, incluíndo os programas de financiamento destas actuacións. Facilita as intervencións públicas, garantindo a súa tutela permanente nas actuacións a rehabilitar, e inclúe mecanismos de axuda para que os propietarios e propietarias cumpran cos seus deberes de rehabilitación, e tamén inclúe penalizacións para aqueles que, a pesar das distintas axudas, sigan a incumprir.

E, por último, esta lei é unha ferramenta para que os concellos axilicen e dean un impulso definitivo ás actuacións de rehabilitación, xa sexa a través da modificación simplificada do planeamento ou a través das licenzas directas.

A Lei de rehabilitación é unha nova ferramenta á disposición dos concellos e, polo tanto, á disposición de todos os galegos e galegas, e por iso aquí quero invitar a todos os concellos a tomar a iniciativa para poñer en práctica a rehabilitación, e non só a eles, senón a todas as administracións e aos particulares, xa que será un instrumento que estará á disposición de todos, e debemos poñelo en práctica para impulsar a rexeneración, a recuperación do que xa está construído, daquilo do que nos deixaron, dun legado máis que importante para nós, e fomentar en Galicia, entre os galegos e as galegas, a cultura da rehabilitación, facendo noso o lema que di: non hai maior desprotección que o abandono.

Sen dúbida ningunha, o texto que hoxe se vén de debater supón un paso máis nas políticas da Xunta de Galicia na posta en valor do noso territorio, un eido no cal levamos traballando máis de dez anos, e un texto que dará lugar a unha lei positiva e beneficiosa para Galicia, unha lei para todos os galegos e as galegas.

Moitísimas grazas pola vosa participación. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora conselleira.

*(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Si, poden ter un turno se o consideran, aínda que eu creo que ela basicamente agradeceu, pero non vou ser eu quen non dea a palabra por ese turno; teñen dereito se o consideran.

Os que queiran falar poden falar eu diría que desde o escano.

Déanlle voz ao escano do señor Sánchez.



**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Señora conselleira, grazas por estar atenta ao debate, grazas por esta intervención laudatoria da lei que supostamente supoño que se vai aprobar hoxe, pero lonxe de nós calar e consentir con esta visión que vostede nos deu desta lei.

Vostede di que este é un paso máis para a posta en valor que leva feito o seu Goberno durante estes anos, e iso non se corresponde coa realidade, porque realmente o que imos facer con esta lei é posibilitar que para todo o territorio rural, que as súas políticas fixeron que se abandonase e que se envellecese, deste xeito nesta lei a única medida que ten é a venda, a prezo de saldo, do patrimonio de tantos e tantos anos, debido ás políticas de desleixo do seu Goberno durante estes anos.

As políticas de desprotección do patrimonio, señora conselleira, non é axilización. Nós queremos que se axilice porque haxa persoal cualificado en Patrimonio que evacúe os informes en tempo e forma e que non teña que esperar a xente un ano para ter un informe de Patrimonio, que haxa profesionais, que cumpran a lei, que non descoiden o patrimonio e que traballen axilmente para que a xente teña as licenzas en tempo, e non como agora, que non hai persoal e a xente ten que esperar un ano para facer as obras de rehabilitación porque vostedes non funcionan ben como administración.

Non queremos as trampas e os atallos para que veñan investir de fóra e destruír o noso patrimonio. Non queremos que se presten as excepcións de excluír e de poder desnaturalizar os nosos núcleos urbanos porque vostedes non queiran facer unha administración eficiente que combine a protección do patrimonio coa axilidade. Iso é perfectamente posible se hai vontade política, pero para os investidores que vostedes queren atraer necesitan grandes superficies para poder investir, porque se vostedes o que queren é traballar coa xente que xa vive neses núcleos, non son precisas todas esas medidas de unión funcional de edificios ou desnaturalizar os núcleos urbanos, señora conselleira.

Señora conselleira, non podemos facer unha estimación...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** ...positiva... (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio!

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Ben, eu creo que teño dereito polo Regulamento a intervir e vou rematando, pero cando falou a conselleira estivemos calados e escoitando.

**O señor PRESIDENTE:** Si, si. Remate xa, señor Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Señores do Partido Popular e señoras do Partido Popular, creo que isto da democracia aínda non o entenderon despois de tantos anos. (*Murmurios.*) Creo que non lles gusta, preferían que aplaudiramos a conselleira, que calaramos e que lle dixéramos a todo moi ben e que tal. Pois non.

Mire, señora conselleira, esta lei utiliza toda a forza da administración pública na que vostedes gobernan con medidas de expropiación forzosa, de venda forzosa, para desvialo aos



investidores privados, en vez de reforzar o patrimonio público de vivenda. Ese é o resumo desta lei...:

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** ...traballar para os investidores privados e que veñan especular.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Peche, conselleira, deste asunto.

*(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¿Quere falar vostede? Pois vostede ten un turno tamén.

*(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non, non, non, os outros non, non o pediron, non o pida vostede agora. *(Murmurios.)*

Fale vostede.

**O señor CASTIÑEIRA BROZ:** Si, grazas. Grazas, señor presidente.

Eu o que si quero é dicir claramente que o señor Sánchez eu creo que fai a súa interpretación da lei, e podémolo respectar, pero non comparto para nada as súas críticas, e ao mellor o que tiña era que dar esta lección nos concellos onde goberna En Marea, porque posiblemente alí co tema das vivendas baleiras tiñan moito que facer; en lugar de boicotear, ao mellor apoiaban os programas da Xunta de Galicia, por exemplo. Entón, por exemplo, podían facer iso e aí ao mellor facían un labor importante, señor Sánchez.

Non se cambia a axilidade nesta lei pola desprotección, nin moito menos. De feito, hai concellos que ás veces tardan máis en dar eles a licenza, e algúns, apoiados polos grupos de En Marea ou con nomes diferentes, tardan máis en dar unha licenza que a que di vostede dun ano, pero unha licenza ás veces de obra menor. E non ten máis que dar unha volta por Lugo; non sei o que pasa na Coruña ou noutros sitios, pero en Lugo desde logo podemos estar falando de dous anos para unha licenza de obra, aínda que non teña que ir a Patrimonio; imaxine vostede se ten que ir a Patrimonio.

Entón, do que aquí se está a falar é de que se un concello pode dar licenza — artigo 44, señor Sánchez — para cambiar unha bañeira por unha ducha ou pintar un patio de luces enfronte, se pode dar licenza, se ese concello é competente ou non, ou iso ten que ir aos que parece que só son expertos, os técnicos de Patrimonio, porque os técnicos e os concellos parece que son menos, si.



E o artigo 40 son medidas de aplicación directa, pero de aplicación directa non significa que non teñan que ir a Patrimonio informar, señor Sánchez. Creo que hai que ler as cousas; as de licenzas directas é o artigo 44. Polo tanto, non se pretenden grandes agrupacións, como di vostede, nin facilitar as expropiacións, porque para iso hai unha lei estatal, lei que é básica e que xa recolle gran parte de ao que nesta lei se fai referencia e se recolle en canto ás expropiacións e ás vendas forzosas, señor Sánchez. Hai moita lexislación básica.

O mesmo que vostede vendeu —e está ben que figure nesta lei, porque o aclara—, o dereito de tanteo e retracto, pero iso tamén figura na lexislación básica. Vostedes, de feito, propoñían en moitas emendas substituír algún artigo polo texto íntegro da lexislación estatal.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor CASTIÑEIRA BROZ:** Así de sinxelo.

E desde logo si estou de acordo —si, remato, señor presidente— co que dixo a señora conselleira, porque é unha lei que facilita a recuperación do construído e a protección e é unha lei que fomenta a cultura da rehabilitación e potencia a rehabilitación e a recuperación, non só dos cascos históricos, senón de todos os núcleos urbanos, incluíndo os núcleos rurais, porque non hai máis que ver o que fixo o Bipartito: nada. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Castiñeira.

Señora conselleira.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):** Grazas, señor presidente.

Eu creo que está perfectamente debatido. Señor Sánchez, de verdade que sería bo estar gobernando nalgún concello, que é pois a política máis apegada á cidadanía, ver os problemas que hai e ao final dar solución, e o que pretendemos con esta lei é dar solución á problemática da cidadanía.

Ás veces igual no Parlamento nos illamos un pouco, pero sería bo ser concelleiro, ser alcalde dalgún pobo, dalgunha cidade, para ao final facer o replantexamento e ao final recoller aquilo que nos está demandando a cidadanía. E créame que é unha lei que conta con toda a seguridade xurídica, créame que é unha lei onde participaron todos, os distintos departamentos da Xunta, co resultado e co texto que hoxe presentamos, e é un día importante para todos os galegos e galegas e é un día importante tamén para os concellos.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

Continuamos, con este texto lexislativo.



## Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. de En Marea, de renda social galega

**O señor PRESIDENTE:** Para a presentación da proposición de lei, ten a palabra a señora Vázquez Verao.

**A señora VÁZQUEZ VERAO:** O primeiro é lamentar este atraso do pleno polo asunto da valedora, pero sobre todo o que lamentamos é que a valedora aínda non tivera dimitido. Iso é o que máis lamentamos. *(Aplausos.)*

Traemos hoxe a proposta de admisión a trámite dun proxecto, dunha proposición de lei. Esta lei que presentamos non vai de se tal ou cal artigo, se pode mellorar a Lei de inclusión, senón que a Proposición de lei de renda social galega que presenta En Marea ten que ver cunha realidade estrutural, non só galega, unha realidade estrutural a nivel europeo e que temos que abordar dunha vez na época desta poscrise —podémoslle chamar—: é o fracaso dos sistemas de protección social.

A crise de 2008 consolidou no noso país e en todo o sur de Europa un modelo social desigual e asentou a precariedade laboral. Desde 2014 a recuperación, esa recuperación macroeconómica, non chega á maioría social, especialmente á infancia e ás mulleres. Precisamente ese ano 2014, cando volve medrar a fenda salarial de xénero, tamén aumenta a desigualdade social en xeral e hai unha diverxencia maior entre áreas urbanas e rurais. E neste contexto é cando hai un debilitamento dos dispositivos tradicionais de protección social e non están respondendo aos novos perfís da pobreza.

Este tremendo aumento das desigualdades sociais é certo que vén dos anos setenta, pero acentuouse coa recesión desde 2008. Hai un fenómeno global de aumento da riqueza do 1 % máis rico. O noso país non é alleo e, por riba, a Xunta nos últimos orzamentos segue agasallando fiscalmente ese segmento da poboación.

Só por dar algúns datos, entre 2013 e 2016 os datos do IGE confirman que o PIB medrou por riba do que o fixo a renda dos fogares galegos. Outro dato, que sempre collemos, do estudo dos ingresos salariais da Axencia Tributaria, é que no 2016 o ingreso dunha persoa do colectivo dos que máis ingresan equivale a 91 do colectivo de menores ingresos. Ou tamén que no 2018 hai que ter en conta que o único colectivo que medrou foi o dos que perciben menos da metade do SMI.

É por iso que neste contexto, fronte aos agasallos fiscais que fai a Xunta a quen máis ten, nós propoñemos un proxecto de lei que blinda a inclusión social. Porque hai elementos estruturais que nos fan requirir novos instrumentos de protección social, elementos como a precarización e volatilización da clase media, ou o asentamento da pobreza laboral e o feito de que o traballo perdera a súa función de integración social pola gran precariedade laboral do noso país.

Hai unha herdanza da pobreza e da exclusión, e estánolo transmitindo as técnicas de servizos sociais. E hai, por suposto, unha feminización da pobreza con ese aumento da fenda salarial





dende o 2014. Pero é que tamén a Rede Galega contra a Pobreza nos indica que, entre 2016 e 2017, mentres máis de 30.000 homes saíron da pobreza, entraron 29.900 mulleres, algo máis de 29.900 mulleres. De feito, a Risga é hoxe unha prestación de miseria feminizada, algo máis do 61 % das persoas que perciben Risga son mulleres.

Así que nós, tras un diálogo bastante longo con persoas e profesionais dos servizos sociais comunitarios, traballadores e traballadoras sociais, persoas perceptoras de Risga e colectivos sociais —mesmo tivemos dúas xornadas con elas organizadas por En Marea no 2018—, determinamos que a Risga non é unha ferramenta eficaz. É unha ferramenta totalmente ineficaz e non consegue a inclusión social, e por iso precisamos sistemas de protección social inclusivos da renda mínima como o que propoñemos, con rendas de garantía de ingresos, con rendas de complemento de ingresos. Isto é moi importante non só para as persoas que xa están en exclusión, senón tamén para aquelas persoas ou unidades de convivencia que, tendo poucos ingresos, poden caer na exclusión se non se lles dá durante uns meses un complemento de ingresos. Tamén, por suposto, precisamos itinerarios de integración laboral, que foi xusto o contrario do que posibilitou a Risga nestes últimos cinco anos.

E isto non o di En Marea. A propia Comisión Europea e o Consello da Unión Europea inclúen, en recomendacións ao Estado español, a consideración de que determinadas categorías de fogares vulnerables quedan fóra dos sistemas de renda mínima garantida. E as propias institucións da Unión Europea están alertando da tendencia á desigualdade na eurozona, téndose acelerado non só a desigualdade dentro dos Estados, senón —como era previsible, por outra parte— a fenda entre os Estados do norte e os Estados do sur.

E é que o propio documento que ten sobre a mesa a Comisión e o Consello de Ministros da UE, do Consello de Ministros e Ministras da Unión Europea, sinala, fíxense, que é necesario —téñeno nun documento para traballar nos vindeiros anos— gravar máis a riqueza nas heranzas e nos beneficios corporativos, tamén xusto o contrario do que fai a Xunta.

Pois ben, neste contexto de que a crise non é unha crise senón unha estafa para aumentar os recursos de quen máis ten, a situación é tan desesperada respecto da consolidación dunha bolsa de pobreza na Unión Europea que as propias institucións que contribuíron a esa estafa están alertando de que os sistemas de renda mínima non funcionan, e que os Estados os teñen que mellorar. ¿É paradoxal? Si, é coma se os pirómanos se queixan de que arda o monte, é certo. Pero a situación é de tal precariedade que a preocupación das propias elites da Unión Europea polo ascenso de movementos xenófobos é tal que están recomendando aos Estados mellorar os sistemas de rendas mínimas.

Así pois, nós non tivemos máis que facer que coller resolucións do Parlamento Europeo, a Carta Social Europea e recomendacións da Comisión e do Consello da UE. Non son organismos que sexan revolucionarios nin subversivos como En Marea. Simplemente collendo todas esas disposicións, á parte da lexislación internacional, fixemos un proxecto de lei que se enmarca neses elementos. Non fixemos un proxecto de lei que cambie substancialmente tampouco a sociedade, pero si que mellore a situación das persoas máis vulnerables. De feito, dos sistemas de rendas mínimas no Estado, dos que hai, só o País Vasco neste momento cumpre cos preceptos da Carta Social Europea, cunha contía estipulada que permite saír do limiar da pobreza.



Poderíamos citar máis estudos, pero imos centrarnos xa no noso país, no que nos atopamos cunha Risga que só chega ao 6,8 % das persoas que están baixo o limiar da pobreza. Por iso nós, dende a convicción e a evidencia de que a Xunta ten as competencias plenas en asistencia social, enmarcado na Carta Social Europea, nos dereitos humanos, no propio piar europeo dos dereitos sociais, propoñemos este proxecto de lei; porque temos competencias plenas e temos a obriga moral de revertir a tendencia que está excluindo a unha parte da poboación, de facer que o investimento social se achegue á media da Unión Europea por este contexto que dicimos de grave crise estrutural no nivel máis baixo da sociedade.

Quédanme oito minutos e medio, e quería dedicar polo menos uns cantos a falar da miseria da Risga antes de explicar o proxecto que propoñemos. ¿Por que? Porque é unha renda mínima —xa o dixemos— con moi baixa cobertura, tanto a nivel de contía como a nivel de inclusión das persoas en risco de exclusión social. Nós asumimos a campaña das organizacións sociais que están pedindo que fagamos da Risga un verdadeiro dereito. Elas piden, elas din: Vivimos na contía miserenta de prestacións e axudas sociais, nun ineficiente entramado burocrático e nun asistencialismo anacrónico.

Queremos cambiar isto cun proxecto de lei de nova xeración que se inspira en modelos como o da renda valenciana, o da renda catalá ou o da renda de Estremadura —que se aprobou recentemente despois de que nós xa tiñamos traballado este proxecto de lei—. E é que, segundo a propia memoria da Consellería de Política Social, había 10.307 persoas beneficiarias de Risga en 2017 —o que representa o 0,38 % da poboación galega— fronte a 64.023 persoas con privación material severa —isto é o 2,4 % da poboación—, ou aínda fronte ao 7,2 % da poboación galega en pobreza severa. Os números da protección social non cadran. (*A señora Vázquez Verao, desde a tribuna, amosa un gráfico.*) O gráfico non sei se se ve moi ben, pero a parte de abaixo son as persoas que perciben Risga e a parte central son as persoas en privación material severa, persoas que, por exemplo, non poden ter unha temperatura axeitada no seu fogar ou non poden permitirse máis que unha comida de proteínas cada dous días —son persoas, porque falamos de persoas, non de números—. A parte de arriba son as persoas que están en risco de pobreza e exclusión, segundo a taxa Arope. Os números da exclusión social no noso país non dan, nin os números da protección social.

E tampouco queríamos deixar de dicir que a Risga foi unha tortura burocrática para todas as persoas que a tiveron que solicitar, e que nos trasladan traballadores e traballadoras sociais que lles teñen que pedir perdón ás persoas solicitantes de Risga por todos os requirimentos que lles presenta o proceso, percibido por elas mesmas como violencia administrativa. Houbo atrasos na tramitación, houbo falta de harmonización de criterios para conceder a Risga segundo a provincia, non había participación de persoal técnico en servizos sociais en todo o proceso, os requisitos eran moi duros no relativo a persoas que vivían en infravivendas, ou para as persoas que compartían vivenda —e diso falaremos máis adiante—, unha falta de coordinación entre Sanidade, Emprego, Política Social e os servizos sociais comunitarios e, sobre todo, un bloqueo intencionado da Xunta dos mecanismos que a propia lei prevía para a inclusión laboral. Isto fixo que a Risga fose unha prestación que penalizaba o emprego.

A Xunta tardou en desenvolver o decreto regulador da Risga máis de cinco anos, cinco anos practicamente, pese a que a Lei de inclusión social, que remitía en múltiples ocasións a ese



desenvolvemento regulamentario, dispoñía que en seis meses, tras a aprobación da mesma, debía haber un decreto regulador. Este debía estar feito en xullo do ano 2014. ¿Saben cando se publicou? O 1 de marzo do 2019. ¿Que provocou isto? Pois que o obxectivo teórico daquela lei que se fixo no 2013, que era a inserción laboral —era o principal obxectivo, lean o preámbulo—, pois precisamente fora todo o contrario. Porque foron cinco anos sen que as persoas perceptoras de Risga puideran acceder a cobrar unha pequena prestación para impulsalas de cara ao acceso ao emprego. E, deste xeito, a algunhas persoas que atopaban pequenos empregos temporais ou se lles descontaba a Risga ou perdían a Risga. E mesmo preferían non ter un emprego para non ter que volver a esa roda burocrática de volver solicitar a Risga.

Así, neste sentido, e antes de pasar a desgranar a nosa lei, tamén pedimos unha maior coordinación entre os servizos sociais comunitarios e os servizos públicos de emprego. Porque aínda a 14 de febreiro de 2019 o director xeral de Promoción Laboral respondeu a En Marea que aínda non había protocolo de coordinación entre Política Social e Emprego para activar estes tramos de inserción e transición laboral. Así é que estarán activos, pero nin se aumenta o orzamento da Risga nin se mellora a coordinación.

E, finalmente —si, agora si, finalmente—, antes de desgranar a nosa lei queríamos lembrar a vergoña de que a Xunta fora condenada nunha sentenza por obrigar a mudarse a unha persoa perceptora de Risga dun domicilio onde convivía con outra persoa. A sentenza di: «Sería inverosímil que dúas persoas que perciben senllas prestacións para eludir a súa exclusión social tivesen que excluírse mutuamente para non incorrer en exaxerada exclusión».

Pois tiveron que facelo, porque a Xunta perseguiu as persoas perceptoras de Risga que compartían vivenda porque non podían pagar un alugueiro cada unha delas por separado. E volveu ser condenada e obrigaron a Xunta a indemnizar a esta persoa.

Pois a Xunta nin sequera modificou a lei neste punto. No decreto flexibiliza un pouco os criterios, pero non modificou a lei. Por iso nós propoñemos un proxecto de lei que blinde isto, que garanta que as persoas poidan compartir vivenda sendo perceptoras de Risga. Aínda que sabemos que o que cómpre facer aquí é unha política estrutural de vivenda pública, de alugueiro social e de atención ás persoas sen fogar.

Así pois, imos xa ao noso proxecto de lei. Déixolles tamén aos grupos, se queren, un cadro comparativo coa actual Risga aquí na tribuna. Pero imos intentar facelo moi resumidamente, quedannos tres minutos.

O que propoñemos é un modelo de renda mínima garantida eficaz, na liña do defendido polo Comité Económico e Social Europeo, no sentido de que —cito literalmente— «proporcione unha rede de seguridade, unha última salvagarda contra a pobreza», ou pola resolución do propio Parlamento Europeo de outubro de 2017. Sería unha prestación garantida de dereito subxectivo vinculada á carencia de rendas. Non é preciso en determinados casos facer un proxecto de inclusión social. ¿Por que? Porque hai familias, unidades de convivencia ou persoas que están empobrecidas que non precisan un proxecto de inclusión social pero, para evitar caer na exclusión social, precisan un complemento de ingresos. Ademais, esta sería compatible con outras prestacións ou rendas do traballo.



Por outra parte, na nosa lei blíndase o dereito á inclusión social, elévanse as contías e referéncianse ao SMI. Fronte ao estancamento do Iprem, referéncianse ao salario mínimo, que se actualiza anualmente. Así pois, a renda garantida para unha persoa sería o 70 % do SMI —serían 630 euros en 2019—. E a renda complementaria consistiría en complementar aquelas persoas ou unidades familiares que non chegan ao que se considera o limiar da pobreza, o 60 % da media familiar dispoñible. E —repito— isto non o di En Marea, dío a Carta Social Europea, dino as institucións europeas. Sería compatible —xa o dixemos— con outros ingresos e prestacións.

Amplíanse as persoas beneficiarias, porque podería solicitarse a partir dos 18 anos fronte aos 25 da actual. Hai unha das prestacións que só está condicionada ao ingreso, a que non se chegue a un determinado nivel de ingresos e que se precise un complemento aos mesmos. Cubriría tamén as persoas en residencia ilegal, as persoas en situación de irregularidade administrativa, que neste momento non poden acceder á Risga pese a ser esta unha prestación social básica. E lembremos que a Lei de estranxeiría dispón e recoñece o dereito das persoas en situación de irregularidade administrativa ás prestacións sociais básicas. Pois non poden acceder á Risga, e excluír este colectivo migrante desta prestación faino aínda máis vulnerable, especialmente as mulleres.

Amplíanse os criterios de valoración da exclusión social incluíndo a situación de emprego precario e a enfermidade mental. Hoxe a situación de emprego precario é tamén unha situación de risco de exclusión social —xa o dixemos, os mecanismos tradicionais de protección social non están funcionando—, e, sobre todo, dáselles un gran protagonismo aos profesionais de traballo e educación social e á coordinación interadministrativa. Porque deben ser vinculantes os informes sociais que fan os traballadores e traballadoras sociais. Porque non estamos a falar de números, estamos a falar de persoas, e non se poden ter só en conta criterios técnicos —por exemplo, cando unha persoa reside nunha infravivenda— senón a situación social global, que só poden valorar os e as profesionais en traballo social e en educación social. Por outro lado —xa o dixemos—, blíndase o dereito á inclusión.

E todo isto, evidentemente, ten que ter recursos. Este proxecto de lei ten unha disposición final na que propoñemos que se despregue progresivamente ata acadar un horizonte mínimo digno. O ideal sería o 2 % do PIB, o que están recomendando as institucións europeas...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora VÁZQUEZ VERAO:** ...—si—, o movemento europeo por unha renda digna. O 2 % do PIB serían 1.200 millóns de euros no noso país. Pero nós o que propoñemos sería un horizonte digno, que é cuadruplicar...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Vázquez.

**A señora VÁZQUEZ VERAO:** ...o orzamento da Risga ata acadar a media europea. Só con iso chegaríamos...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.



**A señora VÁZQUEZ VERAO:** ...das menos de 11.000 persoas actuais a case 30.000 persoas. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Prado Cores.

**A señora PRADO CORES:** Moi bo día.

Efectivamente, hoxe os deputados e deputadas do Bloque Nacionalista Galego levamos esta camiseta para denunciar a situación abafante á que o Partido Popular ten sometidos os medios públicos, pola manipulación sistemática dos medios públicos ao servizo do Partido Popular. E hoxe vimos aquí, neste Parlamento, como o Partido Popular usa as institucións —e este Parlamento, en concreto— para seguir amordazando. Vimos con toda perplexidade como non se quere condenar a actuación da valedora do Pobo, que está demostrado que era a valedora do Partido Popular. (Aplausos.) E esta actitude do Partido Popular está causando un dano irreparable á democracia e á percepción que teñen os galegos e galegas das súas institucións.

Presenta hoxe aquí En Marea esta proposición de lei, e eu, antes de posicionarme ao respecto, quero facer unha serie de reflexións. A primeira é que é unha evidencia que, desde o inicio desta última crise, as condicións de existencia material da maioría da poboación non rica pois non fixeron máis que empeorar. Hai multitude de datos que así o corroboran: salarios miserentos, xornada laboral, precariedade no emprego, condicións laborais e xerais polas que traballadores que teñen contrato teñen salarios por debaixo do umbral da pobreza, e incremento da porcentaxe de persoas pobres. E as estatísticas, os datos, están á disposición de quen queira velos, de quen non queira agochalos nunha gabeta.

Podemos empezar polo Informe Arope. A respecto de Galiza, efectivamente, o último informe determina que hai un total de 612.000 persoas, que supoñen o 22,6 % da poboación galega, en risco de pobreza e exclusión; que a recuperación económica non está chegando de forma decidida ás persoas máis vulnerables; que esa recuperación económica prexudica especialmente as mulleres; que as persoas con privación material severa van en aumento —o 7,1 % da poboación galega vive en situación de pobreza severa, con ingresos inferiores a 355 euros ao mes—; e que é moi preocupante a taxa Arope nos fogares monoparentais.

Podemos tamén facer referencia ao que di o CES no seu último informe, que di que a desigualdade e a pobreza persisten en Galiza pese á recuperación económica. E advirte de que non se produciu a mellora esperable para os galegos máis empobrecidos pola crise e alerta de que a desigualdade, o emprego precario e os salarios baixos persisten en Galiza. Mentres o PIB da comunidade supera xa o PIB de antes da crise, as condicións dunha parte moi importante da poboación non melloran. E recomenda un modelo de crecemento máis inclusivo, con menos desigualdades e cunha distribución da riqueza máis equitativa.

E logo, despois de coñecer estes datos da pobreza, deberíamos facernos tamén a pregunta de como lles foi aos ricos nestes dez anos desde o inicio da crise. E moitas veces non é fácil



responder a esta pregunta, porque si que temos moitos informes a respecto de cal é a situación da pobreza pero temos moitos menos a respecto de cal é a situación da riqueza; quizais por ese intento de facernos crer que esta situación de pobreza é inevitable, que é algo que atinxe a moita xente e que, polo tanto, non é posible cambiar ese marco e non é posible des-  
tinar recursos suficientes para cambiar o marco. Mais podemos ir aos datos.

En Galiza, entre o ano 2015 e 2016 —só nun ano—, o número de millónarios medrou un 8 %, máis de 50 persoas ingresaron nese tándem das persoas que contan con máis de 1 millón de euros de renda —en só un ano—. E eses case 8.000 galegos e galegas que declaran ter máis de 1 millón de euros teñen un patrimonio conxunto de case 40.000 millóns de euros, aproximadamente o 66 % do PIB galego. Polo tanto, non estamos falando de falta de recursos, estamos falando de mala redistribución dos recursos, ese é o quid da cuestión e a onde nunca se queren levar os debates. Podemos ir a nivel mundial e, por exemplo, Oxfam determina que a riqueza dos mil millónarios se incrementou en 900.000 millóns de dólares o ano pasado, que 26 persoas posúen a mesma riqueza que 3.800 millóns de persoas pobres no mundo. É dicir, o 1 % máis rico da poboación mundial posúe máis riqueza ca o resto do planeta. Esa é a situación.

Igual podemos ir ao Estado español, onde no ano 2017 os ricos gañaron máis que en calquera outro ano da historia da humanidade. Podemos falar do informe da Axencia Tributaria, que fai unha análise que vai desde o ano 2007 ao ano 2016, que pode resumirse en que no 2016 declararon 579 persoas que tiñan máis de 30 millóns de euros de patrimonio, o 150 % máis que no ano 2007.

Podíamos seguir desgranando datos de realmente cal é a situación de acumulación da riqueza nunhas poucas mans mentres a maioría da poboación está cada vez con menos recursos, cada vez máis empobrecida por un tremendo desequilibrio na repartición da riqueza. E mentres, por exemplo, no Estado español se daba esta situación de aumento da riqueza nunhas poucas mans, ¿que é o que se fixo a nivel lexislativo? Pois reducir o salario dos funcionarios e medidas fiscais favorables a unha minoría, ou reformas laborais destinadas a detraer máis recursos da poboación traballadora, fronte aos máis pobres.

E temos que facer unha comparativa. Estes datos que acabo de dar desas 579 persoas que acumulan ese patrimonio inxente son máis insultantes se o comparamos con que o gasto das pensións nese mesmo ano foi de 139.647 millóns, ou o das prestacións por desemprego, 17.400 millóns; é dicir, a comparativa entre o que teñen menos de 600 persoas e o que significan as pensións de todo o Estado español, ou o que se paga por prestacións por desemprego, que é realmente moi inferior.

E, claro, neste contexto habería que preguntarse que medidas se toman por parte dos gobernos. Dende logo, medidas fiscais favorables a esa poboación máis rica e moi desfavorables, subsidios miserables, para os pobres. Subsidios que son dunha índole moi diversa. Podemos falar de complementos de pensións, de mínimas non contributivas, de rendas activas de inserción, de subsidios de desemprego ou de pensións asistenciais, cunhas contías, dende logo, moi exiguas que non resollen absolutamente a situación das persoas que teñen que recorrer a elas.



Dende logo, no BNG defendemos a necesidade dun cambio de modelo, a necesidade dunha renda para que as persoas poidan levar unha vida digna, implementar un ingreso vital mínimo con programas de inserción laboral para todas as persoas que non cobren ningún tipo de prestación económica, unha política, en suma, que teña vontade de non seguir favorecendo a maioría máis rica.

As prioridades políticas e económicas non poden estar centrándose en dar os datos do PIB, que é un dato tremendamente perturbador de cal é a realidade. Porque no que tiñamos que fixarnos é se ese crecemento económico e a saída da crise debe medirse polo incremento da renda per cápita da maioría da poboación, non pola media, que sabemos que é un dato tor-ticeiro.

Dende logo, defendemos que as desigualdades non son inevitables, senón que é unha elección política e non é —insisto— un problema de recursos, senón de redistribución. Por iso imos votar a favor da toma en consideración desta proposición de lei que presenta En Marea. Mais, de aprobarse, logo presentaremos emendas para modificar algúns aspectos que consideramos que son mellorables, como o problema do exceso de burocracia. Efectivamente, esa violencia administrativa fai que sexa unha auténtica oposición para moitas persoas poder acceder ás mesmas, que necesitan unha auténtica xestoría ao seu servizo para levar todos os papeis que se lles exixen para poder acceder a estas rendas —insisto— en moitos casos tremendamente exiguas. E cremos que hai un deseño premeditado para que sexa unha auténtica carreira de obstáculos, moitas veces incluso humillante, para as persoas que teñen que solicitar as axudas. Tamén cremos que deixa demasiados aspectos para desenvolvementos regulamentarios posteriores.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora PRADO CORES:** E tamén unha cuestión que nos preocupa é a cuestión económica. Galiza ten, efectivamente, as competencias, mais os recursos tenos o Estado. Dende logo, cremos...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** ...que hai que ir a un cambio de modelo onde Galiza tamén recade os impostos...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas...

**A señora PRADO CORES:** ...para poder decidir desde aquí cales son as nosas prioridades.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Prado.

Dámoslles a benvinda aos alumnos de 2º da ESO do CPI de Cova Terreña, de Baiona. Moi bos días e grazas por acompañarnos nesta sesión.



Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a señora Blanco Rodríguez.

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Dou tamén, en nome do Grupo Socialista, a benvida ao alumnado e ao profesorado que nos acompañan hoxe.

Xa adiantamos que imos apoiar a toma en consideración desta proposición de lei, porque, fronte ás políticas de loita contra a pobreza do señor Feijóo, que están caracterizadas por ser asistencialistas, por non poñer a focaxe nas causas desa tremenda pobreza, sen encaixe sociosanitario e que non son nin sequera respectuosas cos proxectos vitais das persoas, dos cidadáns e das cidadás deste país, nós, os socialistas, apostamos por que as políticas de loita contra a pobreza teñen que xirar e estar baseadas en tres eixes fundamentais: a xustiza social, os dereitos da cidadanía e, sobre todo, a dignidade humana. *(Aplausos.)*

Estes tres motores son os que están levando a legislar naquelas comunidades autónomas nas que gobernamos. Antes púñanse aquí os exemplos de Extremadura e tamén de Valencia, a través desa renda valenciana de inclusión. Como tamén son o motor das políticas do goberno do señor Pedro Sánchez, o motor durante estes dez meses de goberno. Porque, señorías, fíxose máis na loita contra a pobreza neste país no goberno de Pedro Sánchez en dez meses do que fixo o goberno do señor Feijóo en dez anos. *(Aplausos.)*

Unha das primeiras medidas que tomaron foi a creación do alto comisionado na loita contra a pobreza infantil, que vén combater transversalmente unha das expresións máis inxustas e máis duras da desigualdade e da precariedade laboral. En plena época estival incluso nos preocupamos pola garantía alimentaria deses nenos e nenas que estaban en situación de risco de exclusión social e que tiñan os comedores escolares pechados. Si, falamos de 1.300 nenos e nenas nesta comunidade autónoma que se viron beneficiados por esa medida. Multiplicamos por dous a prestación de fillo a cargo. Dende o 1 de abril perciben as familias, os galegos e as galegas tamén, 588 euros por fillo a cargo, unha prestación que levaba paralizada e sen subirse dende o ano 2002.

Pero, sobre todo, actuamos sobre as causas para previr a pobreza laboral, para aumentar o nivel de vida das persoas peor retribuídas, como as mulleres galegas —2 de cada 5, a pesar de ter un emprego, están en risco de exclusión social—; e na nosa mocidade, a pesar de ter un contrato de traballo, un 20 % está tamén en risco de pobreza. E fixémoslo aprobando a maior suba do salario mínimo interprofesional dende o ano 1977, unha medida que afecta, que está afectando xa, a máis de 70.000 persoas na nosa comunidade autónoma. *(Aplausos.)*

Mentres tanto, o Partido Popular o que fai é posicionarse en contra desa suba do salario mínimo, negarlles a esas persoas —que non é que non cheguen a final de mes senón que en moitas ocasións non dan nin comezado o mes— unha suba do salario que é moi necesaria. Mesmo ficharon un gurú económico que está en contra de que exista o salario mínimo no





noso país, que defende a eliminación do mesmo, a desprotección das familias dos galegos e das galegas. Son os mesmos, señorías, que votaron en contra dos orzamentos máis sociais da historia deste país. (*Aplausos.*) Votaron «non» á recuperación do subsidio para maiores de 52 anos, algo que afecta a máis de 5.000 galegos e galegas; á suba de case o 60 % nas aportacións da dependencia —con máis de 60.000 persoas dependentes do noso país—; a unha rebaixa das taxas universitarias e un incremento das bolsas a máis e 50.000 estudantes nesta comunidade autónoma; á eliminación do copago farmacéutico a máis de 500.000 pensionistas; incluso a unha medida social que era a primeira vez que se tomaba, a de darlles ás comunidades autónomas recursos económicos para acoller menores estranxeiros non acompañados, a pesar de que en Galicia recibimos pouco máis do 1 %. Viñan para aquí 500.000 euros tamén para eses menores, 137 millóns para alugueiro social e un plan de choque contra o desemprego xuvenil. Todo iso foi tombado cos votos en contra do Partido Popular.

E o Partido Popular de Galicia, cada vez que o señor Casado brama en contra da melloras sociais... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Brama, brama! Algunha deputada do Partido Popular ao que pasou onte igual non lle chama «bramar». Igual non lle chama bramar a que un partido insulte a memoria, señora deputada, de moitos compañeiros e compañeiras meus. Porque, mire, voullo dicir así, señora deputada: son de todos, son de todos os demócratas. Porque os socialistas respectamos —fixémolo sempre escrupulosamente— a todos os demócratas, foran do partido político que foran, e do seu partido tamén. Do Partido Popular o único que pedimos é respecto a todos os compañeiros e compañeiras que tivemos que enterrar durante uns anos e unhas décadas das máis escuras da historia do noso país. Pídlle respecto, respecto a eles e a elas, e ás súas familias, señora deputada. (*Aplausos.*)

Mentres tanto, vostedes mantiñan en servizos mínimos tamén a loita contra a pobreza aquí. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) Eu sei que saíu o CIS, pero, por favor, déixenme rematar. Sei que están nerviosos, pero déixenme rematar, por favor.

Durante estes duros anos de crise económica, despois da consolidación de desigualdades, a Risga non foi capaz de dar resposta aos novos perfís de pobreza laboral, de persoas que non ingresaban o mínimo para vivir con dignidade pero que non podían tampouco acceder a estas axudas. As causas: a mala xestión, o desleixo, a incompetencia dun goberno que necesitou tres conselleiros e cinco anos para sacar un decreto de desenvolvemento dunha lei que se adaptara ás necesidades das persoas nese momento.

Ata o de agora ninguén —non sei se a deputada do Partido Popular, que hoxe está moi faladora— foi capaz de explicarnos aquí na tribuna por que tardou este decreto de desenvolvemento case cinco anos. Non era que non foran capaces de responder, é que ninguén asumiu responsabilidades políticas polos problemas que xurdiron durante todos estes anos, por converter a tramitación da Risga nun auténtico sudoku burocrático, por erros de coordinación entre administracións, por unha falla de homoxeneidade entre as resolucións en áreas territoriais; todo iso tapado con instrucións e con interpretacións restritivas e opacas pero, señorías, que tiñan sempre a mesma consecuencia: a resultante sempre foi a desprotección total e absoluta daquelas persoas que máis o necesitaban. (*Aplausos.*) Finalmente, publican un decreto que nin sequera vai mellorar a Risga.



Teño moi pouco tempo xa. Sería toda unha sorpresa que hoxe o Partido Popular permitira a tramitación desta proposición de lei. É unha cuestión ideolóxica. Ideoloxía é escoller entre caridade e solidariedade, entre políticas asistenciais e políticas de inclusión social. Ideoloxía é diferenciar entre os xoves negros dos consellos da Xunta destes dez anos fronte aos venres sociais destes dez meses do Consello de Ministras.

Señorías, a partir do 28 de abril nós seguiremos traballando dende o Goberno de España e poñendo en marcha moitas medidas para seguir loitando contra a pobreza no noso país. Entre elas, implementaremos un ingreso mínimo vital que vai dar recursos económicos a máis de 70.000 galegos e galegas dirixido a fogares sen ingresos en situación de necesidade, sexa cal fora a causa —unha prestación non contributiva da Seguridade Social—. Pero, en todo caso, as nosas políticas, as que se van seguir facendo dende os concellos socialistas tamén a partir do mes de maio, as que facemos nas comunidades autónomas e, por suposto, tamén as do Goberno de España, van seguir marcadas por tres cuestións, por tres eixos, por tres motores que nós consideramos que son fundamentais: a xustiza social, os dereitos da cidadanía e, sobre todo e fundamentalmente, a dignidade humana.

E nada máis e moita grazas, presidente. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Blanco.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Rodríguez Arias.

**A señora RODRÍGUEZ ARIAS:** Grazas, señor presidente.

Señora Blanco, se Pedro Sánchez respectase os socialistas asasinados por ETA, entón non negociaría co señor Otegi. *(Murmurios.) (Aplausos.)* Iso é o que consideramos nós, o que consideramos dende o noso grupo. Porque vén vostede aquí a dicir algunhas cousas que ás veces habería que revisar. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Pouco faláron vosdotes da iniciativa que presenta hoxe o Grupo Parlamentario de En Marea. Parece ser que viñan aquí máis a facer un mitin de campaña das eleccións xerais que a falar da renda social. Parece ser que, como o seu líder non vai aos debates públicos, o resto dos candidatos, ou vosdotes, pois teñen que vir aquí a suplilo. *(Murmurios.)*

Pois ben, se lles parece, ímonos posicionar sobre a iniciativa do Grupo Parlamentario de En marea.

O que é curioso é que en decembro do ano pasado, En Marea, o mesmo grupo que hoxe trae aquí esta proposición de lei, presentaba no Pleno unha proposición non de lei instando a Xunta a que elaborara un estudo sobre o financiamento e a implantación da renda básica universal en Galicia. E cabe aquí explicar o que é a renda básica universal que pedía o Grupo de En Marea en decembro do pasado ano. Pois ben, é unha renda para todos os cidadáns sen distinguir entre cidadáns que teñen recursos ou cidadáns que non teñen recursos; cidadáns con emprego ou sen emprego, con vivenda ou sen vivenda. É dicir, é unha renda para todos os cidadáns polo simple feito de ser cidadáns.



Ben, hoxe en Marea cambia de criterio e presenta unha proposición de lei na que olvidan a renda básica universal e agora o que propoñen é unha renda social. E ¿que é unha renda social? Pois é unha renda para persoas que carecen de recursos, ou que os seus recursos non son suficientes para cubrir as necesidades básicas, o que en Galicia vén sendo a Risga, a renda de inclusión social. Non é a primeira vez que cambian de criterio. Xa o fixeron antes. Concretamente, nas eleccións europeas do ano 2014 a proposta estrela de Podemos para esas eleccións europeas foi a renda básica universal, unha renda pagada de forma incondicional a toda a poboación. Por certo —tanto que o critican—, tamén pagada para as grandes fortunas. Nas eleccións xerais do ano 2016 Podemos dá marcha atrás, e elimina do seu programa a renda básica universal para apostar por unha renda básica garantida, unha renda para aqueles fogares sen ingresos modulada en función do número de persoas que viven nese fogar. Chega outubro de 2018 e asinan o pacto dos presupostos do Estado Pedro Sánchez e Pablo Iglesias, e os dous esquecen non só a renda básica universal, senón que tamén esquecen a renda básica garantida. Chegan agora as eleccións xerais do ano 2019 e, ¡sorpresa!, Podemos volve incluír no seu programa electoral a renda básica garantida para os fogares sen recursos en función dos membros da unidade familiar e compatible cos ingresos por traballo, o que en Galicia vén sendo a Risga, a renda de integración social.

Ben, por certo, cambian. ¿Quen pagaría esta renda? Pois as grandes fortunas. Agora xa non cobran as rendas senón que son eles os que van pagala. (*Aplausos.*) Nin unha soa mención a ese «soldo para todos». Polo tanto, a nós éntranos unha dúbida, porque, cando fan vostedes programas electorais, defenden a renda universal ou a renda social. Pero cando vostedes teñen a oportunidade de gobernar e asinan un programa de goberno, o que fan vostedes é non facer nin unha soa mención a esa renda social.

En Galicia, hoxe, as Mareas presentan esta proposición de lei alegando que a nova Risga é totalmente ineficaz e insuficiente. Pois ben, froito do consenso e das achegas das entidades sociais que traballan no ámbito da inclusión social, a Xunta aprobou o novo decreto da Risga —o 31 de xaneiro—. Catorce días despois de aprobar esta nova Risga, En Marea presenta esta iniciativa —vinte e oito días antes de que entrara en vigor esta nova Risga—. Asegura que é totalmente ineficaz e ineficiente incluso mesmo antes da súa entrada en vigor.

Nós hoxe queremos explicar, unha vez máis, as melloras que supón esta nova Risga. En primeiro lugar, un importante incremento das prestacións, que as perciben máis de 10.000 galegos e galegas; para acceder á Risga xa non é preciso estar en situación de desemprego, porque será compatible e é compatible con ingresos dun traballo; haberá dous novos tramos: á parte do tramo familiar e persoal, o tramo de inserción para aquelas persoas que se comprometan cun itinerario de inserción sociolaboral —que recibirán un complemento de 188 euros durante doce meses, prorrogable a seis— e o tramo de transición ao emprego, que é un incentivo para os perceptores da Risga que atopen un traballo, que recibirán un complemento de transición durante seis meses.

Agora, para calcular a Risga, só computarán os ingresos que efectivamente se cobren, non aqueles aos que se ten dereito pero non se están a facer efectivos. Ademais, o decreto permite compatibilizar a Risga coas axudas de inclusión social e abre a porta a que convivan no mesmo domicilio dúas unidades familiares que perciban a Risga —ambas poderán recibir o



complemento de alugueiro—. Para as axudas de inclusión social, ademais, elimínase o requisito de contar con residencia legal.

En definitiva, esta nova Risga convértese nunha auténtica ferramenta para a inserción laboral, na liña das recomendacións que fai a Comisión Europea. E podemos falar das diferenzas entre a nova Risga e a renda social que presenta o Grupo Parlamentario de En Marea.

A nova Risga é unha ferramenta de inserción laboral, e a renda social que presenta o Grupo Parlamentario de En Marea pretende establecer unha prestación sen necesidade de cumprir un plan de inclusión sociolaboral. Dende logo, esas non son as recomendacións da Unión Europea, e, dende logo, o Partido Popular cre que o emprego é a mellor ferramenta contra a exclusión social. Parece ser que a vostedes non lles interesa que as persoas que cobren esa renda percorran un itinerario ata atopar un emprego.

Por outra banda, vostedes din que os recursos son escasos. Falan vostedes, como gran novidade, de que unha unidade familiar, de seis persoas ou máis, coa súa proposta cobraría o 110 % do salario mínimo interprofesional —estamos falando de 990 euros aproximadamente—. Pois ben, revíseno porque nese mesmo caso do que vostedes falan, coa nova Risga, co 135 % do IPREM, co complemento do alugueiro e co complemento de inserción, esa mesma unidade familiar cobraría 994,99 euros. Polo tanto, é moi discutible o gráfico que hoxe presenta vostede con esa nova renda social.

Miren, hoxe o investimento en Galicia na Risga é o maior da historia, acada un total de 64,4 millóns de euros. E, claro, temos que escoitalle ao PSOE dicir que o goberno de Pedro Sánchez foi o goberno máis social, que fixo máis en poucos meses que o goberno do Partido Popular en dez anos. Pois ben, os presupostos do señor Sánchez para Galicia non foron sociais, foron uns presupostos antisociais, ¡antisociais!, que discriminaron os galegos. Vostedes sábene e veñen aquí a presumir non só das políticas do señor Sánchez, senón tamén dos seus presupostos para Galicia. ¿Realmente eses presupostos que discriminan a Galicia van servir para mellorar a Risga? ¿Van servir para axudar as familias que máis o necesitan? ¿Van servir para atender as persoas en situación de exclusión social? Dende logo, nós consideramos que non. ¿Que vai facer o goberno de Pedro Sánchez con eses 125 millóns de superávit de Galicia que quere gastar en sanidade, en educación e en políticas sociais? ¿Vano permitir? (*Murmurios.*) ¿Que vai pasar? Porque é a cifra máis baixa nos dezasete últimos anos dos orzamentos... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio, por favor!

Este é un debate político.

**A señora RODRÍGUEZ ARIAS:** Aquí parece ser que só se pode falar se imos dicir que Pedro Sánchez «es bueno para Galicia» e amén a todas as políticas do Partido Socialista (*Aplausos.*) Pensamos que non é así, e que todos os cidadáns non pensarán o mesmo ca vostede, que non pensarán o mesmo ca vostede. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio. ¡Silencio, por favor!



**A señora RODRÍGUEZ ARIAS:** Miren, presumen dos venres sociais, pero cando gobernan non fan absolutamente nada. ¿Onde está no seu programa esa renda social? Non aparece no programa do Partido Socialista. ¿Onde está esa renda social nos orzamentos do Goberno socialista? Non está, ¡non está! O que vostedes contemplan é un ingreso mínimo vital, que non ten que ver absolutamente nada co que presenta En Marea. Pero, claro, vostedes ultimamente están en moi boa sintonía co Grupo Parlamentario de En Marea.

Dende logo, nós non imos aceptar esta iniciativa. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodríguez Arias.

Réplica do grupo autor da proposición de lei.

Ten a palabra a señora Vázquez Verao.

**A señora VÁZQUEZ VERAO:** Ben sabemos que en tempo electoral son difíciles os debates de fondo, pero imos intentalo.

Nós, dende logo, con este proxecto de lei o que pretendemos é un modelo inclusivo e non asistencialista, e dar protagonismo ás profesionais do traballo e da educación social. Porque si que estamos por eses itinerarios de inclusión, pero cremos que é necesario ter algún mecanismo de complemento de ingresos para persoas e unidades de convivencia que non necesitan unha inclusión laboral nin están en exclusión, simplemente para que precisamente non caian nesa exclusión. Esa é unha novidade desta lei e estamos orgullosas de tela presentado así.

Logo temos claro, seguramente, de que non chega cunha modificación do sistema de rendas mínimas no noso país, que hai que facer tamén cambios a nivel europeo e a nivel estatal. Aí é certo que si podemos estar en sintonía o Partido Socialista e En Marea, pero non estamos en sintonía en todo. Por exemplo, tamén faría falta derrogar a reforma laboral para acabar, precisamente, con esa precariedade laboral.

Pero, en fin, indo ás cuestións que nos ocupan, que son as competencias que temos aquí, no noso país, nós o que presentamos en decembro non foi pedir que se implantara a renda básica universal en Galicia, porque non temos competencias. Pedimos que se fixera un estudo. E ademais xa sinalamos que ese estudo sobre a renda básica universal serviría para termos un mapa social que permitise determinar que familias, que unidades de convivencia ou que persoas precisan un complemento de ingresos ou cales precisan esa renda mínima garantida.

Pedimos un mapa social. E si que estamos polo modelo de renda básica universal, e así o presentamos no noso programa europeo de 2019. Repase vostede que en 2014 En Marea non se presentaba ás eleccións. Pero é algo moito máis complexo, dende logo, que a simplificación que vostede sinalou aquí sobre a renda básica universal. Pero agora estamos falando das competencias que temos como Xunta, as competencias que temos para mellorar un sistema de rendas mínimas para convertelo nun verdadeiro sistema que garanta a inclusión social.



Porque, si, presumen do decreto, pero foron cinco anos sen que se activaran os mecanismos de inclusión e transición laboral, cinco anos nos que cobrar a Risga penalizaba traballar, nos que nos teñen enviado cartas do banco persoas que percibían Risga que, por facer un traballo pequeno de cento e pico euros, llos descontaban da Risga. Iso non é inclusión, iso é persecución das persoas en exclusión. Igual que é persecución o que lles fixeron ás que compartían vivenda.

O decreto flexibiliza algúns deses criterios, pero vostedes non os incluíron na lei, non lles deron rango de lei. E tampouco consideran o fondo da cuestión, que é que o emprego non garante hoxe a inclusión social. Precisamos rendas, modelos de rendas, como esta lei, que vaian un paso máis alá, modelos avanzados. Inspíranse —e non nos afastamos, non o ocultamos— nesos modelos que se aprobaron tanto en Valencia como en Estremadura, ou en Cataluña. Porque é que precisamos novos modelos que non se resolven só cun decreto. Sobre todo, non se resolven se non se aumenta o orzamento. Porque activaron os tramos de inserción e transición laboral, e ¿canto aumentou o orzamento? ¿Fíxose algunha modificación de crédito xa? ¡Cero!

Polo tanto, precisamos tamén formular, como facemos nós, un plan de despregamento desta renda, dun modelo verdadeiro de renda mínima digna que, cando menos, nos sitúe en niveis europeos. Eu dicía antes que é multiplicar por catro o orzamento da actual Risga. Tampouco é unha grandísima ampliación. A realidade é que quen está analizando isto a nivel europeo fala dun 2 % do PIB. Precisariamos máis de 1.200 millóns de euros para realmente afrontar a dimensión da pobreza e da exclusión que está deixando a chamada..., non sei...; a recuperación, non, senón a «poscrise» no noso país. E non chega coas competencias que temos na Xunta, seguro.

Para nós o decreto —xa non sei que máis dicir— chega tarde, é insuficiente, non corrixe deficiencias da Risga, que fai que sexa unha prestación que require a todas as persoas, independentemente da súa condición, cumprir cun itinerario de inclusión, aínda que haxa persoas —repite— e unidades de convivencia que non precisan ese itinerario de inclusión, simplemente precisan un complemento puntual de ingresos para precisamente non caer na exclusión social.

Nós insistimos unha vez máis en que admitir a trámite este proxecto de lei —que permitiría ademais mellorar o articulado nalgúns puntos— reduciría a burocracia; o dereito á renda sería subxectivo polo feito simple de non ter uns ingresos suficientes, tal como marca a Carta Social Europea; incluíría as persoas con residencia efectiva e non só con residencia legal; tamén tería complementos en forma de axudas sociais —que vostede obviou esa parte cando calculou a prestación—; evitaría que familias empobrecidas caeran nun proceso de exclusión social; aumentaría a coordinación entre os servizos de emprego e os servizos sociais comunitarios; ampliaría a cobertura de persoas que o precisan, especialmente as familias monomarentais —xa se citou aquí—, que son as grandes excluídas desta crise; tamén —esqueceunos un elemento— dinamizaría as economías locais, porque está estudado que os tipos de rendas mínimas ben dotados impactan directamente e positivamente na economía real —sobre a renda valenciana calculou a Universidade de Valencia que, por cada euro investido, retornarían 1,12 euros na economía real—; tamén sería un elemento que permitiría dinamizar as economías do interior. (*Murmurios.*)



**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio!

Remate, por favor.

**A señora VÁZQUEZ VERAO:** Iso estase debatendo a nivel da Unión Europea, a nivel de movementos sociais, a nivel das propias institucións europeas, que, repito, foron as que provocaron en gran parte os elementos peores da crise...,

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora VÁZQUEZ VERAO:** ...pero agora estanse dando conta de que a situación é tan dramática que precisamos novos modelos de inclusión social. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Vázquez Verao.

### ***Votación dos textos lexislativos***

**O señor PRESIDENTE:** Procedemos á votación.

*(O señor Fernández Leiceaga pide a palabra.)*

¿Si, señor Leiceaga? ¿Para que quere a palabra?

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** En función do artigo 76.3.

**O señor PRESIDENTE:** Si.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Houbo unha referencia da portavoz do Partido Popular que compromete o decoro e a dignidade do noso grupo e que eu lle pediría que retirara. Pediría expresamente que a retirara.

**O señor PRESIDENTE:** Eu, ata onde entendín aquí, creo que o que deberíamos facer todos os grupos —creo, é a miña opinión— é ser especialmente coidadosos cando manexemos a linguaxe sobre as vítimas do terrorismo. *(Murmurios.)* ¡Todos! *(Murmurios.)* Iso é o que pido eu. *(Murmurios.)*

Aquí houbo un cruce, e nese sentido creo que é desagradable. *(Murmurios.)* Entón o que pido é que se manexe iso. Eu sei que isto é complicado e ás veces utilízanse verbas que incluso ata a min tamén me molestan. E, sen embargo, pois ¿que quere que lle diga? Pois cando se asocian..., en fin, señor Leiceaga.

*(O señor Fernández Leiceaga pronuncia palabras que non se perciben.)*

Eu non sei se a señora deputada quere retirar esas palabras. A señora deputada pode dicilo. Pero eu pídlolles, por favor, que todos manexemos esa linguaxe, polo respecto que hai que ter ás vítimas do terrorismo.



Señora Rodríguez Arias, por favor.

**A señora RODRÍGUEZ ARIAS:** Si, se molestaron as miñas palabras, retíroas. Pero tamén me gustaría, por respecto a todos os cidadáns de España, que o señor Pedro Sánchez non necesitara o respaldo de Otegi. *(Murmurios.) (Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Xa está, é unha opinión política. ¡Por favor!

*(Aplausos.) (Murmurios.)*

Grazas, señora Rodríguez Arias.

Eu pídolles, por favor, iso, que manexemos todos e que coidemos a linguaxe nese sentido. *(Murmurios.)*

Vamos votar. Pechen as portas, por favor.

Comezamos votando o Ditame emitido pola Comisión 2ª... *(Murmurios.)*

¡Silencio, por favor, se non, non nos enteramos do que imos votar despois! Piden que se voten algunhas emendas por separado, por iso quero que estean atentos.

Votamos o Ditame emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre o Proxecto de lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.

En concreto pídesse que se voten por separado as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego 7, 9 e 35 —que son as que imos votar agora—.

¿É correcto isto? *(Pausa.)* ¿Si, señor Sánchez?, ¿7, 9 e 35? *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)* Vamos ver, podería ser un bloque coa 7 e a 9, e outro coa 35. *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)*

Ben, pois entón votamos, en primeiro lugar, as emendas 7 e 9 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

*Votación das emendas 7 e 9 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame, emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre o Proxecto de lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 38; abstencións, 14.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, quedan rexeitadas estas dúas emendas.*





**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a emenda 35.

*Votación da emenda 35 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame, emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre o Proxecto de lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 38; abstencións, 12.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora o resto das emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

*Votación das emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, agás a 7, 9 e 35, ao Ditame, emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre o Proxecto de lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario Socialista. O Grupo Parlamentario de En Marea pide que se voten por separado a emenda 24 e da 118 á 139.

Entón, ¿podemos votar todo isto xunto? (Pausa.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Votamos todo isto xunto; en concreto, a 24 e as emendas da 118 á 139.

*Votación das emendas 24 e da 118 á 139 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Ditame, emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre o Proxecto de lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 38; abstencións, 12.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora o resto das emendas do Grupo Parlamentario Socialista.

*Votación das emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia, agás a 24 e da 118 á 139, ao Ditame, emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre o Proxecto de lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.*



*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario de En Marea, nas que se piden por separado dous bloques. O primeiro bloque son as emendas números 24, 25, 27, 42 e 43.

Votamos este bloque de emendas.

*Votación das emendas 24, 25, 27, 42 e 43 do G. P. de En Marea ao Ditame, emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre o Proxecto de lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 38; abstencións, 14.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.*

**O señor PRESIDENTE:** E agora votamos o outro bloque, que é o das emendas da 87 á 91.

*Votación das emendas 87 á 91 do G. P. de En Marea ao Ditame, emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre o Proxecto de lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 12; votos en contra, 38; abstencións, 20.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.*

**O señor PRESIDENTE:** E votamos agora o resto das emendas do Grupo Parlamentario de En Marea.

*Votación das emendas do G. P. de En Marea, agás as xa votadas, ao Ditame, emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre o Proxecto de lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.*



**O señor PRESIDENTE:** E agora procede votar o ditame da Comisión coas emendas incorporadas, se é o caso.

*Votación do Ditame, emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre o Proxecto de lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; votos en contra, 18; abstencións, 14.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobado o ditame da Comisión e, consecuentemente, o Proxecto de lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a toma en consideración da Proposición de lei, do Grupo Parlamentario de En Marea, de renda social galega.

*Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. de En Marea, de renda social galega.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada a toma en consideración desta proposición de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Remataron as votacións. Abran as portas, por favor.

Continuamos co punto 2 da orde do día.

**Comparecencia do Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria, por petición propia, para informar sobre a situación que está a atravesar a industria en Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** Para formalizar esta comparecencia ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, don Francisco Conde López.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López):** Moitas grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, bos días.

Hai seis meses comparecía nesta cámara para abordar a situación de Alcoa en Galicia logo de coñecerse que a multinacional planeaba pechar as súas fábricas na Coruña e en Avilés. Fago fincapé: hai xa seis meses, e aínda non hai unha solución que garanta a continuidade destas instalacións nin un marco eléctrico que garanta un prezo estable e competitivo para o conxunto das empresas electrointensivas.



A miña comparecencia neste parlamento ten, polo tanto, dous cometidos: en primeiro lugar, facer unha diagnose realista da situación que está a atravesar a industria galega, derivada destes últimos meses de altibaixos na política nacional, pero tamén contrapoñer a este escenario o potencial que nestes últimos anos está amosando o sector industrial en Galicia tras unha década de esforzo para saír da profunda crise na que nos atopabamos.

Neste contexto gustaríame expoñerlles a actuación da Xunta de Galicia, favorecendo a iniciativa empresarial para que se poida continuar desenvolvendo aquí, en Galicia, coas máximas garantías, e a necesidade de acadar unha resposta unánime deste parlamento en defensa da nosa industria e en defensa dos preto de cento setenta mil homes e mulleres que traballan nela. Porque, señorías, o sustento da política é apostar pola estabilidade, pola solvencia e pola competitividade para, así, seguir crescendo, como fixemos nos últimos cinco anos, dando pasos axeitados para xestionar a desaceleración que se cerne sobre a economía.

Nun informe da consultora KPMG e da propia CEOE publicado no pasado mes de marzo recóllese a opinión que directivos e empresarios españois teñen sobre a situación económica actual e as súas expectativas de negocio. A primeira observación coa que nos atopamos é que case a metade dos que participaron na enquisa vaticina que a economía española se vai deteriorar nos vindeiros doce meses. A segunda observación é que o oitenta e tres por cento sinala a incerteza política como unha das principais ameazas da economía española para este ano. Con todo —é certo—, hai razóns para ter un optimismo moderado, porque este informe conclúe que unha de cada dúas empresas prevé aumentar o investimento e oito de cada dez prevé manter ou aumentar o seu cadro de persoal co foco posto na mellora de procesos, na transformación dixital, na innovación e na súa aposta polo talento.

Estas son, precisamente, as bases nas que Galicia está sentando a súa política en favor da economía, en favor da industria e en favor do emprego. Unha política que é quen de xestionar os problemas, de rectificar cando é necesario e de sopesar o alcance de cada decisión, sempre co obxectivo de fixar tecido produtivo e construír un novo modelo de valor que mire ao futuro, cunha política planificada e responsable.

Señorías, iso ponnos hoxe en condicións de reivindicar que se invistan os cento vinte e cinco millóns de euros de superávit que acadamos no ano 2018 por ser unha comunidade cumpridora coa regra de gasto, coa débeda e co déficit. Ponnos en condicións de reivindicar que esteamos entre as dúas primeiras comunidades en relación co esforzo investidor e que sexamos a primeira comunidade en pagar máis rápido as súas facturas. Ponnos tamén en condicións de reivindicar que teñamos máis simplificación nos trámites administrativos, máis facilidades no acceso ao solo empresarial e máis incentivos fiscais, grazas á Lei do emprendemento e á Lei de implantación empresarial, grazas tamén aos cento vinte e un concellos emprendedores que se sumaron a este propósito a través do convenio asinado entre a Xunta de Galicia e a Fegamp, e grazas ás iniciativas empresariais prioritarias, que poden ver reducidos os seus prazos de tramitación á metade dende xaneiro deste ano 2019. E ponnos, finalmente, en condicións de reivindicar que acadáramos un crecemento na contorna do tres por cento nos últimos catro anos, que o desemprego se situara en niveis anteriores á crise, que recuperáramos máis de cen mil afiliacións á Seguridade Social para superar de novo o millón de afiliados, que o PIB per cápita medrara case un dez por cento dende o ano 2009 e



que acumuláramos sucesivos récords de exportacións ata superar o pasado ano 2018 os vinte e dous mil millóns de euros.

Penso que estes datos son trazos que ilustran como Galicia foi articulando o seu propio modelo económico e o seu propio modelo industrial, aprendendo a convivir e a competir en escenarios máis exixentes que no pasado. Un modelo do bo facer galego no que as empresas, os emprendedores e os traballadores son os seus mellores expoñentes, e un modelo do bo facer galego no que a Xunta de Galicia está contribuíndo, tomando medidas para acompañar o pulo empresarial e o emprego na comunidade, sempre traballando conxuntamente coas universidades, os centros tecnolóxicos e o propio tecido produtivo.

Un traballo en común que está contribuíndo a impulsar a transformación dixital na nosa industria. Galicia foi unha das primeiras comunidades autónomas en contar cunha axenda Industria 4.0 en España, unha axenda que xa supuxo o despregue de sesenta medidas para anticipar os cambios do modelo industrial do futuro, con programas salientables como os proxectos Industria 4.0 impulsados polos clústeres, as *business factory* no sector da automoción, no aeronáutico e no agroalimentario ou as axudas aos proxectos individuais ou colectivos para a dixitalización do noso tecido produtivo. Todos estes programas están mobilizando, ata o momento, máis de setecentos cincuenta millóns de euros e permítenlle a Galicia estar dentro das comunidades autónomas que máis favorecen o impulso á Industria 4.0.

Un traballo en común, señorías, que está contribuíndo tamén a impulsar a innovación na nosa industria. Temos unha Estratexia de especialización intelixente que leva mobilizados novecentos millóns de euros en case mil novecentos proxectos, con proxectos pioneiros no apoio ao I+D empresarial, como as axudas de fábrica intelixente para que os proxectos de PSA, Finsa, Cupa e Copo poidan ter o seu desenvolvemento en Galicia, ou as trinta e nove alianzas e unidades mixtas de innovación en colaboración entre as empresas e os propios centros de coñecemento. Proxectos aos que se suma o programa Talento innovador 2021 para xerar, reter e atraer mil quiñentos profesionais a Galicia para actividades de I+D+i.

Un traballo en común, en terceiro lugar, que está contribuíndo a impulsar o financiamento da nosa industria. A premisa é que ningunha iniciativa en Galicia quede no caixón. Por iso, o apoio financeiro ao tecido empresarial galego permitiu mobilizar preto de mil douscentos millóns de euros dende o ano 2014 en máis de dez mil quiñentos proxectos, e por iso temos neste ano 2019 un novo plan de financiamento para apoiar outros oitocentos proxectos que se dirixan a fortalecer a Industria 4.0 e a innovación.

Un traballo en común que está contribuíndo a impulsar o emprego e a formación na nosa industria. Estamos incrementando o orzamento para as políticas activas de emprego ata chegar aos douscentos cincuenta e cinco millóns de euros. Pero o máis importante, señorías, é que, por primeira vez en Galicia, estamos impulsando e favorecendo a formación á medida do que necesitan as empresas. Son as empresas as que están deseñando e as que están configurando os seus propios programas formativos, permitindo desenvolver e homologar novas especialidades en Galicia que teñen alcance nacional. E tamén, a través do programa Galicia Emprega, estamos favorecendo a contratación de mulleres, mozos e mozas, parados de longa duración e persoas en risco de exclusión ou con capacidades diferentes.



Un traballo en común, señorías, co que, ademais, queremos axudar as empresas para que poidan afrontar novos desafíos como o *Brexit*, porque —como saben— estamos ante unha situación moi delicada. Abrimos, polo tanto, unha plataforma dixital para que calquera empresa galega poida asesorarse de xeito individualizado e creamos tamén unha oficina para axudar a deseñar plans de continxencia.

En definitiva, señorías, un traballo en común: un traballo en común da administración, dos centros de coñecemento e do tecido produtivo que se está traducindo en novos investimentos e nun novo tecido empresarial.

E remitímonos aos feitos: PSA Peugeot-Citroën-Opel está investindo en Galicia seiscientos millóns de euros para situar Vigo na vangarda da fabricación de vehículos intelixentes; Bentaler está investindo vinte millóns de euros en Mos para abrir unha segunda fábrica, que incluírá tamén un centro específico da fábrica intelixente que traballará para todo o grupo a nivel europeo; Finsa está investindo setenta e cinco millóns de euros en Santiago para a renovación das súas fábricas; Televés, vinte e tres millóns de euros para mellorar os seus procesos; Bandalux, tres millóns de euros para construír unhas novas instalacións en Santiago; vinte e cinco millóns de euros está investindo Delta Vigo para a súas novas instalacións en Nigrán; cincuenta millóns de euros están adicados aos investimentos en Rozas por parte de Boeing, Babcock e Indra; Estrella Galicia está ampliando a súa fábrica na Coruña con cen millóns de euros; outros cen millóns de euros está investindo a empresa Inleit en Curtis para desenvolver novos produtos lácteos; vinte e seis millóns de euros está investindo Coren para reforzar a súa aposta pola innovación; Greenalia está investindo cento vinte e nove millóns de euros na planta de biomasa de Greenalia; Endesa, douscentos vinte millóns de euros para adecuar a súa central nas Pontes, ou catrocentos quince millóns de euros en dezasete novos parques eólicos que están xa en construción en Galicia. (*Aplausos.*) Son, señorías, algúns exemplos que suman máis de dous mil millóns de euros en investimentos que, nestes momentos, se están executando en Galicia para fortalecer o noso tecido industrial.

En definitiva, a boa política permite desenvolver un clima favorable para que estes investimentos se poidan desenvolver en Galicia e para que Galicia saiba aproveitar todas as potencialidades que ofrecen os sectores emerxentes, e tamén sabendo adaptar as industrias tradicionais e apostar pola súa innovación e a súa diversificación.

Así, señorías, creo que Galicia pode estar orgullosa do seu tecido empresarial, dos seus empresarios e dos seus traballadores. Galicia pode estar orgullosa do seu sector de automoción, referente nacional e internacional que supón o catorce por cento da produción total de vehículos en España e onde máis de cen empresas están exportando produtos e servizos. E seguirá a crecer nos seus empregos, porque PSA Peugeot-Citroën-Opel prevé alcanzar en 2021 o récord histórico de produción grazas aos seus dous novos modelos e tamén á chegada de Toyota.

Galicia pode estar orgullosa do seu sector naval, porque os estaleiros galegos lograron quince novos contratos no ano 2018, o mellor resultado en dez anos e máis de seis de cada dez do conxunto do Estado. O sector pechou o ano 2018 con trinta contratos en vigor, cun volume de negocios de dous mil millóns de euros, aos cales hai que sumar os investimentos previstos



para a construción das novas fragatas por parte de Navantia, cun investimento nos próximos anos de catro mil millóns de euros.

Pero Galicia pode estar tamén orgullosa do despregue aeronáutico: convertemos un aeródromo sen apenas uso no interior de Lugo nun polo industrial que aposta pola innovación, coa torre de control máis avanzada tecnoloxicamente de toda Europa. Unha iniciativa pioneira da man de cincuenta axentes, entre multinacionais, centros de coñecemento e tamén, señorías, pequenas e medianas empresas galegas, que están mobilizando cento sesenta millóns de euros e desenvolvendo trinta e cinco proxectos de I+D para que Galicia hoxe sexa xa un foco de atención no sector de avións non tripulados, e onde xa se xeraron máis de douscentos empregos, e chegarán a quiñentos.

Galicia pode estar orgullosa da súa industria agroalimentaria: dúas mil catrocentas empresas, vinte e sete mil empregos e cunha contribución do 7,3 por cento do produto interior bruto da nosa comunidade; sinónimo de calidade, sinónimo de vangarda e sinónimo dunha industria que está apostando pola transformación e polo valor engadido no noso país.

Galicia tamén pode estar orgullosa da súa biotecnoloxía: Galicia é a terceira comunidade máis emprendedora do país, acolle preto do nove por cento das empresas españolas e é un bo reflexo da excelencia deste sector, que alcanza o corenta por cento das operacións de financiamento levadas a cabo en España.

E Galicia pode estar orgullosa do seu sector forestal: pese á decisión tan nefasta do Goberno de Pedro Sánchez sobre a continuidade de Ence, o sector hoxe ten máis de tres mil empresas que abranguen toda a cadea de valor, con setenta mil persoas que traballan de xeito directo e indirecto no sector e con seiscentos oitenta mil propietarios forestais, dos que oitenta mil cortan regularmente madeira. É un sector que é un pilar económico esencial, que factura dous mil millóns de euros e que, nestes momentos, é a novena potencia forestal a nivel europeo.

Señorías, Galicia pode estar orgullosa do seu tecido empresarial e da súa industria. Todo este esforzo ratifica o compromiso e a valía da industria galega, dos nosos emprendedores e dos seus traballadores, e, por iso, señorías, todo este esforzo de todos estes anos non se pode tirar por terra en tan só dez meses.

Iso é o que está a facer o actual Goberno de España: poñendo obstáculos á actividade empresarial en España e, nomeadamente, en Galicia. Galicia está sendo vítima dunha política xorda e dunha política cega que se exerce dende Madrid por parte do Partido Socialista e por parte de todos os grupos parlamentarios que o apoian; unha política xorda que desoe os avisos de desaceleración que fan diferentes voces. E chamo á atención dos deputados, porque esta política xorda significa que o Goberno non está escoitando o Banco de España e o Goberno non está escoitando a Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal: o Banco de España advertiu que as medidas sociais que está a adoptar o Goberno de Pedro Sánchez serán responsables de que o produto interior bruto creza tres décimas menos do previsto, e tamén a Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal estima que a previsión de déficit público para este ano é do 2,1 por cento, que son oito décimas por riba do obxectivo final que se marcara neste ano.



Señorías, son os datos; e non son os datos da Xunta de Galicia, son os datos do Banco de España e son os datos da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, que están poñendo as alarmas sobre as políticas económicas, as políticas industriais, o gasto e o déficit público no que está incorrendo o Goberno. E xa temos antecedentes en España dunha situación similar. Logo non vale dicir —Partido Socialista— como dicía o ministro Pedro Solbes, que confesaba no seu libro de memorias que dende novembro do ano 2008 era xa evidente que a situación económica seguía empeorando e era urxente actuar. Diciáo o ministro Pedro Solbes nas súas memorias, pero, como ben saben, no ano 2008 nada se fixo e despois viñeron as consecuencias.

Señorías, Galicia cre nunha política que optimice os sectores produtivos, que adapte as normativas e que avance cara a un modelo que nos faga máis competitivos. E, por ese motivo, non se entende o xiro que está a facer o Goberno de Pedro Sánchez, un xiro de cento oitenta graos que está a ser un gran envite para o conxunto da economía, para a industria e tamén para o emprego a nivel nacional. Un envite que está tendo unhas consecuencias moi graves na estrutura produtiva de Galicia; unhas consecuencias pola política de agravios do Goberno nas nosas infraestruturas, no noso financiamento, nas nosas industrias e nas nosas políticas de emprego; pola imprudencia do Goberno nas políticas enerxéticas e tamén pola quebra do Goberno de Madrid da imprescindible seguridade xurídica cando falamos de investimentos, cando falamos de economía e cando falamos de industria.

Os intereses de Pedro Sánchez, señorías, están penalizando a Galicia con menos recursos públicos: o Proxecto de orzamentos xerais do Estado presentado no Congreso en xaneiro reducía nun vinte e seis por cento o seu investimento en infraestruturas. E tamén achacamos a falta de solucións aos oitocentos vinte e cinco millóns de euros que lle corresponden a Galicia para o seu financiamento por ser unha comunidade cumpridora.

Señorías, a eliminación da reserva de corenta e cinco millóns de euros que tiña Galicia no programa Reindus ten consecuencias, e, nestes momentos, hai seis proxectos na lista de reserva simplemente porque non se mantivo a contía establecida e reservada para Galicia, unha decisión que está prexudicando o desenvolvemento de investimentos en Ferrolterra e no conxunto de Galicia. Pero tamén os cambios nos criterios de asignación de fondos de emprego: o Goberno deixou de valorar a eficacia e a eficiencia na xestión que está facendo Galicia na execución dos fondos de emprego, e isto suporá que, en lugar de recibir o oito por cento do total cada ano, vaiamos recibir menos investimentos.

Os intereses do presidente Pedro Sánchez penalizan a Galicia con menos confianza sobre o contexto enerxético. Sabémolo todos os grupos parlamentarios desta cámara, sábeno todas as empresas electrointensivas galegas e sábeno todos os traballadores que desenvolven a súa actividade en Alcoa, en Ferroatlántica, en Megasa, en Celsa e en todas as empresas electrointensivas.

Non temos unha solución para as nosas empresas electrointensivas, e estase poñendo en risco cinco mil traballadores galegos cun estatuto sobre o cal hai unha unanimidade, pero un estatuto que é insuficiente e un estatuto que non dá respostas ás necesidades que teñen as empresas electrointensivas. Nada se di sobre a redución das peaxes e da fiscalidade na





proposta de estatuto, non se menciona a figura do consumidor hiperelectrointensivo, tampouco o Goberno di nada de rebaixar as peaxes de acceso na parte relativa ao custo de transporte, e nin sequera se ofrecen, nestes momentos, garantías para poder aplicar as compensacións polas emisións de CO<sub>2</sub>.

Tamén os prexuízos sobre as centrais de carbón provocan que, nestes momentos, teñamos que asumir en Galicia o peche de Meirama sen ningún tipo de alternativa, e eses mesmos prexuízos sobre o diésel e o futuro dos motores de combustión poñen en risco o sector estratéxico da automoción, que representa o doce por cento do emprego industrial en Galicia.

Sinxelamente, señorías, o Goberno do Partido Socialista non entende que a transición enerxética debe ser ordenada e xusta e ten que ofrecer necesariamente alternativas á industria; unha transición enerxética que, tal como se está plantexando por parte do Goberno en Madrid, simplemente nos leva cara á nada.

Por último, os intereses do presidente Sánchez penalizan a Galicia con menos certezas sobre as concesións de costas. É incomprendible que o Goberno estea agora cruzado de brazos ante un posible peche da fábrica de Ence en Pontevedra, da que dependen —como saben— cinco mil empregos, o que pon en risco oito mil familias galegas, o 1,8 por cento do produto interior bruto; ademais —como saben—, cada día saen catro mil toneladas de madeira de eucalipto con destino a Ence. Pero é máis, alguén tería que explicar por que agora o Goberno quere modificar o regulamento da Lei de costas e quere deixar en situación de perigo e de inseguridade xurídica empresas e equipamentos públicos que na actualidade se sitúan en dominio público marítimo-terrestre. Señorías, en total son máis de cen conserveiras, instalacións de acuicultura, depuradoras e cocedoiros de moluscos, que xeran un importante número de postos de traballo que, nestes momentos, coa proposta que ten o Goberno para modificar a Lei de costas, estarían en perigo, o que faría un dano irreparable na economía e no tecido produtivo do noso país.

Señorías, hai moito en xogo. Precisamos que o Goberno central corrixa os bandazos e aporte seguridade xurídica e estabilidade, precisamos que o Goberno corrixa a súa falta de iniciativa á hora de deseñar unha axenda industrial coherente para este país e precisamos que nos acompañen para que non se poñan obstáculos ao que tanto custou acadar ata o de agora.

Confío, polo tanto, en que este parlamento se poña do lado de Galicia, se poña do lado da industria e se poña do lado de todos e cada un dos traballadores industriais do noso país para poder seguir adiante con políticas de impulso industrial na nosa terra e para seguir sentíndonos orgullosos da Galicia que estamos a construír entre todos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.

Rolda dos grupos parlamentarios. Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Bo día.



Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, a verdade é que non por esperada deixa de ser decepcionante a actitude coa que vén a esta cámara, porque, unha vez máis, non estivo á altura do que precisa este país neste momento.

Mire, aí arriba ten traballadores de Alcoa e doutras empresas —aos que eu aproveito para saudar—, e, basicamente, en lugar de ofrecer alternativas, unha posición de país ou algo neste contexto de profunda preocupación polo que debe de ser un dos problemas máis importantes que ten este país, vostede veu aquí darnos un mitin. Mire, somos maiorciños e maiorciñas, e se queremos ir a un mitin do Partido Popular, pois xa iremos; escusamos ter un conselleiro que se dedica a iso. Vostede veu co seu traxe de eleccións, cando, en realidade, é vostede un conselleiro.

Eu estou convencida de que se levanta todas as mañás contento de que no Goberno central, neste momento, non governe o Partido Popular; eu creo que iso é o que lle satisfai realmente. Eu, se fose do Partido Popular, estaría preocupada, porque non estaría segura de se vostede vai ir votar o Partido Popular, (*Aplausos.*) non vaia ser que non lles poida botar a culpa de todos os acontecementos ás e aos nacionalistas, ao Partido Socialista, ao chachachá ou a algunha outra persoa por aí.

E logo temos tamén un presidente da Xunta de Galiza escapista, que un día está volvéndose case independentista pedindo competencias e ao día seguinte está dicíndonos que as comunidades non deben xestionar máis cuestións. E ao que nin sequera lle importa o debate sobre o futuro da industria galega, que non se dignou a vir a este parlamento hoxe.

Ben, eu quero insistir nunha cuestión que xa temos trasladado nesta cámara: unha cousa son as competencias que ten ou non a comunidade galega e outra cousa é a incompetencia manifesta que ten este goberno, que se limita a botar balóns fóra. Eu xa estou aburrída de lerlle neste parlamento, señor Conde, os artigos do Estatuto de autonomía, así que simplemente lle recordo que vostedes teñen responsabilidade na planificación económica e industrial deste país e que, polo tanto, aínda que hai cuestións que dependen do Estado —e as nacionalistas loitamos para que cada vez sexan menos e para superar ese marco que é prexudicial para no noso país—, hai moitísimas outras cuestións que dependen de vostedes.

E o que vimos aquí é que non asumiron nin a máis mínima responsabilidade da situación que vive a industria neste país. Por unha banda, vimos cero autocrítica e cero propostas, máis alá de slogans. Señores do Partido Popular, son vostedes moito de predicar, pero pouco de dar trigo. Miren o último ano completo na nosa economía, miremos só 2018 e cal foi a evolución do emprego industrial. A tendencia foi un aumento da ocupación, en xeral, na economía, e, pola contra, na industria imos contra atrás: só no 2018, tres mil cincocentos ocupados menos.

Vostede veu aquí falar dos mundos de Yupi como se non tiveramos nin unha soa cuestión que mellorar na industria galega, e o certo é que iso non é así. Porque os indicadores son desoladores mírense por onde se miren e cóllanse por onde se collan, e iso é consecuencia



de que a única liña estratéxica deste goberno é a desregulación e botar balóns fóra; non teñen máis liña estratéxica, e ese modelo —vostede falou aquí de modelo galego— non está a funcionar. E a nós o que nos preocupa realmente é que vostedes veñen, cada vez que hai un problema na industria deste país, a esta cámara, primeiro negar a realidade e despois maquillala e ocultala.

Iso foi o que vivimos durante toda esta lexislatura con sectores tan importantes como o da automoción. Vostede volveu aquí sacar peito da situación da automoción, cando sabe que non é ouro todo o que reloce. Primeiro negaban a deslocalización, non existía; comezamos esta lexislatura e non existía a deslocalización a Portugal e a outros países no sector da automoción. Despois caeron da burra; socialmente xa era inasumible que dixeran iso, entón vendéronnos a moto desa Lei de implantación empresarial ou máis coñecida como Lei de depredación. E o certo é que, pasado un tempo, a avaliación é un fracaso, tamén no sector da automoción. É que vostede veu ler aquí a parte bonita dun hipotético futuro que temos que crer, pero esquecéuselle falar de que, por exemplo, hoxe en Faurecia Asientos de Galicia teñen un ERTE que afecta unha parte do cadro de persoal, o que supón máis de catrocentas persoas, para todo este ano 2019. E así, poderíamos dar máis datos que, desde logo, para nós non son un bo modelo do bo facer galego, senón unha cuestión preocupante.

E realmente nós pensamos que os acontecementos destes últimos meses certifican dúas cuestións que viñamos advertindo desde o BNG, cando vostedes nos chamaban catastrofistas. Primeiro, que a recuperación do cadro macroeconómico das grandes cifras non se estaba trasladando á clase traballadora galega, non estaban sacando a clase traballadora galega do empobrecemento, e non se estaba trasladando tampouco ao músculo empresarial. E, en segundo lugar, que é evidente que camiñabamos cara a unha ralentización da economía. Eu alégrome de que agora, polo menos, recoñezamos algunha evidencia neste sentido, pero o certo é que chegamos a esa ralentización mal preparados e mal preparadas. ¿Por que? Primeiro, porque coas súas políticas de recortes na Xunta de Galiza e no Goberno central chegamos á saída dese período máis agudo da crise cos nosos sectores produtivos practicamente desmantelados, e segundo, porque cando houbo un crecemento que permitía apostar por un cambio de modelo, vostedes non aproveitaron esa oportunidade. E ten xa bastante de cinismo que veña aquí falar de innovación cando seguimos á cola da innovación: a innovación e a investigación seguen sen chegar ao un por cento do noso produto interior bruto, señor Conde; sábeo perfectamente.

En todo caso, nós entendemos que temos moitas urxencias enriba da mesa e hoxe queríamos dedicarlles algo de tempo. E quería facer unha breve mención á situación do naval. Vostede moito volveu falar aquí de Industria 4.0, pero pouco da preocupación que hai respecto da carga de traballo no norte, co que está acontecendo coa industria auxiliar. Hoxe mesmo vén na prensa como empresas como Elinco están tendo problemas de pagamento de nóminas. E sabe vostede tamén que por eses atrasos —grazas aos caciqueos de Morenés das fragatas— non van ter carga de traballo no inmediato, e a industria está preocupada. E tamén no sur: a crise de Vulcano, por exemplo, non está resolta. Poderíamos falar tamén da situación do téxtil, á que vostede non fixo mención e que é moi preocupante.

Temos que asumir como país que hai un problema de deslocalizacións enorme, porque hai un problema de falta de iniciativa desta Xunta de Galiza para fixar empresas. Eu non podoo



deixar de facer unha mención hoxe aos traballadores e traballadoras de Poligal, máis de cen persoas dunha empresa que era referente no sector dos plásticos (*Aplausos.*) que están a sufrir unha deslocalización de manual e que, diante desa crise, a Xunta de Galiza tardou, señor Conde, un mes —jun mes!— en constituír unha mesa de traballo. Polo tanto, hoxe vólvolle pedir que intensifiquen os contactos coa empresa e que aceleren os traballos desa mesa.

Vemos que a ausencia dunha estratexia para fixar empresas nos leva a unha estratexia que, en realidade, é un efecto dominó, e ademais hai unha importante falta de criterio en moitas das cuestións. Vémolo coa cuestión de Ence: para vostedes Ence é intocable; algún día saberemos por que, aínda que xa temos bastantes indicios con señores como Carlos del Álamo. Pero explíqueme vostede por que se pode abrir un debate sobre a onde trasladar a refinería da Coruña e non pode haber un debate sobre a onde trasladar Ence. (*Aplausos.*) O que agocha Ence —e eu convídoos a que un día debatamos especificamente sobre iso— é o seu propio fracaso, é o propio fracaso da Xunta de Galiza, que, ademais da incoherencia do Partido Popular ao longo da historia cambiando de opinión, sabe vostede que non fixo ningún tipo de planificación.

Como non fixeron tampouco ningún tipo de planificación coa cuestión de Meirama. (*Murmurios.*) ¿Acaso vostedes, cando ían sacar as fotos en precampaña a Meirama, non sabían que había que estar detrás desa empresa para instar a manter estes postos de traballo? Non o fixeron porque non lles deu a gana e porque teñen intereses nas portas xiratorias que despois lles arbitran.

E tamén, falando de Naturgy, eu non podo deixar de facer unha reflexión hoxe aquí: a crise na industria ten unha derivada na crise dos servizos auxiliares. Vímolo tamén esta semana pasada, cando coñecemos que Naturgy vai consentir que o servizo de atención ao cliente telefónico que dá de comer a cento trinta e unha persoas en Ourense vaia ser deslocalizado para Reus. Se vostede fora un conselleiro de Economía digno de tal nome, o que tería que facer hoxe é coller o teléfono e dicirlle a Naturgy que non van consentir esa deslocalización e que calquera servizo que leven deste país vai ter consecuencias. Pero vostedes limítanse a mirar cara a outro lado. Vémolo en casos de estrepitoso fracaso da Xunta de Galiza como Isowat. ¿Como pode ser posible que a empresa con carácter innovador, que era a filial que tiñan na Coruña, aínda non teña un comprador enriba da mesa e que a de Medina si? Iso evidencia o seu fracaso.

Eu quero centrarme agora na crise que está vivindo a industria electrointensiva, especialmente Ferroatlántica e Alcoa. Aquí nós temos as cuestións moi claras: vostedes foron e son parte do problema. O marco eléctrico regulárono vostedes e as poxas de interrompibilidade reguláronas vostedes e reducíronas vostedes a seis meses. É certo que o Goberno central non está tendo valentía; a nós non nos satisfai ese estatuto de electrointensivas e tamén o alegamos. Pero hai moitas máis cuestións enriba da mesa que se poden facer, e, diante da ausencia de traballo das administracións galega e central, están facéndoo os sindicatos. En concreto, a CIG onte presentou un informe elaborado pola Universidade da Coruña onde se avala a legalidade e a viabilidade dunha compra pública cunha intervención da SEPI...

**O señor PRESIDENTE:** Remate por favor.



**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...en Alcoa se o día 1 de abril non hai comprador. Porque se ese día non hai comprador, ¿que van facer vostedes? ¿Dar unha rolda de prensa e darlles o pésame aos traballadores e traballadoras que nos están escoitando? Nós entendemos que esa non é a liña de traballo e que, diante desta situación, deben explorar todas as posibilidades e deixar de respirar aliviados porque teñen culpables aos que botarlles a responsabilidade.

E por último —e remato xa, señor presidente—, respecto da situación de Ferroatlántica —que tamén nos están escoitando os traballadores e traballadoras desta empresa—, eu volvo insistir, señor Conde: non estamos falando dunha empresa calquera. Ogallá en Alcoa tamén tiveramos algún elemento de concesión directamente da Xunta de Galiza como no caso de Ferroatlántica, que teñen a mina de Serrabal para os traballadores e traballadoras de Sabón e que teñen as centrais do río Xallas. Se Ferroatlántica non cumpre —como non está cumprindo— coa Costa de Morte, o que teñen que facer vostedes é poñer esas concesións enriba da mesa e dicirlle a Villar Mir que non van aceptar chantaxes.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** E, se non o fan, será porque teñen que ocultar diante dese señor.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.

Grupo Parlamentario Socialista, Señor Losada.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Grazas, señor presidente.

Señores e señoras deputadas.

Desde o Grupo Socialista queremos, inicialmente, saudar os traballadores de Ferroatlántica e de Alcoa, que nos acompañan na representación do que son crises industriais que afectan o conxunto desta comunidade autónoma.

Señor conselleiro: vinte e cinco minutos de mitin electoral. Está moi ben, estamos en pre-campaña, pero eu creo e, efectivamente, paréceme que non é o lugar. E, claro, falando de mitins electorais —e como na anterior intervención houbo algunha referencia—, eu quero dicir textualmente o que onte dixó en Barcelona Pablo Casado: «*Pedro Sánchez prefiere manos manchadas de sangre a manos pintadas de blanco*». Non digo nada máis; dígoo para que logo o presidente non diga que facemos referencia ao terrorismo. Insisto en que foi exactamente...

**O señor PRESIDENTE:** Ben, eu non dixen iso, non. Non poña nas miñas palabras o que eu non dixen. Eu pedinlle a toda a Cámara que, na linguaxe sobre as vítimas do terrorismo, coidasen a linguaxe.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** A verdade é que me...



**O señor PRESIDENTE:** Todos vostedes. ¡Non dixen outra cousa! Vostede acaba de ler un documento; perfecto. Pero non me meta a min nun asunto no que eu non entrei.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, sorprendeume, primeiro, a bibliografía: dous informes de KPMG e da CEOE. Está moi ben; eu creo que xa é unha mostra evidente do nesgo non ideolóxico, senón técnico —por suposto— que manexa vostede. E logo sorprendeume outra cousa. Hai un matemático sueco —que ao mellor coñece— que se chama Andrejs Dunkels, que di que é fácil mentir con estatísticas, pero que é imposible dicir a verdade sen elas. Vostede non utilizou un só dato de carácter público en vinte e cinco minutos de intervención sobre a industria de Galicia; nin un só dato estatístico. ¿A vostede parécelle razoable? (*Aplausos.*) Vostede é profesor de universidade, ¿a vostede parécelle, de verdade, razoable? Eu, honestamente, creo que non, pero tamén é verdade que os datos, ás veces, case é mellor non utilízalos.

Onte tamén, o candidato a presidente do seu partido a nivel estatal dixo que o consumo dos fogares, desde que goberna Pedro Sánchez, se reduciu en España un trinta e sete por cento. Estaría ben que reflexionásemos sobre o que significa: nin sequera na Guerra Civil se reduciu a eses niveis. Eu tamén entendo que é o que teñen as titulacións da Aravaca University, sección Harvard. (*Risos.*) Pero falar de que o consumo doméstico se reduciu en oito meses un trinta e sete por cento é tan descabellado, tan absolutamente fóra da realidade, tan escandaloso en termos académicos, políticos e sociais e tan de chamarlles... —realmente, non sei que dicir— aos cidadáns que eu creo que terían vostedes que facer algunha reflexión sobre o que están facendo cando falan de economía. Eu creo que é moito mellor que sigan citando KPMG e a CEOE; pero, por favor, con datos, con datos dalgunha maneira cuantificables, que eu creo que é moi importante.

A verdade é que me pisou o do Estatuto de autonomía a voceira do BNG. Eu non o vou ler tampouco, pero aí estamos, no artigo 30, epígrafe 1, punto 2. ¡Por favor! Ten competencias en política industrial; non nos falou nada das súas competencias en política industrial, nin unha palabra. Falou, efectivamente, do Goberno de España; vénlle moi ben ter aí un chivo expiatorio. E vostedes, en política industrial, disparan con pólvora do rei, e sábeo perfectamente.

Eu vou ler —e vouno ler en castelán— o que onte mesmo publicaba a presidenta da Asociación de Empresas con Gran Consumo de Enerxía; é un parágrafo publicado nun diario económico de Madrid: «*La industria asociada en nuestra organización ha celebrado la iniciativa del Gobierno de poner por fin en marcha el proyecto de Real decreto de estatuto para los consumidores electrointensivos, un hecho que reconoce la importancia de la industria como pilar clave de nuestra economía nacional, del empleo de calidad, estable y cualificado que esta representa y de su papel insustituible como motor de innovación y progreso para el país. El objetivo de este nuevo estatuto es implantar una serie de mecanismos que logren armonizar nuestra situación con la que ya cuentan nuestros principales competidores europeos. Sin embargo, lo planteado hasta el momento no resulta suficiente para alcanzar ese objetivo*». Xa ven que o leo enteiro.

E, precisamente, como non resulta suficiente ou como consideramos que non resulta suficiente, apoiamos e votamos a favor, neste parlamento, das alegacións que a Xunta de Galicia



presentou a ese real decreto. Dubido moito que o Partido Popular fixese o mesmo se quen gobernase en Madrid fosen vostedes; ¡dubídoo moito! (*Aplausos.*) Insisto: ao mellor si, pero dubídoo moito. Desde logo, no Goberno de Mariano Rajoy, señor conselleiro, non o fixeron nunca. Xa sei que o facían na intimidade —era como o catalán de Aznar—, pero, publicamente, nunca. Si home, o catalán de Aznar, o Pacto do Majestic con Jordi Pujol. Era esta historia do apoio cos nacionalistas que rompían España cando facía falta ter maioría absoluta no Congreso dos Deputados; ano 1996, non foi no século III antes de Cristo, ¿eh? Dígoo por se... En fin. (*Risos.*) (*Murmurios.*)

Claro, recoméndolle tamén que, cando lle aporte *inputs* estatísticos ao presidente da Xunta, en caso de que llos solicite, o faga cun mínimo rigor. Porque, xa que a vostede lle gusta falar de rigor, o outro día dixo o presidente da Xunta que se crearan, desde que el goberna, en Galicia dezanove mil douscentos empregos industriais. É falso: perdéronse, segundo a EPA, dezanove mil oitocentos; segundo as afiliacións á Seguridade Social, 17.178, e segundo a Enquisa industrial —que é un dato un pouco máis discutible porque chega só ata 2017—, vinte mil. Polo tanto, home, vir aquí mentir... ¡Aquí e onde coincida!

O outro día asistimos á publicación, nunha revista, dun artigo exactamente sobre o que estamos debatendo hoxe: a situación da industria de Galicia. O pobre redactor fai referencia a unha nota de prensa da Consellería, onde fala duns datos do índice de produción industrial modulados a través do mago de Oz, e logo ten que facer un separado deses —non sei exactamente como se chama en linguaxe técnica— cos datos reais da taxa anual de produción industrial, que cae o 1,7 por cento en Galicia. Creo que non convén dicir que revista é, pero, se quere, logo llo proporciono.

Así que eu creo que estaría ben un mínimo de... Está ben vir facer mitins, vostede ten tempo ilimitado e pode dedicar vinte e cinco minutos aos mitins, —é un pouco tarde— pero, por favor, dedique dez minutos aos datos; eu creo que estaría ben. E se pode citalos de fontes estatísticas oficiais e non de KPMG ou do señor Garmendia —que todos sabemos que é un marxista-leninista de primeiro nivel—, estaría moito mellor tamén.

Miren, vostedes en política industrial son exactamente iguais que eses grupos de animación dos equipos de béisbol americanos: moito mover as cintas, bailar e facer música, pero quen ten que correr e suar son outros. Iso é exactamente o que vostedes están facendo en política industrial nesta comunidade autónoma. E eu quero falar dalgún dos casos, porque a verdade é que é case complicado falar de todos eles.

E quero empezar por unha resposta da Xunta de Galicia a unha empresa á que fixo referencia a voceira do BNG: Poligal. Ante a pregunta deste grupo de que fixera a Xunta fronte ao problema de Poligal, un problema de peche —non estamos falando dun ERE temporal, estamos falando de baixar a persiana—, cito textualmente: «A Xunta está ao lado dos traballadores e traballadoras desta empresa, mantendo un diálogo permanente e poñéndose á súa disposición como autoridade laboral, para velar polo cumprimento dos seus dereitos conforme a legalidade vixente. Tamén como administración comprometida coa actividade económica e o emprego en Galicia». ¡Comprometida e competente! Claro, é que comprometida pode ser unha promesa mística. E competente: Estatuto de autonomía de Galicia; porque claro, senón



dá a sensación de que o fai vostede vocacionalmente, e non, non é unha cuestión de vocación, é unha cuestión de que está no Estatuto. «Deste xeito, vén de crear un grupo de traballo co comité de empresa e os sindicatos para avaliar a situación actual, tanto desde o punto de vista laboral como empresarial». (*O señor Losada Álvarez amósalles un documento aos membros da Cámara.*) Isto ante unha situación de peche dunha empresa de —creo recordar— cento cincuenta traballadores.

Efectivamente, falou tamén vostede das electrointensivas; acompañánnos os traballadores. Nós, desde o principio, dixemos que iamos apoiar todos os esforzos para que ese estatuto fose o mellor posible e fose a máxima garantía de viabilidade para as empresas, pero eu quero manifestar dúas ou tres cousas. Non pode ser que mentres pedimos ese apoio para que o Goberno de España responda ás necesidades desas industrias, o señor Feijóo, e eu creo que aquí mostra a súa... —non sei se a expresión...; vouno intentar, e estou disposto a retirala, ¿eh?—.

**O señor PRESIDENTE:** Pois non a diga xa.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** *No, la voy a decir, porque si no me quedo mal y luego el psiquiatra me pasa factura: catadura moral. (Aplausos.) (Murmurios.) ¡Si, si! E xa aforro o adxectivo da catadura moral. Porque, mentres están buscando compradores para esas dúas empresas, o señor Feijóo, facendo política fronte ao Goberno de España, di que a planta de Alcoa en San Cibrao está gravemente ameazada —o día 3 deste mes, teletipo de EFE—, e di tamén —téño por aquí—: «Feijóo avisa: sin una bajada del precio de la luz, Alcoa “no tiene futuro”». Un enxeñeiro eléctrico de primeiro nivel. É unha lástima que non o dixera nos oito anos de goberno do señor Rajoy; é unha lástima que alí non o dixera. (Aplausos.) Alí facía outra cousa: alí negociaba bilateralmente cada dous anos coa empresa y se lo iban arreglando; exactamente o mesmo que leva facendo o Partido Popular con Villar Mir e coas súas empresas desde o ano 1975 ou 1980. (Aplausos.)*

Entón, diso é do que hai que falar, señor conselleiro, diso é do que hai que falar. Hai que falar das negociacións bilaterais, continxentes e conxunturais que o único que fan é evitar ou sacar esa negociación do foco público. Efectivamente, eu defendo un estatuto electrointensivo transparente, da maior duración posible e que, por suposto, garanta a viabilidade da empresa.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Pero tamén o digo: non pode ser unha chantaxe sistemática aos poderes públicos por parte dos empresarios e das empresas. Porque é certo que o ten que pagar o Estado ou que o teñen que pagar os consumidores eléctricos; témolo que pagar o conxunto dos cidadáns dunha maneira ou doutra.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Polo tanto, señor Conde, está moi ben o mitin e está moi ben atacar o Goberno de Pedro Sánchez, que é o culpable das sete pragas de Exipto, pero estaría moi ben que executase as súas competencias...





**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Losada. Terminou o seu tempo.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** ...e que fixese algo de política industrial. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Losada.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Casal.

**O señor CASAL VIDAL:** Bo día e benvidos a todos os compañeiros de Ferroatlántica, Alcoa e outras empresas que nos acompañan.

Señor conselleiro, a verdade é que, escoitando esa Arcadia feliz da industria en Galicia que vostede nos relatou no mitin que nos votou, nos deixa un pouco desconcertados. Porque, como din os portavoces tanto do PSOE como do BNG, con todo iso que vostede nos conta, se sumamos as portadas, as declaracións, os miles de millóns e os miles de postos de traballo, en Galicia habería pleno emprego na industria, non chegaría a poboación total de Galicia para dar cabida a tanto emprego.

Pero hai unha realidade: levamos anos sen política industrial en Galicia, máis alá de favorecer intereses de certas empresas, que por esas si que se preocupan moitísimo; están todo o día aquí dicíndonos que hai que pensar en certo tipo de empresas —coas que teñen certo tipo de relación vostedes—. E agora, por fin, despois de moitos anos, vemos que xa hai política industrial en Galicia —acabamos de escoitalo de vostede—, e consiste en buscar a ver quen ten a culpa. Esa é a nova política industrial que non houbo nos últimos anos. E, por suposto, a culpa nunca a ten o Goberno da Xunta de Galicia.

A pesar de todos ese miles de millóns e dos miles de postos de traballo, hai realidade nos datos —díxoo o señor Losada—: o índice de produción industrial de Galicia non para de baixar e o emprego, o número de ocupados na industria en Galicia, non para de baixar. É que non poden desmentir os datos oficiais. ¿Como pode ser verdade toda esa Arcadia feliz que vostede nos comentou? O sistema produtivo galego debilítase tras anos de peches, cunha situación actual verdadeiramente alarmante, sen alternativas claras para renovar o tecido industrial e coa competitividade para captar investimentos en mínimos históricos. Eses datos, ao mellor, pode velos vostede todos os días non só nas estatísticas, senón nos periódicos. Galicia é a rexión, a autonomía, o país que menos captación de investimentos está conseguindo. Este ano creo que a cifra vai polos trinta millóns de euros —ben, creo que a cifra é de 2018—, a terceira parte que a do 2017; cantidades ridículas. Se tanto é así, cítanos unha soa empresa de máis de cen traballadores —empresa industrial— que nos últimos cinco anos montara unha planta de nova construción en Galicia; cítame unha.

¿Cales son os maiores problemas da industria galega? Pois, evidentemente —vou citalos todos por se non me dá tempo despois de entrar un por un—: o custo da enerxía, as facilidades para a deslocalización e a inacción nas políticas de recolocación, os orzamentos para I+D+i claramente insuficientes e mal enfocados, a precariedade laboral, a falta de capacidade política para captar investimentos, a falta de infraestruturas de transporte áxiles e eficaces, a renovación tecnolóxica e a conectividade, non desenvolver políticas que faciliten o peche



de ciclos produtivos e, por último, o que vai ser un dos maiores focos a nivel internacional de creación de desenvolvemento de postos de traballo e de economía industrial, que é a transición enerxética xusta que non deixa a ninguén fóra.

E iso hai que facelo con previsión, claro. O que non se pode facer é dicir: é que agora Naturgy decidiu pechar Meirama. ¿Pero iso vostedes non o temían desde hai catro ou cinco anos xa, tal e como ían os custos de dereitos de CO<sub>2</sub>? ¿E que fixeron neses cinco anos? Nada. ¿E agora? Botarlle a culpa a Naturgy e botarlle a culpa ao ministro de Industria. ¿Pero é que a transición ecolóxica, a transición enerxética é unha cousa de hai seis meses ou de hai nove meses? Señor conselleiro, un pouco de seriedade.

Ben, quédanme seis minutos; vou ver en que puntos podo entrar un pouco máis afondo.

Custo da enerxía: pero a ver, ¿quen implantou a lei que regula o sector eléctrico, a Lei 24/2013? ¿Sabe vostede quen gobernaba en España no ano 2013? ¿Quen levou o prezo do megavatio/hora maiorista a límites totalmente intolerables e deu renda solta á especulación do oligopolio nas poxa diarias? ¡Pero se aos poucos meses de establecelo as empresas deron indispoñibilidade en non sei cantos grupos e subiu un setenta por cento o megavatio/hora! ¿É que non se deron conta xa nos primeiros seis meses da existencia desa lei? E, a partir de aí, así chegamos aos setenta e cinco euros megavatio/hora, que van deixar as empresas destes señores fóra de xogo.

En Marea aquí quere mandar a todos os grupos unha mensaxe ben clara: deixemos o electoralismo. Non hai solución para estas empresas poñéndonos a parir entre nós; hai que poñerse de acordo, hai alegacións concretas ao estatuto de consumidores electrointensivos e na inmensa maioría estamos de acordo. É verdade que ao mellor non estamos de acordo naquelas que poidan prexudicar as empresa que vostedes —e tamén os señores do Partido Socialista durante moitos anos— protexeron, que son as grandes empresas eléctricas. Porque non se pode solucionar o problema das industrias electrointensivas, de toda industria e dos fogares soamente con medidas e parches; hai que atacar de cheo o cerne do problema, que é o prezo da enerxía maiorista.

En Marea leva dous anos e medio facendo moitas apostas e moitas propostas para cambiar todo o que leva o prezo do megavatio/hora a máximos en Europa. E En Marea, os deputados e deputadas que esteamos no Congreso, imos votar a favor. E se vostedes están a favor e os señores do Partido Socialista están a favor, darémoslles todo o mérito. Poderá saír aquí vostede dicir: conseguimos un estatuto de industrias electrointensivas que lles vai dar futuro a estas empresas, e En Marea aplaudirá; xa llo digo por adiantado. Pero iso si, que non faga recaer todo o custo nos fogares e no resto das empresas que se abastecen do sector eléctrico; ataquemos o problema de verdade. E non lle vou relatar as medidas, porque xa as ten vostede —imaxino que as lería—, que as rexistrou En Marea e as rexistraron o resto de partidos, incluso o Partido Popular; que, por certo, non contou cos traballadores para redactalas.

Facilidades para a deslocalización e inacción nas políticas de recolocación: ¿pero de verdade non van requirir a Ferroatlántica que cumpra as condicións da concesión das centrais hidráulicas? Agora xa non está cumprindo: non se mantén a produción e non se manteñen os



postos de traballo. ¿Non van facer nada? Díganos, polo menos, que están facendo algo e que non o poden facer público. Diga iso, polo menos, a ver se é verdade que están dicíndolle ao señor Villar Mir: non pode ser, non pode ser que vostede se abasteza da materia prima en Galicia con concesións públicas e teña a electricidade que podería ser a máis barata de calquera factoría de Europa. Con autoconsumo, Ferroatlántica podería estar cun custo de enerxía de doce euros o megavatio/hora, e preséntolle un informe cando queira para demostralo. ¿Que pasa? Que é mellor vendela a setenta e cinco e despois pechar as factorías. ¿Están facendo algo? Dígallo, aínda que sexa confidencial. ¿E van permitir que Poligal leve todo o coñecemento desenvolto en Fene a Polonia ou a Portugal? ¿Que están facendo?

Orzamentos de I+D+i claramente insuficientes: Galicia está no 0,89; vostedes, nos seus obxectivos estratéxicos, dicían que no ano 2020 ía estar no 1,7. ¿De verdade cren que, co que están a facer, chegaremos a 1,7 o ano que vén? ¿De verdade? Pero, ademais, non executan: nos últimos cinco anos, douscentos millóns de euros sen executar. E, ademais, hai que pivotar. Sabe vostede que nós apoiamos que a industria dos drones pode ter futuro algún día, é verdade. ¿Pero é lóxico investir neste momento a Xunta de Galicia cento cincuenta millóns de euros nas factorías do polígono de drones de Rozas, cando están estas empresas nesta situación? ¿Ao mellor non sería mellor tomar a decisión provisional de retirar o que quede —setenta, oitenta ou noventa millóns de euros— e desenvolver, por exemplo, un proxecto de baterías eléctricas para vehículos a base de fluxos de aire-aluminio? Sabe vostede que o futuro das baterías para os coches eléctricos é o aluminio; temos aluminio e temos factorías de coches: ¿non se pode tomar unha decisión estratéxica puntual? Paremos certo tipo de investimentos que son a medio prazo e desenvolvamos de maneira inmediata a tecnoloxía das baterías eléctricas para os vehículos. Ao mellor, nin cambiarían de opinión se ven que o Goberno da Xunta de Galicia ten unha aposta estratéxica polas baterías de fluxo de aire-aluminio.

Precariedade laboral: claro, ¿como van vir as empresas se as mozas e mozos máis preparados marchan e se se expulsa do mercado laboral os profesionais máis cualificados? Temos que exixir a Navantia que, cando faga o ERE presumible aos mil seiscientos ou mil setecentos traballadores, haxa un período de solapamento para que toda esa xente poida... Se vostedes estivesen no Consello de Administración de Navantia —como lles levamos pedindo toda a lexislatura, e non queren—, ao mellor poderían defender iso alí, que haxa un período dun ano ou de nove meses de transferencia de coñecemento.

Falta de capacidade política para captar investimentos: xa lle digo, díganos os datos de captación de investimentos. Xa se comentou, ¿por que o Goberno de Castela e León —que é de vostedes tamén— conseguiu un investidor para a parte menos tecnolóxica de Isowat-Made e, en cambio, para xoia da coroa dese grupo, como é Isowat, co contrato das fragatas diante, cos parques eólicos e con centos de millóns de euros de posible negocio para Isowat, o Goberno da Xunta de Galicia non encontra de verdade un investidor para esa empresa?

Falta de infraestruturas de transporte —isto vai polos señores do Partido Socialista—: é impresentable que nos orzamentos que vostedes presentaron non estiveran recollidas todas as conexións ferroviarias dos portos de Galicia e a conexión con... (*Murmurios.*) ¿Como é posible? Os portos galegos son os máis cercanos ao canal de Panamá, e no novo canal de Panamá



pasa o doce por cento do comercio mundial. A Coruña, Vigo e Ferrol están a mil douscentos quilómetros menos que Rotterdam, corenta horas de navegación. Mellorando un pouco... Claro, se chegan alí os contedores e non hai onde metelos... Cun investimento totalmente razoable, os contedores estarían en Berlín, en París, en calquera sitio de España, por suposto, moito antes que vindo dende Rotterdam, onde chega o noventa por cento do que vén dende o canal de Panamá.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor CASAL VIDAL:** Si, remato.

Renovación tecnolóxica: ¿como imos ter renovación tecnolóxica se a Industria 4.0 se basea na conectividade e estamos á cola da capacidade de conexión na maior parte de Galicia?

E, despois, non desenvolver políticas que faciliten o peche de ciclos produtivos: o que lles comentaba do silicio en Ferroatlántica e as obleas. ¿Por que as obleas o señor Villar Mir as leva para Puertollano, con quiñentos postos de traballo? ¿E o Goberno da Xunta que lle di? Se a materia prima está aquí e a primeira transformación está aquí, o produto final ten que estar aquí.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor CASAL VIDAL:** O mesmo digo do aluminio: temos a enerxía e temos as plantas de aluminio; as factorías de desenvolvemento de baterías de fluxo de aire-aluminio tiñan que estar en Galicia, en concreto, en Vigo.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Casal. Ten outra quenda despois.

**O señor CASAL VIDAL:** Creo que isto é falar de política industrial; o outro é falar dunha Arcadia que non sei se alguén xa crerá. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Casal.

Grupo Parlamentario Popular, señor Tellado.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** Grazas, señor presidente.

Señor Casal, sen querelo, vostede acábase de retratar perfectamente —e ao seu grupo— nunha das últimas cuestións que sinalou. Vostede criticando os orzamentos xerais do Estado presentados polo Partido Socialista: ¡pero se llos votaron a favor! (*Murmurios.*) ¡Pero non nos tomen o pelo! Vostedes votaron a favor deses orzamentos xerais do Estado que lle recriminaba ao Partido Socialista. ¿Vostedes están de broma? ¿Quérenlle tomar o pelo á xente? Vostedes votaron a favor deses orzamentos. Se estaban en contra, votaran co Partido Popular, porque nós rexeitamos uns orzamentos que castigaban a Galicia nada máis e nada menos que cun recorte do vinte e seis por cento das partidas destinadas a investimentos na nosa comunidade, mentres se lles adicaba un sesenta por cento máis de fondos a outras comu-



nidades como Cataluña. Polo tanto, vostedes son cómplices, cómplices necesarios do Partido Socialista, que está cometendo un ataque indiscriminado á industria galega; iso é o que está acontecendo. Vostede vén aquí rapinar uns pouco votos, pero defender Galicia non. Para defender Galicia nunca estiveron, e eu estou seguro de que os traballadores da industria galega saben que nunca van estar. Vostedes son oportunistas, directamente.

Mire, eu levo seis anos sendo deputado nesta cámara, e neste tempo eu vin o seu grupo político e os que o acompañan ao seu lado demandando o peche de empresas. Vostedes viñeron aquí pedir o peche de Reganosa, a planta de gas ubicada na ría de Ferrol; vostedes viñeron aquí pedir o peche da central térmica das Pontes, o seu partido; vostedes viñeron aquí pedir o peche de Ence e de Elnosa, e vostedes están en contra da ampliación das instalacións de Citroën. Iso é o que vostedes defenden, e, polo tanto, eu supoño que vostedes estarán moi contentos e moi satisfeitos vendo que agora teñen un Partido Socialista que é capaz de pasar das palabras aos feitos. Vostedes levan pedindo o peche de empresas aquí, en Galicia, durante moito tempo, e agora o Partido Socialista é o colaborador, o tonto útil desta esquerda radical que vostedes representan. Esa é a realidade. *(Balbordo.)* Se lles molesta o de tonto útil, retíroo e podo dicir tonto inútil, *(Aplausos.)* porque esa é a realidade: vostedes útiles para Galicia non son. *(Balbordo.)*

Hoxe compareceu o conselleiro de Economía, Emprego e Industria porque Galicia afronta unha grave crise e unha grave ameaza: o peche de industrias que son estratéxicas para a nosa economía, o perigo dunha posible nova recesión económica que se albisca no horizonte da nosa economía —e vostedes négano; é normal, xa o fixeron, isto xa aconteceu no ano 2008— e o máis importante, o impacto desa política irresponsable e desa recesión económica que se achega sobre o emprego da nosa comunidade.

A orixe desta tormenta perfecta non é outra que a desidia do Goberno de Pedro Sánchez, gústelles ou non lles guste e moléstelles ou non escoitalo. Hoxe Pedro Sánchez é unha ameaza para a industria electrointensiva do noso país: cinco mil postos de traballo están ameazados. Hai unha solución: o estatuto da industria electrointensiva e as alegacións que nós presentamos a ese instrumento. Se de verdade queren apoiar a industria electrointensiva, fagan as xestións necesarias —igual que fixo a Xunta e o Partido Popular— para instar o Goberno de Pedro Sánchez a que o aprobe. Non o deixen para o último día; este venres hai Consello de Ministros, ¡que se aprobe! E se non, calen a boca, porque vostedes, se non, serán cómplices dese Partido Socialista que ataca a Galicia e o emprego galego.

Centrais térmicas: ¡joia!, é que a súa irresponsabilidade e a intransixencia da ministra de Transición Ecolóxica supuxo xa o peche dunha central térmica na nosa comunidade e o anuncio do adiamento do peche da central térmica das Pontes, que podería funcionar ata o ano 2045. ¡Ah, non! A ministra quere pechala no ano 2030, porque é máis papista que o papa; nós queremos que funcione ata o ano 2045. ¿E por que? Porque é unha fonte de riqueza para As Pontes e unha fonte de emprego. Nas Pontes está a pensión media máis alta de Galicia; As Pontes é o segundo concello de Galicia coa renda per cápita máis alta, despois do concello de Oleiros. ¿E grazas a que? A unha central térmica. ¿Quen a quere pechar? O Partido Socialista. ¿Con que aliados e socios conta? Coas mareas de Podemos e co Bloque Nacionalista Galego. Esa é a traxedia á que nos enfrontamos.



Por se isto fose pouco, agora o que din é que queren pechar Ence; cinco mil empregos e oitenta mil familias que lle venden madeira a Ence todos os anos por valor de trescentos millóns de euros. Vostedes queren pechala e, por certo, van utilizar un instrumento, un real decreto, que vai ser unha ameaza para outras cen empresas de Galicia ubicadas en dominio público marítimo-terrestre, ¡cen empresas! Falamos de conserveiras, falamos de depuradoras e falamos de cocedoiros de marisco. Grazas, señores do Partido Socialista.

Sector do automoción: chegou Pedro Sánchez, fixo a graza dos motores de combustión e fixo a graza do «dieselazo». Xa vimos como o sector da automoción está padecendo unha caída de pedidos grazas ás incertezas que xerou o Partido Socialista e ás súas irresponsabilidades. Corenta e cinco millóns de euros do Plan Reindus e do Plan Ferrol desapareceron. ¿Con quen? Co Partido Socialista. Vostedes son os inimigos do emprego e os inimigos da industria; polo tanto, se queren non selo, poñan solucións, pero non cren problemas.

Sector naval —e eu son de Ferrol—: miren, vostedes promoveron unha moción de censura no mes de xuño. Unha semana antes, o Goberno de Mariano Rajoy, coa maioría parlamentaria que o sustentaba, deixou aprobados uns orzamentos xerais do Estado que contemplaban unha partida de douscentos cincuenta millóns de euros para comezar a serie de fragatas F-110. ¿Que fixeron vostedes dende xuño? Xuño, xullo, agosto, setembro, outubro, novembro, decembro, xaneiro, febreiro, marzo e abril: retrasalo dez meses. ¿Sabem onde están os traballadores da industria auxiliar? Están na casa man sobre man porque no poden traballar, porque a orde de execución das fragatas se firmou en abril, cando podía estar aprobada en xullo. Ese é o Partido Socialista e ese é o legado que vostedes deixan para a industria.

A verdade é que o Bloque Nacionalista Galego perdeu a ocasión de defender Galicia, porque sempre que ten que elixir entre os intereses partidistas de defender o nacionalismo ou defender Galicia, defende o nacionalismo. Por iso defenden vostedes fórmulas ruinosas para Galicia como a tarifa eléctrica galega, que, ademais de ser ilegal, sería un negocio ruinoso, porque teríamos unha electricidade máis cara que no resto do país.

Non son vostedes capaces de alzar a voz para defender Galicia e de criticar o Partido Socialista. E ¿por que? Porque cogobernan con eles alí onde poden. (*Aplausos.*) ¡Onde poden! (*Murmurios.*) Nas deputacións que queren eliminar e nos concellos onde aínda os segue votando a xente. Seguidismo e entreguismo; sigan vostedes así, que acabarán sendo un cero á esquerda, como xa o son no Congreso dos Deputados. Miren, o problema do sistema enerxético do noso país ten nome e apelidos: os problemas parten dun déficit de tarifa, que provoca un goberno irresponsable, de trinta mil millóns de euros. E a partir de aí podemos falar.

Falaba vostede de Alcoa: ¡joia!, é que o problema que agora está a vivir Alcoa xa sucedeu durante os sete anos que gobernou Mariano Rajoy ata en dúas ocasións —que eu recorde—. Nesas dúas ocasións buscáronse solucións para ter un prezo da electricidade estable e competitivo. Agora tócalles aos que quixeron gobernar a toda costa poñer solucións.

O estatuto da industria electrointensiva é unha oportunidade para atopar solucións se se escoitan as empresas do sector e se se escoitan as demandas dos traballadores. Nós imos de-



fender as alegacións que presentamos, porque cremos que son a solución. ¿Vostedes que van facer? ¿Defender o Partido Socialista e a Pedro Sánchez ou defender o emprego de Galicia e defender as industrias do noso país? O Partido Socialista está claro que vai defender a Pedro Sánchez, as mareas de Podemos exactamente igual, e o BNG probablemente o mesmo. Esa é desgraciada situación na que nos atopamos. Pechar empresas, como pretende o Partido Socialista, é pechar comarcas enteiras, e nós, dende logo, lamentamos a complicidade das mareas de Podemos e do Bloque Nacionalista Galego. Aquí do que se trata é de defender Galicia e de defender o emprego industrial de Galicia. (*Murmurios.*) E nós o que vemos é como defende cada un o seu partido e como defenden un señor que quere estar na Moncloa todo o tempo que poida e a calquera prezo.

Dende logo, nós imos seguir defendendo os intereses da industria electointensiva, nós imos seguir defendendo o emprego do sector da automoción, nós imos seguir defendendo o emprego do sector naval, nós imos seguir defendendo o sector forestal e Ence, imos seguir defendendo os empregos e imos seguir defendendo as persoas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Tellado.

Réplica, conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López):** Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, a verdade é que eu intentei, na miña intervención, deixar claro cales eran os obxectivos da miña comparecencia, e, polo tanto, non só facer unha diagnose da situación que está a atravesar a industria galega, derivada en gran medida das frivolidades que lamentablemente se están aplicando dende o Goberno en Madrid, senón tamén contraponer a ese escenario pouco prometedor todos os avances e todo o que está desenvolvendo o tecido industrial en Galicia. Polo tanto, as dúas terceiras partes da miña intervención adiqueinas a falar exclusivamente da política industrial en Galicia.

Eu entendo que vostedes non queren falar de política industrial, sinxelamente porque non teñen propostas, e que se adican, simplemente, a intentar desviar a atención sobre a realidade e sobre a política industrial que se está aplicando por parte do Goberno. Polo tanto, a miña presentación está clara: non é só sobre a política industrial do Goberno. Loxicamente, ao que non pode estar o Goberno é á marxe das decisións que se están tomando, neste caso, por parte do Goberno en Madrid e que afectan directamente a propia industria en Galicia.

Preocúpanos, señor Losada, que o Partido Socialista intente manter a posición que no seu momento tivo como ministro Pedro Solbes, cando recoñeceu que, efectivamente, xa se estaban dando eses indicios de que había unha desaceleración da economía. Dime que eu non nomeo institucións oficiais: eu remitinme ao Banco de España e á Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, que son as dúas institucións oficiais que están alertando de que así non se pode apoiar a economía e de que así non se pode apoiar a industria. E non son —



xa digo— ningún tipo nin de enquisas nin de referencias, senón que son o Banco de España, señor Losada, e a Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal.

Eu vin falar aquí da industria en Galicia, e sorpréndeme que a señora Presas intente trasladar que este goberno non estivo apoiando o sector da automoción e o sector naval; sorprendente. Parece, señora Presas, que vostede non estivo en Galicia os últimos dez anos e parece que vostede non estivo no momento no que, co sector da automoción, Galicia tivo que traballar para que PSA Peugeot-Citroën desenvolvese a furgoneta e o novo modelo V20 en Galicia. (*A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.*) Iso foi un traballo conxunto da administración, do tecido produtivo e dos centros de coñecemento que traballan en Galicia para poñer en valor as nosas capacidades e para que, nestes momentos, o sector da automoción teña unha perspectiva de dez anos, que son as mesmas perspectivas, señora Presas —que parece que non estivo estes dez últimos anos— que no sector naval. Porque este goberno foi o que traballou, xunto co Goberno de Mariano Rajoy, para salvar unha situación absolutamente crítica polo expediente do *tax lease* que o señor Almunia abriu aos estaleiros españois; e salvamos esa situación. Salvamos a situación e, nestes momentos, o sector naval está sendo o sector que está liderando a recuperación no conxunto de España, con trinta contratos en vigor, e estamos sendo a comunidade autónoma que desenvolveu o sesenta por cento dos contratos do ano pasado. E eu falei aquí do sector da automoción e falei do coche autónomo.

Navantia está desenvolvendo e diversificando a súa capacidade produtiva a través dos parques *offshore*, estamos desenvolvendo novos proxectos no sector naval e estamos desenvolvendo novos sectores estratéxicos.

Sopréndeme, señor Casal, que plantexe, simplemente, que pararía os investimentos de Rozas. Se algo precisa a economía —e sábeo perfectamente— é seguridade, estabilidade e confianza. Estamos desenvolvendo cento sesenta e catro millóns de euros de investimento público e privado, hai unhas expectativas certas, hai uns investimentos do sector público e do sector privado, ¡e vén aquí dicir que pararemos ese investimento! Señor Casal, para iso non conte con este goberno. Porque este goberno sabe que no sector aeronáutico e no sector de avións non tripulados temos unhas capacidades instaladas e temos a mellor infraestrutura a nivel europeo para desenvolver o proxecto de avións non tripulados, grazas ao investimento que está desenvolvendo o INTA e o Ministerio de Defensa. Polo tanto, seguiremos traballando co Ministerio e seguiremos traballando cos sectores produtivos para desenvolver este proxecto.

Eu aquí falei, señorías, da Industria 4.0, falei de innovación, falei de transformación dixital, falei de formación, falei de profesionalización, falei de internacionalización, falei de facilidades administrativas, falei de incentivos fiscais e falei de accesos ao solo empresarial. Falei, señorías, da política industrial da Xunta de Galicia, que está favorecendo o desenvolvemento, nestes momentos, de máis de dous mil millóns de euros de investimentos por parte das diferentes empresas, porque hai confianza no Goberno, porque hai capacidade instalada no noso tecido produtivo, porque temos persoal cualificado e porque temos capacidade para atraer investimentos.

Eu o que lles pido aos tres grupos da oposición é que apoiem o convenio que a Xunta de Galicia asinou coa Federación Galega de Municipios e Provincias. Non se pode vir aquí dicir que hai





un proceso de deslocalización e non apoiar que os concellos rebaixen impostos; iso non é lexítimo. Se vostedes queren realmente apoiar a política industrial, apoien tamén que os seus concellos, onde vostedes gobernan, reduzan os impostos, faciliten o acceso ao solo empresarial e permitan que cada vez se poidan impulsar novos investimentos. *(Aplausos.)* Teñen unha magnífica oportunidade para apoiar o Goberno e as políticas deste goberno.

Eu falei das competencias de política industrial da Xunta de Galicia, e permitíranme que eu teña que falar, loxicamente, daquelas políticas que non son competencia da Xunta de Galicia, pero que afectan a política industrial da Xunta de Galicia. E saben todos perfectamente que nestes momentos hai un denominador común que está afectando gravemente a política industrial da Xunta de Galicia e o tecido industrial en Galicia. Ese denominador común, señorías, saben que é, perfectamente, a política enerxética que está aplicando o Goberno de Pedro Sánchez. Unha política enerxética que ten que ir moito máis aló, señor Casal, dunha transición enerxética que simplemente defenda as renovables, que non apoie a industria e que vaia contra a industria. Unha política enerxética que ten que ir máis aló, se mo permite, señor Losada, de globos sonda e de rectificacións permanentes que están demonizando unha tecnoloxía como é o diésel, onde Europa é a principal competente e a que ten a tecnoloxía máis desenvolvida. Unha política enerxética, señora Presas, que ten que ir máis aló do peche das centrais térmicas como Meirama, sen nin sequera ofrecer ningún tipo de plans industriais alternativos e, lamentablemente, sen contar co apoio do Bloque Nacionalista Galego para defender eses postos de traballo, porque vostede segue mantendo que hai traballadores de primeira e hai traballadores de segunda. Unha política enerxética do Goberno que ten que ir máis aló das palabras e que ten que fixar dunha vez cal é ese prezo eléctrico estable, ese prezo competitivo que garanta a continuidade de Alcoa e de Ferroatlántica.

Falaron os tres, nas súas intervencións, da situación destas empresas, e saben perfectamente —eu, señor Losada, pódollo dicir con toda calma, con toda a tranquilidade e con toda a preocupación— que a planta de Alcoa en San Cibrao está gravemente en perigo. Está gravemente en perigo, sinxelamente, porque o Goberno non está dando as condicións, dentro do estatuto das empresas electrointensivas, para garantir un prezo que garanta a viabilidade das empresas electrointensivas e tamén de Alcoa San Cibrao; lamentablemente, tamén. *(Murmurios.)* E vostede sabe perfectamente que o futuro destas empresas non pasa, nestes momentos, por intentar desviar a atención sobre posibles investidores; sabe perfectamente que pasa por que o Goberno concrete un estatuto electrointensivo que concrete un prezo que garanta esa competitividade e que permita a garantía de viabilidade das empresas. *(Aplausos.)* Isto sábeno os traballadores e isto sábeno a Xunta de Galicia, e vostedes, sinxelamente, quéreno ocultar.

Nós presentámoslle as nosas propostas ao Goberno —e detalleinas na miña intervención—, propostas concretas, realistas e que poden dar unha solución a Alcoa e ao resto de empresas electrointensivas. O Goberno ten que establecer a categorización das diferentes empresas electrointensivas, ten que introducir reducións fiscais, ten que establecer bonificacións sobre as peaxes e ten que concretar, porque lle dá de marxe a Unión Europea o vinte e cinco por cento dos ingresos das subastas para adicar aos mecanismos de compensación de CO<sub>2</sub>, e aínda estamos esperando por unha concreción, aínda que sexa un venres enerxético para Galicia e para as empresas electrointensivas, por parte do Goberno.



Señora Presas, se o Goberno fixa un prezo eléctrico, non teña ningunha dúbida de que Alcoa terá futuro, (*Murmurios.*) pero pensemos en propostas realistas, porque, se non, seguiremos desviando a atención. Vostedes fan unha proposta: de novo, un antigo dirixente do Bloque Nacionalista Galego sae á luz pública para, simplemente, trasladar que sexan os españois e os galegos os que compremos esas plantas. Esa é a súa proposta, que os españois e os galegos compremos esa planta e que, ademais, asumamos nós o custo non só da compra a Alcoa, senón tamén o custo de mantemento; sorprendente. Sorprendente porque queren que fagamos iso sen resolver cales van ser as ofertas doutras empresas e sen saber cal é o prezo competitivo da electricidade. ¿Pero a quen queren enganar? ¿Que lles parece se todos os grupos parlamentarios lle dicimos ao Goberno socialista que concrete ese estatuto electrointensivo? Que sexa un estatuto, que sexa electrointensivo e que estableza o prezo competitivo para que as empresas poidan establecer unha oferta viable. ¿Que lles parece que empecemos polo principio? E, a partir de aí, escoitemos os investimentos que están presentando dende o punto de vista industrial e encontremos unha solución viable. ¿Que lles parece? ¿Pero a quen queren enganar? Outra vez as propostas nacionalistas que deixan de ser realistas dende o primeiro momento en que as plantexan.

Dende logo, señorías, este goberno non vai mirar para outro lado. Este goberno ten claras cales son as súas competencias en materia de política industrial e está exercéndoas. En materia de transformación dixital, de innovación, de formación e de internacionalización temos clara cal é a folla de ruta e estámola desenvolvendo co tecido produtivo e cos centros de coñecemento. Este goberno non vai mirar para outro lado ante unha política enerxética desordenada, unha política enerxética que non presenta alternativas, que é inxusta, que está traballando contra a industria e que, lamentablemente, xa derivou no peche próximo de Meirama e que pode derivar, se non se corrixe, no peche de máis empresas en Galicia. E, dende logo, este goberno —insisto— vai defender todos os postos de traballo e vai defender con total intensidade a industria deste país. En definitiva, señorías, nós seguiremos impulsando todas as iniciativas.

Señor Losada, pola súa referencia: dicíame que non sabía se serían responsables das sete pragas de Exipto, dicíame iso. Eu o que lle podó dicir é que o Goberno de Madrid aínda non solucionou nin a primeira; en materia de política industrial, nin a primeira. Eu creo que... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Entendo a súa situación. Confúndeme un pouco máis o señor Casal, que se ve obrigado a defender o Goberno de Pedro Sánchez porque o están apoiando en Madrid.

Dende logo, non contén coa Xunta de Galicia para —como lles dicía— mirar para outro lado, senón para defender con total intensidade. E coa mesma intensidade estamos a defender os postos de traballo de Alcoa, coa mesma intensidade estamos a defender os postos de traballo de Ferroatlántica, coa mesma intensidade estamos a defender os postos de traballo de Isowat e coa mesma intensidade estamos a defender os postos de traballo de Poligal, igual que defendemos con toda intensidade, sen o apoio dos grupos parlamentarios, os traballos de El-nosa e os traballos de Meirama.

Creo que, cando veñan aquí e queiran falar de política industrial e de política de emprego, deberían vir coa lexitimación de defender todos os galegos, porque aquí, señorías, estamos para defender o interese xeral.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)



**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

Agora ábrese un quenda de posibilidades. Hai unha possibilidade dunha quenda de... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Como vexan vostedes, tendo en conta... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Facémolo ou non o facemos? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ben, eu estou comentándoo con vostedes; ninguén vai aquí... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ben, xa vexo: á quenda. Veña.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

Eu só estaba tratando de... *(Balbordo.)* Pero ben, perfecto; que máis dá. Non hai problema ningún. Que non sexa por iso. *(Murmurios.)*

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** En todo caso, señor Conde, vimos coa lexitimidade de non ser os responsables de todos os postos de traballo de emprego industrial que levan destruindo vostedes na última década. Iso si que, desde logo, non nolo poden imputar. *(Aplausos.)*

Pregúntame vostede se estiven aquí os últimos dez anos. Eu entendo que resulta un pouco exótico que alguén de trinta e un anos tivera a fortuna de vivir neste país os últimos dez anos, porque é algo máis ben estraño, porque a maioría da miña xeración marchou fóra. *(Aplausos.)* Pero si, efectivamente, estaba aquí. Supoño que quen estaba pechado na torre de marfil de San Caetano sen enterarse do que estaba pasando coa clase traballadora galega era vostede, señor Conde; vemos que non lle interesan algunhas cuestións.

Ben, deslocalización: o que é inadmisíbel, señor Conde, é que a única estratexia que teña este goberno contra a deslocalización é que os concellos galegos infrafinanciados rebaixen os seus impostos. ¡É que esa é a súa única política contraria á deslocalización! E, polo tanto, iso si que non llo compramos. E hai concellos do BNG que asinaron ese convenio, pero asinaron ese convenio porque é un convenio chantaxista, porque corta as posibilidades de acceder a axudas por parte de moitos axentes se non o asinas.

Despois, outra vez a demagogia con Meirama e a demagogia con Ence; mire, non llo consentimos. Responsabilidade de Meirama: quen foi sacar fotos en campaña electoral á porta de Meirama foi vostede, señor Conde; non foi o BNG. ¡Si, si, vostede! *(O señor Conde López pronuncia palabras que non se perciben.)* Home, hoxe non a trouxen impresa, que xa case a teño aí gardada permanentemente. Efectivamente, faltaban uns meses para as eleccións e aí estaba, co señor Feijóo, dicindo que esa empresa se comprometía a facer os investimentos. Esa empresa xa dixo que non vai facer os investimentos; non sei, debe ser culpa do BNG. Pero, desde logo, algunha responsabilidade deben ter vostedes, porque non vixiaron nin que cumpriran coas emisións nin que cumpriran cos requisitos para adaptarse tecnoloxicamente. E así con todo.

Ben, como na primeira quenda non me deu demasiado tempo de entrar na industria electointensiva, si que quería falar dalgunha cuestión; para comezar, por todo o referente a Alcoa. Vexo que vostede non leu o informe; espero que algún día lea ese informe que onte fixo público a Universidade da Coruña da man da CIG, xa que outras... Vostedes logo din que



non hai propostas, pero tamén hai un documento de proposta sobre a automoción, deste mesmo sindicato que lles dá alerxia, e un documento sobre as necesidades do sector eléctrico enerxético no sector electrointensivo, que supoño que tampouco leron porque son así, un pouco sectarios desde a Xunta de Galiza, aínda que sexa o sindicato maioritario. Pero en fin, por propostas non será.

Nós o que estamos poñendo enriba da mesa é unha alternativa que vén na súa sacrosanta Constitución, que se puxo en marcha noutros países —temos a experiencia mesmo de Italia coa propia Alcoa— e que é unha posibilidade, porque nós o que estamos é preocupados e preocupadas por que pasa o 1 de xullo se non hai comprador. Porque ogallá, se teñen mañá ou esta semana esa mesa de seguimento, haxa compradores en firme, ogallá non cheguemos a ese punto, ¿pero que pasa se o 1 de xullo non temos solución enriba da mesa? ¿Miramos uns para os outros? Haberá que ter todas as alternativas exploradas, e iso é polo que apostamos. E mentres, traballamos, porque temos traído unha e outra vez propostas sobre este sector a esta cámara e porque o propio BNG alegou ese estatuto de electrointensivas. Coincidimos en que é insuficiente e coincidimos en que é unha tomadura de pelo o proceso de elaboración dese estatuto, que se demorou no tempo máis do debido e que se vai aprobar en campaña electoral; niso coincidimos, no que non coincidimos é noutras cuestións. Tamén, entre as alegacións que presentou o BNG, está que vostedes exerzan de Goberno galego e que teñan unha negociación bilateral co Goberno central, que é algo que nós votamos de menos nos últimos meses.

En todo caso, a min o que non me parece responsable é vir sen dicir nada novo sobre Alcoa e alertando, por riba, sobre San Cibrao. No pleno pasado, o BNG ofertou a posibilidade de que todos os grupos votásemos favorablemente unha táboa de reivindicacións do propio Comité de Empresa de Alcoa San Cibrao, e o Grupo do Partido Popular non quixo. Entón, ¿que colaboración cos traballadores? As que lles conveñen, pero non as que eles están a exixir neste momento. En todo caso, nós seguiremos traballando da súa man para intentar unha saída nesta cuestión.

E remato volvendo a Ferroatlántica. Hoxe, señor Conde, mentres vostede elude falar sobre esta cuestión, hai trinta persoas que xa non están volvendo ao seu posto de traballo, entre auxiliares, temporais, etc. Hoxe, mentres vostede non fixo nin unha soa mención a Sabón, sabe perfectamente que, malia os acordos parlamentarios que impulsou o BNG nesta cámara, se está deslocalizando a produción a Puertollano. Sabe vostede perfectamente iso, pero vese que o Partido Popular ten algún interese en non plantarlle cara a Villar Mir. Eu preguntolle: ¿ata cando?

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Porque ogallá —e insisto— en todas as empresas que están en crise neste momento no noso país tivéssemos as posibilidades abertas que hai en Ferroatlántica.

En todo caso, remato cun compromiso para os traballadores e traballadoras que nos están seguindo, tanto de Ferroatlántica como de Alcoa, como de Isowat, como de Poligal, como de



todas as empresas que neste momento están sufrindo a falta de compromiso da Xunta de Galiza: desde logo, por nós non ha quedar; estaremos sempre da man deles para acadar propostas que busquen unha solución.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas. Terminou o seu tempo.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** E cando o Goberno galego queira ceder e dialogar tamén coa parte social, estaremos aí. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Losada.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Grazas, señor presidente.

Señor Casal, efectivamente, nós concordamos con vostede en que é imprescindible a conexión dos portos galegos por ferrocarril coa rede europea. Eu pediríalle a En Marea que apoie a actuación do dique de Bouzas para ampliar a capacidade de carga do porto de Vigo.

A ver, señor conselleiro, a verdade é que dixo unha cousa bastante ilustrativa: dixo que a reivindicación de buscar investidores era desviar a atención. Claro, así se explica o 0,19 por cento do investimento estranxeiro que Galicia recibiu no último ano, tendo o cinco por cento do PIB. Con esa proactividade, efectivamente, así se explica.

Estaría moi ben que revisase o programa do seu partido, que presentou o señor Casado un destes días, e vise a referencia explícita que aparece ao estatuto de empresas electrointensivas, que é cero, e vise tamén mesmo a referencia explícita que aparece respecto á política industrial no seu conxunto, que é outro cero. Eu creo que é un bo indicador da preocupación profunda do Partido Popular pola política industrial. *(Aplausos.)*

Só, moi brevemente, tres sectores. ¿Sabe cal foi o maior fracaso industrial dos últimos anos en Galicia? O fracaso do Plan eólico. Afundiron o Plan eólico do Bipartito e logo xeraron unha especie de monstro que quedou en nada, señor Conde, ¡en nada! Porque sabe perfectamente que o primeiro muíño ou o primeiro parque eólico que se construíu en Galicia que se iniciara xa co Goberno do señor Feijóo inaugurouse o 23 de novembro do ano 2018: Muxía I e Muxía II; primeiro e último. O único parque *made in* Feijóo é ese, e levan gobernando case dez anos. ¡Oia! ¿Onde están aqueles seis mil millóns de euros de investimento e aqueles catorce mil empregos? ¿Recorda o power point? É verdade que non era vostede conselleiro, pero seguro que o recorda.

No sector naval, PYMAR e o Instituto de Crédito Oficial acaban de firmar un acordo de financiamento para renovar os créditos ata o ano 2023. ¿Por que non está aí o Igape? ¿Por que non está aí a Xunta de Galicia cando a comunidade autónoma de Galicia é a máis importante en termos de estaleiros privados de España?

En termos de Ence, mire unha cousa: a modificación da Lei de costas do ano 2015 é do señor Arias Cañete, que, claro, seguro que sabía moito de latifundios andaluces, pero vese que non



sabía moito de costas. Pero é do señor Arias Cañete; a ver se vai resultar agora que é o señor Pedro Sánchez o que funde as bateas na ría de Arousa. (*Aplausos.*) Non, non é. E en Ence, señor conselleiro, unha emenda presentada polo Partido Popular o día 8 de xuño de 2010 dicía textualmente: «(...) o traslado da empresa Ence fóra da ría de Pontevedra, no prazo máis breve posible, e, en todo caso, antes do ano 2018». Ben, pois parece que cambiaron un pouco de idea, o cal está ben, pero recoñezano, conten toda a versión, conten toda a historia; é lexítimo cambiar de posición, pero convén que o conten.

Mire, voulle falar eu, moi brevemente, da súa política industrial. Maio de 2018: un millón novecientos mil euros para unha campaña publicitaria; febreiro de 2019: tres millóns novecientos cincuenta mil euros ao servizo para a realización dunha campaña publicitaria en materia de transformación dixital no ámbito da empresa; Consellería de Economía, Emprego e Industria. (*O señor Losada amósalles un documento aos membros da Cámara.*) Non me mire con cara de sorpresa, porque está sacado da plataforma da Xunta, salvo que sexa unha inocentada, pero ben. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Convenios de colaboración en outubro de 2018: trescentos mil euros. É dicir, máis de cinco millóns de euros en menos dun ano en publicidade e propaganda. Señor conselleiro, ¿de verdade que están vostedes para vir aquí e encher a boca falando de política industrial?

E imos falar tamén un pouco de execución orzamentaria. A verdade é que quedei sobrecolido, porque o flamante gurú económico do señor Casado, o señor Lacalle, nunha entrevista publicada no Faro de Vigo o venres pasado, dixo textualmente: «*El Gobierno de Galicia ha tenido una ejecución presupuestaria modélica*». ¡Cojonudo! ¡Modélica! —perdón—.

Axencia Galega de Innovación: dous euros de cada tres gastados; vinte e seis millóns de euros que non gastaron. Falabamos de Ucraína e de Turquía, agora andamos con Eslovaquia e México; en fin, estamos aí, nese ecosistema de innovación. Igape: 47,4 por cento de execución. Inega: cincuenta por cento de execución. Pero o que aínda é máis grave: en todos os programas de formación e de emprego, un cincuenta e seis por cento de execución, señor conselleiro. E, á vez, temos que ler antonte este titular, que non fixo Abel Losada nin o Partido Socialista de Galicia: «*La industria gallega necesitará casi 25.000 trabajadores para renovar sus plantillas*». E volvo repetir: escasamente un cincuenta e oito por cento, trescentos vinte millóns de euros sen gastar.

**O señor PRESIDENTE:** Remate.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Eu xa sei que é un tema plurianual e, en fin, esta historia que nos conta sempre. Pero —volvo repetir— nalgún momento ese N da anualidade rematará, chámase superposición, ¿non? Claro, é que se non... O infinito e os milagres son unha cuestión da teoloxía, e eu non creo.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** E claro, isto explica por que as modificacións orzamentarias de decembro do ano 2018 sacan da Consellería de Economía e Emprego só cento vinte e dous millóns de euros. Este ano non sabemos onde van, porque non nos mandaron a información.



Con iso non digo que vaian a Suíza, ¿eh?, digo que non sabemos onde van; pero, en todo caso, sacan cento vinte e dous millóns de euros.

E, señor conselleiro, falounos hoxe do novo programa ReEmprende e etcétera do 2019. Oia, acaban de sacar unha encomenda de xestión a Tragsatec, publicada o 4 de marzo, para a avaliación dos expedientes da convocatoria do 2017.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, señor Losada, por favor.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Señor conselleiro, escoitou ben: acaban de sacar unha encomenda de xestión para estudar os expedientes correspondentes a 2017, e vén aquí contarnos unha milonga dos do 2019, que van mobilizar non sei cantos millóns de euros.

**O señor PRESIDENTE:** Terminou o seu tempo.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Non nos tome o pelo.

Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Casal.

**O señor CASAL VIDAL:** Señor conselleiro, segundo o noso criterio, vostede non falou de política industrial; vostede fixo un relatorio de empresas con relativos e teóricos éxitos —esperemos que sexan reais— que, por suposto, vostede se anota todos no activo. Pero este goberno só ten activo, é un ente curioso; todos os entes teñen activos e pasivos, pero o Goberno da Xunta de Galicia só ten activo e, ademais, é un activo que normalmente pertence a outros, ou sexa, que se adxudica a través de portadas de periódicos e declaracións permanentes.

Despois di que está a defender os postos de traballo de Alcoa, de Ferroatlántica, de Poligal, de Isowat, etc., pero é que estamos xa fartos na comisión e nos plenos do «estamos facendo», «estamos traballando en», «estamos estudando»... ¿Pero que? ¿Que están facendo? Díganos concretamente, dígalles aos traballadores concretamente que están facendo. ¿Pensan que as súas alegacións ao estatuto de consumidores electrointensivos é a única alternativa? ¿Que todo o que presentou a oposición, o que presentou En Marea, non ten ningún valor? ¿Que non hai que ter en conta, ao mellor, certas cousas? ¿Que, ao mellor, pensamos algunha cousa que vostedes non pensaron? Nós apoiamos varias das súas propostas neste pleno. Réviseo.

Pero díganos que está facendo en Ferroatlántica, díganos: mire, reuníme a semana pasada co señor Villar Mir, ou co seu xenro, o amigo de Villarejo —ao mellor é mellor que non vaia falar con ese, porque seguro que grava a conversación e xa veremos o que pasa despois— e díxenlle isto, díxenlle que non están cumprindo o concurso, que isto non pode ser. Non lle imos quitar as centrais, porque as centrais son imprescindibles para que se manteña a pro-



dución, efectivamente; pero hai que dicirlles que non pode ser, que non pode ser que o ano pasado venderan setecentos mil megavatios/hora no mercado a unha media de sesenta e cinco ou setenta euros e que non quedara nada para as factorías.

Vostede seguro que foi por alí; calquera que bote unha ollada a como está Ferroatlántica en Cee pode ver un pouco o nivel tecnolóxico, o desenvolvemento e os investimentos. Nos últimos dez anos Ferroatlántica debeu de ingresar —non o sabemos, porque as contas son unha cousa tamén... para falar noutro momento; ben, xa o falamos moitas veces— arredor de trescentos millóns de euros nos últimos dez anos; cartos que saíron da auga de todos os galegos. ¿Onde están eses trescentos millóns de euros ou unha parte deles? ¿Que gañan o sesenta por cento? Pois que invistan cento vinte millóns de euros en mellorar a factoría, que invistan en montar a factoría de obleas fotovoltaicas alí, xa que temos un porto que pagou a Xunta de Galicia; hai alí uns terreos que se poderían dotar para facer un polígono industrial portuario, alí podería estar esa factoría e dende alí poderían saír exportadas a todo o resto do mundo. ¿Algunha vez falou diso co señor Villar Mir? Contesteste ás cousas ou diga: non, non o vin correcto por isto e por isto; pero conteste.

Isowat: ¿como é posible que unha empresa que fai ferros, como é Made en Medina del Campo, teña xa investidor, e para Isowat, cunha carteira posible de clientes enorme —ademais, aquí en Galicia, coas fragatas, os parques eólicos e todos os cadros eléctricos de regulación, estimamos que uns setecentos millóns de euros de posibilidade de contratación—, como é imposible conseguir un investidor? E o mesmo podemos dicir de Poligal.

Despois a vostede parécelle raro que digamos que, ante unha situación de emerxencia, se module —non dixemos que se suprimise— o investimento en I+D en Rozas. En Rozas vos tedes sempre din que hai douscentos, douscentos cincuenta, douscentos corenta postos de traballo, pero non se ve claramente que alí haxa unha evolución importante de expectativas laborais a curto prazo, non se ve; ao mellor vostede tenas, pero eu non conseguín esa información nunca. Nin parece que a industria dos drones dentro de tres ou catro anos xere miles de postos de traballo; en principio non está moi claro. O que está claro é que, se investimos no sector tractores de Galicia, eses resultados serían moito máis razoables, na industria do aluminio; na industria ligada ao automóbil; na industria agroalimentaria, que é o futuro —a industria agroalimentaria biosustentable—; nas aliaxes e nas novas enerxías.

Porque, claro, aquí cando hai crise pódense baixar os salarios aos traballadores, despedir traballadores ou regalar corenta mil millóns de euros aos bancos, pero non se pode modular unha política de investimento en I+D. Encontrei agora un titular e non sei se terá algo que ver con isto. Unha das adxudicatarias do polígono de Rozas é Indra, e o titular di: «Indra admite que non pode xustificar pagos dun millón de euros que acabou na caixa B do Partido Popular». Dígame claramente que non ten nada que ver con isto a imposibilidade absoluta de remodelar os investimentos.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

Estamos de acordo —xa llo dixen— co sector da mobilidade autónoma, pero pensamos que hai outras prioridades, e un goberno, ao mellor en certos momentos, ten que tomar decisións duras para atender esas prioridades de urxencia.





E xa digo: quédalle unha última intervención —non sei o tempo—, respóndanos a algo, diga que está facendo en concreto, que está facendo por Ferroatlántica e por Alcoa, con quen se reuniu e de que falou. E se algo é confidencial, diga: mire, falamos deste tema, pero as conclusións son confidenciais; aceptámosllo.

Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Casal.

Polo Grupo Parlamentario Popular, señor Tellado.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** Grazas, presidente.

Señor Casal, está todo moi ben, pero vostede perdeu a ocasión de dicir aquí, diante dos traballadores das industrias electrointensivas de Galicia, que o seu partido non vai apoiar a Pedro Sánchez nunha hipotética investidura se antes non arranxa o problema das electrointensivas; perdeu a ocasión de facelo. Porque o único certo é que este problema o creou o partido a quen vostedes apoian, o Partido Socialista.

A verdade é que se falou aquí de programas electorais, e eu alégrome, porque mire: o programa electoral de Podemos, señor Casal, ¿sabe que di con respecto ás centrais térmicas? Que queren pechalas no ano 2024 —estamos en 2019—, vaia ás Pontes contalo. Igual por iso agora a súa compañeira, a señora Yolanda Díaz, se presenta pola provincia de Pontevedra. ¿Pero quérennos tomar o pelo? Con este programa e dinnos vostedes que defenden o emprego industrial de Galicia. ¿En serio que nos queren convencer diso? É mentira. Vostedes teñen unha lista de empresas boas e empresas malas, empresas que queren pechar, e, polo tanto, eses traballadores non valen nada e a vostedes non lles importan. Aquí non hai traballadores de primeira e traballadores de segunda, ¿eh?, aquí hai que defender todos os postos de traballo. Se non, estamos ante cinismo político puro e duro.

O mesmo lle pasa ao Bloque Nacionalista Galego, que vén aquí dar leccións de compromiso coa industria. ¿Pero que compromiso, se no seu programa electoral vén como proposta o peche de Ence? Ese é o seu compromiso. *(Murmurios.)* Polo tanto, para estes señores hai traballadores de primeira e traballadores de segunda. Mire, para nós os traballadores de Alcoa, os traballadores de Ence, os traballadores de Ferroatlántica, os traballadores de Reganosa, os traballadores de Meirama, os traballadores das Pontes e os traballadores de Poligal, todos valen o mesmo e todos teñen o noso respecto e o noso apoio. *(Aplausos.)*

Hoxe temos trinta e nove mil oitocentos parados menos que cando chegamos ao Goberno en abril do 2009, e o paro baixou un dezanove por cento, gústelles ou non lles guste. E iso fixémoslo nós co esforzo dos galegos e das galegas, porque aquí nada é gratis, salvo cando goberna o Partido Socialista. Hoxe temos cen mil afiliados máis á Seguridade Social que en xaneiro do 2014, gústelles ou non lles guste; dende o peor momento da crise económica, cen mil afiliados máis á Seguridade Social. E agora todo ese esforzo está en perigo por un goberno irresponsable do Partido Socialista.



Señora Presas, con respecto a Meirama: mire, é que a empresa Naturgy non vai investir para continuar en funcionamento porque a ministra de Transición Enerxética dixo que unhas centrais que podían estar funcionando ata o ano 2045 teñen que pechar no ano 2030, e Naturgy o que dixo é que, polo tanto, o investimento non se podía facer competitivo nese período. ¿Que pasou nas Pontes? Que nas Pontes xa estaba o investimento en marcha, se non, a irresponsabilidade do Goberno Socialista pecharía as dúas centrais térmicas; esa é a realidade.

Señor Losada, a verdade é que nós pensabamos que era difícil caer máis baixo que o señor Javier Losada, o delegado do Goberno anestesista que día si e día tamén insulta a intelixencia dos galegos, pero hoxe, grazas á súa intervención, o que puidemos comprobar é que o que queda perfectamente claro é que o PSdeG-PSOE se prega a Pedro Sánchez. O PSdeG-PSOE renuncia a defender os intereses de Galicia e dos galegos; vostedes están ao servizo de Sánchez e dos seus intereses. Non van defender o emprego de Galicia e non están dispostos a dar a cara, igual que fai o señor Javier Losada, anestesista e que exerce de anestesista todos os días dende a Delegación do Goberno. Proba evidente diso é ver as redes sociais que dirixe; por certo, sancionadas pola Xunta Electoral. Vostedes danlle as costas a Galicia e apoian a Pedro Sánchez; esa é a realidade.

Vostedes non van dar a cara para defender a industria electrointensiva, vostedes non van dar a cara para defender o sector forestal e a permanencia de Ence e dos empregos que dependen dela, vostedes non van dar a cara para defender a automoción, vostedes non van dar a cara para defender o sector naval na ría de Ferrol; vostedes están en contra da industria. Polo tanto, aquí están as palabras e aí están os feitos: estes queren pechar empresas e vostedes son o brazo executor desa política destrutiva da esquerda galega. Quizás por iso vostedes están dese lado da Cámara, da parte da oposición, porque os galegos non os votan e os galegos non os queren. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

A realidade é que, logo de dúas horas debatendo sobre economía e industria, podemos comprobar que hai dous modelos e podemos confrontar un modelo co outro: un modelo que é o modelo do peche de empresas e do desmantelamento de sectores produtivos fundamentais para Galicia, e outro modelo que é o do crecemento, o da creación de emprego e o do fortalecemento da nosa economía.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** E, logo de dúas horas escoitando as receitas socialistas, que consisten en non facer nada; logo de escoitar as receitas nacionalistas, que consisten en apoiar teses nacionalistas aínda que lle vaian mal a Galicia, e logo de escoitar un discurso hipócrita do populismo galego, nós temos que dicir que só hai unha lectura positiva posible, e é que a nosa obriga é defender Galicia, a nosa obriga é defender os postos de traballo dos galegos e das galegas e defender a industria deses ataques irresponsables dun socialismo...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** ...que malamente chegou á Moncloa perdendo as eleccións.



**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Tellado. Terminou o seu tempo.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** Estou seguro de que os galegos e as galegas saberán que facer o 28 de abril. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Peche da comparecencia, señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López):** Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Presas, fáleme vostede da deslocalización e insiste en que os concellos nos que gobernou o BNG non colaboren co Goberno nunha alianza na cal traballamos conxuntamente. Eu pódolle dicir que esta Xunta de Galicia estableceu rebaixas do solo por un equivalente a sesenta millóns de euros precisamente para favorecer a accesibilidade e o prezo do solo. Este goberno investiu máis de novecentos millóns de euros mobilizados en materia de innovación, setecentos cincuenta millóns de euros adicados á Industria 4.0 e máis de mil douscentos millóns de euros mobilizados grazas ao financiamento aportado a todas esas empresas que están nestes momentos investindo en Galicia. E este goberno está dando formación á medida das empresas que precisan, precisamente, persoal cualificado para desenvolver os seus proxectos. Nós o que lles pedimos aos concellos é que, sen repercutir negativamente nos ingresos fiscais actuais, simplemente, colaboren e apliquen as bonificacións que lles permite a lei. Iso é un tema de responsabilidade, é un tema de país e é un tema de compartir unha estratexia en materia de política industrial. Polo tanto, eu invito a todos os grupos a que os concellos onde gobernan poidan firmar ese convenio entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios, precisamente para seguir traballando para localizar e para fixar tecido industrial en Galicia.

Tanto vostede como o señor Casal pídenme que fale de Ferroatlántica, por suposto. Xa o dixen: Ferroatlántica está ameazada, e a fábrica de Sabón especialmente, se non hai unha decisión en materia do estatuto de electrointensividade por parte do Goberno. Saben perfectamente vostedes, saben perfectamente os traballadores e sabe perfectamente a Xunta de Galicia que Ferroatlántica Sabón é unha das empresas máis electrointensivas que temos en Galicia, xunto con Alcoa, e se non hai un prezo eléctrico que sexa competitivo e que sexa estable, Sabón non terá viabilidade. Polo tanto, este goberno vai seguir traballando para que se dea un estatuto que dea garantías en termos de prezo; aí é onde encontrarán o Goberno.

Os traballadores de Ferroatlántica saben que este goberno sempre cumpriu a palabra dada, e no momento en que se precisou o compromiso do Goberno para non permitir a segregación, este goberno dixo que non; díxolle non a Ferroatlántica. *(Aplausos.)* Este goberno vai ser o garante de que se cumpran todos os compromisos vinculados ás concesións hidroeléctricas; sábeno os traballadores, sábeo a empresa e sábeo, dende logo, toda a Cámara. Seguiremos garantindo que se cumpran todos os compromisos que ten Ferroatlántica coas



centrais e, polo tanto, tamén co mantemento da actividade industrial, señor Casal, de ferroalixas, que ese é o compromiso vinculado coas concesións hidroeléctricas. Se hai un incumprimento, non teñan ningunha dúbida de que este goberno actuará con toda a firmeza para garantir que se cumpran os compromisos con Galicia e cos galegos.

Señor Losada, fáleme vostede do Plan eólico; sorpréndeme, teño que recoñecer que me sorprende. Sorpréndeme que vostede me fale do sector eólico cando foi precisamente este sector o que pagou a factura eléctrica de Zapatero, sábeo perfectamente; *(Murmurios.)* unha política desordenada que se repite agora coa ministra de Transición Ecolóxica. Sabe perfectamente que esa política que apoiou o desenvolvemento de renovables levou a que este país tivera que asumir un déficit de tarifa de trinta mil millóns de euros derivado desa política enerxética na que estaba apostando o presidente Zapatero polas renovables. *(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)* Desa decisión viu ese déficit de tarifa do tres por cento do produto interior bruto que tivemos que pagar entre todos. ¿E agora fáleme vostede do sector eólico? *(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)* Eu pódolle dicir —e vostede sábeo— que o sector eólico se está a recuperar e que Galicia está recuperando o liderado. E vostede sabe que, nestes momentos, hai dezasete parques eólicos en construción —catrocentos quince millóns de euros que se están investindo— e que teñen que estar en funcionamento antes do 30 de decembro do ano 2019. *(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)* E sabe que iso foi grazas ao Goberno de Mariano Rajoy, *(Balbordo.)* porque, efectivamente, impulsou as subastas de renovables que hoxe están permitindo desenvolver estes proxectos. *(Murmurios.) (O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)*

Ben, señor Losada... *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López):** Eu remítome aos datos e remítome á realidade. Vostede entendo que ten que defender o indefendible *(Murmurios.)*: no seu momento tivo que defender o señor Zapatero e agora ten que defender o señor Pedro Sánchez. *(Murmurios.)* Eu entendo perfectamente a dificultade que ten, señor Losada; enténdoo perfectamente. *(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)* Pero, lamentablemente, os datos son os datos. *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López):** O señor Zapatero fundiu o sector eléctrico e o sector eólico en España e xerou un déficit de trinta mil millóns de euros. *(Murmurios.) (O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, señor Losada, por favor.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López):** Sabe perfectamente cal foi a situación. *(Murmurios.)*

Fálame vostede da execución. ¡Pero se o sabe, señor Losada! ¡Sábeo perfectamente! ¿Doulle un dato? Execución dos fondos europeos, no marco 2007-2013, da Xunta de Galicia: cento



nove por cento. ¿Que lle parece? (*O señor LOSADA ÁLVAREZ*: Estupendo.) Magnífico. (*Risos*.) Sabe perfectamente que a execución e os compromisos adoptados pola área de Emprego en materia de créditos comprometidos están situados no oitenta e cinco por cento, igual que os do Igape, e sabe perfectamente que moitos deses créditos son de aplicación plurianual para que se poidan desenvolver os proxectos. Sábeo perfectamente, e quere vir aquí confundir sobre a execución da área de Emprego e da área do Igape. (*Murmurios*.)

Señor Casal, os traballadores de Isowat saben perfectamente quen está ao seu lado; sábeno perfectamente dende o primeiro minuto. E saben perfectamente todas as xestións que este goberno está desenvolvendo para defender os seus postos de traballo; sábeno quen o ten que saber. Os traballadores saben que seguiremos traballando para poder atopar unha solución e saben perfectamente que non deixamos de desenvolver ningunha actuación e ningunha xestión para defender os seus postos de traballo. Farémolo cos traballadores de Isowat, igual que o estamos facendo cos traballadores de Ferroatlántica e cos traballadores de Alcoa; con todos, señorías.

A min gustaríame que a mesma intensidade que vostedes trasladaron hoxe a tiveran no seu momento cos traballadores de Elnosa, a tiveran cos traballadores de Meirama e a tiveran, no día de hoxe, tamén cos traballadores de Ence. Lamentablemente, vostedes seguen establecendo políticas que non son as mesmas, porque parece ser que os traballadores, para vostedes, non son os mesmos. Para nós si, nós defendemos o interese xeral e seguiremos defendendo todos os traballadores.

Pero, señorías, lamentablemente, o que non pode ocultar este goberno —e seguiremolo dicindo— é a política enerxética que está desenvolvendo o Goberno de Madrid, o Goberno de Pedro Sánchez. Unha política enerxética que xera unha profunda preocupación, primeiro, porque xera incertezas en todos os sectores industriais, e segundo, porque xera incertezas nos investidores, está xerando inseguridade xurídica e está xerando tamén un castigo inxustificable á industria galega. Son dez meses, señorías, en que o Goberno quere plantexar unha transición enerxética que está levando a cabo unha ruptura enerxética, e esa ruptura enerxética pode acabar con postos de traballo en Galicia no sector industrial. Nós seguiremos defendendo, dende logo, que iso non ocorra, dando unha resposta unánime de defensa da industria e de defensa dunha política enerxética que garanta a viabilidade da industria.

Nestes momentos temos un Ministerio de Transición Ecolóxica, temos un Ministerio de Industria e temos un goberno presidido por Pedro Sánchez que están contra a industria, porque están desenvolvendo unha transición enerxética que está penalizando claramente o desenvolvemento industrial e está poñendo en perigo, nestes momentos, máis de dez mil postos de traballo en Galicia. E o que lle dicimos ao Goberno de Pedro Sánchez —gústelles ou non lles guste— é que así non, así non se apoia a industria e así non se apoian os postos de traballo. (*Aplausos*.) Dende logo, por aí non nos atopará.

Seguiremos vindo falar a este parlamento de política industrial de Galicia, remitíndonos aos feitos que levamos desenvolvidos durante estes dez últimos anos. Porque durante os dez últimos anos este goberno, traballando co tecido produtivo e traballando coas universidades e cos centros tecnolóxicos, está permitindo tomar decisións que garantan a viabilidade do sec-



tor industrial e que fixen tecido industrial en Galicia. Porque Galicia está tomando decisións que afectan as persoas: estamos permitindo que o desemprego volva a niveis anteriores á crise e recuperamos máis de cen mil afiliacións, superando de novo o millón de afiliados. Galicia está tomando decisións pensando na economía e no seu tecido industrial, coa Lei de implantación empresarial e co impulso dos concellos emprendedores, e tamén favorecendo as iniciativas empresariais prioritarias que permiten a redución dos prazos de tramitación á metade. E Galicia segue tomando decisións, señorías, pensando na transformación dixital e na innovación —nesa importancia de investir na Industria 4.0—, investindo no I+D e tamén dotando de financiamento os proxectos para que poidan converter as súas ideas e poidan desenvolver os seus proxectos. Un modelo galego, señorías, que está apostando pola estabilidade, pola solvencia, pola credibilidade e tamén pola competitividade.

Eu remítome aos feitos: trasladeilles os investimentos que se están desenvolvendo en Galicia, a maioría deles con apoios da Xunta de Galicia en materia de innovación, en materia de financiamento e en materia de industrialización. Son dous mil millóns de euros que están permitindo que hoxe PSA Peugeot-Citroën aposte por Galicia; que Benteler aposte por Galicia; que Boeing, Babcock e Indra estean apostando polo sector aeronáutico galego; que Bandalux, Greenalia, Coren, Inleit, Dairyac e Entrepinares estean apostando por Galicia.

Señorías, Galicia ten presente e ten futuro industrial, e seguiremos traballando. Dende logo, eu o único que lles podo trasladar é que este goberno vai seguir defendendo os postos de traballo e vai seguir defendendo a industria. Dende logo, dende a Xunta de Galicia á industria o que lle dicimos é un si.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

Facemos un breve descanso. Reanudaremos o pleno ás dezaseis trinta.

Grazas.

*Suspéndese a sesión ás tres e cincuenta minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos da tarde.*

**O señor PRESIDENTE:** Retomamos a sesión co punto terceiro da orde do día, que se corresponde co de mocións.

**Moción do G. P. de En marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paula Quinteiro Araújo e D. Luis Villares Naveira, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co emprego no sector do telemárketing**

**O señor PRESIDENTE:** Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción (doc. núm. 48321).*



### Emenda de modificación

Na parte resolutiva da iniciativa débese substituír o punto 1 da letra B), polo seguinte texto

“1. Derrogar os aspectos máis lesivos da reforma laboral de 2012.”)

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a moción, ten a palabra a señora Quinteiro.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** Boa tarde.

Temos que comezar dicindo que, por desgraza, desde que debatemos a interpelación que deu lugar a esta moción a hoxe pois súmase unha nova problemática. Desta volta hai unha ameaza de despedimentos nunha empresa en Ourense, en Unitono. E de novo, outra vez, por unha das causas que tamén visibilizamos o outro día cando presentamos a interpelación, que é a deslocalización. Porque Unitono volve empregar este mecanismo —como o fan tantas outras empresas tantas veces— para abaratar aínda máis os custos aínda que sexan empresas que teñen beneficios millonarios. E temos que volver recalcar que fan este tipo de cuestións, que volven facer este tipo de cuestións, porque cren que poden facelo sen que teñan ningún tipo de repercusión, sen que exista ningún tipo de consecuencia.

Por iso nós volvemos insistir en que un dos problemas fundamentais que atravesamos o sector do telemarketing é o tema da deslocalización. E isto ten que cambiar inmediatamente porque hai medidas que se poden tomar para que as empresas non poidan facer o que lles dea a gana sen que teñan algún tipo de repercusión.

Dende aquí, por iso, queremos mandarlles todo o apoio, toda a forza, ás traballadoras e aos traballadores de Unitono, de Ourense, e tamén ás traballadoras e aos traballadores de Bosch en Vigo, a todas as traballadoras que levan estes días, estas semanas, ou estes anos incluso, reclamando un emprego de calidade e tamén reclamando que non as poden deixar de novo na rúa.

Como dicía, non son situacións puntuais. De feito, cando falabamos de Bosch nin sequera estaba a ameaza que hoxe temos diante da mesa, en Ourense. Está pasando en Vigo e en Ourense nestes momentos, como dicía, pero é algo que aconteceu nestas, que aconteceu en Unísono, que aconteceu en Atento. É algo que de maneira recorrente acontece nas empresas do sector do telemarketing. Poderíamos seguir con moitos números. A situación de precariedade que atravesamos o sector é unha constante, non son casos puntuais. E, como dicía, son empresas que están ganando cantidades enormes. A facturación, lonxe de decrecer, vai en aumento ano tras ano. Entón non é admisible que, empresas con esta facturación multimillonaria, en vez de xerar emprego de máis calidade, en vez de subir os salarios, o que fagan sexa xerar emprego cada vez máis precario.

Xa o dicíamos tamén hai quince días: a situación do sector está atravesada por completo pola precariedade; os salarios do sector son moi baixos, levan moito tempo conxelados ou con subidas ínfimas; moitas veces as traballadoras e os traballadores non traballan nin sequera 25 horas semanais, a media está en 25 horas pero hai quen traballa menos con salarios



que ás veces non chegan aos 600 euros mensuais. Tamén padecen unha alta taxa de rotación, e reciben moitas veces coaccións e ameazas polas empresas. Hai moitos exemplos de traballadoras e traballadores que se mobilizaron e que sufriron coaccións para evitar que se mobilizaran. Hai unha gran carga psicolóxica neste sector e non se está analizando por que hai moitas baixas neste sector, ou por que hai depresións e estrés. Haberá tamén que analizar por que existe esta importante carga psicolóxica e as consecuencias que ten para a saúde.

E en toda esta situación que se repite, que é unha constante, como digo, do sector do telemárketing —que no pasa nunha empresa illada—, haberá que entender que hai responsabilidades políticas, que non se chegou a esta situación sen máis. Hai unhas determinadas decisións que se levan tomando nos últimos anos que son as que garanten que haxa esta situación e non outra diferente.

E por iso imos insistir en algo no que insistimos sempre que falamos de emprego, que son as reformas laborais. Insistimos tanto porque é un punto central da perda de calidade do emprego no noso país. Foron estas reformas laborais as que conseguiron que a clase traballadora fora perdendo dereitos progresivamente. E o Partido Popular e o Partido Socialista néganse a derrogar dúas reformas que son moi lesivas, como digo, para a clase traballadora, que, a pesar de todas esas esperanzas que se dicía, cando se impulsaron, que ían xerar máis emprego e emprego de máis calidade, o balance, despois de anos da súa aplicación, é totalmente o contrario. Nin se xerou máis emprego nin o emprego que se xerou é de máis calidade. Isto é totalmente mentira, é falso. O emprego que se xerou é menor, e o emprego que se xerou é con baixos salarios, con moita máis facilidade de despido. E isto non é unha opinión, os datos non deixan lugar a interpretacións, por sorte. E entón, apoiándonos neses datos, temos que dicir que as reformas laborais son lesivas para as maiorías sociais do noso país e, por tanto, hai que derrogalas.

Preocúpanos que, a pesar de que isto é evidente e que, como digo, se constata nos datos que temos nos últimos anos, o Partido Popular, lonxe de cambiar a dirección, aínda quere profundar máis nestas medidas que son precarias. Porque, de feito, unha das grandes medidas do programa electoral do Partido Popular é profundar na reforma laboral do ano 2012. E párecenos moi alarmante, porque todos os discursos que poidan facer falando de que defenden o emprego chocan directamente, frontalmente, con esta afirmación. Porque é unha reforma que contribuíu a que moitas galegas e galegos do noso país teñan que convivir coa dúbida cotiá de cando van ser despedidos porque teñen as empresas moitas máis facilidades para botalos á rúa cunha indemnización menor, porque é unha lexislación que conseguiu que se baixaran, como dicía, moito máis os salarios e que en moitos fogares galegos nin sequera se poida chegar á fin de mes. Por iso nós volvemos insistir, e outro dos puntos da nosa moción é que hai que derrogar as reformas laborais.

Como dicía antes, cando formulamos a interpelación xa dixemos que a situación que vivía Bosch non era un feito illado, e agora, por desgraza, vemos como a situación de Ourense, de Unitono, nos confirma que isto é a constante que vive o sector do telemárketing. E temos que dicir que nos parece moi alarmante o desprezo da Xunta de Galicia por este sector que dá traballo a arredor de 10.000 persoas —a gran maioría mulleres—, porque no mitin do conselleiro de Emprego e Industria que escoitamos esta mañá non dedicou nin un minuto a





falar da situación que vive este sector, cando vive —digo— con dous conflitos, en Vigo e en Ourense, que están moi candentes, que están saíndo nos medios de comunicación. Os traballadores e as traballadoras queren falar coa Xunta de Galicia e o conselleiro non tivo nin a decencia de dedicar un minuto para falar destas demandas que ten o sector. Tampouco dedicou nin un minuto a falar da deslocalización, que é algo que afecta, por suposto, a este sector pero tamén a moitas outras empresas galegas.

Cremos que o discurso que se fixo aquí pola mañá non se corresponde coa realidade. Debuxou un panorama que, lonxe de ser certo, é moi diferente do que vive a gran maioría do país. Cremos que non se pode mentir así, sen pudor, cada vez que se sobe a esta tribuna para facer electoralismo. Cremos que hai que ter un mínimo, as cifras non se poden manipular. Galicia perdeu emprego, Galicia perdeu emprego de calidade, e esa é a realidade por moito que mintan e que digan unha cousa ben diferente.

Hoxe traemos algunhas alternativas para mellorar a situación do sector do telemarketing. Cremos que é importante que se tomen medidas en Galicia e outras moitas para demandar ao Goberno do Estado. Hai competencias en Galicia e hai outras que hai que demandar ao Goberno do Estado. Pedimos tamén coherencia, porque o Partido Popular é un experto en reivindicar unhas cousas cando está gobernando o Partido Popular e reivindicar outras totalmente diferentes cando está o Partido Socialista. Nos somos coherentes e nós pedímoslle, por favor, un pouco de coherencia. Porque a hemeroteca, por sorte, nos axuda a ver o que se defende realmente.

No que se refire a Galicia, cremos que o primeiro que temos que facer, para buscar as medidas necesarias, é coñecer o sector. Por iso cremos que hai que facer un estudo para coñecer a situación na que se atopan os traballadores e as traballadoras deste sector. Cremos que non coñecen a realidade. Ou ben a descoñecen ou ben menten. Supoño que será un pouco das dúas cousas, pero cremos que é moi importante facer este estudo.

E, por outra banda, volvemos insistir no mesmo: as subvencións e os contratos que asina a Administración non poden darse sen ningún tipo de condición, teñen que ser a cambio de que o emprego que se xere sexa de calidade, que non se explote os traballadores e as traballadoras; e, sobre todo, se se lles dá diñeiro público, que non poidan as empresas decidir cando lle veña en gana marchar de Galicia sen ningún tipo de contrapartida.

Volvemos insistir en moitas das medidas que foron aprobadas na Comisión 6<sup>a</sup>, porque moitas veces o que se aproba nas comisións ou neste mesmo Parlamento, non se leva a adiante. E por iso o noso primeiro punto da moción é que se leve a adiante de inmediato o aprobado na Comisión, que se volva rexeitar de maneira clara o ERTE de Bosch en Vigo. E agora tamén pedimos —cando se redactou esta moción aínda non eramos coñecedores da situación que acontecía en Ourense— que sexa claro co conflito de Unitono.

Cremos que fan falta compromisos concretos. Moitas veces veñen aquí a dicir palabras e discursos que poden soar moi bonitos, veñen falar da defensa do emprego. Pero logo, á hora da verdade, todas as medidas que están tomando nos últimos anos van crear emprego de moita peor calidade e moito máis paro no noso país. E por iso pedimos que hoxe aproben



esta moción, pero sobre todo que cambien o seu camiño. A verdade é que non somos optimistas, a pesar de que poidan aprobar algúns puntos desta moción, porque, despois de escoitar o conselleiro esta mañá, quedounos moi claro que van seguir co mesmo xogo electoral, que o único que lles interesa son os votos pero en absoluto defender o emprego do noso país. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Quinteiro.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a señora Otero.

**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** Grazas, presidente.

Boas tardes.

O sector do telemárketing na nosa comunidade ten a día de hoxe 800 empregos no aire debido á oleada de deslocalizacións que está a sufrir. E hai que indicar que é un sector que na nosa comunidade emprega case dez mil persoas.

Como ben dicía a voceira de En Marea, aos despedimentos dos ERE e tamén dos ERTE que se estiveron a levar a cabo e que están en tramitación, tanto de Atento, Extel, Vodafone, Bosch ou Accepta, únese agora tamén o caso de Unitono en Ourense. Dende aquí, todo o noso apoio, do Grupo Socialista, a todas estas traballadoras e traballadores do sector do telemárketing na nosa comunidade autónoma que están a sufrir estes procesos de ERTE e de ERE. *(Aplausos.)*

No relativo a Vodafone, o 22 de febreiro deste ano asinouuse a acta final do acordo do período de negociacións do ERE que afectou os centros de traballo que Vodafone ten en Vigo e na Coruña. Pero aínda a día de hoxe non temos a foto fixa da afectación do ERE de Vodafone en Galicia, que esperamos coñecer ao longo destes días.

Tamén a finais de febreiro se iniciaba o expediente de regulación temporal de emprego de Bosch, ERTE que afecta a máis de cincocentos traballadores, e que, dependendo do servizo no que traballen ou das tarefas que realicen, a suspensión irá de quince días a dous meses. Hai que sinalar tamén que xa se despediron 200 traballadores das súas empresas de traballo temporal.

Bosch ten na actualidade varios proxectos firmados con Vodafone, e o futuro está condicionado en gran medida polo momento que atravesamos Vodafone. Hai que recordar que Vodafone ten contratado con Bosch o servizo de teleoperadores para asistencia técnica, o proceso de alta de clientes e a tramitación das reclamacións presentadas nos organismos públicos de consumo. Como xa se comentou, Vodafone realiza despedimentos para deslocalizar o traballo a países como Exipto ou Colombia. E por iso nós, este Grupo Socialista, xa instaba o Goberno da Xunta de Galicia a que deixara a súa política de brazos cruzados e que utilizara os mecanismos ao seu alcance para defender os postos de traballo de Vodafone en Galicia, que empregara os mecanismos necesarios para paralizar ou minimizar ese ERE de Vodafone facendo valer a súa posición de cliente de Vodafone, xa que cabe recordar que a Xunta de Galicia pro-



rrogou en xullo do 2018 o contrato de servizo de telecomunicacións ata febreiro do 2021, e que é adxudicataria do servizo de telefonía móbil a operadora Vodafone. Ademais, tamén ten un proxecto para desenvolver seis prototipos baseados na tecnoloxía 5G entre 2019 e 2021.

A Xunta non fixo nada, e así vemos que ese ERE de Vodafone segue a cobrar vítimas, como é o ERTE en Bosch. Xa nos quedou claro, coa intervención do voceiro do Partido Popular no anterior pleno, que tampouco ían facer nada no ERTE de Bosch, que ían manterse vixiantes e, polo tanto, non apostar neste caso tampouco polo mantemento da actividade da empresa dentro do marco legal.

É que xa non só non empregan os mecanismos que teñen ao seu alcance, senón que, ademais, votan en contra de medidas que poderían dificultar que Vodafone levara parte dese soporte técnico a Colombia, xa que, se os galegos e galegas tivéssemos recoñecido o dereito a ser atendidos na nosa lingua, Vodafone non tería tan fácil levar para fóra ese soporte técnico. Pero, claro, o PP votou en contra en decembro de 2017 dunha iniciativa lexislativa popular, traída a esta Cámara pola Mesa pola Normalización Lingüística, para garantir o uso do galego no ámbito socioeconómico. Entón vemos que agora o problema de Bosch está xa xudicializado, que a empresa non presenta documentación necesaria e que tampouco recoloca os traballadores a pesar de ter carga de traballo. E a Xunta de Galicia non é capaz de garantir o emprego que este sector xera na nosa comunidade, emprego que, como ben se dixo aquí, é un emprego altamente precario, no que predomina a temporalidade e a parcialidade na contratación, que ten uns salarios moi baixos que obrigan a moitas traballadoras —e digo traballadoras porque arredor do 75 % son mulleres— a que teñan que buscar outro emprego. Pero a busca deste emprego tampouco é moi doada debido aos cambios de horarios constantes que lles imponen, e que lles impiden conciliar esta con outras actividades. Ademais, a presión e o estrés que sofren trae como consecuencia baixas por ansiedade e depresión.

A situación laboral dos traballadores empeora mentres a facturación e os beneficios da empresa aumentan. E todo iso debido á deslocalización dos servizos a países con salarios moi baixos. Por iso cremos que é urxente que a Xunta de Galicia governe e defenda os postos de traballo deste sector así como as súas condicións laborais.

Nós concordamos coa inmensa parte da moción que presentou En Marea. Presentamos unha emenda, xa que vemos que é necesario aprobar os cambios que eliminen os aspectos máis lesivos da reforma laboral de 2012, elaborar un novo estatuto dos traballadores para o século XXI que se adapte aos cambios sociais, económicos e tecnolóxicos do mundo actual, e que compaxine a competitividade empresarial coa defensa dos dereitos laborais, e por iso a nosa emenda ao punto 1 da letra b) e por iso solicitamos a votación por puntos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Otero.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Prado.



**A señora PRADO CORES:** Moi boa tarde.

Efectivamente, no anterior pleno abordabamos a situación nas empresas de telecomunicacións e de telemárketing, e o BNG traía tamén aquí unha proposición non de lei que instaba a Xunta de Galiza a tomar medidas diante desta situación, medidas que o Partido Popular, evidentemente, non quixo apoiar, porque todo está ben, non hai ningún problema, e o Goberno está de comentarista. O Goberno galego está de comentarista do que pasa, a súa función é estar de comentarista ou buscar a quen responsabilizar da situación do noso país, mais exercer de goberno non está no seu guión. Exercer de goberno, defender os intereses dos galegos e das galegas, implicarse para que non se siga destruindo emprego, iso non, iso non vai co Goberno galego.

Efectivamente, traíamos no anterior pleno a situación do ERTE en Bosch —derivado, nunha parte, pola situación dun ERE en Vodafone—, e advertimos de que isto era un suma e segue nunha situación, que xa viña producíndose dende hai anos, de perda continua de postos de traballo que ía continuar se non se tomaban medidas.

Bueno, pois, efectivamente, días despois xa vimos aquí a este Parlamento con novos problemas no sector. Foi Extel, foi Teleperformance, foi Bosch, Unísono, e agora temos a Unitono con 130 empregos na corda frouxa, 130 que quedan dos 250 que tivo Unitono. Accepta tamén, do grupo Santa Lucía, con outros 100 postos de traballo que se van destruír en Pontevedra, Ourense e A Coruña. A folla de ruta, a causa, é a deslocalización a outras partes do Estado ou a América latina, a Colombia, ou a Exipto. É un novo golpe ao sector do telemárketing e perda de emprego nunha inmensa maioría —como xa temos dito— feminino. Unha inmensa maioría é xente moi nova que vai a este sector por falta de posibilidades de emprego nos sectores para os que están preparados. Hai unha inmensa maioría de mozos e mozas, universitarios e universitarias, traballando neste sector por falta de oportunidades de traballo.

Podemos lembrar a situación de Bosch: un ERTE no que non houbo acordo no acto de conciliación; un ERTE no que a empresa non aporta documentación para xustificar o mesmo; unha empresa que non ten ningunha vontade de negociar; unha empresa que está despedindo persoal e ao mesmo tempo está contratando novo persoal sen recolocar os traballadores dos que está prescindindo. E resulta que a Xunta comprometérase a que ía mediar, ía ter unha posición decidida nesta cuestión. E ¿con que nos encontramos? Pois con que por parte da Xunta non atopan problemas no expediente. Non atopan problemas no expediente porque a Xunta está para comentarista, non está para lanzar unha mensaxe de que ten que poñerse do lado dos traballadores e traballadoras. Non está para lanzar un aviso claro e contundente ás empresas de que non se pode actuar dese xeito, de que non poden facer o que queiran, cando queiran, como queiran, como lles dá a gana, tratando os profesionais, tratando as persoas, coma se foran auténticos panos de usar e tirar. E iso é o que están facendo sistematicamente en moitos sectores, pero neste en particular.

O BNG trouxo aquí, no anterior pleno, unha proposición non de lei que demandaba cuestións que seguen estando vixentes —igual que as que demanda a moción que trae hoxe En Marea—, e é que, como autoridade laboral, garanta a legalidade vixente. E aí non se implica,



non ve defectos, e xa zafa o tema, non ve defectos. Pois que manteña unha posición activa de mediación. Non, isto é o que hai, e nós miramos os papeis, coma se iso non fora xa unha obriga legal. Pero politicamente non teñen nada que facer, non, non teñen que actuar. Entón, a secretaria xeral de Emprego di: Nós non imos facer nada porque isto non vai con nós, é un problema de empresas e traballadores.

Demandabamos unha posición activa para garantir a atención en galego, para garantir o dereito dos galegos e das galegas a ser atendidos en galego, como un elemento competitivo de obrigar as empresas a manter o emprego aquí e facer presión política para manter o emprego aquí. Porque hai que atender os galegos e as galegas en galego e iso convertelo en oportunidade de emprego. Pero non, non, os señores deputados e as deputadas do Partido Popular non poden votar a favor desas cousas, *¡que va!, ¡por favor!, ¡si esto es una provincia española!* (Risos.) (Murmurios.) Son seguidores perfectos do seu amo, Casado, ¡claro! ¡Si, si, si, eliminemos o galego de raíz, eliminémolo das probas, eliminémolo da sociedade! Esa é a folla de ruta do Partido Popular, ¡fantástico! E nin sequera para manter emprego onde traballan entre 8.000 e 10.000 persoas, non, non. ¿Para que imos facer nada? ¡Por favor!

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRADO CORES:** Si, vostedes de comentaristas, de delegación administrativa ao servizo do centralismo madrileño para tratar os galegos e galegas coma se foran a súa finca particular. Esa é a folla de ruta do Partido Popular.

E que os convenios ou as subvencións que a Xunta dea estean vinculados a manter emprego, a ter investimentos aquí, pois non, ¡por Deus! ¡Como lles imos poñer ningún tipo de requisito ás empresas! As empresas están para que se lles dea cartos á base de ningunha obriga, que para iso está o Partido Popular, que sabe moi ben de que lado está. E, ás veces, con ver de que lado están algúns xa outros temos moi claro de que lado non estamos. Pero vostedes, dese lado. ¡É fantástico!

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** E que se fixera un estudo para saber cal é a situación do sector...

**O señor PRESIDENTE:** Terminou.

**A señora PRADO CORES:** ...e poder actuar...,

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRADO CORES:** ...¡nin iso!

**O señor PRESIDENTE:** Terminou o tempo. Grazas.

**A señora PRADO CORES:** ¡Nin sequera un estudo para saber a situación do sector! ¡Lamentable!



**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRADO CORES:** Imos votar a favor da moción de En Marea porque, dende logo, a situación deste país é dramática...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRADO CORES:** ...e, coa posición do Partido Popular, aínda máis.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Rodríguez Pérez.

**O señor RODRÍGUEZ PÉREZ:** Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Prado, o Partido Popular sabe perfectamente onde está: ao lado dos traballadores e das traballadoras. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) ¡Clarísimamente ao lado dos traballadores e das traballadoras! (*Aplausos.*)

Señora Quinteiro, vostedes presentan esta moción despois da interpelación feita ao conselleiro. Señorías —repito o mesmo que xa lles dixen na comisión e que xa lles dixen no pleno—, vostedes veñen cun discurso cerrado, opaco, buscando culpables onde non os hai. E a culpa bótanlla a quen non a ten. Vostedes, erre que erre, coa mesma matraca, tratan de vender un produto que ninguén lles compra. A súa preocupación e a do seu grupo eu penso que termina no mesmo momento en que acaba a súa intervención. A súa preocupación non acaba máis que neste mesmo momento; a nosa, todo o contrario. Vostedes non queren ver a realidade, ou tratan de maquillala. (*Murmurios.*)

Hai que deixar claras algunhas cousas, conceptos ou expresións que aquí se dixeron. No anterior pleno a nosa intención era unha votación por puntos, e así o expresamos. Á esquerda non lle interesa chegar a acordos co PP, prefiren tratar de buscar culpables. O Partido Popular, señorías, votou en comisión o pasado 21 de marzo 7 dos 11 puntos da PNL de En Marea. Nós non temos ningún problema en votar a favor de todo aquilo que sexa bo para os galegos e para as galegas. Para os traballadores e as traballadoras de Bosch e de Unitono, todo o noso apoio, ¡claro que si! Nós xa nos reunimos con eles tamén e estamos traballando para buscarlles solucións.

Señora Quinteiro, non se trata de bos e malos, trátase de buscar solucións. O Partido Popular é coherente —e vostede falaba de coherencia— co que di e co que fai. Vostedes falan todo o día de derrogar a reforma laboral do PP. Unha pregunta —espero que me responda—: ¿por que non o fan? ¡Vostedes forman parte do Goberno de España, son cómplices e cooperadores necesarios! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*)



Señorías de Podemos, de En Marea, ou como queiran chamarse, vostedes —os de Podemos— pagan vinte días aos traballadores de Errejón —*Diario.es*— e despois falan todo o día de derrogar a reforma laboral. Eu pídolles un pouco de coherencia.

Señorías do Partido Socialista, a súa emenda é incualificable —«derrogar os aspectos máis lesivos da reforma laboral do 2012»—. Vostedes, coma sempre, *ni chicha ni limoná*. ¡Sexan valentes! Pero para ser valentes hai que ser coherentes, ter forza e ter votos. Non se pode quedar ben con todo o mundo. Todo por unha semana máis na Moncloa. *Haz que pase*, ¡incluso copian e plaxian a unha empresa! Os españoles xa faremos que vostedes pasen á historia coma un pesadelo dunha mala noite de treboada. (*Murmurios.*)

Falan do ERE de Vodafone. Señorías, falan do ERE de Vodafone... (*Fortes murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio!

**O señor RODRÍGUEZ PÉREZ:** É competencia estatal. Vostedes mezclan todo: convenios nacionais...

Non todo é tan simple como vostedes o pintan. Vostedes nin confían no PSOE nin en Podemos para resolver os problemas. Intentan confundir. Os galegos non somos parvos.

A Xunta de Galicia estivo e está actuando como autoridade laboral, revisando a documentación, na corrección de defectos, na corrección de accións formativas que exige o Estatuto, e en contacto co comité de empresa e coa empresa. A Xunta, señorías, segue traballando —como non podería ser doutro xeito, porque o máis importante son os traballadores e as traballadoras— para garantir os seus dereitos.

Veñen pedir aquí o que non pediron en Madrid, ¡sorprendente! Pero hai cousas que neste Parlamento non se poden apoiar nin aprobar. Non se pode ter un discurso en Galicia e outro en España. Tal e como está o seu grupo de Podemos, de En Marea —ou como se chamen—, non me estraña.

Con respecto a Bosch, a Xunta está traballando dende a Inspección de Traballo. A Xunta está levantando actas e pondo as sancións que correspondan. A Xunta está actuando a través de políticas activas de emprego. A Xunta actúa tamén, a través do Instituto Galego de Consumo e da Competencia, incrementando as axudas. O noso obxectivo é o emprego de calidade.

Señora Quinteiro, a Xunta de Galicia e este grupo parlamentario están traballando para defender a todos os traballadores e traballadoras. Galicia está recuperando a súa posición no emprego. Temos que seguir mellorando, iso si. Vostedes non están autorizados para falar de emprego e de industria, en Galicia din unha cousa e fan outra. Vostedes destrúen o emprego en Galicia, moito ruído e poucas noces.

Pediremos unha votación por puntos para ser coherentes co que votamos en comisión e co que aquí imos votar.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)



**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rodríguez Pérez.

Polo grupo autor da moción, a señora Quinteiro.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** Ben, ningunha sorpresa co discurso do Partido Popular, pero demostran moi pouco respecto e demostran defender moi pouco os traballadores e traballadoras cando sobe a esta tribuna a falar de todo menos do conflito que nos ocupa, porque de telemárketing falou ao mellor un terzo da súa intervención, porque veu aquí facer electoralismo, como fixo o conselleiro de Emprego e Industria pola mañá, unicamente para iso. Demostran que os defenden moi pouco cando moitas veces nin lles abren a porta para recibilos. Moitas veces sabe que temos que ser a oposición, que teñen que ser os traballadores e traballadoras que petan na porta corenta veces, cando é unha obriga de calquera goberno reunirse coa representación dos traballadores e traballadoras, e moitas veces chegan tarde e nin sequera queren escoitar.

E, como digo, é alucinante que digan que nós describimos outra realidade. A realidade totalmente falsa —e que non sei en que película viron— é a que describen vostedes. Hai un mundo marabilloso: en Galicia hai emprego de calidade, ninguén ten dificultades para chegar a fin de mes, ninguén está no paro, todo o mundo está encantado. Pero ¿por que non falan cos traballadores e traballadoras deste país? ¿Por que non falan coas familias galegas que teñen enormes dificultades para chegar a fin de mes? ¿Con todas as traballadoras pobres que xa son unha realidade enorme no noso país? ¿Coa xente que traballa por quiñentos euros, por seiscentos euros? ¿Coa xente que ten dous traballos, que ten que traballar xornadas de doce horas, porque non pode chegar a fin de mes cun único salario, que non lle chega o salario para pagar nin sequera o alugueiro? Esa é a realidade. A xente que está seis meses no paro e seis meses traballando, a xente que leva moitos anos no paro, paradas e parados de longa duración. Esa é a realidade.

E no telemárketing a precariedade é extrema, e vostedes din que non hai ningún problema e que defenden os traballadores. A Xunta fai, a Xunta di, a Xunta anuncia... Estamos cansadas de escoitar todos os discursos, todos os seus titulares, porque despois, á hora de verdade, non fan absolutamente nada, absolutamente nada máis que normativas lesivas para a clase traballadora do noso país.

E deixen de mentir. É que eu só lle pediría un mínimo, un mínimo de rigor e non vir aquí mentir, da moción que traemos hoxe, porque di que só lle estamos pedindo cousas ao Goberno do Estado, que por que non o fixemos.

Para empezar, están un pouco desubicados coa realidade e co Goberno do Estado español. Eu vólvolle repetir que non sei se non saben quen goberna e quen gobernou, jeh!, porque o Partido Socialista leva corenta anos gobernando no Estado español. Se escoitamos o Partido Popular de Galicia, o Partido Socialista debe de levar gobernando no Estado español —non sei— toda a vida; vostedes nunca estiveron aí. Os únicos incoherentes, que piden cousas contraditorias, non un pouco diferentes, contraditorias, totalmente contraditorias, cando está o Partido Socialista e cando está o Partido Popular, son vostedes. E na hemeroteca en menos dun ano podemos atopar seguro que corenta discursos da mesma persoa do Partido





Popular dicindo cousas contraditorias; o Partido Popular, os mesmos deputados e deputadas votando os mesmos puntos a favor e en contra, sen ningún tipo de cambio. Unicamente o cambio é que vostedes deixaron de estar no Goberno e, entón, todo é culpa do Partido Socialista. Entón, por favor, un pouco de seriedade.

A moción que traemos hoxe ten o dobre de puntos, de cuestións que pode facer a Xunta de Galicia. ¿Por que non queren facer un estudo? Porque iso poden facelo. Non deu nin un só argumento, porque —imaxino, porque xa votaron en contra noutras ocasións— estou segura de que van votar en contra. ¿Por que votan en contra? ¿Por que non queren condicionar as subvencións que dá a Xunta de Galicia, coas competencias da Xunta de Galicia, a que...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** ...as empresas que reciben diñeiro público xeren emprego de calidade e non leven as empresas cando lles dea a gana sen ningún tipo de consecuencia? Porque diso non dixo absolutamente nada.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor. ¿E sobre a emenda do PSOE?

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** Remato.

Non aceptamos a emenda, porque, como dixen, creo que non hai que quitar só os aspectos máis lesivos. Creo que as reformas laborais son lesivas no seu conxunto e nós somos coherentes. Nós levamos dicindo que hai que derrogar as reformas laborais dende sempre. Non escoitará unha intervención, non haberá unha contradición de ninguén que defenda as reformas laborais.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Quinteiro. Terminou o seu tempo.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** Os únicos incoherentes son vostedes.

Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Debatemos agora, de forma acumulada, dúas mocións, unha do Grupo Parlamentario de En Marea e outra do Grupo Parlamentario Socialista, á que se presentaron emendas do Grupo Parlamentario Popular.

**Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención primaria da saúde**

**Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Quintela Torrado, sobre as medidas que debe desenvolver a Xunta de Galicia no ano 2019 para a mellora da atención primaria no Sistema público de saúde**



(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa do deputado Aurelio Nuñez Centeno, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción, doc. núm. 48332 (10/MOC-000136).

Emenda de substitución:

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a desenvolver as medidas necesarias para cumprir, durante o ano 2019, os seguintes obxectivos para a atención primaria:

1. Reordenar as cotas tendo en conta as características da poboación asignada reforzando aqueles dispositivos cunha elevada carga asistencial.

2. Reiterar a solicitude ao Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar Social para:

a) Aumentar en torno a un 26% as prazas MIR de Medicina Familiar e nun 23% as prazas de pediatría con respecto ao exame MIR de 2017. (acadar 124 prazas en MF e incrementar en 6 a de pediatría (ata un total de 26).

b) Eliminar a taxa de reposición para especialidades deficitarias (MF e Pediatras).

c) Reducir os prazos de tramitación e resolución dos expedientes de homologación de títulos de especialistas extracomunitarios.

d) Acreditar novas unidades docentes.

e) Realizar unha convocatoria extraordinaria MIR para médicos de familia.

3. Proceder a creación dunha Dirección de Atención Primaria en cada área sanitaria.

4. Mellorar a accesibilidade aos servizos sanitarios dando acceso aos profesionais sanitarios ao catálogo de probas complementarias unificado necesarias para a súa actividade.

5. Manter as convocatorias anuais das Ofertas Públicas de Emprego para continuar na estabilización do persoal sanitario.

6. Dar unha maior estabilidade ao persoal sanitario a través do Contrato de continuidade cunha duración de 12 meses prorrogable ata un total de 3 anos.

7. Manter a dispoñibilidade do Servizo Galego de Saúde para continuar coas reunións cos profesionais dos PACS”.)

**O señor PRESIDENTE:** Comeza formulando a moción, polo Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Solla.



**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Unha cuestión previa antes de comezar. Hoxe, como todos os anos, traio esta camisola, ata que se cumpra a xustiza para José Couso e para a súa familia. E lembramos que ante... (*Prónúncianse palabras que non se perciben.*) É terrible. Ata cando estamos falando dun elemento que, ademais, ten implicación co Goberno do Partido Popular, que derroga a Lei de xustiza universal, pois teñen que falar incluso de Venezuela. Non teñen ningún límite, pero dálles igual. Nós imos seguir defendendo que se devolva o dereito á xustiza universal, que se faga xustiza para José Couso e para todas as persoas que morren nunha situación de guerra no noso país. (*Aplausos.*)

En setembro de 2018 o señor Núñez Feijóo, ante a renovación dalgunhas cadeiras do seu Goberno, trasladaba que estaba traballando para a próxima década e que entendía que non tiña por que remover o conselleiro de Sanidade porque traballaba preto do sector sanitario dende os anos noventa, dende a transferencia, e entendía que o traballo que se estaba facendo era correcto, e defendía naquela entrevista que era o mellor momento da sanidade.

Non sei que pasa nos últimos meses —debe ser porque hai unhas eleccións xerais—, que non para de ter que recoñecer unha serie de cuestións que son responsabilidade súa, como a ausencia de planificación, tal como fixo esta mañá, das necesidades de profesionais. Pero, ademais, no pasado pleno —vou recordar unha cita máis próxima no tempo—, facía referencia a esa folga, trasladando que esa folga, a folga de atención primaria, non existía, que era unha mentira e que nola estabamos inventando; toda unha falta de respecto aos profesionais. Evidentemente, a teor das noticias destas últimas semanas, confírmase que o único que mentía, coma sempre, é o presidente Núñez Feijóo nesta Cámara, faltando ao respecto ás profesionais e aos profesionais. Para non existir a folga, ben que se sentaron a negociar.

E hoxe, que temos sobre a mesa ese inicial acordo, ese compromiso que está por escrito da Xunta de Galicia ante as centrais sindicais, faise aínda máis necesaria a defensa das medidas que propomos nesta moción, consecuencia da interpelación que trasladamos no anterior pleno. E faise aínda máis necesaria porque, escoitando o presidente da Xunta esta mañá, pois parece ser que non ten ningunha validez o que firmaban unhas horas antes. Nós preguntámonos se van cumprir co que asinaron nesta acta e que, evidentemente, require, implica unha serie de compromisos por parte da Xunta de Galicia.

Esta mañá o presidente dicía que non era certo que se comprometeran a ningún tipo de incremento orzamentario en relación coa necesidade de máis persoal dentro da atención primaria. E, evidentemente, varios dos puntos indican —dende logo o primeiro deles— a necesaria negociación das reivindicacións, significadamente a dotación de prazas, é dicir, o número de incremento de persoal, e no punto —creo recordar— número 5, «as medidas previstas irán acompañadas dun incremento orzamentario no programa de gasto de atención primaria á saúde en función das disponibilidades presupostarias».

O presidente da Xunta esta mañá, nunha entrevista, negaba a maior: un acordo que se firmaba nas pasadas horas coas centrais sindicais. E gustaríanos tamén hoxe que seguramente o voceiro do Partido Popular poida aclarar algunha desas cuestións aquí.



Evidentemente, é unha boa nova que atendan as demandas dos profesionais, pero esas demandas están circunscritas a ese traballo que se vai facer posteriormente nesa comisión técnica e, evidentemente, tamén na mesa sectorial. Así que é evidente tamén que, se non cumpren, volveremos ter conflito laboral.

E en realidade eu quero recordar que, a teor desas palabras, temos dúbidas de que vaian cumprir os acordos. Os acordos relacionados coa folga —artigo 8 do Real decreto lei 17/1977—, sobre as relacións no traballo, implican que eses acordos teñen a mesma eficacia que o acordado en convenio colectivo. Polo tanto, o que está escrito, tamén o incremento orzamentario, é de obrigado cumprimento para a Xunta de Galicia. Queremos saber se iso se vai cumprir ou non.

Nós dende En Marea trasladamos esta moción. Entendemos que por parte da consellería, aínda que agora o contradiga o conselleiro e o señor presidente, existe un inicial compromiso e se vai votar a favor de toda esta iniciativa, porque entendemos que é de obrigado cumprimento recuperar as xerencias de atención primaria.

E como se dixo que se ía negociar absolutamente en todo e que, ademais, nas cuestións de carácter asistencial se ía ao Consello Técnico de Atención Primaria e, polo tanto, aquel papelucho queda en papel mollado, pois, polo tanto, haberá capacidade de recuperar esas xerencias de atención primaria.

Que se elabore un verdadeiro plan de atención primaria. Vostedes hoxe non deberían ter problema en comprometerse aquí.

Que se recollan as demandas dos diferentes colectivos profesionais, planificando nas diferentes anualidades a execución das melloras nas infraestruturas e no incremento de persoal. Lembro unha vez máis: oito millóns de euros en reparacións de centros de saúde é realmente insuficiente e non garante ningún tipo de orzamento, ningunha partida no capítulo I, do programa 412B, que o é adicado ao persoal da atención primaria.

Que se dote o plan de mellora que se constituía dun orzamento que supoña un incremento de peso na atención primaria respecto do orzamento do Sergas de ata un 25 %. Nós poñemos a data de catro anos. Evidentemente, isto é negociable, pero parécenos que é o razoable sobre as contas que temos neste momento, e, ademais, é o que demandaban os profesionais que se puxeron en folga na atención primaria ou que convocaron esa folga na atención primaria. Que se comece a aplicación da suba orzamentaria na presente anualidade, empregando as ferramentas legais para rexistrar as modificacións de crédito pertinentes.

Creo que, atendendo os informes continuos, anuais dese Consello de Contas, que denuncia as modificacións bastante mal feitas dos orzamentos, ou polo menos que indican ese movemento de partidas nos orzamentos, fundamentalmente relacionados co capítulo I, neste sentido, a Consellería de Sanidade e o Partido Popular non deberían ter ningún problema en aprobar unha medida que pida que se modifiquen, que se amplíen eses orzamentos para dotar de máis fondos para poñer máis prazas públicas.



Que se contemplan no dito plan as demandas en materia de persoal expostas polos profesionais dos puntos de atención continuada. E aquí quero determe, e quero determe porque, a pesar de que con moi boa fe as centrais sindicais tamén plantexaron este punto, saben as súas señorías, sabe o Partido Popular que hai unha folga en curso nos puntos de atención continuada, que non se ten suspendido e que desgraciadamente está sendo continuamente desprezada por parte da Consellería de Sanidade, que o venres pasado se levantaba da mesa de negociación dicíndolle —¡hai que ter valor, eh!, ¡hai que ter valor!— ao comité de folga que non o considera interlocutor válido e que non se vai sentar máis a negociar con elas e con eles.

Lembro: artigo 5 do Real decreto lei 17/1977: o comité de folga é a quen corresponde, quen está facultado, igual que aconteceu en atención primaria —nos puntos de atención continuada sucede igual—, a participar en cantas accións sindicais, administrativas ou xudiciais se realicen para a resolución do conflito. Está obrigada a Consellería de Sanidade a sentarse co comité de folga dos puntos de atención continuada.

Así que, polo tanto, menos lobos e que se poñan tamén a traballar neste sentido. Non hai escusa que valla para levantarse da mesa nun conflito tan importante dun servizo tan sensible como son as urxencias extrahospitalarias. E, polo tanto, é absolutamente inadmisibile que se lles teña dado as costas a esas profesionais e a eses profesionais. E, polo tanto, esta cuestión non está resolta.

E que se negocie coas organizacións sindicais un verdadeiro modelo de contrato temporal que permita a estabilidade ás traballadoras e aos traballadores. Cero, cero, un rosco, contratos en Portugal dese moderno e modélico contrato de continuidade que dicía o conselleiro de Sanidade; é dicir, ese contrato precario non o quere ninguén. Cinco, cinco viñeron doutras comunidades autónomas.

É evidente —dixémolo dende o inicio— que ese contrato incrementaba a precariedade e que non ía resolver esta situación, igual que non resolvía alongar a idade de xubilación, igual que non resolvían as medidas fume que presentaron sen ningún tipo de implicación nin de orzamento adicado ao capítulo I. E, polo tanto, hoxe, despois de protestar polo que eu trasladaba nesta Cámara sobre ese papelucho que nos traía o conselleiro de Sanidade, teñen que dar marcha atrás e agora, si, negociar cos profesionais as condicións nas que se vai xestionar a sanidade pública.

Vou rematar, porque non teño máis tempo.

Quero lembrar tamén aquí que para o resto de categorías profesionais non se solventou absolutamente nada nos contratos temporais. E esta semana os grupos parlamentarios da oposición recibimos tamén algún colectivo de enfermería. E, polo tanto, esas persoas precarias, precarias, que seguen protestando pola concatenación continua de contratos, non teñen ningún tipo de garantía neste acordo.

Remato xa.

Hai un compromiso firmado por escrito, hai unha obrigatoriedade legal de levalo a acordo, como un convenio colectivo, e hai unha resposta por parte do presidente da Xunta dicindo que non se vai cumprir desta mesma mañá. Vostedes elixen: cumprir ou mentir. *(Aplausos.)*



**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Solla.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, señor Torrado.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas, presidente.

Boa tarde.

Por iniciar practicamente onde quedou a voceira de En Marea, que expuxo a súa parte, a súa moción, o que ocorre estes días con este suposto acordo: este non sabemos se é un acordo ou unha acta; entón, como nunca sabemos, hai que preguntar, porque, ás veces, hoxe vimos que era unha acta e o anterior era un acordo, pero, en definitiva, a ver se alguén nos explica que é o que firman.

Pero isto dá igual, porque xa chegou o presidente a dicir, basicamente: diso que se asinou, cartos, nada de nada. Basicamente foi o que dixo hoxe pola mañá: cartos, non; acordo, si. ¡Home!, ¿cartos, investir nos compromisos, poñerlle datas? Non, iso non, que iso é moi serio xa. Acordo si e a ver se conseguimos que non nos protesten moito antes das eleccións, que esa é a cuestión que ten como obxectivo o Partido Popular.

É un novo capítulo desta telenovela fantástica que nos describe na sanidade o Partido Popular. O penúltimo capítulo foi o do superávit, marabilloso. Dúas semanas en plan Che Guevara reivindicando un superávit para que chegue o decreto e voten en contra. Marabilloso. Pasou de ser Che Guevara a ser un pouco Benny Hill o asunto. Está moi ben, está fantástico. (Aplausos.)

A min o de Feijóo pareceume marabilloso. Por se non se dan conta, en canto chegou o decreto e votaron en contra, acabouse o decreto, xa ese non era o problema, xa era outro; pasaron de reivindicar cento non sei cantos millóns, agora son oitocentos. Se o deixamos á carreira vai ser ¡buff!, dentro de pouco van empezar a gritar «España nos roba», «España nos roba», pero dentro de nada, non lle queda nada, e dentro de pouco fuxirá a Bruxelas tamén o presidente Feijóo.

En fin, destes capítulos o último é este que dixo —e por unha vez imos coincidir—: planificamos mal. Sempre está ben, máis vale tarde que nunca. O señor presidente da Xunta dixo: planificamos mal, en sanidade —dixo—; podería dicilo en moitas outras cousas, pero en sanidade dixo: planificamos mal. Ben, estamos de acordo. Xa non imos recordar todas as veces que o noso grupo leva dicindo aquí que se planifica mal, e que con resposta a iso levamos, entre vítores, aplausos e grandes comentarios moi halagüeños do Partido Popular, ademais diso, votos en contra das nosas propostas, rexeitamento de todo o que plantexamos. Pero dicimos isto: que se planifica mal. Hoxe dío o presidente. Agora gustaranos saber como vai resolvelo. Se planificar mal é precisamente o peor que pode facer un político, agardamos entón que tome algunha decisión ao respecto. Supoño que será o aviso a navegantes na Consellería de Sanidade, aínda que igual fai o conselleiro de Sanidade como a valedora: dimite pero non, que é unha dimisión en diferido moderna isto da valedora, que vai, que non dimite, que non se sabe.



Dentro da verdade do circo este en que converteron vostedes recentemente o PP, aquí Feijóo fai de funambulista. O que pasa é que os funambulistas teñen que ter moito equilibrio e é certo que ás veces a cousa se vai poñendo complicada.

Nós traemos unha proposta a este pleno que recolle non todas, evidentemente, pero si unhas cuestións esenciais das que vimos debatendo ultimamente e das que esencialmente se debateu tamén na última interpelación. Plantexamos tamén desde a nosa proposta varias cuestións que veñen sendo, como todos saben, obxecto de debate nos grupos e nas comisións que se foron creando a partir dos colexios profesionais tamén, os grupos sindicais, os debates parlamentarios. Recollen un pouco non todas —como dicimos—, pero si algunhas que consideramos esenciais para resolver a curto e en realidade algo a medio prazo o problema, aínda que habería a necesidade de profundar un pouco máis.

Algunhas delas —creo que é importante explicalas aínda que están explícitas na moción— estrutúranse así.

Teñen catro fundamentos: o primeiro é de estrutura; o segundo, de funcións; o terceiro é unha cuestión de previsión; e o cuarto é unha cuestión de persoal, que é o esencial.

En canto á estrutura, nós levamos tempo defendendo que perdemos as xerencias de atención primaria e que iso evidenciaba que tiñamos un desprezo a ese nivel do sistema e que necesitabamos recuperalas para poder facer unha mellor xestión da atención primaria.

Non é certo ou non concordamos en absoluto co que hoxe manifesta o xerente do Sergas, de que ter estruturas diferenciadas non permite a integración, porque, se fora iso, cun dirixente para todo valería. Necesitamos varios. ¿Por que necesitamos varias xerencias diferenciadas, neste caso en atención primaria? Porque é tan relevante, tan específico e necesita unha coordinación tan plena que non é posible facelo a través de estruturas que, fundamentalmente —porque ao final a realidade é o que nos di—, se preocupan de cuestións hospitalarias, que precisan tanta atención —que si a precisan— que nos olvidamos de qué pasa nos centros de saúde.

E iso é o que están demandando os profesionais: unha xerencia de atención primaria, con responsabilidade directa e dotación orzamentaria, porque de nada vale poñer un cargo que logo non teña capacidade de decisión. Diso non estamos falando.

Segunda cuestión, de funcións. Xa o dixemos nos últimos días, pero nunca cabe deixar de dicilo. Queremos dar a benvida ao Partido Popular ao catálogo de probas diagnósticas. Neste inicio de lexislatura na Pregunta 1787 —das primeiras que se rexistrou— este grupo preguntou polo catálogo de probas diagnósticas; o Partido Popular contestou, en moi breves palabras, que no ano 2014 comezaron a traballar sobre iso e que xa estaban avanzando. Chegou 2019 —¡non foi sen tempo, foron cinco anos!, está ben, non foi sen tempo— e agora empezan a falar, si, da necesidade dun catálogo de probas diagnósticas. Ben, é unha boa oportunidade. Benvidos.

Igual que tardaron, aínda que agora xa non o discuten, na necesidade, que fixo o Goberno Sánchez, de recuperar competencias para os enfermeiros e enfermeiras, a través do Real de-



creto de enfermería que se modificou, que o PP impediu que as enfermeiras e enfermeiros tiveran grandes capacitacións, porque non lles prometían desenvolver o traballo, e foi o Goberno do Estado o que si o permitiu. *(Aplausos.)*

Hai máis cuestións —e esta é unha das que nos leva comendo tempo nos últimos tempos—, como a de previsión. Plantexamos a través desta iniciativa unha posición común acerca de como planificamos as nosas prazas MIR. Necesitamos una exigencia ante o Ministerio e necesitamos que a Xunta faga o seu traballo, que é o problema que non tiñamos estes últimos anos.

Para ver se somos capaces de resumir, porque xa puxemos moitos exemplos, que se non podíamos levar máis xente a un teatro que non ten máis sillas —que é o que nos ocorre—, que non se pode pedir unha convocatoria extraordinaria cando non hai onde mandar os MIR, que se pedir unha convocatoria extraordinaria no medio dun ano supón basicamente paralizar todo o anterior... Que ao final deixemos de facer este electoralismo barato cos MIR e sexamos conscientes de que hai unha realidade. Se o Goberno Feijóo tivera pedido todas as prazas MIR que tiña acceso a pedir nos dez anos, teríamos hoxe cento cincuenta profesionais MIR máis, cento cincuenta. Cando vostedes hoxe piden unha convocatoria extraordinaria, están pedindo practicamente nin o 20 % deles, cento cincuenta profesionais MIR que non están hoxe en Galicia, porque o Partido Popular podía solicitar esa convocatoria e non o fixo. ¡Ah!, ¿cal é a diferenza da última década? Que gobernou practicamente toda o Partido Popular en Madrid e agora chegou Pedro Sánchez e entón agora hai que atacar a Pedro Sánchez.

A vostedes dálles igual as convocatorias MIR, dálles igual os profesionais, dálles igual a atención. Acordaron agora, agora acordaron de que fan falta os MIR; cento cincuenta prazas que perdemos, que non temos, porque vostedes non as quixeron pedir, porque son cicateros en temas de persoal.

Vostedes agora abriron os ollos e descubren que hai que solicitar máis prazas MIR. Temos unha posibilidade de chegar a un acordo, con números, con concreción, sobre as prazas que debemos de traballar para acreditar e solicitar, e esa é a nosa proposta, que podemos axustar en porcentaxes pero que debería ir basicamente por esa liña que nós propoñemos, segundo a nosa posición.

E nunha última cuestión temos un plantexamento de persoal. Hai un dobre problema en persoal: de cantidade e de calidade. Temos menos persoal do que deberamos, menos. En atención primaria, de 2009 a 2019 —orzamentos oficiais—, 1.249 profesionais menos; 1.249, en dez anos; se lles deixamos un pouco máis, liquidan o sistema; 1.249 profesionais menos.

¿Que defendemos? Defendemos, como din os colexios de médicos, como din os enfermeiros, que convoquemos interinidades para aqueles espazos onde os cupos están moi superados, e a partir de aí un compromiso de estabilidade, pero que convoquemos as interinidades xa. ¿Por que? Porque é necesario ter eses profesionais. ¿Que cremos ademais? Que a estabilidade debe de ser real.

En realidade, hai que asumir o que estamos debatendo cando se fala destes contratos aos MIR. Estamos debatendo que a estabilidade supón dar un contrato dun ano. Mal debe de





estar —que está— o mercado laboral para que dar contratos dun ano supoña falarlle a alguén de estabilidade.

Polo tanto, nós o que defendemos é que é posible, e é necesario, ter contratos como mínimo de dous anos, que é o que propón o Ministerio. E nós cremos que a Xunta de Galicia pode e debe facer esa proposta, esa variabilidade entre dous anos ou tres en función das circunstancias, pero non quedar cicateramente en contratos dun ano, porque iso non é decente.

E que resolvan dunha vez o problema cos profesionais dos PAC. O que ocorreu fatalmente o verán pasado pode volver ocorrer, porque non moveron nin unha coma dunha norma, nin un profesional de ningún sitio, non deron nin un só euro máis, nin sequera se sentan a negociar. Resolvan a cuestión. ¿Como? Sentándose a falar, porque, se non se quere escoitar un colectivo, é imposible chegar a un acordo, ou a unha acta ou como queira que lles chamen vostedes ás cousas que fan.

Esas son as nosas propostas. Creemos que hai que ser capaces de chegar a acordos nese sentido, e se agora vostedes están defendendo dende o Partido Popular que, ben, que planificamos mal, que igual nos equivocamos, que hai algunha cousa que podemos facer, a ver se son quen de, ademais de dicilo —para non pensar, malignamente, que seguro que non é así, que queren facerse un pouco os benevolentes porque estamos en eleccións, que seguro que non é iso—, chegar a un acordo e poden votar a favor de algo e comprometerse a algo, porque a verdade é que é preocupante o que dixo o presidente hoxe, que acordo si pero de dotación orzamentaria nada, que entón debe de parecer que os acordos están moi ben pero, cando hai que comprometerse de verdade, aí xa non os esperen. Agardamos que estean aí.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Torrado.

Grupo Parlamentario Popular, señor Núñez Centeno.

**O señor NÚÑEZ CENTENO:** Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Señora Solla, con respecto ao que manifestou o presidente no pasado pleno, o presidente limitouse a dicir que naquela data a folga non estaba convocada, e iso creo que é absolutamente certo.

Desde logo a min gustaríame aclarar —e despois falaremos disto— de se o que se asinou onte é un acordo, un compromiso ou unha acta, porque a señora Solla definiuno das tres maneiras na mesma intervención, e tivo que dar bastantes voltas vostede, señora Solla, para xustificar que se chegara a un acordo onte.

O que vostede presenta na moción non se asinou onte, para nada, non se asinou onte para nada. Fai vostede unha interpretación bastante particular dese compromiso.



Ben, eu teño que recoñecer, señorías, que estaba expectante diante da intervención no pleno de hoxe dos voceiros da oposición, despois da desconvocatoria que se fixo onte da folga en atención primaria. Eu dubidaba de se retirarían as mocións ou non, porque están francamente superadas polo acordo.

Tampouco sabía se o voceiro e as voceiras da oposición estarían alporizados, como parecía estar hoxe un representante da Coordinadora de Atención Primaria que falou na Radio Galega esta mañá e que participou onte nas negociacións, ou ben estarían ledos pola desconvocatoria da folga.

E dáme a sensación de que os grupos da oposición non están moi contentos, caeulles o tenderete que tiñan montado contra o Goberno e contra o presidente, e, claro, iso lévase mal, lévase francamente mal; e como caeu un tenderete, esta mañá ao inicio do pleno intentaron levantar un segundo tenderete. Creo que todos nos entendemos perfectamente ben.

Unha vez máis, señorías, o conselleiro de Sanidade e o seu equipo amosaron a súa capacidade para negociar, para chegar a acordos, como xa tiñan feito con colectivos e asociacións, evitando esta folga na atención primaria de Galicia e as repercusións negativas sobre as persoas que podería ter ocasionado.

E non vou volver citar as medidas que tiña tomado o Goberno galego nestes últimos anos, pero si vou incidir en dúas pequenas medidas que saíron estes días na prensa.

Nas ofertas aos profesionais de familia para cubrir gardas localizadas nos PAC nas áreas en que hai máis problemas xa hai vinte e oito persoas que asinaron estas ofertas. E a implantación, por exemplo, dun sistema piloto de triaxe na atención primaria diminúe —tanto no País Vasco como en Galicia, que é onde se leva esta experiencia— un 75 % as citas sen demanda. Estas son solucións, pequenas solucións ao problema da primaria.

E diante deses problemas da primaria, en decembro comezaron as reunións, reunións con dez categorías profesionais distintas que traballan todas na atención primaria, para acadar unha serie de medidas que contribúan a solucionar o problema que ten neste momento, efectivamente, de cronicidade e de déficit de profesionais.

En febreiro presentouse o primeiro documento con cento setenta e cinco medidas e co compromiso de incrementalas con negociacións —chegaron a cento oitenta e tres—, apoiadas xa por enfermería, fisioterapia, persoal de servizos xerais e traballadores sociais, entre outros colectivos.

Na reunión con colexios e sociedades científicas acordouse practicamente todo o que piden os grupos da oposición na moción, a excepción da parte que corresponde ao Goberno central, e o que se negociou onte co comité de folga e as centrais sindicais, que basicamente foi a creación dun comité técnico, coa participación dos sindicatos e a reunión da mesa sectorial, para resolver problema laborais. Ademais diso, cos colexios e asociacións, asinou a creación de sesenta novas prazas de médico de familia nos dous próximos anos.



Eu pídolle ao señor Torrado que fale co Goberno en Madrid para que deixe de ningunear a Galicia, como fixo cos falidos orzamentos ou no tema do investimento do superávit, onde racanea cantidades e limita a súa utilización. Ese é o comportamento con Galicia do Goberno socialista do señor Sánchez, apoiado polas Mareas e Podemos —agora son as Mareas e Podemos, antes eran as Mareas de Podemos—.

¿Cal foi ou cal é o pecado de Galicia? Ter un goberno de maioría do Partido Popular, que parece amolar bastante a Sánchez e aos socialistas.

Miren, señorías, nas cento dez medidas presentadas polo señor Sánchez para os orzamentos do Estado, non hai unha soa referencia á atención primaria, nin a primeira. Eu pediríalle, señor Torrado, que vostede, que é tan influínte na sanidade galega, arranxara a lentitude na acreditación de prazas MIR ou na homologación de médicos non comunitarios. Dende logo, a Consellería ten o compromiso de cubrir e financiar todas as que acredite o Ministerio.

Tamén pode convencer a ministra da posibilidade dun MIR extraordinario de familia. Efectivamente, foi unha proposta do conselleiro de Sanidade, pero casualmente foi apoiada polo sindicato maioritario de facultativos, pola Confederación Española de Sindicatos Médicos, niso que vostede chama electoralismo barato.

Vostedes negaron que o documento que se asinou cos colexios e asociacións fora un acordo. Inclusive o señor Torrado no pasado pleno dixo que un colexio colgara na súa páxina web e titulara este documento como acta. Pois mire, o documento foi lido polo presidente e foi por min mesmo na comisión e pon «acordamos». Pero é que, ademais, señorías, hoxe mesmo o presidente do Consello Galego de Colexios Médicos, que asinou este acordo e que posteriormente asegurou que se trataba dunha acta, manifesta —e así aparece citado, entre aspas, no xornal *La Voz de Galicia*—: «*El acuerdo —refírese ao aprobado onte— no aporta más que el que firmamos nosotros e incluso es menos concreto.*» Avanza o xornal que «*de hecho, tras firmar un acuerdo con la Consellería, en el mes de marzo los médicos no van a esperar más para exigir al Sergas que aplique ya las medidas que recogía este acuerdo.*» ¿É ou non é un acordo? —eu pregunto—.

Tamén nese mesmo artigo se afirma que os colexios de facultativos alegarán á composición deste novo consello técnico, porque non ven unha proporción axeitada entre a representación dos médicos e o resto dos colectivos. ¿Desconvocouse a folga —como dixo onte un ex-alcalde socialista e pediatra na Radio Galega— porque ía ser secundada unicamente polos médicos? Un xornal hoxe xa titula: «*Desconvocada la huelga de los médicos*». As novas e fotos de hoxe sobre a postura dos médicos de Vigo rexeitando a desconvocatoria da folga así parecen indicalo. (*O señor Núñez Centeno mostra unha fotografía.*)

¿Estarían vostedes de acordo, señorías, con que os médicos de Vigo non atenderan as consultas ou limitaran o número de consultas ou non fixeran telemedicina? ¿Cren vostedes que esas medidas favorecerían a poboación de Vigo e a súa área?, ¿creno de verdade? ¿De que lado están, señorías? ¿Dos médicos de Vigo ou dos sindicatos que asinaron onte? Porque parece que hai certas discrepancias; polo menos, así se evidencia nestas fotos que temos hoxe.



Mire, señor Torrado, vaise presentar efectivamente un plan elaborado polo Ministerio. Eu voulle ler titulares sobre ese plan. «*Plan de promesas incumplidas en atención primaria. Si los viernes electorales del Gobierno no lo remedian, el plan no incluye financiación. Pesimismo delante del resultado final de la reforma de la primaria. A los médicos no les salen las cuentas. Sanidad se juega a cara o cruz el futuro en atención primaria. Fracaso de Sanidade cos grupos de traballo: dimitíronlle os coordinadores, eminentes médicos de familia.*»

¿E noutras comunidades que pasa? Médicos e enfermeiros paran en Valencia diante da saturación que sofre a sanidade. Os sindicatos tachan de impresentable a reforma da primaria cántabra. España necesita 2.217 médicos de familia máis para garantir a asistencia. Carcedo intenta dar saída á crise na Comisión de Recursos Humanos. Primavera convulsa en Galicia, Comunidade Valenciana, Navarra, Aragón e Cantabria. Os profesionais destas cinco comunidades...

**O señor PRESIDENTE:** Remate.

**O señor NÚÑEZ CENTENO:** ...—agora catro— mobilízanse. Evidentemente, non é un problema exclusivo de Galicia.

E remato, presidente.

O Grupo Popular tiña presentado unha emenda que recollía o cumprimento das peticións dos profesionais en atención primaria sobre cotas, solicitudes de prazas ao Ministerio, creación de dirección de primaria, catálogo de probas complementarias, OPE, estabilidade de persoal, negociación cos profesionais dos PAC e novas prazas, sempre cumprindo a normativa vixente. Cremos que vai na liña do pactado hoxe, polo que entendemos que os grupos da oposición van aceptar a nosa emenda.

E remato felicitando o conselleiro de Sanidade e o seu equipo e as organizacións sindicais que participaron onte na negociación polo éxito da mesma.

Pola miña parte, máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Núñez Centeno.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** Moi boa tarde de novo.

Eu teño que recoñecer que estou bastante alucinada, ¿non? Empeza ben o Partido Popular cualificando de «tenderete», de «tenderete», toda unha coordinadora, un comité de folga, formada por todos os sindicatos, por unha coordinadora que aglutina máis de mil profesionais, e aquí o Partido Popular acaba de cualificalos de «tenderete». (*Murmurios.*) Non, non, eu supoño que estarán escoitando e tomando nota. Estarán tomando nota e eu non sei que estarán pensando os que asinaron un acordo actuando de boa fe, dándolle un voto de confianza á Xunta de Galiza, escoitando a desvalorización absoluta que está facendo aquí o Par-



tido Popular. Eu supoño que o que xa sabemos todos: que vostedes non son de fiar, nin sequera medio milímetro. (*Aplausos.*) Son unha auténtica pasada.

Resulta que non só pasaron de nove anos negando que existiran problemas a ter que rectificar e aceptar que hai problemas e asinar un acordo para sentarse a negociar, senón que á media hora de asinar un acordo xa din: non, non, non, do acordado aquí... Agora xa me explico por que non foi o conselleiro nin o xerente do Sergas asinar nada, porque está claro que isto é unha manobra de dilación, para seguir facendo o que vostedes saben facer estupidamente: parecer que fan, dicir que fan, para logo non facer absolutamente nada.

¡Acaba de facerse vostede un retrato, señor Núñez Centeno, dunha fiabilidade que dende logo...! Está gravado. Eu supoño que eses miles de profesionais que actuaron de boa fe pensando que vostedes podían ter algo de palabra estarán alucinados e alucinadas a esta hora, porque o acordo pon de manifesto a necesidade de crear un órgano de participación e análise, de dar unha solución á atención primaria e aos problemas, pero, claro, parece que non, parece que iso non está asinado por ninguén.

Eu teño aquí unha copia da acta, onde —iso si— só é directora xeral de Recursos Humanos, só é directora xeral; eu non sei se logo lle van dicir que ela non estaba autorizada, porque vostedes son capaces diso e de máis; igual son capaces de dicir que non era persoal autorizado. Desconvocaba a folga, *donde dije digo, digo Diego*, porque, creado o marco de negociación, que era o que se asinou —e de boa fe—, pois empezan as rebaixas, xa empezan as rebaixas.

Empeza Núñez Feixóo pois dicindo, primeiro, que se equivocaron na planificación. Non se equivocaron, están aquí os vídeos e as actas deste Parlamento, ¿cantos anos levamos dicindo o que ía pasar? Vostedes non se equivocaron, vostedes fixeron o que querían facer, pero a sanidade pública, na situación na que a teñen. Non se equivocaron.

E logo, claro, ¿comprometeron o orzamento? ¡Ah!, non, non, aí non di nada de comprometer o orzamento; ou sexa, papeis mollados. Á media hora de asinar un acordo, o máximo representante, presidente do Partido Popular, presidente do Goberno da Xunta, xa di que: non, non, non, léase ben, que aquí era unha manobra de dilación.

E non só iso, senón que antes, efectivamente, o xerente do Sergas, nunha entrevista na Radio pública galega, pois, preguntado a respecto dunha das demandas fundamentais dos profesionais de atención primaria, que é a recuperación dunha xerencia de atención primaria, unha estrutura organizativa diferenciada da estrutura hospitalaria, ¿que di o xerente do Sergas?: «¡Home!, considero fundamental que haxa unha maior cooperación posible entre atención primaria e os hospitais, pero mellorar a coordinación e os sistemas, que poida facer que o paciente non note a diferenza de nivel senón que este sexa atendido onde deba». É aquilo de: á Xunta non lle importa se o atende na sanidade pública ou na privada; a cuestión é que o atendan. A segunda fase, o segundo capítulo de: á xente non lle importa.

Ou sexa, menten como bellacos. Pero si, á xente si lle importa, si lle importa, e é unha demanda fundamental. É unha demanda fundamental que a atención primaria teña estrutura



organizativa propia, teña capacidade de resolución, teña capacidade orzamentaria e poida tomar as súas decisións. Porque si importa se ti podes decidir ou se alguén decide por ti e ti es quen ten que executar as decisións que toman outros. E iso é o que teñen vostedes posto nesa proposta tan chusca de mellora da atención primaria. Unhas horas despois vemos realmente cal é a actitude do Partido Popular.

O BNG vai votar a favor destas dúas mocións que presentan En Marea e o Partido Socialista. O BNG vai traer a debate despois unha proposición non de lei que tamén incide na necesidade de implementar medidas para mellorar a sanidade pública, porque as reivindicacións están claras e non están resoltas con asinar un acordo de diálogo. Porque o que hai é que conseguir esas cuestións e esas demandas polas cales estaba convocada unha folga, unhas demandas claras que van nesa dirección de recuperar as xerencias, de estabilidade laboral, de dotación orzamentaria, cuestións que, dende logo, a esta altura non están para nada conseguidas.

E o tempo vai poñer e quitar razóns, se hai unha vontade real de negociación ou é unha simple manobra de dilación. Dende logo, polo escoitado hoxe aquí, de momento parece unha fraude e unha manobra de dilación. Xa veremos en que queda.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

Grupo autor da moción, señora Solla.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

En primeiro lugar, e xa que o debate é acumulado, en relación coa moción do Partido Socialista, trasladar que imos apoiar a dita moción. Ten algunhas medidas moi semellantes ás nosas, outras distintas, estamos en xeral de acordo con esa proposta global.

En relación... *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio!

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** En relación coa nosa moción, agradecer o apoio dos dous grupos da oposición e trasladar que esperamos que o Partido Popular apoie tamén esta moción. Teño que lembrar que o señor voceiro do Partido Popular, o señor Centeno, dixo que —se non escoitei mal—, no diálogo aquel que tiveran coas asociacións sanitarias, se acordara case todo o que pedimos na moción. Polo tanto, tomei nota. Entendo que o Partido Popular vai votar a favor da moción de En Marea en relación coa atención primaria.

E teño que corrixirllle, señor Centeno, e revise as actas, porque están as actas do pasado pleno. O señor Núñez Feijóo dixo que a folga en atención primaria era mentira, que non existía e que o noso grupo inventaba folgas. Esa é a realidade e ese é o desprezo que se ten aos profesionais de atención primaria, igual que fixo esta mañá. E, sinceramente, eu creo que é máis necesaria que nunca a defensa destes puntos que contén esta moción.



Pero certamente viñamos con outra intención de debate, con outra intención de debate, e é que nos clarificaran eses puntos que van ser traballados nesa comisión técnica, supostamente. Por certo, é unha acta, é pública, creo que vostede a debería ter; se non, eu tamén lla facilito, se non lla facilita a súa Consellería de Sanidade, *(A señora Solla Fernández mostra un documento.)* e di que se comprometen a unha serie de cuestións, que non están desenroladas no papel. Pero eu teño que lembrar aquí que cando se desconvoca —e díxeno antes— unha folga e figura unha serie de compromisos, a lei —Real decreto lei 17/1977— obrígaa a cumprir.

E nós viñamos cunha intención, pero esta mañá escoitamos o presidente da Xunta dicir que non vai cumprir co que acaban de firmar hai unhas horas, dicindo que non é certo que se comprometa máis orzamento. E só teñen que ver vostedes o punto quinto dese compromiso: «medidas que se van acompañar dun incremento orzamentario». *(A señora Solla Fernández mostra un documento.)* Punto 5, firmado pola señora Margarita Prado Vaamonde, a responsable de Recursos Humanos. Non sei se están desacreditando vostedes os seus cargos da Consellería ou non.

Por certo, evidentemente, vostede non quixo falar da súa emenda, non sei... Nós non podemos aceptar isto e menos... Xa non sei que pretendía, porque non a aclarou. En ningún caso o que conteñen aquí, en ningún dos puntos que reclaman os profesionais, nada do que veña no acordo, e, dende logo, esas direccións de atención primaria, en vez das xerencias de atención primaria, xa foron rexeitadas polos profesionais. ¿Por que insisten en algo que foi rexeitado?

Agora mesmo teñen vostedes a posibilidade de cumprir co que acordan ou co que se comprometen ou co que firman. Parece ser que non vai ser así. Pois teremos outra vez folga, teremos outra vez folga, porque realmente eu non podo entender como a unhas horas soamente... *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** —¡por favor— de firmar un papel, se está dicindo que ese papel non vale por parte do presidente.

Repito, reitero e remato, porque non me queda tempo xa.

**O señor PRESIDENTE:** Sobre a emenda.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** Xa me posicionei.

**O señor PRESIDENTE:** Pero é que non lle entendín; perdoe.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** Si, é que hai moito ruído.

Non, evidentemente non imos aceptar unha emenda de substitución.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.



**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** E remato xa.

Teñen a posibilidade —díxeno na primeira parte—, con algo asinado con vostedes mesmos: cumprir ou, unha vez máis, mentir. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Torrado.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas, presidente.

Non sei se somos moito de «tenderete» e vostedes son máis de «taburete» pero, en fin, eu «tenderete» non, pero algunhas propostas tiñamos. Imos ver se somos capaces de debater sobre ela.

O que si me chama a atención —teño que dicilo, descúlpeme, señor Núñez Centeno, xa sabe que sen acritude— é que vostedes, para defender a súa política sanitaria agora, soben aquí a aplaudir, a agarrarse, *cual clavo ardiendo*, a aqueles mesmos que vostedes aquí dixeron que ían ás manifestacións porque lles daban autobuses e bocadillos. (*Aplausos.*) Tiñan que estar ben os bocadillos, jeh! A eses mesmos agora aférranse a eles para dicir que algo ben están facendo porque eles lles dan un voto de confianza. Todo o mundo ten dereito a rectificar; iso é certo e iso hai que recoñecelo.

Sobre o ridículo do superávit do señor Feijóo, xa mañá vai haber un debate sobre iso, e permítame que poidamos comprobalo con maior claridade e seguramente con maior da que poida expresar eu.

E é certo que a culpa —¡como non!, non podía ser doutra maneira— é de Pedro Sánchez. Fágome unha pregunta —e é retórica, evidentemente—: se a culpa da planificación dos MIR é do Ministerio; da dimisión dos xefes de servizo é deles mesmos, porque dimiten; se da saturación de urxencias é dos usuarios, que usan mal o sistema; se do problema laboral das ambulancias é dos traballadores, que teñen un problema laboral aí coa empresa; se o descontento social é culpa da oposición manipuladora, ¿para que serve a Consellería? Está para non moito, pero ¿para que serve? Se todos os graves problemas que ocorren no sistema sanitario son culpa doutro, ¿para que serve a Consellería? Porque entón tamén podíamos substituír a Consellería, ou, segundo vostedes, anulala.

Entón, haberá que ter algún criterio. Algunha vez se cometen erros. Dixo o señor Feijóo hoxe: planificamos mal. Polo menos fáganlle o seguimento. É certo que tamén dixo que iso de que ese acordo que tal...; pois dotación orzamentaria, ningunha. Por iso comprenda que existe preocupación sobre que alguén poida dar un voto de confianza e ás poucas horas chegue o presidente e diga que diso nada, diso nada. A ver se vai ser que é o que tememos nós —e agardamos que non—, que sexa porque hai eleccións agora e que lles diga: non, ben, xa despois en xuño empezamos outra vez a falar, e cheguen alí e lles digan que nada. A ver se non vai ser iso.

E sobre os MIR, cento cincuenta prazas perdidas co Goberno Feijóo. A ver se nos din algo disto. Poderíamos ter cento cincuenta MIR máis.





O ano próximo —xa o saben—, convocado o máis grande MIR da historia de España; xa está planificado, xa está entregado. ¿Sabe cando foi o anterior? Co Goberno Zapatero. *(Aplausos.)* ¿Sabe que pasou polo medio? Que perdemos case mil MIR ao ano. Se é que é un problema principalmente pola súa xestión.

En definitiva, sobre a emenda, comprenderá que a nosa sorpresa é que non retiraran a emenda unha vez chegado a ese suposto acordo de onte. Porque, a verdade, máis próximo ao acordo está o que propoñemos nós que o que propoñen votedes. Isto que propoñen é aquilo polo que se tiveron que seguir xuntando porque había convocada unha folga. Non imos aprobar algo que motivou a convocatoria dunha folga.

Teñen dúas cousas que si poderían ser interesantes para incluír e, se vostedes queren, nós incluímoslles como engádega, non como substitución. Permítame explicar as dúas.

A primeira, o punto 1, que di —vou ler textualmente—: «Reordenar as cotas tendo en conta as características da poboación, reforzando os dispositivos cunha elevada carga asistencial.»

¿Pero non se está facendo? ¿Non estamos poñendo máis profesionais xa onde hai máis carga asistencial? ¡Home!, xa independentemente de que o aprobemos ou non, pero fágano. Poñer máis persoal onde hai máis carga asistencial. ¡Home!, pois polo menos está ben.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Se o queren, incluímolo como engádega e nós votaríamos a favor tamén.

E sobre o punto 1.b), de eliminar as taxas de reposición, nós plantexámolo, non só para os deficitarios. Por certo, non é o Ministerio de Sanidade, é cousa de Facenda, do Ministerio de Hacienda; aí hai que pedilo, que logo pasa como o Laboratorio de Bivalvos, que piden onde non é; hai que pedilo ao Ministerio de Hacienda. Se vostedes queren pedilo ao Ministerio de Hacienda, estamos de acordo, benvidos; votaron sete veces en contra disto e agora quéreno propoñer. Se esas dúas cousas están a favor, nós votaremos a favor e incluímoslas como engádega.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Procedemos á votación das mocións. Pechen as portas, por favor.

### ***Votación das mocións***

**O señor PRESIDENTE:** Comezamos votando a do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paula Quinteiro.

Non acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista. E tanto o Grupo Parlamentario Socialista como o Grupo Parlamentario Popular pediron a votación por puntos.



¿Acepta vostede a votación por puntos?

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** Si.

**O señor PRESIDENTE:** Entón, ¿que puntos piden que se separen?

Señora Otero.

Déanlle voz ao escano da señora Otero.

**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** Nós solicitamos votar por separado o punto 1 da letra b), e o resto, todo xunto.

**O señor PRESIDENTE:** O punto 1 da letra b). Isto é o que pide o PSOE.

E o Grupo Parlamentario Popular ¿pide?

Déanlle voz ao escano do señor Rodríguez Pérez. Grazas.

**O señor RODRÍGUEZ PÉREZ:** É votar o punto 1 da letra a).

**O señor PRESIDENTE:** ¿Por separado?

**O señor RODRÍGUEZ PÉREZ:** E despois o resto.

**O señor PRESIDENTE:** O punto 1 da letra a).

**O señor RODRÍGUEZ PÉREZ:** Si.

**O señor PRESIDENTE:** Comezamos.

Entón, votamos en primeiro lugar o punto 1, letra b), a proposta do PSOE.

Votamos.

*Votación do punto 1.b) da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paula Quinteiro Araújo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co emprego no sector do telemárketing*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 36; abstencións, 14.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitado este punto 1.b).*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora o punto 1.a).



Votamos.

*Votación do punto 1.a) da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paula Quinteiro Araújo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co emprego no sector do telemárketing*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 68.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobado este punto por unanimidade.*

**O señor PRESIDENTE:** *Votamos agora o resto dos puntos da moción.*

Votamos.

*Votación da Moción do G. P. de En Marea, agás os puntos xa votados, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paula Quinteiro Araújo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co emprego no sector do telemárketing*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 36.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, quedan rexeitados estes puntos da moción.*

**O señor PRESIDENTE:** *Votamos agora as seguintes mocións. Podía ser de xeito conxunto, se non teñen inconveniente. ¿Ten inconveniente, señor Torrado, ten inconveniente? (O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.) Non, se é unánime, podían votarse conxuntamente. (O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.) Non quere. Pois entón xa non hai unanimidade.*

*Entón votamos en primeiro lugar a do Grupo Parlamentario de En Marea.*

*Non se aceptou a emenda do Grupo Parlamentario Popular.*

Votamos.

*Votación da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención primaria da saúde.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 36.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta moción.*



**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Popular.

*(O señor Torrado Quintela pide a palabra.)*

¿Si, señor Torrado?

Déanlle voz ao escano do señor Torrado.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Se no Grupo Popular non lles provoca moita risa que eu fale... *(Murmurios.)* Non son rubia pero podo ser máis intelixente... *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¿Cal é a cuestión? *(Murmurios.)*

**O señor TORRADO QUINTELA:** Alégame que se indignen coas palabras dos seus compañeiros, está ben. Alégame que se indignen coas declaracións do Partido Popular.

Señor presidente...

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio! ¿Cal é a cuestión, a cuestión importante? ¿Cal é a cuestión importante que quere vostede? *(Murmurios.)* ¡Silencio, por favor!, ¡silencio! ¡Por favor! ¡Silencio! ¡Orde!, por favor. ¡Silencio! ¿Cal é a cuestión?

**O señor TORRADO QUINTELA:** Alégame...

**O señor PRESIDENTE:** Non, a cuestión, ¡por favor! ¿Cal é a cuestión que quere?

**O señor TORRADO QUINTELA:** Plantexei dende a tribuna unha proposición ao voceiro do Partido Popular sobre adherir algunha das partes e non sei se aceptou ou se a considerou ou non a considera.

**O señor PRESIDENTE:** Non a considera.

*(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

En fin, ¿que quere que lle diga?

Imos votar a do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

*(Murmurios.)*

Voten, por favor.



*Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as medidas que debe desenvolver a Xunta de Galicia no ano 2019 para a mellora da atención primaria no Sistema público de saúde*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 36.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta moción.*

**O señor PRESIDENTE:** Rematadas as votacións, abran as portas, por favor.

Pasamos agora ao punto cuarto da orde do día.

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Martín Fernández Prado e catorce deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Fomento en relación co Plan director para o corredor atlántico presentado o 20 de febreiro en Madrid**

**O señor PRESIDENTE:** A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario de En Marea e outra do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

*(O G. P. de En Marea, por iniciativa do seu deputado Antón Sánchez García e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 48070 (10/PNP-003633).*

*Emenda nº 1, de adición:*

*Débase de engadir na parte resolutiva un punto 6, co seguinte texto:*

*“6.- O Plan Director para o Corredor Atlántico que debe prever, como actuación complementaria, a mellora da interconexión dos portos de interese xeral do Estado da cornixa cantábrica”.*

*Emenda nº 2, de adición:*

*Débase de engadir na parte resolutiva un punto 7, co seguinte texto:*

*“7.- Que se garanta o financiamento a cargo da UE e dos orzamentos do Estado e/ou de Portos do Estado, coa correspondente inclusión de orzamento axeitado e suficiente tanto no Plan de Investimentos de Portos do Estado e ADIF como na Lei de Orzamentos Xerais do Estado, sen aportación de fondos económicos pola Autoridade Portuaria da Coruña, de xeito que se podan licitar e dar comezo as obras da conexión ferroviaria co Porto Exterior de Punta Langosteira neste ano 2019”.*

*Emenda nº 3, de adición:*

*Deberase engadir na parte resolutiva un punto 8, co seguinte texto:*



“8- O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a que, no marco da revisión do Regulamento Europeo 1315/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 11 de decembro de 2013, demande a inclusión do Porto de Vigo na rede básica portuaria da RTE-T e inste ao Goberno do Estado a que actúe no mesmo sentido”.)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Luís Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 48070 [10/PNP-003633].

Emenda de adición:

Engadir ao final do punto 5 o seguinte texto:

“Este plan incluírá cando menos as seguintes actuacións: modernización da liña Ferrol-Ribadeo; conexión directa de Lugo con Santiago; modernización e mellora do trazado da liña Ferrol-Coruña; mellora da conexión Vigo-Porto; modernización da liña Ourense-Lugo. Asemade, primará vertebrar o territorio mediante a mellora das conexións, frecuencias e horarios entre as principais cidades e vilas galegas.”)

Emenda de adición:

Engadir tres novos puntos, co seguinte texto:

“6. Que o documento definitivo do Plan Director inclúa a conexión do ferrocarril cos portos de interese xeral, o Porto Seco de Monforte e a PLISAN, así como a conexión dos grandes parques empresariais e loxísticos.

7. A tramitación e aprobación do proxecto da saída sur de Vigo, coa previsión de licitación ao longo do ano 2019.

8. A transferencia das competencias e financiamento co obxectivo de crear un tente galego de xestión do tren de cercanías.”)

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Barreira.

**A señora RODRÍGUEZ BARREIRA:** Grazas, señor presidente.

Boa tarde, señorías.

A proposta que trae a esta sesión plenaria o Grupo Popular trata de evitar un agravio, ou, mellor dito, un novo agravio con Galicia dun goberno socialista, e isto no que atinxe ao corredor atlántico de transporte ferroviario de mercadorías. Nos últimos tempos temos falado en varias ocasións desta cuestión, temos acadado acordos, conscientes todos da importancia de incluír o noroeste peninsular no corredor atlántico, e teñen tamén acadado acordos as comunidades autónomas afectadas por canto foron quen de unirse para dotarse da fortaleza necesaria para reivindicar a súa inclusión no corredor atlántico.



Ben, a resultas desa unión, desas xestións, acadouse unha garantía de inclusión do noroeste peninsular no corredor atlántico, primeiro co acordo da Comisión Europea, despois co acordo do Consello de Ministros de Transportes da Unión Europea, despois co propio Parlamento Europeo, e abríase así a posibilidade de acceder aos fondos europeos do mecanismo Conectar Europa, que serán tan importantes para que Galicia estea nunha das autopistas ferroviarias de mercancías que transitan e que atravesan o territorio comunitario.

Como saben, a conxuntura política deu lugar a que esta herdanza destas xestións a recibira un goberno socialista, de tal maneira que garantir a inclusión no corredor atlántico da conexión ferroviaria da Coruña e León dende o corredor atlántico en Palencia, a través de León, Monforte-Ourense, Vigo e A Coruña, no seguinte paso correspondíalle ao Ministerio de Fomento. Tratábase precisamente de planificar, elaborar o plan director para ese corredor atlántico.

¿Que fixo, señorías, o Ministerio de Fomento, chegados a este punto, que xa tiña superado ese reto de incluírnos no corredor atlántico? Pois tiña dúas opcións: a primeira era elaborar un plan consensuado, participativo, coas comunidades autónomas. E a segunda era o que fixo. E o que fixo foi que o 20 de febreiro pasado presentaba un plan director no que se dicía, concretamente, que as actuacións presentadas —dicíao o ministro de Fomento—: «*Tienen por vocación compensar desequilibrios y recuperar retrasos, tras décadas de que el peso demográfico y económico gravitara algo más hacia Madrid y el Mediterráneo*». Un documento para o que ademais reclamaba consenso e responsabilidade institucional.

O certo é que este documento nin tiña consenso nin tiña responsabilidade ningunha, e ademais non corruxía desequilibrio ningún, todo o contrario. A realidade, señorías, é que a señora conselleira de Infraestruturas nos daba conta o pasado 12 de marzo das eivas, de que non fora consensuado, dos defectos e as deficiencias deste documento; que contabilizaba como investimentos actuacións que xa foran executadas e outras que nin estaban no trazado do corredor; que obviaba actuacións estratéxicas como o *bypass* de Monforte, a saída sur de Vigo ou a pendente do Manzanal; que non recollía conexións ferroviarias fundamentais como as conexións coas instalacións portuarias, coa Plisan ou a conexión de Galicia con Portugal; e que mesmo afectaba ás propias características da liña na medida en que non contemplaba o sistema ERTMS nin o ancho de liña da Unión Europea.

Cómpre sinalar, chegados a este punto, que a conselleira nos informaba tamén de que Fomento contemplaba menos da metade dos 3.100 millóns de euros que as comunidades consideraban para a modernización deste itinerario, e nós preguntámonos, señorías, ¿que desequilibrio co Mediterráneo pretendía corruxir o señor Ábalos? ¿Que desequilibrio pretendía corruxir destinando ao corredor Mediterráneo 18 millóns de euros por quilómetro, cando o Plan director do corredor Atlántico prevía destinar 1,5 millóns de euros por quilómetro?

Señorías, este desatino no quedaba aí. O pasado 27 de marzo amañeciamos con estes titulares: «*Fomento dice ahora que aún no ha elaborado el Plan director del corredor Atlántico ferroviario.*» «*El ministerio aclara en una carta a la Xunta que el pasado mes tan solo realizó una presentación de las líneas principales de actuación.*» «*Fomento, sin un plan cerrado aún para el corredor Atlántico.*»



Señorías, isto é un desatino. Agora resulta que nin sequera era un plan director, era un boceto, era un documento en proceso de xestación —como dixeron—, e isto, señorías, é serio. É serio porque estamos a falar dun documento que nos permitirá acceder aos fondos europeos. Un documento que precisa dunha planificación completa, de proxectos concretos, de calidade e competitivos e que se presenten canto antes, señorías. Teñen que presentarse canto antes porque os primeiros grandes proxectos de maior investimento deben facerse precisamente nos primeiros anos do Mecanismo financeiro Conectar Europa.

Por tanto, con esta actuación negligente do Goberno socialista o que está acontecendo é que se estaba poñendo en risco a posibilidade de acometer unha modernización real das nosas liñas, da liña noroeste do corredor Atlántico, que permitiría acadar os estándares de competitividade que exige a Unión Europea.

Permítanme que neste punto felicite a actuación e o traballo da conselleira de Infraestruturas e da súa equipa, que ten sido quen non só de evidenciar esta actuación errada, senón tamén de tomar a iniciativa, de dirixirse directamente aos responsables da Comisión Europea, conseguindo non só a total receptividade para avanzar no impulso do corredor Atlántico, senón o que resulta máis importante, conseguir que o Goberno galego poida ter participación e algo que dicir nos grupos de traballo para impulsar o corredor Atlántico, ata o punto, señorías, de que será a propia comisión a que se dirixirá ao Ministerio de Fomento para reclamarlle explicacións.

Ao señor Álvarez faille graza, pero isto é algo verdadeiramente serio. Non sei onde ve vostede a graza desta cuestión, señor Álvarez. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Dígolle isto porque igual está vostede satisfeito con este desequilibrio que se está a propoñer entre o corredor Mediterráneo e o corredor Atlántico, pero a nós, verdadeiramente, non nos fai graza. E de feito —como lles dicía—, vai ser a comisión a que vai reclamar do Ministerio de Fomento que non só explique esta planificación, senón que lle advertirá da necesidade de contar con proxectos concretos e con proxectos completos tamén.

Resulta lamentable, señorías, que o Goberno galego se teña que dirixir directamente, buscar unha interlocución directa coa Unión Europea para evitar os desatinos e os prexuízos que o Goberno socialista nos podería ter ocasionado.

Esta iniciativa, por tanto, señorías, ten como finalidade corrixir esta errada actuación do Ministerio de Fomento. Trátase de instar a Xunta a que demande do ministerio, primeiro, a remisión do documento que se presentou o 20 de febreiro; un documento que se nos dixo que era incompleto —a conselleira daba conta de que se lle entregara un *pen drive* pero que, evidentemente, estaba inacabado—.

Pedimos tamén a elaboración dun plan director para o corredor Atlántico que sexa consensuado, que recolla a planificación e os proxectos concretos de calidade para conseguir fondos europeos que se traduzan nunha verdadeira modernización desta liña ferroviaria, colocando este corredor ao mesmo nivel que o corredor Mediterráneo.

Tamén pedimos o nomeamento dun comisionado do Adif para o corredor Atlántico como se ten feito co corredor Mediterráneo. Traballar con intensidade para presentar proxectos de





calidade e documentos técnicos que favorezan a recepción de fondos no tramo, na liña, que vai de Vigo a Porto, porque na medida en que non está no corredor Atlántico pode ter máis dificultades para acceder a eses fondos europeos.

E tamén a redacción dun plan de conservación e modernización do resto da rede ferroviaria de Galicia para que, en coordinación co Plan director para o corredor Atlántico, se recollan as actuacións necesarias para favorecer e mellorar a mobilidade dos cidadáns.

Señorías, o pasado mes de xaneiro o ministro de Fomento, señor Ábalos, destacaba en Valencia que o proxecto de orzamentos xerais do Estado de 2019 incrementaba nun 93 % o investimento previsto para o corredor Mediterráneo. Ao tempo que isto acontecía en Valencia, os investimentos en Galicia desplomábanse nun 26 %, sendo Galicia a autonomía que máis perdía en investimentos con relación ao ano 2018. Talvez vostede, señor Álvarez, estea de acordo con isto; a nós prodúcenos unha profunda desazón.

Unha das primeiras actuacións do Goberno socialista con relación ao corredor Mediterráneo foi precisamente nomear un comisionado e tamén reforzar a oficina do coordinador do corredor Mediterráneo en colaboración coa Generalitat Valenciana. Iso non se ten feito en Galicia.

O ministro Ábalos destacou tamén que os orzamentos xerais para o 2019 son os máis vantaxosos para a Comunidade Valenciana, e resaltou, entre outras partidas, o investimento en cercanías, que aumentaría un 62 % con respecto ao do ano anterior.

Eu non sei, señorías, que desequilibrios e que atrasos pretendía corrixir o señor Ábalos con ese plan director que acaba de presentar. Nós, señorías, non imos permitir que nos marxinen outra vez, e por ese motivo seguiremos defendendo a necesaria modernización das liñas ferroviarias galegas que nos permitan no futuro colocar os nosos produtos no resto de Europa en condicións de competitividade.

Toca agora que vostedes prioricen o interese de Galicia, que apoiem esta proposta. Refírome pormenorizadamente aos deputados do Grupo Socialista, ¿que van facer vostedes por Galicia, señorías, no que atinxe ao corredor Atlántico? Dou por feito que apoiarán esta iniciativa. Podemos entender a querencia do señor Ábalos pola súa terra, pero seguro que vostedes estarán na defensa de Galicia, na modernización desa autopista ferroviaria que será o corredor Atlántico; unha modernización que permitirá unha mellora substancial da mobilidade dos veciños, dos cidadáns galegos; unha mellora da conectividade e da loxística de Galicia; e, como consecuencia, unha mellora da competitividade dos nosos portos e das nosas empresas.

Eu espero que vostedes sexan quen de apoiar esta iniciativa e que sexamos capaces de aprobalas por unanimidade.

Nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Barreira.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.



**O señor BARÁ TORRES:** Señora Barreira, a súa intervención poderíase titular «*Queda abolido o pasado. O pasado non existiu.*» (Aplausos.) «*O Partido Popular nunca gobernou neste Estado, nesta nación galega.*»

Miren, vostedes están nunha carreira bipartidista sobre quen discrimina máis a Galiza, e a verdade é que a conselleira Ethel Vázquez o mes pasado fixo méritos cando dixo: «As comunidades do noroeste» —isto soa un pouco así a *far west*— «levamos case unha década traballando para estar na rede de mercadorías europea.» Para levar case unha década, fixeron as cousas ben mal, ¡fixeron as cousas moi mal! Dixo vostede: «Non imos permitir que nos discriminen outra vez.» Como no 2013, cando vostedes, o Partido Popular e o Partido Socialista, votaron en contra da inclusión de Galiza na Rede europea de transportes no Parlamento europeo. (Aplausos.) Foron vostedes quen votaron en contra desta cuestión, e por iso temos que agardar agora, estar aí agardando sen acceso aos investimentos. Si, tal cual.

¿Saben como se chama isto? Traizón a Galiza. E deixouno, ademais, claro o señor Feixóo. Dixo en febreiro deste ano: «*El noroeste ha permanecido callado demasiado tiempo.*» Non podía falar máis claro, por unha vez dixo unha verdade: «*El noroeste ha estado callado demasiado tiempo.*» Isto poderíase titular como aquela gran novela de Luís Martín Santos, *Tiempo de silencio*. Tempo de silencio foi o Goberno do señor Feixóo cando gobernaba o Partido Popular no Estado e había que calar a boca. Había que dicir *si, bwana*, había que dicir amén, había que dicir que todo estaba ben. E a discriminación a Galiza polo Goberno central e o silencio do Goberno da Xunta durante unha década explican que agora esteamos no furgón de cola, que esteamos fóra do mapa ferroviario do Estado en materia de mercadorías.

E mire, isto non o di o BNG, isto díxoo o outro día na Coruña o señor director xeral de Ence Mercancías. Dixo: «*Nuestro verdadero problema es que tardamos 23 horas, un día, en llegar a Barcelona con un tren de mercancías desde Galicia.*» ¿Que lle parece? ¿Quen é responsable de que pase isto a estas alturas do século XXI, de que esteamos no século XIX ferroviario? ¿Ten algo que ver que gobernou no Estado o Partido Popular e na Xunta o Partido Popular, e que daquela calabán? Xa non lle vou falar do que se tarda de Santiago a Lugo, que vostede tamén o debe saber, ou de Lugo a Santiago.

Miren, estamos sen conexións competitivas na maior parte dos portos de interese xeral, sen conexión cos principais nós loxísticos e cos centros industriais, coa Plisan, por exemplo, ou co porto seco de Monforte, que vostede tamén debe coñecer ben. Un ermo empresarial, sen ningunha empresa, despois de cinco anos de telo inaugurado o señor Feixóo. Esa é a política que fan vostedes a favor da loxística. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, eu digo Feixóo porque falo en galego, vostedes digan como queiran.

Sen vías electrificadas en Meirama e Sogama, que son os que moven máis trens de mercadorías no país. As locomotoras de Renfe van a trinta por hora, non dan subido as costas, ¡así chegamos un día en chegar a Barcelona! E temos, ademais, os convois máis curtos en lonxitude de todo Estado. Esa é a realidade, e terán algo que ver vostedes, que estiveron gobernando todo este tempo.

E fronte a este panorama, a este ermo, resulta que agora o Partido Popular e o Partido Socialista están nun duelo de *power point*, porque o señor Ábalos presenta o *power point* do plan



director e a Xunta e os seus socios presentan outro *power point* do documento da estratexia loxística ferroviaria para o noroeste, que tampouco ten ningunha concreción. E agora resulta que a señora Ethel Vázquez, a conselleira, váisenos a Bruxelas e alí recíbea unha asesora do responsable do corredor Atlántico; nin sequera consegue unha reunión co responsable desta materia. Eu creo que foi máis ben intentar arranxar o marrón que teñen coa multa millonaria pola situación das nosas rías. A iso deberon ir.

Vostedes, temos que dicir que Partido Popular e Partido Socialista, compiten na discriminación a Galicia en materia de investimentos, de infraestruturas, en materia ferroviaria, e son corresponsábeis deste abandono ferroviario de Galiza.

O do Partido Popular xa é para nota, porque agora xustamente piden o que non fixeron na última década. A realidade é que, se este plan director que nos presentan agora, o tivese presentado o señor Rajoy, vostedes estarían aplaudindo coas orellas, porque levaron facendo isto ante os agravios e ante as aldraxes todo este tempo.

Por iso, desde o BNG presentamos unha serie de emendas para incluír nese plan de modernización, cuestións fundamentais como a mellora e modernización da conexión Ferrol-Ribadeo, da conexión Coruña-Ferrol, de Lugo con Santiago ou a saída sur e a conexión con Portugal, con proxectos e con orzamentos, non con brinde ao sol de *power point*.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor BARÁ TORRES:** E tamén a inclusión no plan director desas conexións cos portos, cos centros loxísticos, cos parques empresariais e tamén cos proxectos e cos orzamentos.

E por último, a transferencias das competencias en materia ferroviaria, en materia de cercanías. E xa sabemos cal é a resposta. A resposta do señor Feixóo é que non queremos máis transferencias.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará. Terminou o seu tempo.

**O señor BARÁ TORRES:** Tampouco da AP-9. Desta sabemos tamén o que nos dixo o señor Ábalos, que para Euskadi si, para Galiza non. ¡Pois o BNG non traga con iso! (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Boas tardes.

Dicía a voceira do partido Popular que é pouco seria a actitude do Goberno socialista. En parte, iso explicarei, si. Pero o que é pouco serio tamén é a actitude do Goberno galego, se se lle pode chamar así.

Non me parece moi serio que veñan aquí os deputados e deputadas a facer campaña electoral nesta tribuna, con asuntos tan importantes. Pero o que é menos serio é que o Goberno galego



se dedique a facer campaña electoral con este tema, que se dedique a facer críticas do Goberno socialista cando o Goberno galego en absoluto cumpriu cos seus deberes. O Goberno do Partido Popular é máis ben unha delegación de Goberno, unha deputación provincial, que un goberno dun país como é Galicia. E iso lles ten que entrar na cabeza a vostedes.

¿Cando o Partido Popular empezou a facer algo polo corredor Atlántico? ¿Cando comezou a facer algo pola conexión Vigo-Porto? ¿Cando se subiron vostedes ao carro? ¿Que fixeron vostedes cando gobernaban no Estado español? ¿Que fixo o Grupo Popular no Parlamento Europeo? ¿Que emendas presentou ao documento que presentou a Comisión Europea que deixaba fóra da rede básica a conexión Vigo-Porto? ¡Nada! ¿Que fixo o señor Feijóo, membro do Comité de rexións que presentou emendas ao documento da Comisión Europea? ¡Nada! ¡O señor Feijóo non fixo nada!

¿Onde está o plan director da Xunta de Galicia, onde están os proxectos para conectar con Portugal? ¡Nada! E dirán: as competencias non son nosas. Un goberno galego ten que ter claras as súas prioridades, para levalas ao Goberno do Estado, ao Parlamento Europeo e onde faga falta. ¿Onde están os proxectos, onde está o traballo da Xunta de Galicia para mellorar as conexións con Portugal?

Ademais, no colmo da seriedade, onte estaba vendo o telexornal e a conselleira de Infraestruturas explicando que nesta proposición non de lei se lles esquecera incluír o financiamento do porto exterior de Punta Langosteira e de que se executara. Iso metémolo nós nunha emenda, por se tamén queren votar a favor. Ao Partido Popular esquecéuselle meter nesta proposición non de lei que queremos financiamento, que non o pague a autoridade portuaria, que xa ten unha débeda millonaria para a conexión ferroviaria da Punta Langosteira, cousa que son deberes pendentes do goberno de Mariano Rajoy, tamén, por certo. E tamén presentamos na nosa emenda que se introduzan nese plan director as conexións cos portos cantábricos. Tamén fundamental para Galicia. E, por último, que no marco da revisión do Regulamento 1.315/2013, da rede básica portuaria, Vigo tamén sexa incluído nesa rede básica como porto nodal. E tamén asistín aquí a un debate no que se botaban os trastos á cabeza PSOE e PP, cando ambos tiveron responsabilidade de que Vigo non fose porto nodal, cada un no seu momento. Pero tanto dá, iso tanto dá, o importante son as eleccións e facer campaña electoral.

O señor Esteban González Pons promete que, se gaña o Partido Popular, a conexión con Portugal será unha prioridade. ¿E que fixo o Partido Popular no Parlamento Europeo?, ¿que fixo? Se se puido debater sobre a inclusión da conexión con Portugal na rede básica foi grazas a un eurodeputado portugués. Nada fixo o Partido Popular e nada fixo no Parlamento Europeo o Partido Socialista, que tiñan membros nesa comisión.

Aínda así, o resultado foi que quedou excluída da rede básica e pasa a estar na rede global. E iso é estar na segunda división para financiamento, para porcentaxe de financiamento e para o período no que se teñen que executar os investimentos, que pasan de 2030 a 2050.

É unha mala noticia, saudada positivamente pola conselleira, que andaba moi despistada. E esa mala noticia é responsabilidade do Goberno socialista do Estado, do Goberno de Pedro



Sánchez, que politicamente non apostou por esta conexión e si que apostou polo corredor Mediterráneo. É unha decisión política, primeiro do partido Popular e do desleixo da Xunta de Galicia, pero tamén do Goberno socialista, que non defendeu a inclusión da conexión Vigo-Porto na rede básica. ¡Non hai outra razón!

No Parlamento Europeo aprobouse esa inclusión. No Consello Europeo nin se plantexou. E finalmente, no [...], por culpa de que non se defendeu politicamente por parte do Goberno socialista, non se incluíu. Evidentemente, aquí hai responsabilidades compartidas, pero o Goberno socialista nisto non [...] e é unha decisión política, nada máis. Polo tanto, agora, evidentemente, chegan tarde, señores do Partido Popular, para a loita pola inclusión de Vigo-Porto na rede básica. Chegan moi tarde. Pero agora hai que facer proxectos para optar ao financiamento europeo. Entón, neses proxectos, evidentemente, teremos que demandar ao Goberno do Estado, dende unha posición o máis unánime posible, que faga esas actuacións que queremos para o futuro, pero —digo eu— abandonando estes xogos baratos de campaña electoral...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. Remate, por favor.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** ...tendo un pouco máis de seriedade. Porque ¿quen recibiu á conselleira en Europa? Estas cousas non se deben de facer así. Por iso, se vostede cualifica de actuación negligente a actuación do Goberno socialista, ¿como cualifica a actuación do Goberno galego, que estivo en Babia?

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Aquí, neste Parlamento —e xa remato—, quen impulsou iniciativas no sentido de defender a inclusión de Galicia no corredor atlántico foi o Grupo de En Marea, ningunha iniciativa do Grupo do Partido Popular antes...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, grazas...

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** ...desa inclusión. Polo tanto, algo de seriedade...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** ...algo de rigor e algo de honestidade coa cidadanía.

**O señor PRESIDENTE:** Terminou o seu tempo.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Álvarez Martínez.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** Moitas grazas, señor presidente.



En primeiro lugar, quero agradecer a todos os grupos da Cámara as facilidades por alterar a orde do día e debater esta PNL no día de hoxe, antes que o resto.

Señora Rodríguez Barreira, agora resulta que a aprobación ou non, pese á maioría absoluta do Partido Popular, desta proposición non de lei recae nos parlamentarios do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia.

Para que non sufra innecesariamente, voulle dicir que imos apoiar esta proposición non de lei, polo tanto, voulle aforrar aproximadamente catro minutos e vinte segundos de sufrimento e incerteza por se esta proposición non de lei non saía adiante. Non vai quebrar vos, polo menos no que ao noso grupo parlamentario se refire, a unanimidade que temos acadado permanentemente neste Parlamento en defensa do corredor atlántico. E voume permitir dicir —aínda que xa o dixeron, e, polo tanto, vouno repetir— que o único que conseguiu a señora conselleira de Infraestruturas e Mobilidade onte en Bruxelas foi unha fotografía ou dúas con asesores do Parlamento. E con todos os meus respectos para os asesores, creo que, excepto as fotografías, podían ter aforrado a viaxe e facer un *skype* cos asesores, que nos saía bastante máis barato a todos os que tributamos nesta comunidade autónoma, porque a realidade é a que é. (*Murmurios.*)

Pero imos ir cun pouco de orde cronolóxica. En primeiro lugar, por antecedentes, efectivamente, o día 21 de febreiro presentouse en Madrid ese proxecto ou anteprojecto —como queiran chamarlle— do corredor atlántico. Ese proxecto ou anteprojecto ou power point suscitou dúbidas na Xunta de Galicia, e a titular de Infraestruturas dirixiuse ao Ministerio de Fomento solicitando o plan completo.

Ata aí todo parece ser razoable. a cuestión é que a propia Secretaría de Estado de Infraestruturas, Transporte e Vivenda, recoñeceu —como é obvio— que o que se presentara era algo que non estaba rematado aínda, evidentemente, que estaría nese momento nun proceso inicial de xestión. Polo tanto, esas eran as liñas principais de actuación do Goberno para un corredor estratéxico e moi amplo, para todo o noroeste da Península Ibérica, e que os equipos técnicos do Ministerio e de Adif, igual que os equipos técnicos da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade elaborarían o documento completo con toda a documentación que precisa, documentación técnica extensa, complexa e longa de elaborar, porque, evidentemente, non estamos a falar de poñer un metro cadrado de formigón para facer unha beirarrúa ao lado dunha estrada, estamos a falar dunha grande infraestrutura.

Case simultaneamente —como xa fixo referencia o señor Sánchez, que me precedeu—, por parte das comunidades autónomas de Galicia, do Principado de Asturias e de Castela-León remitiuse ao Ministerio de Fomento ese documento ao que xa se fixo referencia e, polo tanto, non vou repetir. Pero si me interesa facer un matiz con respecto a ese documento. O propio Ministerio de Fomento díxolle á Consellería que sería interesantísimo —léase isto en termos un tanto xocosos— que ademais dese plan, dese *power point* ou dese *Libre Office*, que non sei con que software o fixeron, se remitise tamén a documentación técnica que daba soporte a ese plan, documentación técnica que, polo que se ve, non existe de momento. Porque, evidentemente, a mesma complexidade que ten o Ministerio de Fomento vana ter as consellerías competentes das tres comunidades autónomas para documentar as alternativas que propoñen.



Polo tanto, eu creo que é unha cuestión dun pequeno respecto non xa aos políticos, non ao ministro, non á conselleira, senón aos técnicos dunha e outra Administración que requiren do tempo necesario para elaborar esa documentación por completo. E o colmo do ridículo, do esperpento, é que a conselleira diga que saíu dunha reunión cun asesor ou unha asesora e que lle van reclamar a documentación ao Ministerio de Fomento. O Ministerio de Fomento volveuse tonto desde que governa o Partido Socialista en España. Non saben como teñen que elaborar un proxecto, non saben que documentación hai que aportar.

E quero que me aclare unha cousa, se fai o favor, na súa intervención. Eu téñoille oído aquí ao conselleiro do Medio Rural dicir que el asiste a reunións na Unión Europea acompañando ao ministro do Estado, sexa quen sexa. Entendo tamén que a conselleira irá a esas reunións acompañando á ministra ou ministro do Goberno do Estado sexa quen sexa o ministro ou ministra. Non creo que sexa necesario que, por parte da señora Éthel Vázquez, se lle diga ao Goberno do Estado a que reunións poden asistir, quen son os asistentes e que van tratar, creo que uns e outros xa o saben. Polo tanto, creo que tratarnos uns a outros de analfabetos funcionais está fóra —incluso— do debate corto da inminencia da campaña electoral.

Insisto, por se non lle quedou claro, que imos apoiar igualmente esta inútil iniciativa.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Álvarez Martínez.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Rodríguez Barreira.

**A señora RODRÍGUEZ BARREIRA:** Grazas, señor presidente.

Señor Bará, manipular non é o mesmo que argumentar. Vostedes veñen aquí, din cousas, pero hai que argumentar. Dean argumentos sólidos. Di vostede, señor Bará, que levan dez anos de negociacións... ¿Vostede sabe cando se negociaron os trazados do corredor atlántico? Nos anos 2009 e 2010. ¿Quen gobernaba nos anos 2009 e 2010 no Goberno central? O Partido Popular, como todo o mundo sabe. Nos anos 2009 e 2010 gobernaba o Partido Popular no Goberno central.

Iso si, iso si, os orzamentos do señor Zapatero os apoiaba o Bloque Nacionalista Galego. (*Prónúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non... Pero apoiáronos, ¿verdade que si? Tiveron moita oportunidade de reclamar e de reivindicar uns orzamentos para renovar e modernizar a rede ferroviaria galega, por exemplo.

Di vostede que había que dicir «si, bwana» e que todo estaba ben cando gobernaba o PP. Mire, ¡se todas as xestións e as reclamacións que se fixeron con relación ao corredor atlántico fixeron dende o Goberno galego ao Goberno de Mariano Rajoy! ¡Se foi ao Goberno de Mariano Rajoy a quen lle houbo que solicitar, e solicitar á súa vez á Unión Europea, a inclusión do noroeste peninsular precisamente no corredor atlántico. ¡Ah, non foi así! Non foi así. Esas xestións non foron así.



Mire, está documentado todo, consulten a hemeroteca. Porque, claro, veñen aquí e din: É que está en outubro de 2017. Mire, é que en decembro do 2017, en Eslovaquia —Eslovaquia ou Eslovenia, teño a dúbida agora—, defende o ministro De la Serna a solicitude á Unión Europea de que inclúa o noroeste peninsular no corredor atlántico. Iso é así. Vostedes poden vir aquí e dicir o que queiran, pero a realidade está aí e está documentada.

Fala vostede, señor Bará, do porto seco. Mire, eu sei ben como foi o do porto seco, jeh! E sei ben que entre os anos 2005 e 2009 o porto seco estivo máis seco que nunca, ¡sen unha pedra, señor Bará!, ¡sen unha pedra! (*Aplausos.*) E tivo que vir o Goberno galego, a finais do 2010, urbanizar e facer as conexións do porto seco. Así que non me fale vostede do porto seco.

Mire, ¿parécelles mal que á conselleira de Infraestruturas a reciban en Bruxelas? ¡Oia!, ¿pero por que lles parece mal? Vostedes, por unha parte, quéixanse e din que estamos calados; e, por outra parte, cando a conselleira de Infraestruturas reacciona fronte a esta situación urxente e importante e vai á Unión Europea, resulta que lles parece mal.

Bueno, ¡que dicir do portavoz de En Marea, que di que isto é unha actitude pouco seria en campaña electoral! ¡Oia!, mire, imos ver, ¿este documento quen o presentou? Presentouno o Goberno socialista. Se quere, reclamámosllelo a vostedes, que os apoian, pero, neste caso, este documento, o ministro de Fomento socialista, o señor Ábalos. Algunha responsabilidade terá o grupo de Podemos, pero neste caso, o ministro socialista, o señor Ábalos.

Di que que fixemos cando gobernabamos. ¿E vostedes, señor Sánchez?, ¿e vostedes? ¿Que pretendían vostedes con relación á mellora da conectividade ferroviaria galega cando cuestionaban o AVE, cando cuestionaban calquera... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Os únicos, pero nós sabemos perfectamente que, se fora por vostedes, o AVE non chegaría a Galicia, señor Sánchez.

**O señor PRESIDENTE:** Silencio. ¡Silencio!

**A señora RODRÍGUEZ BARREIRA:** Di vostede que onde estabamos estes anos. Pois mire, ¿sabe onde estabamos? Vostede debería sabelo. Estabamos en que a revisión do corredor Atlántico ten uns tempos e o Mecanismo de financiamento Conectar Europa tamén, e ábrese cando se abre. E abríase agora, señor Sánchez. Abríase agora, si señor. Por iso estamos onde estamos.

E di vostede: ¡é que o porto de Vigo quedou fóra! ¡Oia! eu recordo perfectamente no 2011, coa ministra Ana Pastor, cando se detecta esa exclusión do porto de Vigo e se modifica o trazado da rede para dirixirse por Ourense cara a Vigo. Se vostede non o recorda, infórmese, pero isto é así, señor Sánchez. (*Aplausos.*)

E dígolle unha cousa, por isto de que a Consellería de Infraestrutura fora a Bruxelas. Di vostede: é que estas cousas non se deben facer así. Mire, ¿e como se deben de facer? É dicir, se calamos, porque calamos; se imos a Bruxelas, porque imos a Bruxelas. Señor Sánchez, ¡de verdade...!





**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

Sobre as emendas.

**A señora RODRÍGUEZ BARREIRA:** E xa para rematar, sobre as emendas nós temos a mellor disposición para acadar un acordo unánime, e, por suposto, trataremos de chegar a un acordo. Pero xa remato, señor presidente, simplemente referíndome á intervención do señor Álvarez, cando di que todo isto é electoralista e que esta é unha proposta inútil. ¡Oia! Se vostedes o que tiñan era un boceto, un documento inacabado, ¡se non tiñan nada!, ¿non foi electoralista presentalo o día 20 de febreiro en Madrid, cando o que había era absolutamente nada, señor Álvarez? ¿Iso non é electoralista? (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora RODRÍGUEZ BARREIRA:** Agradézolle, en todo caso, o seu apoio e, dende logo, espero que academos un acordo unánime.

Nada máis. Moitas grazas. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodríguez Barreira.

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego diante da situación da sanidade pública galega**

**O señor PRESIDENTE:** Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Julio Torrado Quintela, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc. núm. 43484)*

*Emenda de modificación.*

*Débase substituír a letra b da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:*

*<<b.- O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a desenvolver as medidas necesarias para cumprir, durante o ano 2019, cos seguintes obxectivos para a atención primaria:*

*1. Establecer, nun horizonte de catro anos, un tope máximo de 30 pacientes ao día para cada médico/a de atención primaria, e asumir o compromiso de incrementar a convocatoria de prazas ata o número necesario para cumprilo no caso dos servizos onde non se acade.*

*2. Achegar os recursos necesarios e axilizar os procesos e diálogo co Goberno de España para que se poidan cumprir os obxectivos de:*

*a) Aumento para Galicia do 20 por cento de solicitudes de acreditación de prazas MIR para as categorías de Medicina Familiar e Comunitaria e de Pediatría, respectivamente, nos vindeiros dous anos.*



*b) Solicitar o máximo número posible de prazas nas vindeiras dúas convocatorias MIR, esgotando as prazas acreditadas, para as especialidades de Medicina Familiar e Comunitaria e de Pediatría, respectivamente.*

*3. Recuperar a Xerencia de Atención Primaria dentro das estruturas da EOXI, con responsabilidade e capacidade de xestión directa do orzamento dedicado á atención primaria para cada área sanitaria, e co mecanismo de participación necesario para as distintas categorías profesionais.*

*4. Definir, coa participación das organizacións de médicos/as que representan aos/ás profesionais de atención primaria, un catálogo de probas diagnósticas para os facultativos/as de atención primaria en liña coas capacitacións dos profesionais.*

*5. Creación de novas prazas de interinidade, con compromiso de estabilización nas vindeiras OPE, asignadas con prioridade aos cupos de TIS superiores e con elevada media de idade entre as persoas que se atenden.*

*6. Profundizar na definición do contrato de continuidade, establecendo un mínimo de contratación de dous anos.*

*7. Manter aberta a negociación cos profesionais dos PAC para tratar de achegarse a unha solución que resolva os conflitos laborais que están plantexados.»)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** O BNG presenta a debate esta proposición non de lei, unha iniciativa con propostas para impulsar a sanidade pública, para un cambio de rumbo diametralmente oposto ao de acoso e derribo no que o Partido Popular ten sumida a sanidade pública galega.

Porque a sanidade, por poñerlle un cartel enriba dos hospitais, por moi grande que sexa ese cartel, non se converte en pública. A sanidade é pública, universal, gratuíta e de calidade practicando eses conceptos, practicando que sexa realmente pública, que sexa de calidade, que sexa universal, que haxa accesibilidade, que haxa equidade, que haxa profesionais suficientes para atender as necesidades asistenciais da poboación, que eses profesionais non estean maltratados, que non haxa unha política laboral de escravitude, de precarización total. A sanidade é pública practicando e non predicando. E, dende logo, o Partido Popular o que fai é predicar e non practicar.

Hai persoas que escoitaron a intervención do voceiro de sanidade do Partido Popular, e xa hai persoas bastante escandalizadas de que, aínda non secou a tinta da sinatura dun acordo entre o Comité de folga que estaba convocada para hoxe día 9, 10 e 11, un acordo no que se manifestaba a boa vontade, un voto de confianza á Xunta de Galiza, e resulta que xa empezou a haber desmarques e rebaixas. Desmarque do presidente da Xunta, dicindo que no acordo non hai nada referido ao orzamento, e desmarque do xerente do Sergas, que deixa bastante claro que non vai haber esa diferenciación entre atención primaria e atención hospitalaria, que se vai traballar na cooperación, na coordinación, pero de estruturas administrativas diferenciadas, nada de nada.



A tinta aínda sen secar, e o Partido Popular desmarcándose e con rebaixas, sumado ao que acaba de dicir aquí o voceiro de sanidade do Partido Popular, que o Comité de folga, todos os sindicatos e a Coordinadora de atención primaria son un «tenderete». É unha auténtica falta de respecto a miles de traballadores e traballadoras representados por estes colectivos nese comité de folga.

Xa se ve con claridade cal é a vontade do Partido Popular: que diante dunhas reivindicacións máis que xustas, máis que necesarias, asina un acordo que parece que non ten ningunha vontade real de negociar e parece que é unha manobra de dilación.

Dende logo, a desconvocatoria dunha folga de atención primaria non significa que cese a indignación dos profesionais por todas as decisións que leva tomado o Partido Popular, porque a solución pasa por solucións reais, por medidas reais, e por restaurar o profundo dano causado á sanidade no noso país, o dano causado á sanidade pública galega.

Por iso, a iniciativa que hoxe presentamos aquí o BNG, e as demandas que nelas se contemplan, están totalmente vixentes. Desde logo, en canto non se acaden estes obxectivos, o BNG seguiremos traendo a este Parlamento medidas para demandar unha aposta clara e decidida pola sanidade pública do noso país.

Seguimos crendo que o conselleiro Almuíña non é interlocutor válido. De feito, mañá dirémosllo na interpelación que imos substanciar aquí, no Parlamento. Dende logo, non tivo nin sequera a valentía de acudir a esa negociación, e cremos que hai que proceder ao seu cesamento. E seguimos demandando que o Parlamento de Galiza tome as medidas que imos enunciado agora, nunha clara asunción de que hai que rectificar a política sanitaria que está destruindo a sanidade pública de Galiza.

O primeiro é o argumento do orzamento destinado a sanidade. É evidente que, sen orzamento real, ese recorte acumulado desde o ano 2009 de máis de 2.000 millóns de euros, que nos orzamentos deste ano 2019 a atención primaria siga tendo 188 millóns de euros menos anuais que hai dez anos, que o ano 2009, é unha evidencia de que o orzamento ten que aumentarse. Nós propoñemos que a atención primaria ten que ter un incremento, como mínimo, do 20 %, e que, ou hai un compromiso real, ou, desde logo, o outro é papel mollado.

Demandamos o dimensionamento e estabilidade dos cadros de persoal. Seguimos a dicir que, se hai 6.000 prazas ofertadas nos concursos de traslados, significa que hai, como mínimo, 6.000 prazas estruturais que están cubertas ou desertas por persoal eventual, que é necesario cubrilas e que son necesarios contratos estables e dignos, que as substitucións sexan pola totalidade da ausencia.

Onte o BNG recibía neste Parlamento un grupo de profesionais de enfermería que nos trasladaban unha proba máis que evidente —e xa era máis que palpable— de que existe un déficit de persoal estable na Xunta de Galiza: os problemas que ten a Xunta para cubrir as baixas durante as oposicións para persoal fixo que se van realizar. É unha evidencia. Se resulta que houbera tanta estabilidade, non habería agora problema para cubrir esas prazas.



Trasládannos tamén que o abuso na contratación, en forma de acúmulo de tarefas, segue sendo permanente. Que hai un tipo de contratación que imposibilita obter permisos de xeito habitual; permisos aos que teñen dereito todos os traballadores e traballadoras, e teñen moitas dificultades para poder conciliar coas súas familias, xa que este traballo os obriga a estar 24 horas ao día pendentes dun teléfono. Teñen que aceptar contratos incluso tres horas antes de iniciarse a quenda, e ás veces incluso menos; é dicir, unha auténtica escravitude, teñen que estar á disposición total do Sergas. E o xa denunciando en centos de ocasións aquí neste Parlamento, de ir acumulando contratos por hora ou por días, incluso 60 concatenados en 60 días; é dicir, unha auténtica barbaridade.

E logo, unha cuestión tamén tremendamente preocupante. Están obrigando a persoas sen experiencia a vincularse a prazas nas que necesitarían experiencia, como son UCI ou quirófanos. E están obrigando a persoas que non teñen ningunha experiencia nesos servizos sensibles, e que necesitan esa experiencia, a aceptar eses contratos; é dicir, é necesaria outra política de contratación, e ata que iso se consiga, o BNG vai seguir traendo iniciativas a este Parlamento.

Eliminación das listas de espera contratando a persoal, tendo operativos todos os recursos. Poden vostedes intentar maquear como lles dea a gana a situación das listas de espera, pero a realidade é que calquera que saia á rúa, que teña un problema de saúde e se lle pregunte, sabe que esperan meses e anos para ser atendidos. Meses para ter a primeira consulta, meses para a proba diagnóstica, meses logo se teñen necesidade de intervención cirúrxica. Esa é a realidade que vostedes intentan agochar baixo un cúmulo de propaganda e de listas maqueadas, de listas non estruturais que agochan esa realidade.

Recuperar as xerencias de atención primaria, como dixen xa antes, con capacidade resolutive, con capacidade de decisión, con capacidade de orzamento. E incrementar, evidentemente, as prazas de especialistas en Pediatría, en Medicina familiar e Medicina comunitaria. Insistimos, se neste momento hai déficit de profesionais é porque tanto o Partido Popular na Xunta de Galiza, como os gobernos do Estado do Partido Socialista e do Partido Popular, que puxeron en vigor unha taxa de reposición precisamente destinada a deteriorar a sanidade pública, coa imposibilidade de poder contratar persoal ou facer OPE polas necesidades existentes, levaron a esta situación.

Mellorar os equipamentos nos centros de saúde e nos PAC, garantir os equipos completos nos PAC —esta é unha cuestión que neste momento o Sergas tampouco ten moita intención de acadar—, e reverter as privatizacións e xestión propia dos servizos sanitarios, porque Galicia é o territorio do Estado onde máis aumentou a partida para concertos coa sanidade privada. Iso di o informe *Sanidade privada: achegando valor*, do 2019, do Instituto para o desenvolvemento e a integración da sanidade, da sanidade privada, que di que o 62 % dos hospitais de Galicia son privados; que di cuestións como que 23 dos 37 hospitais, efectivamente, son privados; que é a cuarta maior porcentaxe de todo o Estado español; que o 24 % das camas hospitalarias son privadas; é dicir, que é onde máis medra o concerto coa privada.

En resumo, medidas destinadas a apostar pola sanidade pública e non pola sanidade privada, como está facendo o Partido Popular.

Moitas grazas. (Aplausos.)



**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Prado.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra o señor Torrado Quintela.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas, señor presidente.

«Elena, ganarás las elecciones porque eres más rubia y más lista.» Ana Pastor, Vigo, 6 de abril do 2019. Aínda que sexa facéndolles algunha trampa, agradecemos que compartan vostedes (*Murmurios.*) que son inaceptables, insoportables e absolutamente desprezables esas declaracións. (*Aplausos.*)

Por certo, permítalles... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Esas xa compartimos todos que son desprezables. Nunha das partes seguro que discrepamos, pero eu doulles a miña opinión: non vai gañar as eleccións en Vigo. Pero compartimos todos, e está ben, aínda que teñan que facelo vendo sempre a viga no ollo alleo, que as cousas ás veces son insoprtables, independentemente de quen as diga, e aínda que haxa que facerlles algún cebo nos plenos. Está ben, moitas grazas por compartir. Díganllelo a Ana Pastor, por favor.

Compartimos esta iniciativa e estamos de acordo na liña que expón. Evidentemente, todos somos conscientes das defensas que facemos e das posicións que mantemos no que corresponde á sanidade pública. Compartimos eses fundamentos, presentamos unha emenda pretendendo en realidade non substituír no completo, pero si poder concretar, ou polo menos achegar á nosa posición a necesidade de concretar.

A proposta é conceptual, cousa que —insisto— nós compartimos e estamos a favor. Plantexamos, se o BNG o considera razoable, intentar achegar algunhas cuestións concretas se así o ve. En todo caso, se non, estaremos igualmente a favor, porque o que defendemos basicamente é o que vimos contando xa non só neste Pleno, senón en todos os anteriores.

Hai unha cuestión esencial, necesaria neste sistema sanitario e que non temos. Hai un problema de persoal, e necesitamos dotar o persoal da maior calidade posible, en termos numéricos e en termos de calidade laboral. Por dúas cuestións: en termos numéricos, porque estamos saturando os profesionais. Estase comezando a producir o maior número de baixas por estrés laboral que temos no Sergas e que se recolleron nos últimos anos, e vai ir a máis; e isto é un problema engadido á falta de persoal. E ademais estamos saturando o mellor que temos no sistema, que son os profesionais; un sistema que funciona grazas aos profesionais e a pesar dos dirixentes.

Neste sentido, ademais, compartimos que hai un problema de calidade laboral, non só porque ao haber poucos profesionais temos un problema de saturación, senón porque moitos dos que están, están nunha situación de precariedade. Cerca do 30 % dos profesionais do Sergas están nunha situación de eventualidade, a pesar de que, sorprendentemente, a Consellería diga que está en torno ao 12 % ou 11 %. É practicamente imposible facer esta conta incluso truqueando o sistema, incluso así.

Como digo, nós plantexamos algunhas cuestións concretas, que xa defendemos na moción anterior e que veñen defender algo que os profesionais piden dende hai moto tempo, que é



precisamente iso, tempo. Tempo para atender as persoas. Se hai cincuenta pacientes ao día —cincuenta pacientes ao día é unha media bastante habitual en moitos centros de saúde, nalgúns incluso máis—, recibindo pacientes de 9 a 14, como teñen moitos profesionais —algúns empezan antes e acaban despois—, dá para —sen saír a nada— dedicar cinco minutos por paciente. Cinco minutos por paciente, cando hai persoas maiores que tardan en entrar, que teñen dificultades de mobilidade, que incluso se teñen que quitar algo de roupa teñen dificultades... ¡cinco minutos non dá practicamente nin para saudar! É inaceptable, e estamos entregando o noso sistema a un déficit de calidade como probablemente non se vira nunca.

Iso dino os profesionais, que necesitan tempo, e tempo quere dicir que para o mesmo traballo ten que haber máis xente, porque non se pode chegar a supostos acordos sen dotar orzamentariamente. Non se pode avisar de que vai haber máis profesionais sen dotar orzamentariamente. Non se pode querer presumir de que imos convocar moitas prazas, ou de pedir que se convoquen moitas prazas —que as convoquen outros e que as paguen outros, por suposto—, se non estamos dispostos a dotar orzamentariamente.

Temos 1.249 profesionais menos en atención primaria que hai dez anos, e o camiño é peor se non tomamos medidas. Agora vemos como o Partido Popular —a consellería neste caso— está cada día decidindo unha cousa distinta. Cada día o problema é un, ao día seguinte é outro, regateamos; como os malos xogadores, que regatean moito ata que se van do campo sen facer nada co balón. E temos o problema de que están intentando responder á situación para saír ben, pero non para resolver a cuestión.

Dixo o señor Feijóo que planificamos mal. A ver se a partir de aí se toman algunhas decisións ao respecto, porque asumir que se planifica mal, pero deixar á fronte da planificación á mesma xente que planificou mal, pois non é de moito sentido.

Ademais —e é o importante, a ver se alguén do Partido Popular é posible que o concrete—, se iso que supostamente se acordou onte con algúns representantes era para o que se estaba dicindo que non había dotación orzamentaria: que diso de subir orzamento, nada; melloras salariais, ningunha, creo que dixo literalmente.

Polo tanto, que alguén aclare realmente se o que se fixo foi dar saída para adiante para esperar a que pasen as eleccións e logo volver ao sistema anterior...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor TORRADO QUINTELA:** ...ou se é posible que eses acordos teñan algún avance.

Nós defendemos a nosa emenda como concreción, coa vontade de chegar a un acordo se é posible. Se non, votaremos a favor igualmente.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Torrado.



Polo Grupo Parlamentario de En Marea, ten a palabra a señora Solla Fernández.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Nós anunciamos que imos apoiar a proposición non de lei porque, se ben temos algunha diferenza nalgún punto, non é unha diferenza substancial, e decidimos, de feito, non emendala.

O BNG plantexa un incremento do orzamento de ata un 20 %, nós presentabamos un 25 %. Non hai unha referencia temporal. Creo que por eses termos, en xeral, estamos de acordo, e ademais pódese plantexar en función do prazo temporal que se lle adxudique; estamos de acordo tamén, en termos globais, co que plantexa de persoal. E desgraciadamente escoitamos xa no anterior debate cal é o plantexamento do Partido Popular, que é realmente asinar unha cousa nun momento dado dentro dun compromiso coas centrais sindicais e desmentila unhas horas despois dicindo que non vai dotar orzamento. E eu volvo insistir, o punto 5º dese compromiso que figura nesa acta de remate das negociacións celebradas entre representantes do Servizo Galego de Saúde e organizacións sindicais está por escrito, é de obrigado cumprimento. Sen embargo, agora dise que non se vai incrementar o orzamento. E eu non acabo de entender por que con anterioridade non se apoiou unha iniciativa, cando se dixo aquí, cando se sostivo, que xa estaba asumida dentro do acordo que houbera coas asociacións profesionais neste caso.

A iniciativa do grupo proponente inclúe, ademais, o que ten que ver coas privatizacións e cos repagos. Evidentemente, en termos xerais nós estamos de acordo, e ademais temos definido aquí en múltiples ocasións iniciativas en relación coa implicación ou co que supuxo a aplicación do Real decreto 16/2012 —moi importante agora que estamos ás portas dun novo proceso de xerais— e co que ten que ver coas privatizacións neste caso.

Pero en relación co persoal da sanidade pública tiñamos precisamente esa comparecencia do xerente do Sergas, do señor Campa, recentemente na Comisión 5ª, de Sanidade, na que por fin parece ser que se nos explica como se fai o cálculo —levamos moito tempo pedíndoo— por parte da Xunta de Galicia dos profesionais que hai no Sistema Galego de Saúde. E parece ser que é unha foto fixa dun momento que, segundo o xerente, pode ser un día, pode ser un mes ou pode ser un ano. E tómase a foto fixa de profesionais que hai traballando. Claro, aínda que sexa dun ano, se se toma a foto fixa dos profesionais que hai traballando, contabilízanse todos e todas as eventuais e os profesionais que non están en situación de persoal fixo estatutario; e, polo tanto, faise unha trampa á hora de ofrecer o número de profesionais dentro do Servizo Galego de Saúde. Por iso ao Partido Popular lle parece que hai máis profesionais, cando en realidade se suprimiron máis dun milleiro de prazas dentro da sanidade pública.

Polo tanto, estamos de acordo na necesidade de incrementar ese número de profesionais. E nesa parte de carácter laboral hai un compromiso por escrito, que entendemos, polo que se di aquí, que non se vai cumprir e que ademais está sen concretar.

E volvo sobre outro elemento que está na iniciativa, que é o referido aos puntos de atención continuada, ao que xa fixen referencia tamén na intervención previa e na nosa moción que



debateamos con anterioridade. Hai unha folga vixente que ten unhas reclamacións que levan sendo as mesmas desde hai un ano e medio, que están por escrito e que, como dixemos aquí, algunhas delas nin tan sequera terían que estar a ser discutidas, porque son aquelas de cumprimento dos mínimos legais de descanso e incluso do abono de dietas e permisos estipulados por lei. E ese é o único elemento no que a Consellería de Sanidade accedeu a proporcionar algo, algo que nin sequera debían estar negociando.

Os termos de negociación sobre o número mínimo de profesionais para que non teñamos descubertos nos puntos de atención continuada, e todos eses elementos que levamos tantos meses debatendo aquí, desgraciadamente non só non se están a negociar senón que, insisto —e xa o dixen antes—, o Sergas non o negociará co comité de folga dos puntos de atención continuada. É noticia do pasado venres que se levantou da mesa de negociación sen nin sequera empezar a debater ningún dos puntos. E lembramos que o artigo 5 do Real decreto lei 17/1977, sobre as relacións de traballo, obriga a Xunta de Galicia a negociar co comité de folga, porque é a quen lle corresponden as accións legais, sindicais e administrativas para resolver o conflito laboral.

Desgraciadamente non se está a atender. Deberían estar a sentarse para poder chegar a un acordo que elevar tamén á mesa sectorial. Pero isto non está a ser así, e parece que as normas en materia de traballo aquí non valen para nada, a teor de como está funcionando a Xunta de Galicia.

Nós —xa digo—, con independencia da porcentaxe que se propoña de orzamento, do número de prazas ou do período temporal que se ofrezca, en termos xerais estamos de acordo e entendemos que é hora xa de que de verdade se comprometa tamén un orzamento por parte da Xunta de Galicia, cousa que parece que estaba medio clara...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** ...nesa proposta de compromiso. Pero parece, polo que acabamos de escoitar, que non se vai respectar.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Solla.

Por parte do Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra a señora Amigo Díaz.

**A señora AMIGO DÍAZ:** Boas tardes.

Moitas grazas, presidente.

Señores do BNG... *(Murmurios.)*, e señoras. Eu trato de economizar as palabras. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Teño que dicirlles que, cando estaba lendo a súa proposición, e mais agora, escoitándoos, aínda coñecendo a súa teima coa descualificación constante do Servizo Galego de Saúde, este





relato elaborado e continuo que pleno tras pleno traen aquí créanme que deixa a un perplexo.

Eu non sei que interese teñen vostedes no intento continuo de destruír e malmeter contra a excelente sanidade que, pouco a pouco, conseguimos entre todos, entre todos os gobernos, mellorar na nosa comunidade autónoma. Faltan á verdade de maneira continuada, están obsesionados con esa imaxe da sanidade que só vostedes teñen na súa cabeza. (*Murmurios.*) É unha sanidade imaxinaria que tentan que crean todos os galegos. Pero, miren, os galegos saben perfectamente que o goberno do Partido Popular da Xunta de Galicia xestiona e vela por que a sanidade que temos hoxe, e que nós desfrutamos, tamén para as futuras xeracións chegue a ter as mesmas prestacións.

Vostedes falan de milleiros de persoas que protestan pola sanidade. Eu, como saben todos vostedes, son sanitaria, e invítoos a que escoiten tamén eses milleiros de usuarios da sanidade que cada día son atendidos no Sergas, que cada día ven resoltos os seus problemas de saúde, aos doentes de diferentes patoloxías que necesitan atención sanitaria tanto na atención primaria como na hospitalaria, que acoden aos servizos públicos de saúde, uns graves, outros crónicos, e que precisan ser atendidos, diagnosticados e tratados. Repítoles que, se vostedes lles preguntaran aos milleiros de doentes a opinión que teñen do Sergas, verían — e ademais así se reflicte nas múltiples enquisas— que a meirande parte dos usuarios están satisfeitos ou moi satisfeitos coa atención que reciben. E ademais están orgullosos da sanidade que temos. Pero vostedes falan de desastre, de propaganda e de manipulación. Non me estraña, niso vostedes son expertos.

Imos falar de datos e de números. Miren, o Servizo Galego de Saúde conta cun presuposto de 3.984 millóns de euros, a cifra máis alta da historia da nosa comunidade autónoma. Conta con 38.000 profesionais, 466 centros de atención primaria, 90 PAC e 14 hospitais. Por certo, moitos destes hospitais e centros de saúde son novos ou reformados.

Nestes servizos atendéronse no ano 2018, 26.601.377 consultas de primaria, 794.731 máis que no ano 2008 —con ese goberno bipartito do que tanto vostedes presumen—; 2.835.102 consultas telefónicas; máis de catro millóns de consultas hospitalarias; máis dun millón de consultas de urxencias; e realizáronse máis de tres millóns de probas diagnósticas.

Podería seguir dando datos, pero, mire, todos os coñecemos. Escoitamos o conselleiro nas múltiples comparecencias, nas que pon en valor o noso sistema sanitario, que non fixo outra cousa que mellorar dende que o goberno de Núñez Feixóo —Feijóo— chegou á Xunta (*Murmurios.*) —perdón, tanto galego e castelán xa me confunde—. (*Murmurios.*)

Está demostrado que hoxe Galicia conta con máis orzamentos que no ano 2008, máis porcentaxe dos orzamentos dedicado á sanidade, máis persoal, máis médicos de familia, máis pediatras e máis enfermería que no ano 2008; e menor orzamento destinado a concertos, por máis que vostedes falen e máis que lles pese.

Mire, señora Prado, vostede segue na súa teima da sanidade imaxinaria a propósito dun caso. Nós falamos de realidade, de datos e de verdade. E falamos de futuro. Se a sanidade



galega fora como vostedes levan dez anos dicindo que é, ¿como é posible que os galegos renovaran en dúas ocasións a confianza neste goberno? Ou é que vostedes cren que o pobo galego non é un pobo intelixente, con sentidiño, que sabe escoitar e que coñece o que ten enfrente. Créame que, como vostedes ben saben polos resultados electorais, eses resultados que teñen ano tras ano, non é un pobo que sexa fácil de enganar. Comprenderá que nós non imos apoiar a súa proposición e menos a demanda de cesamento do conselleiro.

Hai dous días que se desconvocou unha folga porque este conselleiro foi quen de chegar a un acordo cos sindicatos...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora AMIGO DÍAZ:** ...—xa remato—, igual que o fixo cando asinaron o novo modelo de contrato de continuidade. Este acordo súmase ao acadado por este conselleiro cos colexios médicos e sociedades científicas, o que para vostedes era unha acta. Logo...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**A señora AMIGO DÍAZ:** ...asinaron tamén.

E remato xa dicindo que o Grupo Parlamentario do Partido Popular defende a actuación do señor...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Amigo.

**A señora AMIGO DÍAZ:** ...Vázquez Almuíña, que está a facer un magnífico traballo na mellora e na actualización da sanidade pública galega. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Por parte do grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra a señora Prado Cores.

**A señora PRADO CORES:** Grazas, presidente.

Eu quero empezar por agradecer o apoio manifestado por En Marea e polo Partido Socialista. E logo, como ata mañá non se vai votar, aceptaremos, se está de acordo cunha transacción, a emenda do Partido Socialista nalgúns aspectos —e como engádega, non substitución—.

E respecto da matización manifestada por En Marea, na iniciativa pon «incrementar o investimento ata chegar, como mínimo, ao 20 %», non é o máximo, senón que é «como mínimo». Evidentemente, somos sabedoras de que todos os expertos consideran que o idóneo é o 25 % do orzamento total da Administración, neste caso do orzamento da Xunta. E, ademais, establecemos que, no inmediato, sexa cunha dotación de 200 millóns de euros; e, neste sentido, xa temos presentada unha proposición de lei, que traeremos a debate en canto estea en disposición, onde establecemos de onde sacalos. Establecemos no inmediato, se é posible, destinar recursos, orzamento real, para a atención primaria —douscentos e bastantes mi-



llóns de euros—, e dicimos de onde sacalos, de que partidas e que impostos se poden implementar para executar neste ano 2019; non en tempos pretéritos, non en diferido, senón en tempo real, que é o que necesita a atención primaria. Porque as solucións non pasan por medidas aparentais, non pasan por parches, senón por medidas reais para restaurar o profundo dano causado polo Partido Popular á sanidade pública de Galiza, profundísimo dano causado.

Eu teño que seguir insistíndolle, señora Amigo, en que a sanidade pública deféndese practicando sanidade pública, non predicando, practicando sanidade pública. E practícase sanidade pública con investimentos, con persoal; e defendéndoa, non pretendendo facernos tragar con rodas de muíño.

Mire, o informe do Instituto da Sanidade Privada é o informe do Instituto da Sanidade Privada, non o inventa o Bloque Nacionalista Galego. Di que Galiza destinou 229 millóns de euros a partidas de concertos no ano 2016. Supón o 5,9 % do gasto en sanidade. Incrementouse todos os anos o 1,1 %; e, no último ano, un 9,3 %. É o propio informe de Sanidade Privada. Eu non sei, igual teñen vostedes que chamarlle a atención por que fagan públicos os datos que vostedes pretenden ocultar e agochar baixo toneladas de propaganda. Pero a realidade é teimuda e os datos é o que teñen, que existen. A pesar do seu intento por agochalos, existen. Igual que existe unha altísima insatisfacción dos profesionais da sanidade pública, igual que existe unha altísima insatisfacción na poboación, nos galegos e galegas, que ven como teñen que agardar meses e anos a ser atendidos, e que acoden —este dato é evidente— cada vez máis á sanidade privada non porque teñan recursos, non porque lles guste máis acudir á sanidade privada, senón porque o sistema público non lles está dando resposta aos seus problemas de saúde. Ese é exactamente o problema. E a responsable desta situación non é unha maldición bíblica, son as políticas sanitarias do Partido Popular. Fronte a esas políticas sanitarias, hai alternativas reais, como as que traemos hoxe aquí o BNG, que volveremos traer e que significan un cambio de rumbo total na súa política sanitaria.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

(*O señor Pazos Couñago pide a palabra.*)

Si, señor Pazos, eu non estaba no debate e non sei o que pasou. Está aquí o señor vicepresidente e aínda nos pode aclarar calquera cousa.

(*O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE:** Non sei, señor vicepresidente, se procede ou non. É que eu non estaba no debate, perdoe. Pero, en todo caso, formule vostede a cuestión.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Si, durante o anterior debate o representante do Grupo Socialista puxo en palabras da señora Pastor a seguinte frase literal: «*Elena, ganarás las elecciones porque eres más guapa y más rubia*».



Eu quero desmentir rotundamente que tales palabras tiveran lugar nunca; polo menos, en palabras da señora Ana Pastor, que o que lle dixó á señora Muñoz e a outros candidatos, mulleres e homes do Partido Popular, é que, cando gañas as eleccións, calquera candidato parece máis alto, máis guapo e máis intelixente.

Eu creo que, cando un deputado comete unha incorrección lingüística de carácter machista, o que corresponde é pedir desculpas, recoñecer o erro e non terxiversar as palabras de terceiras persoas para xustificar o inxustificable.

Máis nada. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Ben, queda corrixida a inexactitude.

*(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non, perdoe. Vamos ver, eu xa dixen que non estaba no debate. Eu non sei. Agora, o señor vicepresidente dime que procedeu.

*(O señor Fernández Leiceaga pide a palabra.)*

O señor Leiceaga pide a palabra. Pois a ver... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non sei para que é, pero el pide a palabra e, en principio, teño que saber para que a pide. Iso é o máis correcto.

¿Para que quere a palabra, señor Leiceaga?

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Gustaríame saber con base en que artigo do Regulamento se produciu esa intervención, para poder usalo no futuro.

Nada máis. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Pois ¿que quere que lle diga? Eu non estaba no debate. *(Fortes murmurios.)* ¡Non, por favor, é que eu non estaba, non estaba! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¡Silencio, xa está! ¡Silencio! En todo caso, ben, en fin, non sei...

Ben, vamos debater a outra proposición non de lei e darlle a isto algo máis de seriedade, que é o que procede.

**Proposición non de lei do G. P. de En Marea sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa independencia dos cargos públicos, co réxime de incompatibilidades, cos conflitos de intereses, coas *portas xiratorias* e cos posibles casos de enriquecemento ilícito nas institucións autonómicas**

**O señor PRESIDENTE:** A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.



*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Juan Manuel Díaz Villoslada, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc. núm. 46671).*

*Emenda de modificación.*

*Proponse unha nova redacción para os puntos 2, 3, 4 e 6 da parte resolutiva da iniciativa, que terá o seguinte contido:*

*“2. Promover as modificacións legislativas necesarias para que o órgano de xestión do réxime de incompatibilidades dos altos cargos autonómicos se configure como Oficina de Control de Conflitos de Intereses que, en coordinación co Consello de Contas, actuará con plena autonomía funcional no exercicio das súas funcións.*

*A Oficina de Control de Conflitos de Intereses elevará ao Consello da Xunta anualmente, para a súa remisión ao Parlamento de Galicia, un informe sobre o cumprimento polos altos cargos das obrigas de declarar, así como das infraccións que se cometan nesta materia e das sancións que se impoñan, con identificación das persoas responsables.*

*3. Reforzar, mediante o correspondente debate parlamentario das indicadas modificacións legislativas, o réxime de incompatibilidades tras o cesamento dos altos cargos para realizar actividades ou prestar servizos en entidades privadas que fosen afectadas por decisións nas que participasen, estendéndose esta prohibición ás entidades que pertencen ao mesmo grupo societario.*

*4. A situación patrimonial dos altos cargos será examinada pola Oficina de Control de Conflitos de Intereses ao rematar o seu mandato para verificar o axeitado cumprimento das súas obrigas nesta materia.”)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Santos.

**A señora SANTOS QUEIRUGA:** Moitas grazas, señor presidente.

Señores deputados e deputadas, o obxecto e o desenrolo expositivo desta iniciativa non de lei é explicar por que hai persoas e organizacións políticas que dicimos, sen ningún tipo de complexo, que as portas xiratorias son outra forma máis da corrupción legalizada e que por iso propoñemos que deben ser tipificadas como delito.

Presentamos a nivel estatal un proxecto de lei, e propostas non de lei en todas as nacións e territorios autonómicos para ter un desenrolo específico, e estamos abertas ao seu debate e a ver como se pode executar en cada realidade territorial. Agradecemos por iso a emenda do Partido Socialista. E, aínda que non estaremos seguramente de acordo en todo, polo menos recoñecemos a súa autocrítica. Polo menos, traen propostas para o seu debate aquí e non eluden o problema, falan del, afróntano e non queren facer coma que non pasou nada ou que este problema non existe.



Estamos en campaña electoral e, máis ca nunca, hai que ter memoria. Para falar de certas cuestións hai que tirar de hemeroteca, de exemplos e de memoria. Non hai tanto existiron, e emitíronse nas canles de televisión a nivel estatal, distintos documentais. Había algún en concreto que foi líder de audiencia, que se titulaba: «*Las puertas giratorias, ¿responsables de las trabas a la energía solar en España?*». Felipe González en Gas Natural, José María Aznar en Endesa, Elena Salgado e Pedro Solbes tamén en Endesa, Ángel Acebes e Manuel Marín en Iberdrola... E preguntábanse, e preguntámonos moitos cidadáns e cidadás, como é posible que os políticos e as políticas lexislen contra as eléctricas, ou calquera outra empresa ou multinacional, se despois van traballar nelas e para elas. É unha pregunta que, dende logo, en vista do que pasou neste país, do escándalo que pasou neste país, da corrupción xeneralizada deste país, merece unha resposta, e merecemos propostas concretas e efectivas para que uns poucos non utilicen os seus cargos públicos para tomar decisións en contra da maioría; non soamente no seu interese persoal para beneficiar, a través diso, a grandes multinacionais, senón, repito, en contra da maioría que teñen que gobernar —e moitas veces de maneira totalmente opaca—.

En vista desta polémica, en certos diarios —como no diario *Público*— fíxose un relato que revelaba no ano 2017 que 58 ex-altos cargos traballaban nese ano para sociedades pertencentes ao Ibex 35, que gastaban máis de 18 millóns de euros en retribuír aqueles que pertencían aos seus consellos de administración, segundo xa datos do ano 2016.

Podemos empezar polos exemplos. Os ex-presidentes do Goberno señor González e señor José María Aznar non son, de feito, os únicos políticos que utilizaron as portas xiratorias para gañar moitos cartos, para traballar para a empresa privada, que permitiron a moitos facerse millonarios e desfrutar de soldos que nunca tiveron mentres exercían a función pública. Hai exemplos numerosísimos. Vamos citar máis: o número dous de González entre 1991-1995, Narcís Serra, presidiu Caixa Cataluña e posteriormente Cataluña Bank, cos desastrosos resultados que xa coñecemos todas; tres ex-ministros de economía, os socialistas Pedro Solbes e Elena Salgado e o popular Rodrigo Rato —alias «*el milagro económico*»—, traballaron e traballan en grandes compañías como conselleiros ou asesores, menos o señor Rato, que xa sabemos todos que está agora a mellor vida —no sentido xudicial, que se entenda, que non se malentenda, por favor—. Na vida política, quero dicir empresarial, trátase en todos os casos de compañías que operan en mercados regulados: Solbes, conselleiro en Enel, a compañía semipública italiana que comprou a eléctrica española Endesa en 2009, tras unhas rocambolescas negociacións cargadas de intereses políticos; a sucesora de Solbes, a señora Elena Salgado, é precisamente conselleira de Chilectra, filial de Endesa.

O sector enerxético leva a palma como refuxio de altos cargos, sen importar cores e ideoloxías. Porque queremos deixar claro que este é un problema estrutural de sistema non só de partidos. E, aínda que o PP ten a medalla de ouro nisto, temos que dicir que isto afecta absolutamente a todos. Hai que previr para os que gobernan e para os que poden gobernar, sen ningunha excepción.

E é por isto que case medio centenar de políticos e familiares están en nómina de empresas do sector eléctrico. O consello de administración de Endesa tivo entre os seus honorables membros a Luís de Guindos. Segue sendo, ademais, a día de hoxe conselleiro de Endesa o



político catalán Miquel Roca, un personaxe que dá a impresión de estar en todos os lados cando se trata de exercer influencia e gañar cartos. No consello de administración de Enagas, participada nun 5 % polo Estado, din os medios de comunicación que hai tantos militantes do Partido Popular que a empresa podería celebrar as súas reunións na calle Génova. Dos dezaseis conselleiros da sociedade, cinco son cercanos ao Partido Popular: Antonio Hernández Mancha, Ana Palacio, Isabel Tocino, Gonzalo Solana, Luís Valero. E ningún deles é especialista en enerxía nin ten experiencia en xestión de empresas, curiosamente. Ángel Acebes é outro dos colaboradores máis cercanos do señor Aznar, que foi presidente do Goberno, e que se senta desde o 2012 no consello de administración de Iberdrola. Podemos seguir: o ex-ministro de defensa Pedro Morenés é outro usuario destacado das portas xiratorias.

E sempre se intenta xustificar a fichaxe política, a fichaxe de políticos polas empresas, argumentando que se trata de persoas que teñen unha experiencia e un criterio polo seu desenvolvemento político profesional. Pero en realidade non os contratan pola súa competencia profesional —iso é unha falacia— ou polo seu coñecemento técnico no sector en cuestión, senón polos seus contactos, o seu dominio dos resortes de poder ou simplemente pola súa pertenza a unha casta dominante que non suele deixar tirados os seus membros.

Só así se pode explicar que unha persoa como o señor Rato estivera sendo asesor de Telefónica, do Banco Santander, de Caixa Bank e que, despois do estalido do escándalo das tarxetas *black* e do seu paso e afundimento de Bankia, todas estas empresas, non soamente o Partido Popular, teñan que baixar a cabeza e pasar moitísima vergoña de ter contado con este personaxe como membro estrela dos seus destacados asesores.

E non soamente a nivel de Estado, en Galicia tamén. Vemos que se fala aquí moito de distintas cuestións da sanidade e das portas xiratorias, por exemplo, nas crisis sanitarias, ou na crise de Povisa. A auditora de Povisa, Deloitte, participou na fusión das caixas galegas, a desastrosa fusión das caixas galegas, e na saída a bolsa de Bankia, e non atopou os buracos millonarios destas entidades financeiras. María Luisa Brandt, que traballaba entón en Deloitte, foi auditora de Caixanova durante a crise actual e foi xerente de Povisa. Tras chegar Feijóo ao Goberno galego, Rocío Mosquera —aquela famosa ex-conselleira—, directiva de Povisa, foi nomeada directora xeral do Sergas e posteriormente conselleira de Sanidade, mentres que María Luisa Brandt foi nomeada xerente de Galaria S.A., empresa pública da Consellería de Sanidade. Rocío Mosquera, tras ser cesada na Consellería, substituíu a María Luísa Brandt en Galaria, que, á súa vez, foi nomeada xerente de Povisa —intercambio de cromos—.

Entón vemos e explicámonos cal é a estratexia do Partido Popular na sanidade, a estratexia de privatizacións continuas, os recortes orzamentarios no sector público, a entrega de porcións crecentes dos presupostos en mans privadas para o seu lucro persoal, e como leva a cabo esta estratexia o Partido Popular de maneira solapada. Pero desafortunadamente son moitos os que denuncian, non só o persoal sanitario senón múltiples autoridades, estas prácticas que son absolutamente infames, antiéticas e, para nós, delitivas.

Portas xiratorias en Ence, ¿quen é quen? Outro caso. Isabel Tocino, Carlos del Álamo e Pascual Fernández, membros do consello de administración, ocuparon cargos de responsabilidade en materia de medio ambiente e augas con gobernos do Partido Popular.



As portas xiratorias no negocio do lume: «Denuncian as vinculacións entre cargos da Xunta e empresas relacionadas co dispositivo contraincendios do Goberno galego, entre elas Indra e Inaer». Indra e Inaer son dúas das grandes empresas contratadas pola Xunta para o dispositivo contraincendios e para poñer en marcha o centro tecnolóxico de avións non tripulados de Rozas. As dúas empresas moven contratos millonarios e as dúas teñen entre os seus empregados altos cargos da Xunta. Así o denunciou o bombeiro forestal Manuel Martínez nas xornadas sobre incendios forestais na Unión Europea —non o di o noso grupo nin o digo eu— e o negocio do lume que organizaron. E ademais dicían que o secretario xeral da Consellería do Mar e de Medio Rural, Francisco José Vidal Pardo, e a súa muller e o seu fillo, acabaron traballando para unha empresa vinculada a Luís Miñano, ex-presidente executivo de Inaer, ao que lle descubriron 16 millóns en sicav. A muller de Vidal Pardo, avogada da Xunta, formalizou os contratos do Goberno galego con Inaer antes de acabar traballando nesta empresa. Segundo denunciou Martínez, Vidal Pardo cesou no seu cargo en 2003 alegando motivos persoais —terroristas incendiarios e causas varias—.

Por iso, os efectos combinados de pór dun lado unha regulación absolutamente insuficiente para atallar este tipo de prácticas, estas portas xiratorias, sumada á dependencia dos órganos de decisión sobre incompatibilidades —xa que non hai independencia neste caso nin no poder xudicial nin na Fiscalía—, é o que fai que se propiciase a priorización política e lexislativa das grandes empresas sobre os intereses dos cidadáns e das cidadás, da maioría social. E de aí a exaxerada precariedade do mercado laboral, os abusivos prezos da electricidade e dos combustibles, e a multitude de casos como o de Ence, que son inexplicables, e a destrución do mercado das renovables ou os abusos do mercado inmobiliario. Igual que os lobbys, o enriquecemento ilícito e outras cuestións que vimos denunciando, non se pode negar o que pasa coas portas xiratorias e como se goberna o noso país.

As portas xiratorias deixáronnos unha sociedade dividida entre ricos e pobres, e un Estado baleiro de contido que tende a ser privatizado grazas á acción carroñera das empresas e dos seus cómplices políticos, os seus cómplices e a súa man armada política. É por iso que nós traemos esta iniciativa. Igual que no referente aos lobbys, que xa debatemos aquí, ou á independencia do poder xudicial e a Fiscalía ou ao enriquecemento ilícito, esta é outra modalidade de medidas de prevención anticorrupción. Non só vale que non volvan gobernar os corruptos ou que paguen os seus delitos no cárcere. Hai que ter unha prevención e ter unha resposta contundente mediante unha política activa en materia de conflito de intereses e portas xiratorias.

Na réplica podemos debater os puntos en concreto un por un. Hai algúns que sabemos que en concreto incomodan. Estamos abertas a transaccionar e debater, pero negar este problema, dicir que non existe é unha infamia.

Moita grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Santos.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Díaz Villoslada.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** Grazas, presidente.





Boa tarde, señorías.

Si que é certo que temos ocasión, con motivo desta iniciativa presentada por En Marea, de seguir tratando de incorporar á axenda pública galega medidas de prevención da corrupción.

E, como sabemos, no pasado pleno do 26 de marzo tivemos ocasión de coñecer novamente a cerrazón do Partido Popular para levar a adiante calquera política de prevención da corrupción con motivo da proposición de lei que tivemos ocasión de debater para a regulación dos lobbys, dos grupos de interese; unha cuestión na que, como sabemos todos, nisto e noutras políticas anticorrupción, Galicia non vai precisamente máis que no furgón de cola das comunidades autónomas. E nese sentido son moitos os centros de estudos e as análises politolóxicas, as análises sociolóxicas, que indican que é necesario que todo o sector público e todas as administracións públicas incorporem na axenda precisamente o que é un marco de integridade pública. E este marco basicamente sabemos, polos diferentes debates que tivemos ocasión de desenvolver neste Pleno e en comisión, que se configura con varios elementos. Un deles é a regulación dos lobbys; outro deles, evidentemente, é a regulación e a posibilidade de protección das persoas denunciante de casos de corrupción; as políticas de goberno corporativo das principais empresas do país; e unha correcta selección, evidentemente, dos cargos públicos.

Evidentemente, fronte a todas estas análises de importantes centros de análise política e de análise sociolóxica, para unha mellora absolutamente necesaria e imprescindible da nosa calidade institucional e democrática, non podemos esperar que o Partido Popular adopte ningunha decisión en prol destas políticas, absolutamente —como digo— necesarias. E nese sentido —e é certo— eu creo que todos, pero todos, os partidos políticos neste país —e outros tamén, pero neste—, despois das épocas que vivimos, e que seguro que volveremos vivir, temos que facer a necesaria autocrítica nesta materia. E nós facémola, evidentemente. O que pasa é que eu creo que o Partido Popular non está sendo capaz, ou non quere, ou non lle interesa, ou non lle deixan facer autocrítica en materia de corrupción. E, nese sentido, acabamos de coñecer o programa do Partido Popular para as próximas eleccións xerais e realmente é un auténtico burato negro en materia de medidas contra a corrupción. Nós, desde o Partido Socialista, evidentemente, desde esa necesidade de autocrítica e de mirar para adiante, levamos medidas en materia de loita contra a fraude fiscal, fronte ás amnistías fiscais do Partido Popular, en materia de protección de denunciante de corrupción, en materia de grupos de interese e tamén en materia de pactos anticorrupción na licitación pública. Algún acordo tomamos nesta Cámara pero aínda seguimos esperando polas correspondentes propostas do Goberno galego.

E é certo que a selección dos cargos públicos e o seu réxime de control de compatibilidades, sobre todo *ex post*, unha vez que cesan na actividade pública, ten que buscar un equilibrio entre ser capaz de atraer o talento do sector privado e evitar, por outra parte, evidentemente, os casos de corrupción. E nese equilibrio estará a virtude do sistema institucional e democrático que sexamos capaces de desenvolver.

A regulación que teñamos en marcha non pode impedir que os mellores profesionais do sector privado se incorporen tamén, evidentemente, á prestación de servizos públicos. E é certo



tamén que o desempeño dos cargos públicos non pode ser só accesible a funcionarios, nin por suposto a políticos de carreira ou políticos profesionais. Pero temos que dispoñer de mecanismos de integridade pública que eviten conflitos de intereses que lastran precisamente as contas públicas, o interese xeral, a calidade democrática e, por suposto, o noso sistema institucional.

Se analizamos os últimos datos remitidos pola Oficina de Conflitos de Intereses, da Administración xeral do Estado, podemos observar como un 10 %, aproximadamente, dos cargos que cesaron se incorporaron ao Ibex 35, un 8 % a escolas de negocios e un 3 % aos partidos políticos. E é certo que, en vez de máis normas, o que necesitamos é un cumprimento moito máis ético e máis leal destas normas. E non se trata de impedir precisamente que exista un paso de cargos públicos á actividade privada, do que si se trata é de impedir un uso da axenda pública, un uso das actividades regulatorias, precisamente para beneficio propio ou para beneficio das empresas nas que son fichados os cargos públicos, ou dos grupos societarios nos que son fichados.

En concreto, respecto da iniciativa, eu creo que é necesario acoutar tres puntos para delimitar o ámbito de regulación. Un primeiro punto é que hai que diferenciar claramente o réxime de incompatibilidades dos cargos públicos —de competencia do Estado— do réxime de conflito de intereses dos altos cargos. En segundo lugar, debemos excluír desta regulación o ámbito dos parlamentarios, porque teñen o seu ámbito de regulación propio. E, en terceiro lugar, si que creo que debemos fuxir dunha especie de causa xeral, que se poida intuír da lectura da parte expositiva desta iniciativa, respecto dos cargos públicos; pero si necesitamos reforzar esta normativa.

Por iso nós, na emenda que temos presentada teño que facer unha aclaración *in voce*, presidente, pois non se trata tanto de modificación como de substitución dos puntos que reflectimos na emenda. O que buscamos é precisamente reforzar este sistema mediante a creación efectiva dunha oficina de control de conflitos de intereses, en coordinación co Consello de Contas, con plena autonomía funcional e que renda un informe anual de cumprimento dos cargos públicos nesta materia a esta Cámara. E, por outra parte, co necesario debate parlamentario, necesitamos unha iniciativa lexislativa na que poidamos reforzar os mecanismos de control, precisamente, das incompatibilidades ao saír do sector público e entrar no sector privado en entidades que poidan estar afectadas por decisións tomadas no sector público.

Máis nada e grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Díaz Villoslada.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará. (*A señora Rodil Fernández pronuncia palabras que non se perciben.*)

¿Perdón? (*A señora Rodil Fernández pide substituír o señor Bará Torres no uso da palabra.*)

Corríxese, pero, efectivamente, eu teño aquí o señor Bará. Ben, entón fala a señora Rodil.



**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Pedímoslle desculpas, presidente, porque seguramente foi un erro noso. Pero tamén teremos que redistribuír un pouco o traballo dentro do grupo, creo que Luís e Montse hoxe xa traballaron abondo.

Boa tarde, antes de máis.

Nós, en relación con esta iniciativa que se presenta hoxe, recalcando ou remarcando outra vez algunhas das cuestións que desde o BNG tamén enfatizabamos ou subliñabamos hai quince días, apenas no anterior pleno, con motivo desa proposición de lei do Partido Socialista que tiña a ver cos grupos de interese, insistimos en que existe un marco normativo, un marco regulatorio, no Estado español que non pon freo a esa relación absolutamente obscena —diciámolo hai quince días e reiterámolo hoxe— que existe entre o poder político e o poder económico no Estado español, e que se reflicte perfectamente, é un grande exemplo, nesas portas xiratorias das que se fala hoxe nesta proposición non de lei do Grupo Parlamentario de En Marea.

Diciamos naquel momento, hai quince días, que esa influencia que se exerce por parte do poder económico, do grande capital, para condicionar o marco normativo, para que se poñan as institucións do Estado —sobre todo o *Boletín Oficial do Estado*— á disposición dos intereses desas grandes corporacións, dese grande capital, vese reflectida moitas veces nesa entrada e saída á vida política, á vida pública, de persoas que teñen unha relación moi estreita, ben con anterioridade, ben con posterioridade —como é o caso destas portas xiratorias das que falaba a señora Santos—, con esas grandes corporacións.

E a pesar de que a lei se ten maquillado nos últimos anos —por dicilo dalgunha maneira creo que bastante descritiva—, o certo é que as medidas que se teñen aplicado non puxeron couto de ningunha maneira a esas portas xiratorias.

Falábase desa oficina con carácter estatal, desa Oficina de Conflitos de Intereses, que depende directamente do Goberno do Estado español, dun dos seus ministerios, o que é poñer un pouco a raposa a coidar do galiñeiro. E nun informe presentado polo Tribunal de Cuentas, do Estado español, no ano 2016, xa se sinalaba —nun informe do Tribunal de Cuentas, que non é ningunha reportaxe, non é tampouco unha valoración dalgunha entidade ou observador que exerza de control externo, non, é o Tribunal de Cuentas— que esa Oficina de Conflitos de Intereses non estaba a funcionar, nin de lonxe, para os obxectivos para os que fora creada, e que no seu procedemento non estaba actuar como ferramenta de control real e efectiva para que non se producise esa obscena, absolutamente obscena, relación que existe entre as grandes corporacións, nomeadamente, e o poder político.

Ademais, as cifras desa Oficina de Conflitos de Intereses —sinalábase en porcentaxes por parte do señor Villoslada— veñen demostrar, tamén en termos absolutos, como non existe de ningunha maneira ese control. Nos últimos dez anos desa oficina aceptáronse máis de 520 portas xiratorias —para entendernos—, ese salto de ex-altos cargos e membros dos sucesivos gobernos españois a entidades financeiras —na súa grande maioría—, ou empresas fabricantes de armas —antes falábase dalgunhas das encargas que tiña Navantia—, e das compañías do Ibex 35.



Nunha década, en dez anos, apenas 11 solicitudes de compatibilidade foron denegadas; en dez anos, apenas 11. ¿Iso é porque non existe ningún tipo de incompatibilidade? A todas luces non é así, senón que non se exerce. E insisto en que xa sinala o Tribunal de Cuentas do Estado español que non existe un control real e efectivo sobre esas incompatibilidades, que apenas se fai un trámite practicamente burocrático e se lles pide a esas persoas que dean conta da suposta incompatibilidade que van ter co exercicio do cargo público que nalgún momento tiveron e que agora podería supor algunha incompatibilidade ao exercer algún cargo de responsabilidade nalgunha empresa privada.

No caso de Galiza a situación xa é esperpéntica, se mo permiten, porque existe unha Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas, que se crea no seu momento ao amparo da Lei de transparencia de 2006 e que aparece recollida de novo na Lei de transparencia de 2016, e que entre as súas funcións, por certo, ten remitir un informe anual a esta Cámara e ao Consello da Xunta de Galiza. A min que alguén me corrixa se me equivoco, pero eu non o atopei por ningunha parte; de maneira que non hai vontade absolutamente ningunha.

Vostede, señora Santos, dicía que era inexplicable esta situación. Non, explícase perfectamente, e diciámolo dende o BNG no debate de hai quince días. Hai que saber ao servizo de quen se está e a que intereses se representa. E hai cousas que quedan á marxe dos marcos normativos e que teñen a ver con responder a esta pregunta: ¿a quen se responde?, ¿para que intereses se goberna? E o máis importante é que son cuestións que teñen a ver coa ética —diciábase aquí— e, sobre todo, nós entendemos que tamén coa decencia política.

Nós apoiáremola. Veremos tamén como queda esa transacción da que vostede mesma falaba, veremos como queda e apoiaremos a iniciativa. E insistimos en que hai cuestións que transcenden con moito as proposicións non de lei e que teñen a ver cos intereses aos que se responde por parte das organizacións políticas e das persoas que facemos parte das institucións.

Máis nada. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodil.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Prado.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Grazas, presidente.

Señorías, despois de escoitar a propoñente, xa nos demos conta de que a intención non é mellorar a situación, senón que é vir aquí a facer unha iniciativa populista e antipolítica que o único que busca é desprestixiar o exercicio da política.

A señora Santos quere que a política sexa un mundo pechado, no que ninguén pode entrar, porque, despois de exercela, ten que pasar cinco anos vivindo do aire, ¿non? Este é o período de incompatibilidades que propoñen vostedes, sen precisar en ningún caso o que chaman «portas xiratorias». Vostede veu aquí, dixo moitísimos, moitísimos casos, incluído un que deixou a política no ano 1990 e entrou nunha empresa no ano 2014. Vinte e catro anos despois a vostede parécelle que iso é unha porta xiratoria. Por tanto, estaría ben que vostede



aquí nos dixera o que é para vostede exactamente unha porta xiratoria. Se vinte e catro anos despois de exercer a política non podemos entrar nunha empresa privada, señora Santos, a verdade é que a cousa é moito máis grave do que eu pensaba antes da súa intervención.

Por tanto, o que practicamente vetan é calquera saída profesional. Tampouco consta que pidan vostedes un soldo público durante ese período. Así como o hai para os altos cargos no Estado —que durante dous anos si que o hai—, para os da Xunta, non.

Ben, imos analizar punto por punto.

No punto 1 piden vostedes un código de conduta. Señora Santos, isto xa existe, eu invítoa a que lea o Código ético institucional e nos diga que é o que non inclúe aquí do que vostede propón.

Nos puntos 2 e 3 piden dotar de independencia as entidades públicas encargadas do réxime de incompatibilidades e crear un órgano. Aprobouse no 2015, na Lei de transparencia, cear un órgano que regule as incompatibilidades e conflitos de intereses dos altos cargos da Xunta. E aí está a Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas. Decía a señora Rodil que hai un informe que ela non viu. Claro, señora Rodil, é que a lei establece que o informe virá cando se detecte algunha incompatibilidade. Pero é que, se non vén, é porque non houbo ningunha. E di vostede que non o atopou. Mire, aquí eu vexo que hai tres. Eu fun á páxina *web* da Xunta. Quizás estaría ben que vostede fora e que vira aquí, pois, o director da Axencia Galega de Innovación, o director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica e o director da entidade pública empresarial Augas de Galicia. Estaría ben que vostede tamén o mirara e non dixera que non existe. Porque eu este documento non o inventei, que o saquei da páxina *web* da Xunta de Galicia.

Ben, durante a tramitación desta lei, ningún dos grupos parlamentarios emendou o artigo que regula esta oficina. Agora veñen aquí e din que non lles gusta, pero é que vostedes non presentaron ningunha emenda sobre esta oficina.

No punto 4 propoñen un período de sombra de cinco anos tras deixar o cargo público. Nas emendas da Lei de transparencia do ano 2015, a súa compañeira deputada da Coruña, que agora é de Pontevedra, propoñía dez anos. Pero, bueno, como lles dixox esta mañá a miña compañeira Marta Rodríguez, vostedes fan igual que coa renda básica, van mudando en función dos períodos electorais e do que vaian buscando. Agora, como esta é unha proposta electoral, pois cinco anos; no 2015 eran dez, e non sei se máis adiante igual xa propoñen menos anos. Estaría ben que nolo dixeran.

No punto 6 propoñen establecer tres declaracións patrimoniais. Miren, foi a lei galega de transparencia do 2015 a primeira que estableceu dúas, ao principio e ao final. Pero é que, ademais, señorías, para os membros desta Cámara esta é unha actualización constante. Cada un de nós que teñamos unha modificación no patrimonio ou nos bens temos a obriga de comunicalo para que se publique... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, non poña esa cara. Entón é que está moi perdida, señora Santos. Se vostede cambia de coche ou se vostede ten un incremento patrimonial, ten que comunicalo. É unha actualización constante. Estaría ben que vostede soubera, como mínimo, esas cousas.



Por tanto, máxima transparencia grazas a esta lei —que AGE non apoiou, por certo—. Todo o mundo pode saber de onde veñen e a onde van as persoas que entran na Xunta de Galicia grazas a esa lei.

Por tanto, eu non entendo cal é o problema de portas xiratorias que pretende atallar esta proposta e que problemas xerou a actual regulación das incompatibilidades en Galicia, señora Santos. Porque vostede igual vén un pouco despistada con temas de ámbito nacional.

Claro, todos sabemos cales son as portas xiratorias de Podemos. Errejón «tres comidas» explicaba moi ben como se facía o de enchufar os altos cargos e militantes, e plantexaba «*la importancia de dejar sembradas las instituciones populares para refugiarse cuando gobierne el adversario*». E así é como se explican os contratos menores do alcalde Martiño Noriega e do seu goberno, por 19 millóns de euros, a amigos, familiares, coñecidos e empresas afíns. E así é como se explica como o alcalde Xulio Ferreiro deu máis de dez contratos ao día, máis de dez contratos ao día... (*Fortes murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio, silencio, señor Sánchez!

**A señora PRADO DEL RÍO:** Fíxense, incluso máis que en Madrid. En Madrid no 2017, cun orzamento de 5.254 millóns, outorgou 4.497 contratos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Fortes murmurios.*) E A Coruña, cun orzamento de 239 millóns, outorgou 5.506 contratos a dedo. (*Fortes murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** ¡Señor Sánchez!, ¡señor Sánchez, chámoo á orde!

Perdoe, señora Prado, perdoe un segundo.

¡Señor Sánchez!

**A señora PRADO DEL RÍO:** É que é imposible, señor presidente. Eu agradézolle que... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE:** Señor Sánchez, chámoo á orde. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Bueno, pois alá vostede. Queda para a historia.

**A señora PRADO DEL RÍO:** E se falamos de sicav e de empresas instrumentais, vostedes son socios do Goberno de España. E no Goberno de España é onde hai máis ministros con sicav e empresas instrumentais. Algúns xa dimitiron; outros non, porque, se non, habería un ERE no goberno dos socialistas de España, do señor Pedro Sánchez. (*Aplausos.*)

Señor Villoslada, que veña vostede aquí a falar desas cousas e que diga que o PP non quere adoptar medidas de prevención da corrupción, cando nesta Cámara na lexislatura pasada aprobamos cinco leis —a de rexeneración democrática, a do Consello de Contas, a de financiamento de partidos políticos, a de asesoría xurídica e a do Consello Cultivo— e vostedes non apoiaron nin unha soa desas leis... Señor Villoslada, ¿quen é o que non quere favorecer medidas de prevención da corrupción? (*Aplausos.*) Serán esas bancadas, que son as únicas que non apoiaron as leis de rexeneración democrática. (*Aplausos.*)



Señora Santos, vostede plantexa unha cuestión de portas xiratorias do público ao privado, pero non plantexa unha cuestión de portas xiratorias do público ao público. Porque, mire, os militares teñen que pasar á reserva se van á política. E nós cremos tamén que é moi importante que, se alguén é xuíz e se presenta a unhas eleccións como aspirante á presidencia dun goberno, o que non pode é saír por esa porta e ditar sentenzas contra o goberno ao que estivo opoñéndose durante catro anos. E o que é peor: antes de entrar na política, e sabendo que ía ser candidato á Xunta, ditou unha sentenza que o Tribunal Supremo ditaminou de desviación, señorías. Así que é importante que vostedes apliquen ao seu grupo o que pretenden aplicar a todo o mundo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Santos.

*(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Fortes murmurios.)*

¡Orde na sala! ¡Silencio! Veña, que estamos rematando xa. *(Balbordo.)*

¡Tranquilos, silencio! ¡Silencio, señor Sánchez!

Señora Santos, o seu turno.

**A señora SANTOS QUEIRUGA:** Moitas grazas, señor presidente.

A verdade é que, se non fora un tema tan serio, sería para rir aquí durante vinte horas consecutivas. Pero, en primeiro lugar, quérolle dar as grazas ao Bloque Nacionalista Galego pola súas reflexións. Estamos de acordo nas insuficiencias lexislativas, e por iso comentabamos que presentamos unha iniciativa lexislativa a nivel estatal, precisamente porque de todas esas grandes medidas e de toda esa gran práctica política do Partido Popular xa se viu a súa eficacia. E parece que somos nós os que fomos condenados, como partido, por corrupción. Curiosamente os que teñen a imputación e a condena son os que acusan os demais, algo do país multicolor onde había unha abella baixo o sol.

Por desgraza, se os políticos foran honestos e honestas, se entre a xente que exerce a política, de maneira xeral, os casos illados non foran os honestos, porque, por desgraza, son os casos illados nos gobernos moitas veces os honestos —aí está a hemeroteca e todos os procesos xudiciais, e aínda nos queda moito por ver—, podería comprarlle o argumento. Pero é que a realidade, desafortunadamente, é a que é. E por suposto que ten explicación, pero eu tiña a esperanza de que algún tipo de rubor puidera invadilos. Pero está claro que en ningún caso. *(Murmurios.)*

E claro que non pode estar restrinxida a actividade política, nin empresarial, aos empregados públicos. Vostede sabe, de feito, como empregada pública, señora Paula Prado, que os funcionarios tamén temos un réxime de incompatibilidades para o exercicio da actividade pri-



vada, cunha regulación. Ou sexa, non sei que nos conta. E se tanto lle incomoda o que é a participación de certos perfís na política, poden presentar as iniciativas que queiran, a ver que tal lles vai nas eleccións. Porque o seu discurso de que a corrupción non vai con vostedes, polo que sae nas enquisas hoxe, sen contar os seus fiscais anticorrupción corruptos, os seus ministros de xustiza imputados por corrupción e os seus cargos anticorrupción dentro do PP do señor Casado que despois os imputan por corrupción... Creo que sobre as súas medidas eu non estou nada desorientada. E vostede tampouco, sabe perfectamente a que vén aquí, non está nada desorientada. Sabe perfectamente que vén aquí a defender, cunha fe cega, como bos católicos —non sei se vostede o é nin me importa—, pero como... (*Balbordo.*) Non o digo como algo ofensivo, dígoo coma se fora católica, cunha fe cega. (*Balbordo.*)

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio, silencio!

**A señora SANTOS QUEIRUGA:** Entón, ¿que imos contestar a esa argumentación? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Fortes murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio, silencio, silencio!

**A señora SANTOS QUEIRUGA:** ¿Que imos contestar? Porque co que se prexudica a tantos cidadáns e cidadás coas medidas coas eléctricas. (*Balbordo.*)

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio, silencio! ¡Silencio! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Estamos rematando. (*Fortes murmurios.*)

Se non, suspendemos dez minutiños para aclararnos. (*Fortes murmurios.*)

¡Media hora, media hora! Se queren, suprimimos...

**A señora SANTOS QUEIRUGA:** Están moi nerviosas as bancadas dos que teñen a lexitimidade antimoral. Están moi nerviosos, están moi nerviosos, porque se lles cae o discurso moito, moito. (*Balbordo.*)

**O señor PRESIDENTE:** ¡Tranquilidade! ¡Silencio!

**A señora SANTOS QUEIRUGA:** Cáelles moito o discurso, failles augas por todas partes. Para desgraza dos que tivemos que sufrir os seus gobernos. (*Fortes murmurios.*) Para desgraza dos que tivemos que sufrir e sufrimos os seus gobernos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio, por favor!

**A señora SANTOS QUEIRUGA:** E, por último, non vou perder máis tempo cos da fe cega e cos que defenden o seu partido por riba do interese xeral, e os seus negocios por riba do interese xeral, e as súas carreiras pospolíticas por riba do interese xeral. Dálles igual as consecuencias que ten para a maioría social. (*Murmurios.*)

Dígolle ao Partido Socialista que nos sentaremos a falar dos puntos nos cales non estamos de acordo..., (*Fortes murmurios.*)





**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio, por favor! ¡Silencio!


**A señora SANTOS QUEIRUGA:** ...a ver o que podemos transaccionar. Agradézolle o debate e a reflexión de que, efectivamente, esta non é unha cuestión de partido, senón de sistema, e que afectou a todos os partidos e pode afectar a calquera partido no goberno. O que temos é que previr a través de propostas concretas, porque as actuais non funcionan e os feitos son clarísimos. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Santos.

Suspendemos a sesión ata mañá ás dez da mañá.

*Suspéndese a sesión ás sete e corenta e cinco minutos do serán.*





PARLAMENTO  
DE GALICIA

## DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:  
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.  
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

